A seguir, na epígrafe “A pandemia de Covid-19 durante o ano 2021”, é presentada unha análise convxuntural sobre o decorrer da pandemia causada pola propagación do coronavírus (Sars-CoV-2) e das súas variantes tomando como referencia o contexto galego e estatal.

O estudio estrutúrase en catro partes diferenciadas e ligadas entre si: a metodoloxía, a análise dos resultados da enquisa aplicada, análise das respostas á pregunta aberta e un resumo executivo a modo de conclusóns.

A primeira parte está formada por diferentes apartados nos que se define a metodoloxía utilizada para a realización deste estudio; isto é, os procedementos seguidos para a elaboración do cuestionario aplicado e a definición da súa estrutura e, finalmente, a ficha das características técnicas do Informe.

A segunda parte consiste nunha análise pormenorizada dos resultados da enquisa autoaplicada sobre a experiencia profesional das persoas tituladas da UVigo durante o ano 2021, período en que decorreron a terceira, cuarta e quinta ondas da pandemia. Para alén de múltiples comentarios sobre os resultados obtidos en función de diferentes variábeis de segmentación (entre as cales, o xénero, rama académica, tipo de estudos ou promoción académica), a análise detallada incorpora 339 cadros e 167 anexos.

Pola súa vez, a análise dos resultados estrutúrase en oito apartados. No primeiro deles realizaíase unha caracterización da mostra obtida a partir da elaboración dun perfil persoal e académico das persoas tituladas. Logo a seguir é avaliada a situación socio-laboral a 1 de xaneiro de 2021 (no inicio da terceira onda da pandemia). No terceiro, para as persoas tituladas que traballaban nesa altura, son descritas as características do emprego en función de variábeis como o lugar de traballo, modalidade de contratación e tipo de contrato, rama de actividade, sector económico, área funcional, categoría profesional ou o tamaño da empresa/entidade en que traballaban.

O cuarto apartado avalía o impacto sanitario da pandemia durante o ano 2021 no ámbito laboral a partir da porcentaxe de persoas tituladas que referiu a existencia dalgún caso de contaxio na empresa ou no seu ambiente de traballo. Dada a súa relevancia, esta sección do estudio inclúe unha análise atendendo especialmente á variábel xeográfica e sectorial.

O quinto apartado aborda o impacto social da pandemia de Covid-19 no ámbito laboral, analizando a situación socio-laboral a 1 de setembro de 2021; isto é, no final da quinta onda, ben como as va-

riacións experimentadas polas taxas de ocupación e desemprego entre dita data e o 1 de xaneiro de 2021.

O sexto apartado avalía o impacto da crise por Covid-19 no modo de traballo; isto é, a modalidade de traballo das persoas tituladas entre xaneiro e setembro de 2021, ben como a experiencia previa no teletraballo/traballo remoto.

O séptimo apartado está dedicado específicamente á análise da fatiga pandémica; isto é, como se viu afectado o estado de ánimo das persoas tituladas no que respecta ao seu impacto global, os aspectos en que afectou máis (económicos, laborais, de saúde e atención sanitaria, emocionais e de estudos), o impacto no estado de ánimo en consecuencia da situación creada, o temor ao contaxio e o custo condutual de cumplir as medidas de protección contra o contaxio (restriccións á mobilidade, toque de recoller, uso de máscara, limitacións das interaccións sociais...). No caso das persoas que traballan é analizada a existencia de determinadas problemáticas ligadas ás situacións de confinamento.

O oitavo e último apartado desta parte recolle a percepción das persoas tituladas da UVigo que participaron na enquisa sobre o emprego e a economía, ben como das expectativas do retorno á vella normalidade ou ás condicións pre-pandémicas.

A terceira parte recolle unha análise das respostas á pregunta aberta en que as persoas inquiridas puideron expresar as súas opinións sobre aspectos non recollidos na enquisa.

Finalmente, a última parte deste Informe Definitivo recolle, a modo de resumo executivo, as principais conclusións que se poden tirar deste estudo, ben como unha comparativa cos resultados dos estudos realizados polo Observatorio sobre o impacto laboral da primeira e segunda onda da pandemia nas persoas tituladas da UVigo.

XUSTIFICACIÓN

Desde a súa creación e posta en marcha polo Consello Social da UVigo en 2016¹, o Observatorio de Pessoas Tituladas é a unidade encargada do seguimento da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo a partir da análise da súa experiencia académica e profesional. Nese labor de seguimento e de contacto coas persoas tituladas insírese a realización periódica de informes de seguimento como o presente.

Ao abrigo do traballo realizado estes anos, o Observatorio conseguiu configurar unha Base de Datos suficientemente representativa e actualizada da comunidade de antigos alumnos/as da UVigo integrada nun Sistema de Xestión propio². Esta ferramenta permitiu normalizar e sistematizar o contacto co antigo alumnado desta universidade.

Coa emerxencia da pandemia de Covid-19 e durante o grande confinamento³ a explotación desta base de datos permitiu levar a cabo unha das máis senlleiras actividades: o Corpo Diplomático da UVigo⁴. Esta iniciativa consistiu na recompilación das crónicas do exterior sobre a experiencia persoal e profesional durante a primeira onda da pandemia e que foran remitidas polos "embaixadores" da UVigo espallados en máis de setenta países do mundo.

Logo a seguir, entre maio e xullo de 2020, o Observatorio aplicou unha enquisa sobre o impacto laboral que estaba a ter a que sería a primeira onda da pandemia na que participaron 3217 antigos estudiantes e cujos resultados foron recollidos no Informe Preliminar⁵ e no Informe Definitivo, presentado publicamente en formato libro o pasado 18 de febreiro de 2021 baixo o título *Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020*.

Aquel estudo, pioneiro no sistema universitario galego e español, abordaba o impacto da pandemia baixo tres perspectivas:

- Sanitaria: Porcentaxe de persoas que referiron a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 na empresa en que traballan ou no seu ambiente de traballo
- Laboral: Incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego das persoas tituladas
- Modo de traballo: Medidas organizativas tomadas polas empresas/entidades para continuar a súa actividade

Segundo informacions apuntadas directamente polos antigos estudiantes nese primeiro estudo, constatouse que o mercado do traballo estaba a verse submetido a circunstancias cambiantes, abrindo uns interrogantes en aspectos como a extensión e potencialidade de aplicación do teletraballo, a

¹⁾ Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos de 3/2/2016, ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016.

²⁾ Creado e desenvolvido entre marzo e setembro de 2018 integrando a información existente a partir das listas de titulados/as facilitadas ao Observatorio en 2016 pola Unidade de Estudos e Programas da UVigo e as respostas das catro enquisas de inserción laboral aplicadas ás promocions de titulados/as entre 1990-2015.

³⁾ Entre marzo e xuño de 2020.

⁴⁾ <https://corpordiplomaticuvigo.blogspot.com/>

⁵⁾ Publicado en xullo de 2020.

evolución das taxas de ocupación e de desemprego, a duración e alcance dos ERTEs, a evolución dos sectores económicos identificados como máis vulnerábeis ou o impacto nos ingresos individuais e domésticos. Estas circunstancias condicionarían que a principal proposta de actividades do Observatorio para o ano 2021 consistise na elaboración dunha serie de informes de seguimento da segunda onda da pandemia⁶ e as sucesivas que tiveren lugar durante o ano 2021.

Para Luis Espada, director do Observatorio, este labor de seguimento era fulcral de cara a coñecermos, dunha maneira obxectiva, a realidade deste momento histórico, de maneira que poda ser interpretado acaidamente polas futuras promocións, a comunidade universitaria e a sociedade en xeral.

No día 19 de febreiro de 2021 a Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social informaba favorablemente a elevación ao Pleno da proposta de actividades presentada polo Observatorio de Pessoas Tituladas para o ano 2021, consistente na monitorización, coa elaboración dos informes precisos sobre o impacto laboral da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo durante a segunda onda da pandemia e o ano 2021. Dita proposta sería ratificada na sesión ordinaria do Pleno do Consello Social de 24 de marzo de 2021.

Así sendo, entre xaneiro e abril de 2021 abordouse o traballo de campo para a elaboración do *Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Setembro-Decembro de 2020*, cuxo Informe Definitivo foi realizado entre os meses de xullo e setembro de 2021 logo de ter sido divulgado o informe preliminar no mes de xuño. O estudio atendía especialmente o alcance do teletraballo, a casuística ligada aos titulados/as afectados por ERTEs e comparaba os resultados cos da primeira onda da pandemia.

No tocante ao impacto sanitario, conclúise que durante a segunda onda da pandemia o 55,6% das persoas tituladas que participaron no estudo referiu a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 no seu ambiente de traballo, superando o rexistrado na primeira onda (34,3%).

Relativamente ao impacto laboral constatouse que no período avaliado a inmensa maioría (85,5%) seguía no mesmo emprego/actividade, un 2% perdérono, o 4,5% xa estaba desempregado, un 2,6% seguía na mesma situación anterior⁷, un 2,1% mudou de emprego e o 3,5% encontrara emprego entre setembro e decembro de 2020⁸. En definitiva, a taxa de ocupación experimentou un crecemento do 1,7% mentres que a taxa de desemprego caíu o 7,1%⁹.

No que toca ao impacto no modo de traballo, o estudo concluíu que, a diferenza da primeira onda, a maioría (52,9%) traballou presencialmente contra os que teletraballaron de forma parcial (23,0%) ou total (19,7%). Nótese que durante o grande confinamento a maioría (54,0%) de titulados/as da UVigo teletraballara, seguido polos que traballaron presencialmente (34,1%).

⁶ Entre setembro e decembro de 2020.

⁷ Como estudiante, xubilado/pensionista, prepara oposiciones, de baixa laboral, en excedencia laboral...

⁸ Durante a primeira onda, entre marzo e xuño de 2020, a maioría (85,9%) seguía no mesmo emprego/actividade, un 5% perdérono, o 4,3% xa estaba desempregado/a, un 3% seguía na mesma situación anterior , un 1,2% mudou de emprego e só o 0,6% encontrara emprego.

⁹ Durante a primeira onda a taxa de ocupación experimentara unha diminución do 4,9% e a taxa de desemprego aumentara 97,9%.

Como comprometido na proposta de actividades aprobada polo Consello Social, logo a seguir no Observatorio abordamos a realización do estudo sobre o impacto laboral da pandemia durante o ano 2021. Se ben que en principio estaba previsto lanzar o traballo de campo de captación de datos no mes de xullo, finalmente acordouse adiar o seu lanzamento para setembro por dous motivos: en primeiro lugar porque esa altura coincidiu co inicio da quinta onda da pandemia, complicándose enormemente a situación epidemiolóxica e, en segundo lugar, porque en xullo o proceso de vacinación contra a Covid-19 non estaba tan avanzado como para poder facer unha valoración con perspectiva.

Desde o Observatorio consideramos que era preciso condicionar o lanzamento do segundo estudo do ano 2021 á existencia dunha situación epidemiolóxica máis calma e coa implementación da campaña de vacinación más avanzada e se superase a chamada “inmunidad comunitaria”, tan decisiva para o control da pandemia antes da emerxencia da variante delta.

Así sendo, a captación de datos para o estudo sobre o impacto laboral da pandemia durante o ano 2021 foi lanzada a 13 de setembro, estendéndose o seu traballo de campo até o 5 de novembro e obténdose unha taxa de resposta superior ao estudo realizado no primeiro semestre¹⁰. O Informe preliminar do *Estudo sobre o impacto laboral da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo. Xaneiro-Setembro de 2021* foi entregado ao Consello Social unha semana despois pechada a recepción de respostas e cuxo Informe Definitivo foi realizado entre os meses de novembro e decembro de 2021.

Nesta ocasión a enquisa aborda de forma particular, a petición de moitas das persoas que participaron no estudo sobre o impacto da segunda onda, o fenómeno da “fatiga pandémica”; isto é, como se viu afectado o estado de ánimo das persoas tituladas en consecuencia da situación creada pola pandemia (contaxios, confinamentos, restricións, uso da máscara...). Portanto, a diferenza dos anteriores estudos, más centrados en cuestións económicas e sociais, este informe incorpora pola primeira vez unha componente soft. Nese sentido, na hora de elaborar o cuestionario, vista a literatura publicada sobre o asunto, desde o Observatorio tentamos que non fose invasivo por ser unha materia sensíbel; isto é, as preguntas sobre os efectos da pandemia no estado de ánimo son xenéricas, sen entrar nunca, por unha cuestión de privacidade, en sintomatoloxía (episodios de ansiedade, crises de estrés, trastornos conductuais...) ou en aspectos más persoais. Non se trata de facer epidemioloxía áinda que se trate dun estudo sobre o impacto dunha pandemia.

En definitiva, cun formato de información estruturada e xerarquizada que permite a enquisa autoaplicada, no Observatorio quixemos, segundo a mesma metodoloxía e abordaxe dos estudos anteriores, afondar no alcance do impacto da actual crise nas persoas tituladas da UVigo de todas as promocións que viven e traballan en Galicia, noutras Comunidades Autónomas e no resto do mundo a partir das tres perspectivas que vimos analizando desde o principio: inserción profesional, sanitaria no ambiente profesional e na modalidade de traballo.

¹⁰ Recibimos un total de 2530 respostas válidas, superando as 2283 obtidas no estudo anterior.

OBXECTIVOS

A seguir defínense o obxectivo principal e específicos deste estudo promovido polo Observatorio de Pessoas Tituladas coa colaboración do Consello Social da UVigo a partir da análise dos resultados da enquisa autoaplicada sobre o impacto laboral da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo.

1. Obxectivo principal

O obxectivo principal desta investigación consiste en coñecer, con datos obxectivos, o impacto laboral da pandemia de Covid-19 entre xaneiro e setembro de 2021 nas persoas tituladas da UVigo.

A valoración do impacto laboral é realizada a partir de tres perspectivas:

- Sanitaria: Porcentaxe de persoas que referiron a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 na empresa en que traballan ou no seu ambiente de traballo.
- Laboral: Incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego das persoas tituladas.
- Modo de traballo: Medidas organizativas tomadas polas empresas/entidades para continuar a súa actividade.

2. Obxectivos específicos

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil persoal e académico, situación socio-laboral durante a o ano 2021 en función das seguintes variábeis:
 - » Xénero
 - » Lugar de residencia
 - » Campus
 - » Promoción académica (evolución temporal quinquenal)
 - » Ramas académicas
 - » Tipo de estudos
- Determinar o impacto das ondas terceira, cuarta e quinta da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo segundo o seu perfil profesional, atendendo ás seguintes variábeis de segmentación:
 - » Lugar de traballo: Galicia, outra Comunidade Autónoma e resto do mundo
 - » Rama de actividade: empresa privada, ámbito público e entidades sen ánimo de lucro
 - » Sector económico: actividades físico/deportivas, actividades inmobiliarias, actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...), aeroespacial, alimentación/industria alimentar, automoción; banca, servizos financeiros e seguros, comercio¹¹, construcción, consultoría, cultura e entretenimento, defensa e seguranza, enerxía e utilities, ensino/docencia, enxeñaría, farmacéutico; industria química, plástico, vidro e envases, investigación/actividades científicas; loxística, transporte e distribución, madeira,

¹¹⁾ Incluído comercio grosista e retailista.

medios de comunicación/audiovisuais, metalurxia e eléctrico, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución, sanitario/saúde, sector primario¹², servizos a empresas, servizos da Administración Pública, servizos informáticos, servizos sociais/outras actividades sociais, telecomunicacións/IT, téxtil e confección, turismo e restauración/Horeca¹³ e xestión ambiental

- » Área funcional de traballo ou departamento: administración e finanzas, atención ao cliente/usuario, calidad, compras, dirección xeral, enxeñaría e construcción, formación e ensino, I+D+i, informática e tecnoloxía, loxística e almacén, sen áreas funcionais diferenciadas no seo da empresa/entidade, prevención e saúde, producción, recursos humanos, servizos, vendas/marketing e xestión de proxectos
- » Categoría profesional: directivo/a, mando intermedio, técnico/a cualificado/a e empregado/a non cualificado/a
- » Tamaño da empresa/entidade: empresa individual¹⁴, microempresa, pequena empresa, mediana empresa e grande empresa

- Avaliar a fatiga pandémica nos antigos estudiantes da UVigo; isto é, como se viu afectado o seu estado de ánimo no que respecta ao seu impacto global, os aspectos en que afectou más (económicos, laborais, de saúde e atención sanitaria, emocionais e de estudos), o impacto no estado de ánimo en consecuencia da situación creada, o temor ao contaxio e o custo condutual de cumplir as medidas de protección contra o contaxio (restripcións á mobilidade, toque de recoller, uso de máscara, limitacións das interaccións sociais...). No caso das persoas que traballan é analizada a existencia de terminadas problemáticas ligadas ás situacións de confinamento.
- Comparar o impacto laboral das sucesivas ondas da pandemia que decorreron entre xaneiro e setembro de 2021 cos efectos producidos na primeira (marzo-xuño de 2020) e segunda onda (setembro-decembro de 2020).
- Manter unha comunicación co antigo alumnado da UVigo nun momento de crise como o experimentado durante os anos 2020-21.
- Actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.
- Analizar a situación do mercado de traballo e da empregabilidade das persoas tituladas nun contexto marcado por unha crise sanitaria con repercuisións económicas e sociais.

¹²⁾ Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal.

¹³⁾ Acrónimo de hoteis, restaurantes e cafetarías.

¹⁴⁾ Referido ao autoemprego ou traballador/a autónomo/a.

A PANDEMIA DE COVID-19 DURANTE O ANO 2021

Desde que en decembro de 2019 foron detectados na cidade de Wuhan (China) os primeiros doentes dunha enfermidade até entón descoñecida, a Covid-19, o virus causante, coñecido como SARS-CoV-2 ou coronavírus, provocou un gromo xeneralizado que se espallou a nivel mundial, xerando unha crise sanitaria sen precedentes recentes coñecida como pandemia de Covid-19 ou Crise do coronavírus.

O grande confinamento durante a primeira onda da pandemia (entre marzo e xuño de 2020) non puxo fin á crise sanitaria e, entre os meses de setembro e decembro de 2020 desatouse a segunda onda da pandemia de Covid-19. Esta nova fase da crise foi abordada de forma específica polo Observatorio de Persoas Tituladas a UVigo no "Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo". Na secuencia da segunda vaga, como referido en dito informe, mediante o RD 926/2020¹⁵, de 25 de outubro, foi declarado un segundo estado de alarma para conter a propagación de infeccións. Esa declaración afectaba ao ámbito estatal español e a súa duración, previa autorización polo Congreso dos Deputados¹⁶, estendeuse até as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no RD 926/2020 no ámbito galego debían ser adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada sen necesidade de tramitar ningún procedemento administrativo¹⁷.

1. Terceira onda da pandemia

O último día do ano 2020 remataba en Galicia cunha Incidencia Acumulada (IA) por 100.000 habitantes a 14 días de 190,26 casos¹⁸. En poucos días os efectos das celebracións natalicias, da abertura e relaxación das restricións e do aumento da interacción social comezaron a perceberse nun empeoramento progresivo dos datos epidemiolóxicos, situándose a IA, a 8 de xaneiro de 2021, en 243,12 casos¹⁹.

A tendencia crecente intensificouse, chegando a alcanzar a 25 de xaneiro unha IA de 700,83 casos²⁰, o que levou no día seguinte á aprobación, pola presidencia do goberno galego, do Decreto 8/2021, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para fazer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada²¹.

¹⁵⁾ Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

¹⁶⁾ 29/10/2020

¹⁷⁾ Ao abrigo dese cadre normativo, perante a evolución da situación epidemiolóxica foron ditados os decretos 179/2020 (4/11/2020) e 202/2020 (3/12/2020) do presidente da Xunta de Galicia no que se adoptaban medidas para fazer fronte á crise sanitaria. Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria de Galicia.

¹⁸⁾ 279,51 en España.

¹⁹⁾ 350,48 en España.

²⁰⁾ 884,70 en España.

²¹⁾ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2021/20210126/2549/AnuncioC3B0-260121-1_gl.html

Segundo o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP)²², nesa altura observábase un aumento das taxas de incidencia a 3 días (176,37 casos), 7 días (405,37 casos) e 14 días (696,35 casos), o que significaba 1,4 veces a respecto dos informes anteriores. Por outro lado, o número reprodutivo instantáneo²³ (R_t) mostraba valores superiores ao límiar de 1, confirmando unha elevada transmisión comunitaria. A porcentaxe de positividade do total das Probas Diagnósticas de Infección Activa (PDIA), nomeadamente de testes PCR, era de 10,8%. A pandemia estaba espallada en praticamente case todos os concellos (294/313), reducíndose no último mes de 100 para 17 o número de concellos sen casos. No tocante á presión hospitalar, entre o 28/12/2020 e 24/1/2021 superáronse 20 ingresos diarios, rexistrándose máis de 55 en vinte deses días e chegando a superar 100 en cinco deles, con hospitalizacións nas UCI de todas as áreas sanitarias galegas.

Á vista do indicado en dito informe da DXSP, e logo escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria exixía a adopción das medidas re-collidas no Decreto 8/21 ao nivel máximo de restricións, consistentes no peche perimetral individual de cada un dos concellos, o peche da hostalería (salvo para recoller ou reparto a domicilio), o peche do comercio "non esencial" ás 18 horas e limitando as interaccións sociais a conviventes, excluíndose desa limitación os lugares de traballo ou a atención de "maiores ou menores". A súa vixencia estendéase até as 00.00 horas do 17 de febreiro, manténdose o toque de recoller entre as 22.00 horas e as 6.00 horas (limitación da mobilidade nocturna).

Un mes despois a melloría da situación epidemiolóxica permitía avanzar cara unha abertura gradual, progresiva e segura e, a 25 de febreiro é ditado o Decreto 31/2021²⁴ que incorpora unha flexibilización das restricións aplicadas, se ben a existencia dunha elevada presión hospitalar.

No inquérito previo da DXSP de 22 de febreiro de 2021 constatabase a baixada a niveis inferiores de 1, desde o 29 de xaneiro, do número reprodutivo instantáneo (R_t), o que confirmaba unha diminución na transmisión comunitaria da infección. O número de concellos sen novos casos nos últimos 14 días duplicouse en doce días (64/313), situándose en 116 os concellos sen casos na última semana. A positividade das PDIA realizadas entre o 12-18 de febreiro situouse no 4,07%. A incidencia diminuíu o 41 e 42%, a 7 e 14 días, respectivamente, situándose en 88 e 239 casos, respectivamente. Sobre a tendencia diaria o inquérito destacaba a existencia, desde o 20 de decembro, de dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8% até o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -7,0%, que xustificaba o descenso continuado.

Dito decreto regulaba a terceira desescalada nas restricións, limitando a mobilidade xeográfica por áreas sanitarias e concellos con base en criterios como a IA ou o nível de ocupación hospitalar. O nivel máis restritivo (nivel 1), establecido para os concellos con IA a 14 días superior a 500 casos por cada cen mil habitantes, inclúía medidas como o peche perimetral, prohibición dos encontros entre non conviventes e hostalaría pechada. O segundo nivel estaba formado polos concellos cunha IA inferior a 500 casos, podendo desprazarse entre eles dentro da mesma área sanitaria e permitíndose a interacción entre catro non conviventes e a abertura da hostalaría até as 18h a media capacidade.

²²⁾ 25/1/2021

²³⁾ Indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo.

²⁴⁾ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2021/20210225/2572/AnuncioC3B0-240221-3_gl.html

No resto de concellos (nivel 3), cunha incidencia inferior a 250 casos, era permitida a mobilidade con independencia da área sanitaria e a abertura interior e exterior da hostalaría (con capacidade de 30% e 50%, respectivamente). Durante a súa aplicación estas medidas serían obxecto de seguimento e de avaliación continuada a fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos da súa modificación ou levantamento.

No mes de marzo e perante a proximidade do período da Pascoa, segundo o aprobado no Consello Interterritorial de Saúde²⁵, o Goberno galego ditaba o Decreto 45/2021, de 17 de marzo, con novas medidas que incluían como principal novedade a prohibición de encontros entre non conviventes en “espazos privados” do 17 ao 21 de marzo e do 26 de marzo ao 6 de abril. O decreto introducía novas mudanzas no seu esquema de desescalada das restricións que tiñan como principais efectos que a partir do 19 de marzo a hostalería podía ampliar das 18 ás 21 horas a súa hora de peche na gran maioría de Galicia. Igualmente, coa introdución dun novo nivel de restricións en función da incidencia acumulada nos últimos 14 días, os 290/313 concellos cunha IA inferior a 150 casos por 100.000 habitantes poderían ampliar a ocupación no interior dos locais hostaleiros do 30 ao 50%. Porén, o toque de recoller mantíñase ás 22 horas.

As restricións implementadas a nivel territorial nos concellos establecían catro niveis: peches perimentrais e hostalería pechada no nível máximo (IA a 14 días superior a 500 casos), mobilidade permitida e hostalaría exterior ao 50% de capacidade en nivel alto (IA entre 250-500 casos), peche da hostalería entre as 18-21h con ocupación ao 30% no interior e 50% no exterior no nivel medio (IA entre 150-250 casos) e peche da hostalaría ás 21h con ocupación ao 50% no interior e 75% no exterior no nivel baixo²⁶ (IA inferior a 150 casos).

Os datos recollidos no informe da DXSP emitido permitían constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica seguía a mellorar, mostrando a eficacia das medidas adoptadas, sen neglixenciar que se trataba dun contexto de desescalada gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Nesa altura a IA a 14 días, no global de Galicia, situábase abaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 casos por cen mil habitantes. Alén diso, o referido relatorio refería que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e a menor circulación do virus que noutras Comunidades Autónomas, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acadase os resultados esperados. Sobre a presión hospitalar, aínda que estaba a descer, alertábase que seguía a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI. Por iso, destacábase, “resulta imprescindíbel ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posibel ir analizando e reaccionando face os efectos que delas deriven”.

Así sendo, as medidas recollidas nos decretos que se foron aplicando entre xaneiro e marzo, xunto coas Ordes da Consellaría de Sanidade, conseguiron corrixir a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria dunha terceira onda que foi máis intensa que a segunda e caracterizada pola incidencia

²⁵) <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-3841>

²⁶) No nivel baixo estaban 290/313 concellos galegos, o que representa 85,6% da poboación.

da propagación da variante alfa do coronavírus detectada en decembro de 2020 e que se tornou na predominante.

2. Cuarta onda da pandemia

Coa implementación das novas restricións a IA a 14 días en Galicia foi diminuíndo, pasando de 75,42 en 17 de marzo para situarse nun mínimo de 65,62 a 3 de abril. Non seguiu a mesma evolución epidemiolóxica España, que nese período pasou de 127,91 para 151,79, alcanzando unha IA superior a 200 o 14 de abril, nun progreso dos contaxios que deu inicio á cuarta onda a finais de marzo.

A situación epidemiolóxica en Galicia mantivo unha tendencia descendente na taxa de incidencia, cunha Rt global estagnada que non chegou ao límiao de 1. Se ben que os modelos de predición mostraban que a onda estaba a inflectir non se deu a evolución que se estaba a producir noutras Comunidades Autónomas. Porén, esta fase de estagnación finalmente iría inflectir a partir do 9 de abril, entrando tamén Galicia, con certo atraso, na cuarta onda da pandemia.

A cuarta onda da pandemia en Galicia non chegou a producir a propagación, a incidencia nem os efectos da terceira onda, rexistrando o seu pico no día 29 de abril, con 3202 casos activos, moito abaxo dos 22911 rexistrados a 29 de xaneiro no pico da terceira vaga.

O decaemento do estado de alarma a partir das 00.00h do día 9 de maio de 2021 obrigaba a que o Goberno galego adoptase as necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia dunha situación de crise sanitaria. En consecuencia, a 7 de maio a Presidencia da Xunta de Galicia ditaba o Decreto 77/21²⁷ que determinaba, por un lado, a perda de efectos a partir da extinción do estado de alarma das medidas recollidas no Decreto 45/2021 e, polo outro, establecía como aplicábeis as medidas contidas na Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecían medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e no que sexa compatíbel aplicaríase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

As disposicións de dita Orde supoñían unha rebaixa na maior parte das restricións aplicadas, nomeadamente no que toca aos horarios da hostalaría, a desaparición do toque de recoller e a supresión do peche perimetral a nivel galego. A nova desescalada producíase nun contexto de estabilidade na situación epidemiolóxica en Galicia, instalada nunha meseta desde o mes de marzo e sen grandes incrementos da incidencia, mais tamén sen reducir os datos até o nivel do verán de 2020 logo da primeira desescalada.

²⁷) Decreto 77/2021, do 7 de maio, polo que se declara a perda de efectos a partir das 00.00 do 9 de maio de 2021 das medidas adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada no cadre do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesa altura Galicia viña mantendo un ritmo aproximado de 150 novos casos diarios, cunha taxa de positividade por volta do 2%, unha IA a 14 días de 93,75 casos²⁸ e unha situación hospitalar igualmente estable²⁹.

Días despois, a 11 de maio a Organización Mundial da Saúde (OMS) declaraba como de "preocupación" (VOC segundo o acrónimo inglés) unha variante do coronavírus coñecida como delta. Detectada na India en outubro de 2020, en 4 de abril fora declarada variante de "interese" (VOI en inglés) e que xa estaba a propagar polo mundo.

No resto do mes de maio a pandemia mostrou unha tendencia decrecente, cun promedio de notificacións de 141 novos casos de Covid-19. Esta tendencia mantívose durante o mes de xuño, até alcanzar un mínimo de 55 novos contaxios o día 13 e unha IA a 14 días de 42,32, abaixo do límite de 50 considerado como de risco pola ECDC e unha incidencia inferior á metade da rexistrada noutras Comunidades Autónomas³⁰. Porén, no lapso dunha semana duplicáronse os contaxios diarios, atinxindo 123 novos casos o día 23 apesar de manterse nunha IA baixa³¹.

Nese contexto, no día 25 de xuño, coa aprobación polo Goberno de España do RD 13/2021³² decaía, a partir do día 27 de xuño, a obriga xeral do uso da máscara no exterior e sempre que se poda manter unha distancia de seguraza de 1,5m entre persoas non conviventes, vixentes desde xullo de 2020 e que estaba prevista na Lei 2/2021, de 29 de marzo.

Na transposición ao ordenamento galego da nova norma española, ese mesmo día a Xunta de Galicia publicaba unha Orde da Consellería de Sanidade³³ esclarecendo que se entendería ao ar libre e non sexa posíbel garantir a distancia requirida sempre "que se transite ou se estea en movemento pola vía pública e en espazos ao aire libre e, pola concorrenza doutras persoas, non se poda garantir, atendendo ao número de persoas e ás dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguraza". Alén diso, a Orde permitía o alargamento do límite de ocupación de locais e eventos pola pandemia, pasando de 50% para 75% a ocupación dos lugares de culto, academias, congresos, ximnasios, museos, arquivos, bibliotecas, acuarios e zoolóxicos sempre que no concello non houbese un nivel máximo de restricións. Na hostalería, a ocupación das terrazas pasaba de 75% para 100%, permitíndose a encomenda nas barras. Por outro lado, establecíase a reapertura do lecer nocturno a partir do 1 de xullo cos protocolos sanitarios instaurados, mentres que nos centros comerciais reabrirían as zonas de descanso e de lecer infantil. No deporte permitíase o contacto físico en actividades deportivas e academias de danza.

Nesa altura, segundo os datos actualizados polo Ministerio de Sanidade a 28 de xuño, case metade da poboación diana de Galicia (47,4%) tiña a pauta completa da vacina para a Covid-19 e o 65,5% con polo menos unha dose.

²⁸⁾ 198,60 casos en España.

²⁹⁾ Por volta de 200 persoas con Coronavírus ingresadas, 50 delas nas UCI.

³⁰⁾ 104,56 en España.

³¹⁾ 41,53 en Galicia e 92,57 en España.

³²⁾ Real Decreto-lei 13/2021, de 24 de xuño, polo que se modifigan a Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urgentes de prevención, contención e coordinación para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e o Real Decreto-lei 26/2020, de 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para fazer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.

³³⁾ Orde de 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Quinta onda da pandemia

Segundo a tendencia apontada en finais do mes de xuño, durante o mes de xullo asistese un reponentamento tanto do número de novos contaxios notificados como da incidencia, impulsionándose a quinta onda da pandemia coa propagación “explosiva” da referida variante delta. Así sendo, de 258 novos casos a 1 de xullo, supéranse os 1000 a día 14 e atíñxese o máximo de 1500 no día 21, colo-cándose a IA a 14 días por cen mil habitantes en 63,88, 243,69 e 502,25, respectivamente³⁴.

Apesar do dramatismo destes datos epidemiolóxicos, coa maioría da poboación con máis idade e máis vulnerábel vacinada³⁵, durante a quinta onda o coronavírus circulou maioritariamente polos menores de 40 anos e foi sete veces menos letal que nas anteriores vagas³⁶. A Covid-19 afectou de modo desigual por grupos de idade. Segundo datos do Ministerio de Sanidade a IA a 14 días por faixas etarias era máis alta entre os 20-29 anos (2012,72), 12-19 (1843,26), moito menor entre 30-39 (660,16), seguida a maior distancia nos menores de 12 anos (293,54), 256,53 entre 40-49, 173,69 entre 50-59 e 144,41 entre 60-69, sendo moito máis baixa nas faixas de idade más altas (74,26 con máis de 80 anos e 77,65 entre 70-79).

O 1 de agosto rexistrábase, con 18.964 casos activos, o pico da quinta onda da pandemia. No mes de xullo houbo 31095 casos activos, caindo en agosto para 21162 e 3430 en setembro (mes en que se iniciou o traballo de campo desta investigación). O número de hospitalizacións foi de 874 en xullo e 938 en agosto, moito abaixo das producidas durante a terceira onda (2899 en xaneiro e 1724 en febreiro). Tamén foi máis baixo o número de doentes ingresados na UCI (92 en xullo e 135 en agosto) contra os 439 e 284 rexistrados nos meses de xaneiro e febreiro.

A 1 de setembro de 2021, segundo datos oficiais³⁷, a pandemia de Covid-19 provocara en Galicia 174.612 casos confirmados totais e 2.577 mortes acumuladas. No total, durante o período avaliado neste estudo do ano 2021, correspondente á terceira, cuarta e quinta ondas da pandemia, rexistráronse 114.179 contaxios e 1198 falecementos; isto é, case o duplo dos casos de infección e 181 mortes menos (o 13,1%) que as producidas pola pandemia no ano 2020 (primeira e segunda onda).

4. Proceso de vacinación masiva para a Covid-19

En 27 de decembro de 2020, nove meses despois da aparición dos primeiros contaxios, iniciábase a campaña de vacinación na UE coa vacina de Pfizer-BioNTech, logo de ser aprobada, unha semana antes, pola Axencia Europea de Medicamentos e a Comisión Europea.

A partir dese día implementouse optimamente en Galicia a estratexia europea de vacinación masiva segundo as seguintes campañas e cronograma definidos en función de diferentes variábeis (gravidade, exposición, vulnerabilidade, idade...).

³⁴) IA en España de 134,31 (1/7/2021), 469,50 (14/7/2021) e 644,50 (21/7/2021).

³⁵) A 21/7/2021 estaba vacinada 66,6% da poboación diana de Galicia (maiores de 12 anos). Por faixas de idade a pauta de vacinación completa atinxía a totalidade de maiores de 80 anos, 99,4% entre 70-79, 93,8% entre 60-69, 91,4% entre 50-59, seguida polo 78% entre 40-49 anos e caindo para o 13,6% entre 30-39, 8,6% entre 20-29 e 0,2% entre 12-19 anos.

³⁶) Producíronse 30 óbitos en xullo e 108 en agosto, moito abaixo das 414 e 423 defuncións producidas en xaneiro e febreiro durante a terceira onda.

³⁷) <https://coronavirus.sergas.gal/?idioma=ga>

Cadro nº1: Grupos poboacionais co proceso de vacinación finalizado

Data de inicio	Destinatarios	Tipo de campaña
27/12/2020	Persoas institucionalizadas de 16 ou mais anos	Gravidade e exposición
13/01/2021	Persoal sanitario e sociosanitario de primeira liña	Exposición
26/02/2021	Outro persoal sanitario e sociosanitario	Exposición
21/02/2021	Persoas de 80 ou máis anos	Gravidade por Idade
05/04/2021	Persoas de 70 a 79 anos	Gravidade por Idade
07/06/2021	Persoas con condicións de alto risco (Fibrose Quística)	Gravidade e vulnerabilidade
13/06/2021	Internos de Institucións Penitenciarias (IIPP)	Gravidade e vulnerabilidade
05/04/2021	Persoas de 60 a 69 anos	Gravidade por Idade
20/02/2021	Persoas dependentes non institucionalizadas (12 a 16 anos)	Gravidade e vulnerabilidade
10/05/2021	Traballadores de actividades esenciais	Gravidade e vulnerabilidade
11/05/2021	Persoas de 50 a 59 anos	Gravidade por Idade
13/05/2021	Profesionais da pesca de altura e de gran altura	Gravidade e vulnerabilidade
06/06/2021	Persoas de 40 a 49 anos	Gravidade por Idade
05/07/2021	Persoas de 30 a 39 anos	Gravidade por Idade
05/07/2021	Persoas menores de 30 anos (estudantes Erasmus)	Gravidade por Idade
Xullo 2021	Persoas de 20 a 29 anos	Gravidade por Idade
	Persoas de 16 a 19 anos (autocita)	Gravidade por Idade
	Persoas que viaxan a outros países por motivos de estudos	Gravidade por Idade
	Persoas con condicións de alto risco (12 a 16 anos)	Gravidade e vulnerabilidade

Pola súa gravidade e exposición, entre agosto e setembro de 2021 iniciáronse varias campañas de vacinación que estaban activas no momento de redixir este Informe. En agosto iniciábase a campaña de vacinación das persoas vulnerábeis do punto de vista social ou económico e un mes despois a das mulleres xestantes. Pola súa gravidade e exposición en setembro de 2021 tamén se iniciaba a campaña de recaptación de persoas por grupo de idade (maiores de 12 anos), ben como a inoculación da terceira dose das persoas con inmunosupresión grave³⁸ e da dose de reforzo en residentes en centros de maiores.

Así sendo, seis meses despois daquel domingo de decembro en que se administraron 500 doses, Galicia tiña case a metade da poboación diana³⁹ (47,4% e 1.163.312 persoas) vacinada coa pauta completa contra a Covid-19 e 65,5% (1.608.182 persoas) cunha dose segundo os datos fornecidos polo Ministerio de Sanidade⁴⁰. En media, distribuíronse máis de 14.500 doses diárias nos primeiros seis meses⁴¹. En setembro de 2021, mentres se estaba a realizar a recolla de datos para a realización deste estudio, Galicia atinxía unha taxa de vacinación completa de 83,23%, só superada por Portugal (84,19%) e moito superior á media española (77,20%).

³⁸⁾ Transplante de órgano sólido, receptores de transplante de progenitores hematopoiéticos, tratamento con fármacos anti-CD20.

³⁹⁾ Persoas con 12 ou máis anos.

⁴⁰⁾ 28/6/2021.

⁴¹⁾ O día 13/5/2021 atinxíronse máis de 53.300 picadas, a mellor marca en toda a campaña de vacinación.

PARTE I

METODOLOXÍA

Esta primeira parte do informe detalla os pasos implementados para a elaboración deste estudo sobre o impacto laboral da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo, incluindo a elaboración do cuestionario, a selección da poboación, a difusión da enquisa e a recolla e análise dos datos.

1. Proceso metodolóxico

1.1 Elaboración do cuestionario

Para realizar este estudio foi aplicado, con adaptacións, os cuestionarios aplicados para avaliar o impacto laboral da primeira e segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo en que se adoptaran como referencia bibliográfica enquisas semellantes aplicadas por outras institucións⁴², entidades⁴³ e organizacións demoscópicas⁴⁴.

As modificacións introducidas nesta ocasión son respectantes fundamentalmente ás cuestións relativas á fatiga pandémica, para o cal foron incorporados algúns ítems do IV Estudo sobre os Efectos y consecuencias del coronavirus (Estudio 3324) publicado polo Centro de Investigaciones Sociológicas⁴⁵ (CIS) o 8/6/2021, ben como do *ESPACOV II Estudio Social sobre la Pandemia de la Covid-19*, publicado o 19/2/2021 polo Instituto de Estudios Sociales Avanzados (IESA-CSIC), do Consejo Superior de Investigaciones Científicas⁴⁶ (CSIC). Baixo estas consideracións o cuestionario completo (ver Anexo 1) foi finalmente elaborado en setembro de 2021.

Unha vez deseñado, o cuestionario autoaplicado, realizado a partir da tecnoloxía de Microsoft Forms, un servizo de O365 A1 para educación coa licenza correspondente asignada pola UVigo, foi distribuído por correo electrónico entre os contactos existentes na Base de Datos do Observatorio, sendo publicado a 23 de setembro na súa Web institucional⁴⁷.

⁴²) Primeira enquisa á ciudadanía sobre a percepción da crise da Covid-19 do Concello de Barcelona, dispoñíbel en: https://www.barcelona.cat/infobarcelona/es/tema/informacion-sobre-la-gestion-del-covid-19/primera-encuesta-a-la-ciudadania-sobre-la-percepcion-de-la-crisis-de-la-covid-19_940272.html

⁴³) V ola de la Encuesta FUNCAS sobre el Coronavirus. Recurso dispoñíbel en: <http://www.funcas.es/covid-19/V-ola-de-la-Encuesta-Funcas-sobre-el-Coronavirus>
Enquisa sobre a situación das empresas da provincia de Lugo debido á crise do coronavírus da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL). Recurso dispoñíbel en: <http://www.cel.es/es/actualidad/722/encuesta-situacion-de-las-empresas-de-la-provincia-de-lugo-debido-a-la-crisis-del-coronavirus-covid-19/>

⁴⁴) Enquisa da empresa Servicios Avanzados de Opinión (SAO) publicada polo xornal EL DÍA, dispoñíbel en: <https://www.eldia.es/economia/2020/04/07/covid-19-cambia-situacion-laboral/1068363.html>
Enquisa da empresa "40dB" para o xornal EL PAÍS, dispoñíbel en: <https://elpais.com/espana/2020-03-19/la-mitad-de-los-espanoles-teme-perder-el-empleo-por-la-crisis.html>

⁴⁵) https://www.cis.es/cis/opencms/ES/NoticiasNovedades/InfoCIS/2021/Documentacion_3324.html

⁴⁶) <https://www.iesa.csic.es/wp-content/uploads/2021/02/Informe-ESPACOV-II-.pdf>

⁴⁷) <http://observatorio.uvigo.gal/enquisa-sobre-o-impacto-laboral-da-pandemia-de-covid-19-durante-o-ano-2021-nos-antigos-estudantes-da-uvigo/>

1.2 Definición da poboación

Promocións: A poboación obxecto de estudo está constituída polas persoas tituladas da UVigo entre os cursos académicos de 1989-90 e 2020-21, abranxendo, portanto, todas as persoas tituladas que realizaron os seus estudos nos trinta anos desta universidade.

Tipo de estudos: Foron contempladas todas as titulacións oficiais da UVigo con titulados/as no mercado de traballo, incluíndo aqueles que realizaron ciclos longos (Licenciaturas e Enxeñarías Superiores), ciclos curtos (Diplomaturas e Enxeñarías Técnicas), Graos, Mestrados Universitarios, Títulos Propios (Graduados Superiores, Graduados Universitarios e Titulados Superiores) e Doutoramento.

1.3 Difusión do cuestionario

O cuestionario aplicado foi difundido por varias vías:

A principal, a través dun *mailing* masivo aos contactos de antigos estudiantes rexistrados na Base de Datos do Observatorio. Trátase dun colectivo representativo do antigo alumnado da UVigo conformado a partir dos diferentes estudios de inserción laboral publicados até o momento.

O corpo da mensaxe de correo electrónico en que se solicitaba a colaboración con esta iniciativa contiña un texto de presentación (ver Anexo 2) asinado polo Director do Observatorio, no que se expuñan os obxectivos deste estudio e se encoraxaba a participar na iniciativa do Observatorio. As mensaxes enviadas incluían a ligazón de acceso ao cuestionario. De acceso simples e directo, unha vez preenchido, a información recibida era transferida instantaneamente para unha folla de cálculo de acceso restrinxido ao equipo do Observatorio.

Outra vía de difusión foron os medios telemáticos cos que conta o Observatorio, a Páxina Web, onde se habilitou un espazo para abordar a crise por Covid-19, e as nosas Redes Sociais, nomeadamente a Páxina de LinkedIn⁴⁸ e o Canal de Youtube⁴⁹.

Complementariamente tamén se recorreu a outros medios de difusión, entre os cales, as listas de distribución "Comunidade" e "PDI" da Universidade de Vigo.

Para facilitar a participación na enquisa foi elaborado un vídeo-guía⁵⁰ para acceder de antemán, e en menos de tres minutos, ás preguntas do formulario aplicado.

Para que a taxa de resposta fose o máis alta posíbel, foron enviadas periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar a importancia da súa participación no estudo. Destarte, para alén do envío inicial⁵¹, fixéronse dúas reiteracións⁵², excluíndo de cada unha delas as persoas que respondían a enquisa.

⁴⁸ <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

⁴⁹ https://www.youtube.com/channel/UCQ21MUWt9zKIWdY_XH7STyA

⁵⁰ <https://www.youtube.com/watch?v=whz8wZ3ydAg>

⁵¹ Realizado entre o 13 e 23 de setembro de 2021 a 12.023 destinatarios.

⁵² A primeira entre o 27 de setembro e 8 de outubro e a segunda entre o 18 e 22 de outubro.

Nesta ocasión, o envío dos correos electrónicos viuse aínda máis dificultado pola limitación a 50 mensaxes/envío de cada conta de e-mail adscrita ao dominio uvigo.es, podéndose facer apenas oito envíos a cada 12 horas (400 mensaxes). Deste modo, a capacidade de envío de cada conta de correo electrónico estaba limitada a 800 mensaxes/día. As tres contas dispoñíbeis permiten alcanzar unha capacidade máxima de 2.400 mensaxes/día.

1.4 Recolla e procesamento de datos

As respostas recollidas instantaneamente foron revisadas e codificadas para traducilas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamiento informático.

A fin de garantir a absoluta confidencialidade e, como comprometido na solicitude de colaboración, para o tratamento estatístico dos datos recollidos as respostas da enquisa foron desvinculadas dos únicos datos persoais requiridos⁵³.

Posteriormente, a análise estatística dos dados foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

2. Estrutura do cuestionario

O cuestionario autoaplicado empregado neste estudio estaba estruturado en seis grandes bloques: información introductoria, información sobre a situación profesional a 1 de xaneiro de 2021, situación socio-laboral a 1 de setembro de 2021, impacto sanitario da pandemia no ámbito laboral, impacto no modo de traballo durante o ano 2021, fatiga pandémica e percepción sobre o impacto da pandemia na economía.

2.1 Información introductoria

Este bloque incorpora unha serie de datos de tipo de persoal e académico do suxeito inquirido⁵⁴. Alén diso, a fin de actualizar a información de contacto da Base de Datos do Observatorio, solicitouse que as persoas inquiridas facilitasen o seu enderezo de correo electrónico.

2.2 Informacións sobre a situación profesional a 1 de xaneiro de 2021

Este bloque incorpora todas as informacións sobre a situación profesional das persoas tituladas no inicio da terceira onda da pandemia de Covid-19 que contribúa para perfilar a especialización profe-

⁵³) Nome, apelidos e endereço de correo electrónico.

⁵⁴) Nome e apelidos, xénero, lugar de residencia, titulación universitaria principal obtida (aquela máis relacionada co perfil profesional), campus universitario e ano de finalización dos estudos universitarios ligado á titulación principal.

sional. Alén diso, recóllense as informacóns máis relevantes tanto da situación socio-laboral canto do emprego; isto é, a modalidade de contratación⁵⁵ e tipo de contrato⁵⁶.

Para aquelas persoas que traballaban a 1 de xaneiro de 2021 inquiriuse polo lugar de traballo e diversos aspectos sobre ese emprego como a rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo/departamento, categoría profesional e tamaño da empresa/entidade, elementos que serven para determinar o perfil profesional.

2.3 Impacto laboral da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021

Para coñecermos o impacto da pandemia entre o 1 de xaneiro e 1 de setembro de 2021 nas taxas de ocupación e desemprego inquiriuse se se producira algunha mudanza na situación socio-laboral nese período. A análise das mudanzas é referida a aspectos como a conservación do mesmo emprego/actividade, ao arranxo ou rotación laboral durante ese período ou, polo contrario, se perdeu o posto de traballo que tiña ou continuaba na situación de desemprego.

2.4 Impacto sanitario da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021

Para determinar o impacto sanitario da Covid-19 no ámbito laboral inquiriuse sobre a existencia dun caso de contaxio na empresa/entidade ou no seu ambiente de traballo; isto é, clientes, fornecedores, concorrencia ou entidades colaboradoras.

2.5 Impacto no modo de traballo

Para abordar a modalidade de traballo durante o ano 2021 incluíronse as seguintes categorías: realización do teletraballo ou traballo remoto, traballo semipresencial (combinación de teletraballo e traballo presencial), traballo presencial, afectación por ERTE, suspensión temporal de actividade ou peche de negocio propio debido ás restricións impostas e outras opcións⁵⁷.

No caso das persoas que teletraballaron indagouse se existía experiencia previa nesta modalidade de traballo (durante a primeira e segunda onda da pandemia ou mesmo anterior). Para os que se viron forzados a suspender a súa actividade profesional ou pechar o negocio propio inquiriuse se recibiron algún tipo de axuda pública compensatoria. Como na anterior edición do estudo de seguimento do impacto laboral da pandemia, incluíuse unha pregunta valorativa sobre o impacto das condicións impostas pola pandemia na carga de traballo das persoas inquiridas.

2.6 Fatiga pandémica

Como referido no apdo. 1.1, o cuestionario aplicado aborda de forma específica a fatiga pandémica; isto é, o impacto das condicións creadas pola pandemia (restricións, confinamentos, distanciamento

⁵⁵) Traballo por conta propia (traballador/a autónomo/a e/ou empresario/a) ou por conta allea (para a empresa/entidade privada e/ou para a administración pública).

⁵⁶) Contrato de duración indefinida, contratos eventuais ou de duración definida (temporal, por obra/servizo, bolsa), en prácticas (contrato de experiencia), sen contrato e outros tipos de contrato.

⁵⁷) De baixa laboral e estar en casa sen teletraballar.

social...) no estado de ánimo dos antigos estudiantes da UVigo. Trátase dun ítem non abordado nos anteriores estudos e que fora solicitado por unha notábel parcela de persoas tituladas que participaron na enquisa sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia, realizado entre xaneiro e abril de 2021.

2.7 Percepción sobre o impacto da pandemia na economía

A enquisa incluíu tres cuestións subxectivas a respecto do impacto da pandemia sobre a economía persoal e familiar dos suxeitos inquiridos, ben como as expectativas sobre o retorno á vella normalidade baixo unhas determinadas hipóteses.

2.8 Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de as persoas inquiridas poderen exprimir de maneira libre os seus comentarios sobre os aspectos ligados á enquisa e que non foran recollidos no cuestionario aplicado.

2.9 Esquema do cuestionario

O Cadro nº2 mostra, de forma esquemática, a estrutura do formulario autoaplicado.

Cadro nº2: Estrutura do cuestionario autoaplicado

Bloques temáticos	Variábeis
Datos persoais e académicos	Nome e apelidos Lugar de residencia actual Titulación principal obtida na UVigo Año de finalización da titulación principal Campus universitario
Situación socio-laboral e características do emprego a 1/1/2021	Situación socio-laboral no inicio da terceira onda da pandemia Modalidade de contratación Tipo de contrato Tempo na situación actual Lugar de traballo Rama de actividade Sector económico Área funcional/departamento Categoría profesional Tamaño da empresa/entidade
Impacto laboral da pandemia durante o ano 2021	Situación socio-laboral a 1/9/2021 Evolución experimentada polas taxas de ocupación e de desemprego
Impacto sanitario da pandemia durante o ano 2021	Existencia de casos de contaxio na empresa/entidade en que traballan ou no ambiente de traballo
Impacto no modo de traballo da pandemia durante o ano 2021	Modalidade de traballo Impacto na carga de traballo

Bloques temáticos	Variábeis
Fatiga pandémica	Problemas laborais creados polo coronavírus e as situacións de confinamento Impacto xeral da crise da Covid- 19 Ámbitos de incidencia Impacto no estado de ánimo Preocupación co contaxio Custo condutual coas restricións
Percepción sobre o impacto na economía	Impacto na economía persoal e doméstica Perspectivas no curto prazo Expectativas de retorno á normalidade pre-pandémica
Pregunta aberta para deixar comentarios	
Datos persoais de contacto	E-mail de contacto actualizado

3. Ficha Técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfico concreto, dado que as persoas tituladas desta institución académica entre 1990-2021 non son necesariamente residentes nunha zona específica.

Poboación: persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título⁵⁸ entre os anos 1990 e 2021; isto é, desde a súa creación, no curso académico 1989/90, até o curso 2020/21.

Mostra recollida: 2.530 cuestionarios.

Estratificación: na hora de realizar a análise leváronse en conta as variábeis de segmentación xénero, lugar de residencia, campus (se proceder), promoción académica (quinquenal⁵⁹), ámbitos académicos, tipoloxía de estudos, titulación obtida, modalidade de contratación e tipo de contrato, lugar de traballo, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo (departamento), categoría profesional e tamaño da empresa/entidade.

Procedemento de recolla da información: as enquisas foron remetidas por correo electrónico a unha mostra representativa de persoas tituladas da UVigo⁶⁰ e difusión en redes sociais propias, captándose os datos nun formulario aloxado na Web do Observatorio de Pessoas Tituladas.

Erro: para un nivel de confianza de 95%, e $p=q$, o erro real é de $\pm 1,914\%$ para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simple.

Datas de realización: de 13 de setembro de 2021 a 5 de novembro de 2021.

⁵⁸ Titulacións de 1º ciclo (diplomaturas e enxeñarías técnicas), 2º ciclo (licenciaturas e enxeñarías superiores), 3º ciclo (doutoramentos), graos, mestrados universitarios e títulos propios

⁵⁹ 1990-1995, 1996-2000, 2001-2005, 2006-2010, 2011-2015 e 2016-2021.

⁶⁰ Pessoas tituladas rexistradas na Base de Datos do Observatorio.

PARTE II

ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA

1. Datos persoais e académicos

1.1 Datos persoais

Este apartado analiza o xénero e lugar de residencia das persoas tituladas da UVigo que tiveron a ben responder a enquisa proposta polo Observatorio de Persoas Tituladas.

1.1.1 Xénero

Ao igual que en estudos anteriores do Observatorio, e consoante as estatísticas propias da UVigo, a porcentaxe de mulleres tituladas que participaron neste estudo (58,8%) supera á de homes (41,2%).

1.1.2 Lugar de residencia

A maioría de persoas inquiridas (79,6%) residen en Galicia, un en cada oito (12,5%) noutra Comunidade Autónoma e 8,0% no resto do mundo. Por xéneros, a proporción de homes residentes fóra de Galicia (22,3%) é máis alta que a de mulleres (19,1%), sendo significativa a maior proporción dos que residen no estranxeiro (9,6% contra 6,9%).

Cadro nº3: Lugar de residencia das persoas tituladas da UVigo

	Global	Homes	Mulleres
Galicia	79,6	77,7	80,9
Outra Comunidade Autónoma	12,5	12,8	12,2
Resto do mundo	8,0	9,6	6,9

1.1.2.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

O 79,6% de persoas tituladas mora en Galicia. A seguir móstrase a súa distribución por provincias e comarcas.

1.1.2.1.1 Provincias

A inmensa maioría (81,7%) reside nas provincias de Pontevedra (64,5%) e Ourense (17,2%), onde están sediados os tres Campus da UVigo, seguido pola Coruña (14,8%) e, a máis distancia, por Lugo (3,5%).

Cadro nº4: Persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

	%
A Coruña	14,8
Lugo	3,5
Ourense	17,2
Pontevedra	64,5

1.1.2.1.2 Comarcas

As Comarcas de Vigo (40,5%) e Ourense (12,0%) concentran o 52,5% das persoas tituladas que participaron neste estudio, seguidas de Pontevedra (8,6%), A Coruña (5,9%) e O Morrazo (5,4%). Outras comarcas galegas con presenza significativa son Santiago (4,0%), O Salnés (3,1%), O Condado (2,3%) e O Baixo Miño (2,2%).

O Anexo 3 mostra o cadro da distribución porcentual das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

1.1.2.2 Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

O 12,5% das persoas tituladas que participaron neste estudio residen noutras Comunidades Autónomas. A seguir móstrase a súa distribución por Comunidades Autónomas e provincias.

1.1.2.2.1 Comunidades Autónomas

A Comunidade de Madrid absorbe case a metade (42,0%) das persoas tituladas da UVigo que moran noutras Comunidades Autónomas, seguida por Cataluña (17,8%). A máis distancia sitúanse Castela e León (7,0%), Andalucía (5,1%), Canarias e Castela-A Mancha (4,8% ambas).

Cadro nº5: Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

	%
Andalucía	5,1
Aragón	1,6
Asturias	3,5
Canarias	3,8
Cantabria	2,2
Castela e León	7,0
Castela-A Mancha	3,8
Cataluña	17,8
Comunidade de Madrid	42,0
Comunidade Valenciana	2,5
Estremadura	1,0
Illas Baleares	2,5
Navarra	2,2

	%
País Basco	3,2
Rexión de Murcia	0,6
Rioxa (a)	1,0

1.1.2.2 Provincias

Das trinta e cinco provincias con presenza de titulados/as da UVigo, alén de Madrid (42,0%), destacan Barcelona (16,6%), Asturias (3,5%), Illas Baleares (2,6%), Cantabria, Navarra, Toledo e Valladolid (2,2% cada unha), Biscaia, As Palmas, Santa Cruz de Tenerife e Valencia (1,9% cada unha).

O Anexo 4 mostra o cadro da distribución porcentual das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

1.1.2.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

O 8,0% das persoas tituladas da UVigo da mostra obtida residen en 38 países do resto do mundo. Os principais destinos da emigración son Alemaña (16,3%), Reino Unido (15,3%) e Portugal (10,9%), seguidos, a máis distancia, por Francia (5,4%), Suíza (4,5%), México (4,0%), Bélgica (3,5%), EUA e Italia (3,0% ambos), Brasil, Dinamarca, Ecuador e Irlanda (2,5% cada un), ben como Australia, Noruega, Países Baixos e Perú (2,0% cada un).

O Anexo 5 mostra o cadro da distribución porcentual das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

1.2 Datos académicos

Neste apartado son abordados aspectos como os ámbitos académicos, campus universitario en que realizaron os estudos na UVigo, tipoloxía de estudos, titulacións e promoción académica.

1.2.1 Ámbitos académicos

Consoante os criterios do Ministerio de Educación foron considerados os seguintes ámbitos académicos: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científico, Multidisciplinar, Tecnológico e Xurídico-Social. As titulacións correspondentes a cada unha das ramas académicas avaliadas neste estudo poden ser consultadas no Anexo 6.

1.2.1.1 Resultados globais e por xénero

A maior parte das persoas tituladas que responderon a enquisa (46,2%) realizaron estudos do ámbito Xurídico-Social, seguido polo Tecnológico (27,9%), Científico (10,4%), Artes e Humanidades (9,7%) e das Ciencias da Saúde (4,6%).

Cadro nº6: Distribución global e por xénero da mostra segundo os ámbitos académicos

	Global	Homes	Mulleres
Artes e Humanidades	9,7	4,9	13,1
Ciencias da Saúde	4,6	1,4	6,8
Científico	10,4	8,5	11,8
Multidisciplinar	1,2	1,2	1,2
Tecnolóxico	27,9	48,0	13,8
Xurídico-Social	46,2	36,0	53,3

Tal como mostra o Cadro nº6, entre as mulleres é maioritario o ámbito Xurídico-Social (53,3%), manténdose, logo a seguir, en proporcións semellantes os ámbitos Tecnolóxico (13,8%), das Artes e Humanidades (13,1%) e, algo inferior, o Científico (11,8%). Polo contrario, entre os homes predomina o Tecnolóxico (48,0%), seguido polo Xurídico-Social (36,0%).

A presenza feminina (ver Cadro nº7) é maioritaria entre as persoas tituladas do ámbito das Ciencias da Saúde (87,1%), Artes e Humanidades (79,3%), Xurídico-social (67,9%) e Científico (66,3%) contra o Tecnolóxico, onde a presenza masculina (71,0%) é maioritaria.

Cadro nº7: Distribución porcentual dos ámbitos académicos por xénero

	Homes	Mulleres
Artes e Humanidades	20,7	79,3
Ciencias da Saúde	12,9	87,1
Científico	33,7	66,3
Multidisciplinar	40,0	60,0
Tecnolóxico	71,0	29,0
Xurídico-Social	32,1	67,9

1.2.1.2 Lugar de residencia

O ámbito Xurídico-Social é predominante entre as persoas residentes en Galicia (49,3%) e noutras Comunidades Autónomas (41,3%). Porén, entre as persoas residentes no estranxeiro predominan os titulados/as de perfil tecnolóxico (41,6%), contra 26,3% en Galicia e 29,5% noutras Comunidades Autónomas. Entre as residentes no estranxeiro existe máis proporción de tituladas tanto da rama Científica como das Artes e Humanidades.

Cadro nº8: Distribución porcentual dos ámbitos académicos segundo o lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	9,0	9,5	16,8
Ciencias da Saúde	5,3	2,9	0,5
Científico	8,8	16,2	17,3
Multidisciplinar	1,2	0,6	1,5
Tecnolóxico	26,3	29,5	41,6
Xurídico-Social	49,3	41,3	22,3

Os ámbitos académicos con más taxa de emigración (ver Cadro nº9) son o Científico (32,6%), Artes e Humanidades (26,0%) e Tecnolóxico (25,1%) contra as Ciencias da Saúde (8,6%) e Xurídico-Social (15,0%).

Cadro nº9: Distribución porcentual do lugar de residencia segundo os ámbitos académicos

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	74,0	12,2	13,8
Ciencias da Saúde	91,4	7,8	0,9
Científico	67,4	19,3	13,3
Multidisciplinar	83,3	6,7	10,0
Tecnolóxico	74,9	13,2	11,9
Xurídico-Social	85,0	11,1	3,9

1.2.1.2.1 Pessoas tituladas residentes en Galicia

1.2.1.2.1.1 Provincias

O ámbito Xurídico-Social é maioritario entre os residentes nas provincias de Ourense (62,0%) e Lugo (52,9%) e predominante en Pontevedra (49,1%). No entanto, na Coruña predomina o Tecnolóxico (39,1%).

Cadro nº10: Distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
A Coruña	12,5	5,1	7,7	1,0	39,1	34,7
Lugo	7,1	4,3	5,7	0,0	30,0	52,9
Ourense	4,9	6,9	6,3	0,9	19,0	62,0
Pontevedra	9,5	4,9	9,9	1,5	25,1	49,1

1.2.1.2.1.1 Comarcas

O Anexo 7 mostra o cadro da distribución porcentual por ámbitos académicos das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

1.2.1.2.2 Pessoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

1.2.1.2.2.1 Comunidades Autónomas

A rama das Ciencias Xurídico-Sociais é maioritaria entre as persoas tituladas residentes na Rioxia (66,7%), Illas Baleares e Rexión de Murcia (50,0% ambas). O ámbito Tecnolóxico é maioritario entre as persoas tituladas residentes en Estremadura (66,7%) e predominante en Aragón (40,0%) e Andalucía

(37,5%), seguido pola Comunidade de Madrid (37,1%), Castela e León e Asturias (36,4% ambas). A maior frecuencia de persoas tituladas da rama Científica prodúcese na Rexión de Murcia (50,0%), País Basco (40,0%) e Comunidade Valenciana (37,5%). No caso das Artes e Humanidades destacan Canarias (25,0%), Asturias (18,2%) e Cataluña (17,9%). Finalmente, a rama das Ciencias da Saúde apenas alcanza porcentaxes expresivas en Aragón (20,0%) e Navarra (14,3%).

O Anexo 8 mostra a distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas.

1.2.1.2.2 Provincias

O Anexo 9 mostra a distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

1.2.1.2.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

O Anexo 10 mostra a distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

1.2.2 Campus universitario

1.2.2.1 Resultados globais e por xénero

A maioría das persoas tituladas que responderon a enquisa (62,8%) realizaron os seus estudos en titulacións administradas no Campus de Vigo, seguido polo de Ourense (21,7%) e Pontevedra (15,5%).

Cadro nº11: Distribución da mostra por Campus universitario

	Global	Homes	Mulleres
Ourense	21,7	18,2	24,1
Pontevedra	15,5	10,8	18,8
Vigo	62,8	70,9	57,0

Por xéneros, tal como mostra o Cadro nº12, as mulleres son predominantes en todos os Campus, sendo máis elevada a súa proporción en Pontevedra (71,2%) e Ourense (65,4%) que en Vigo (53,4%).

Cadro nº12: Distribución porcentual de xénero por Campus

	Homes	Mulleres
Ourense	34,6	65,4
Pontevedra	28,8	71,2
Vigo	46,6	53,4

1.2.2.2 Ámbitos académicos

Na mostra obtida o ámbito Xurídico-Social é maioritario nos Campus de Pontevedra (66,7%) e Ourense (65,6%), sendo superado polo Tecnolóxico en Vigo (35,8% contra 34,4%).

Cadro nº13: Distribución porcentual dos ámbitos académicos por Campus

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Ourense	3,1	3,6	6,9	0,7	20,0	65,6
Pontevedra	16,3	8,4	0,0	1,5	7,1	66,7
Vigo	10,4	4,0	14,2	1,3	35,8	34,4

1.2.3 Tipoloxía de estudos

1.2.3.1 Resultados globais e por xénero

Dos titulados/as que respondieron a enquisa, o 45,7% realizou unha titulación de ciclo longo, 32,3% de ciclo curto, 10,0% de grao, 6,6% de mestrado universitario e 4,7% de doutoramento.

Por xéneros, tal como se constata no Cadro nº14, é estatisticamente significativa a maior porcentaxe de homes que realizaron unha enxeñaría superior (22,9% contra 7,0% de mulleres) e unha enxeñaría técnica (17,2% contra 4,4%). Polo contrario, entre as mulleres é significativa a maior proporción de licenciadas (36,4% contra 26,2% de homes) e diplomadas (30,1% contra 11,9%).

Cadro nº14: Distribución da mostra segundo a tipoloxía de estudos

	Global	Homes	Mulleres
Diplomatura	22,6	11,9	30,1
Doutoramento	4,7	5,2	4,4
Enxeñaría Superior	13,6	22,9	7,0
Enxeñaría Técnica	9,7	17,2	4,4
Grao	10,0	8,7	10,9
Licenciatura	32,2	26,2	36,4
Mestrado Universitario	6,6	7,3	6,2
Título propio	0,6	0,7	0,5

Tal como mostra o Cadro nº15, as mulleres son maioritarias en todas as tipoloxías de estudos, con máximos nas Diplomaturas (78,3%), Licenciaturas (66,5%), Graos (64,0%), estudos de Doutoramento (55,0%), mestrados universitarios (54,8%) e títulos propios (53,3%). Porén, son minoritarias nas Enxeñarías Técnicas (26,9%) e Enxeñarías Superiores (30,3%).

Cadro nº15: Distribución porcentual de xénero por tipoloxía de estudos

	Homes	Mulleres
Diplomatura	21,7	78,3
Doutoramento	45,0	55,0
Enxeñaría Superior	69,7	30,3
Enxeñaría Técnica	73,1	26,9
Grao	36,0	64,0
Licenciatura	33,5	66,5
Mestrado Universitario	45,2	54,8
Título propio	46,7	53,3

1.2.3.2 Lugar de residencia

Entre as persoas residentes en Galicia, tal como mostra o Cadro nº16, existe unha presenza significativa de persoas tituladas en diplomaturas (25,8%). A presenza de enxeñeiros/as superiores (23,8%) e doutores/as (9,9%) entre os residentes no estranxeiro é moi superior ás proporcións existentes en Galicia (11,8% e 4,0%, respectivamente).

Cadro nº16: Distribución porcentual da tipoloxía de estudos por lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Diplomatura	25,8	13,3	5,0
Doutoramento	4,0	6,7	9,9
Enxeñaría Superior	11,8	18,4	23,8
Enxeñaría Técnica	10,0	7,6	9,9
Grao	10,3	9,2	7,9
Licenciatura	31,1	39,4	31,7
Mestrado Universitario	6,5	4,8	11,4
Título propio	0,5	0,6	0,5

1.2.3.3 Campus universitario

A licenciatura é a tipoloxía de estudos predominante nas persoas tituladas que realizaron titulacións nos Campus de Pontevedra (34,1%) e Vigo (33,2%), mentres que en Ourense destacan as diplomaturas (36,1%). As persoas tituladas en enxeñarías superiores só están presentes nos campus de Vigo (19,6%) e Ourense (5,6%).

A porcentaxe de persoas tituladas que obtiveron o doutoramento na UVigo no Campus de Vigo (5,4%) supera a Pontevedra (3,8%) e Ourense (3,6%).

Cadro nº17: Distribución porcentual da tipoloxía de estudos segundo o campus universitario

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Diplomatura	36,1	30,8	15,9
Doutoramento	3,6	3,8	5,4
Enxeñaría Superior	5,6	0,0	19,6

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Enxeñaría Técnica	12,0	4,8	10,1
Grao	8,6	19,6	8,1
Licenciatura	27,7	34,1	33,2
Mestrado Universitario	5,8	5,6	7,2
Título propio	0,5	1,3	0,4

1.2.4 Titulacións

As titulacións con máis presenza na mostra obtida, tal como reflicte o Cadro nº18, son a Diplomatura en Mestre/a, Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Técnica Industrial, Diplomatura en Ciencias Empresariais, Enxeñaría de Telecomunicación, Diplomatura en Relacións Laborais, Diplomatura en Enfermaría e licenciaturas en Bioloxía, Ciencias do Mar, Dereito e en Tradución e Interpretación.

Cadro nº18: Titulacións con máis número de persoas tituladas que participaron neste estudo

	%
Diplomatura en Mestre/a ⁶¹	7,0
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas ⁶²	6,5
Enxeñaría Industrial	6,2
Enxeñaría Técnica Industrial	6,0
Diplomatura en Ciencias Empresariais	5,3
Enxeñaría de Telecomunicación	4,7
Diplomatura en Relacións Laborais ⁶³	3,4
Diplomatura en Enfermaría	3,2
Licenciatura en Bioloxía	2,4
Licenciatura en Ciencias do Mar	2,3
Licenciatura en Dereito	2,3
Licenciatura en Tradución e Interpretación	2,3

1.2.4.1 Tipoloxía de estudos

A seguir móstranse as titulacións obtidas segundo os diferentes tipos de estudos (Diplomaturas, Enxeñarías Superiores, Enxeñarías Técnicas, Graos, Mestrados Universitarios e Títulos propios). Abranxe tanto titulacións vixentes como xa extinguidas. As porcentaxes consignadas nos seguintes cadros son referidas ao peso relativo de cada titulación sobre a totalidade da mostra.

Diplomaturas

Por orde decrecente, destanac Mestre/a (5,61%), Ciencias Empresariais (5,30%), Enfermaría (3,16%) e Relacións Laborais (2,69%).

O Cadro nº19 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás diplomaturas.

⁶¹) Agregado de diplomados/as en Mestre/a e en Formación de Profesorado de EXB.

⁶²) Agregado das licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas (LADE) e da Sección de Empresariais de Ciencias Económicas e Empresariais.

⁶³) Agregado de diplomados/as en Relacións Laborais e en Graduado Social.

Cadro nº19: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Diplomaturas

	%
Ciencias Empresariais	5,30
Educación Social	1,23
Enfermaría	3,16
Fisioterapia	0,47
Graduado Social	0,75
Mestre/a	5,61
Profesorado de EXB	1,38
Relacións Laborais	2,69
Traballo Social	1,11
Turismo	0,51
Xestión e Administración Pública	0,40

Enxeñarías Superiores

Entre as enxeñarías superiores, as titulacións con máis presenza na mostra son Enxeñaría Industrial (6,25%), Enxeñaría de Telecomunicación (4,74%), Enxeñaría de Minas (1,34%) e Enxeñaría en Informática (1,23%).

O Cadro nº20 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás enxeñarías superiores.

Cadro nº20: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Enxeñarías Superiores

	%
Enxeñaría de Minas	1,34
Enxeñaría de Telecomunicación	4,74
Enxeñaría en Informática	1,23
Enxeñaría Industrial	6,25

Enxeñarías Técnicas

Relativamente ás enxeñarías técnicas, a Industrial representa o 5,97% da mostra obtida, seguida a máis distancia por Informática de Xestión (1,46%) e Agrícola (1,15%).

O Cadro nº21 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás enxeñarías técnicas.

Cadro nº21: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Enxeñarías Técnicas

	%
Enxeñaría Técnica Agrícola	1,15
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	0,32
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	1,46
Enxeñaría Técnica Forestal	0,79
Enxeñaría Técnica Industrial	5,97

Graos

Os graos con máis presenza na mostra obtida son o Grao en Administración e Dirección de Empresas (1,07%), Traducción e Interpretación (0,63%), Enfermaría (0,59%), Publicidade e Relacións Públicas (0,55%), Belas Artes e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (0,51% ambos).

O Cadro nº22 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos graos.

Cadro nº22: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Graos

	%
Administración e Dirección de Empresas	1,07
Belas Artes	0,51
Biología	0,32
Ciencias Ambientais	0,08
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,24
Ciencias do Mar	0,24
Comercio	0,24
Comunicación Audiovisual	0,20
Dereito	0,20
Dirección e Xestión Pública	0,40
Economía	0,20
Educación Infantil	0,40
Educación Primaria	0,47
Educación Social	0,24
Enfermaría	0,59
Enxeñaría Agraria	0,08
Enxeñaría da Enerxía	0,36
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	0,24
Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais	0,04
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,08
Enxeñaría Eléctrica	0,12
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,12
Enxeñaría en Organización Industrial	0,04
Enxeñaría en Química Industrial	0,04
Enxeñaría Forestal	0,36
Enxeñaría Informática	0,16
Enxeñaría Mecánica	0,24
Fisioterapia	0,24
Lingua Estranxeira	0,32
Publicidade e Relacións Públicas	0,55
Química	0,16
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0,51
Traballo Social	0,16
Traducción e Interpretación	0,63
Turismo	0,16
Xeografía e Historia	0,04

Licenciaturas

Segundo a mostra obtida, as licenciaturas con máis número de persoas tituladas son Administración e Dirección de Empresas (4,62%), Bioloxía (2,37%), Ciencias do Mar e Dereito (2,29% ambas), Tradución e Interpretación (2,25%) e en Publicidade e Relacións Públicas (2,02%).

O Cadro nº23 reflicte a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás licenciaturas.

Cadro nº23: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Licenciaturas

	%
Administración e Dirección de Empresas	4,62
Bellas Artes	1,54
Bioloxía	2,37
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,43
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	1,11
Ciencias do Mar	2,29
Ciencias Económicas	1,26
Ciencias Empresariais	1,86
Comunicación Audiovisual	0,63
Dereito	2,29
Dereito Económico-Empresarial	1,94
Economía	1,78
Filoloxía Galega	0,24
Filoloxía Hispánica	0,87
Filoloxía Inglesa	1,23
Física	0,51
Historia	0,36
Psicopedagoxía	1,42
Publicidade e Relacións Públicas	2,02
Química	1,15
Tradución e Interpretación	2,25

Mestrados universitarios

Na mostra obtida os mestrados con máis persoas tituladas foron o de Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (0,87%), seguido, a máis distancia, por Comercio Internacional (0,36%), Prevención de Riscos Laborais (0,32%), Biotecnoloxía Avanzada, Contaminación Industrial, Dirección de Arte en Publicidade, Enxeñaría Industrial e Enxeñaría Informática (0,20% cada un).

O Cadro nº24 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos mestrados universitarios.

Cadro nº24: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Mestrados Universitarios

	%
Acuicultura	0,08
Arte Contemporánea. Creación e Investigación	0,08
Artes Escénicas	0,16
Avogacía	0,12
Biotecnoloxía Avanzada	0,20
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	0,04
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	0,08
Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático	0,04
Comercio Internacional	0,36
Consultoría de Software Libre	0,04
Contabilidade e Finanzas	0,04
Contaminación Industrial	0,20
Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais	0,04
Creación, Dirección e Innovación na Empresa	0,08
Dereito Urbanístico e do Ambiente	0,16
Deseño e Dirección Creativa en Moda	0,04
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	0,04
Dirección de Arte en Publicidade	0,20
Dirección de Pemes	0,04
Dirección e Administración de Empresas	0,16
Dirección e Planeamento do Turismo	0,04
Dirección e Planeamento do Turismo Interior e de Saúde	0,04
Dirección e Xestión da Loxística e da Cadea de Subministración	0,04
Dirección Pública e Liderado Institucional	0,04
Economía	0,04
Ecosistemas Terrestres, Usos Sustentábeis e Implicacións Ambientais	0,04
Enerxía e Sustentabilidade	0,08
Enxeñaría da Automoción	0,04
Enxeñaría da Construcción	0,04
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais	0,16
Enxeñaría da Soldadura	0,08
Enxeñaría de Minas	0,04
Enxeñaría Industrial	0,20
Enxeñaría Informática	0,20
Enxeñaría Matemática	0,08
Estudos Ingleses Avanzados	0,04
Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	0,12
Innovación e Investigación Educativa	0,04
Innovación Industrial e Optimización de Procesos	0,04
Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos	0,04
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	0,08
Investigación en Comunicación	0,04
Investigación en Química e Química Industrial	0,08
Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares	0,04
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	0,08
Lingua e Comunicación nos Negocios	0,04
Lingüística e as súas Aplicacións	0,04

	%
Mecatrónica	0,04
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	0,08
Metodoloxía e Aplicacións en Bioloxía Molecular	0,04
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	0,08
Neurociencia	0,04
Nutrición	0,12
Oceanografía	0,04
Ordenamento Xurídico do Mercado	0,04
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	0,08
Prevención de Riscos Laborais	0,32
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	0,08
Procesos e Tecnoloxías na Industria do Automóbil	0,08
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	0,87
Química Avanzada	0,04
Técnicas Estatísticas	0,04
Tecnoloxía Ambiental	0,08
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	0,04
Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel	0,08
Teoría do Sinal e Comunicacións	0,04
Tradución Multimedia	0,04
Tradución e Paratraducción	0,04
Tradución para a Comunicación Internacional	0,08
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	0,04
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	0,08
Xestión e Dirección Laboral	0,08
Xestión Empresarial do Deporte	0,08

Títulos Propios

Aínda que estatisticamente pouco relevantes na mostra obtida, destaca o Séñior (Graduado Universitario) sobre Deseño Téxtil e Moda e Ciencias Policiais e Detective Privado.

O Cadro nº25 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos títulos propios.

Cadro nº25: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Títulos Propios

	%
Graduado Universitario en Ciencias Policiais e Detective Privado	0,04
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	0,16
Graduado Universitario Séñior	0,28
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento	0,08

Doutoramento

O Anexo 11 mostra a especialidade dos títulos de doutoramento obtidos na UVigo das persoas tituladas que participaron neste estudio.

1.2.4.2 Análise por xénero

Existen diferenzas estatisticamente significativas na distribución por xénero das persoas tituladas nas diferentes titulacións da mostra obtida. Para analizarmos a variábel xénero diferenciaranse as titulacións con predominio marcado dun xénero das paritarias⁶⁴.

Cadro nº26: Titulacións con predominio feminino

Exclusivas	Grao en Ciencias Ambientais Grao en Comunicación Audiovisual Grao en Educación Infantil Grao en Traballo Social
Maioritarias	Diplomatura en Educación Social (93,5) Diplomatura en Traballo Social (92,9) Diplomatura en Enfermaría (92,5) Licenciatura en Traducción e Interpretación (89,5) Grao en Linguas Estranxeiras (87,5) Grao en Traducción e Interpretación (87,5) Licenciatura en Psicopedagoxía (86,1) Grao en Publicidade e Relacións Públicas (85,7) Diplomatura en Turismo (84,6) Grao en Comercio (83,3) Grao en Educación Social (83,3) Grao en Fisioterapia (83,3) Diplomatura en Profesorado de EXB (82,9) Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (82,4) Licenciatura en Belas Artes (82,1) Licenciatura en Filoloxía Hispánica (81,8) Grao en Dereito (80,0) Grao en Enfermaría (80,0) Diplomatura en Mestre/a (79,6) Diplomatura en Relacións Laborais (79,4) Grao en Belas Artes (76,9) Diplomatura en Fisioterapia (75,0) Grao en Bioloxía (75,0) Licenciatura en Dereito (74,1) Licenciatura en Química (72,4) Diplomatura en Xestión e Administración Pública (70,0) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (69,2) Licenciatura en Ciencias do Mar (69,0) Diplomatura en Graduado Social (68,4) Licenciatura en Bioloxía (68,3) Grao en Ciencias do Mar (66,7) Licenciatura en Filoloxía Galega (66,7) Licenciatura en Historia (66,7) Licenciatura en Filoloxía Inglesa (64,5) Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (63,6) Licenciatura en Comunicación Audiovisual (62,5) Diplomatura en Ciencias Empresariais (61,9) Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial (61,2)

⁶⁴⁾ Titulacións nas que, segundo os criterios da Lei de Paridade, a proporción entre homes e mulleres non son inferiores a 40% nem superiores a 60%.

Cadro nº27: Titulacións con predominio masculino

Exclusivas	Grao en Enxeñaría Agraria Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática Grao en Enxeñaría en Organización Industrial Grao en Enxeñaría en Química Industrial Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais Grao en Xeografía e Historia
Maioritarias	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (83,3) Enxeñaría Técnica Industrial (79,5) Grao en Enxeñaría da Enerxía (77,8) Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (75,7) Enxeñaría Industrial (75,3) Enxeñaría Técnica Forestal (75,0) Enxeñaría en Informática (71,0) Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (66,7) Grao en Enxeñaría Eléctrica (66,7) Grao en Enxeñaría Mecánica (66,7) Enxeñaría de Telecomunicación (65,8)

Cadro nº28: Titulacións paritarias

Grao en Economía
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
Enxeñaría de Minas
Grao en Enxeñaría Forestal
Licenciatura en Ciencias Empresariais
Licenciatura en Física
Licenciatura en Economía
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación
Grao en Dirección e Xestión Pública
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Grao en Enxeñaría Informática
Grao en Química
Grao en Turismo
Licenciatura en Ciencias Económicas
Grao en Administración e Dirección de Empresas
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
Grao en Educación Primaria
Enxeñaría Técnica Agrícola

O Anexo 12 reflicte a distribución proporcional global das titulacións por xénero segundo orde decrecente de presenza feminina.

1.2.4.3 Lugar de residencia

O Anexo 13 mostra a distribución porcentual do lugar de residencia das persoas tituladas que integran a mostra por titulacións.

1.2.4.4 Campus universitario

O Anexo 14 reflicte a distribución da mostra por titulacións e campus universitario.

A seguir móstrase a distribución por campus das titulacións (ciclos e graos) impartidas en máis dunha sede universitaria:

- Diplomatura en Ciencias Empresariais: A proporción de persoas tituladas no Campus de Vigo (64,2%) supera a Ourense (35,8%).
- Diplomatura en Enfermaría: A maioría (63,8%) completou os seus estudos no Campus de Vigo, seguido por Ourense (20,0%) e Pontevedra (16,3%).
- Grao en Enfermaría: O peso do Campus de Vigo é do 80,0%, seguido por Pontevedra (13,3%) e Ourense (6,7%).
- Diplomatura en Mestre/a: A mostra obtida ten máis presenza das persoas tituladas no Campus de Pontevedra (50,7%) e Ourense (36,6%) que en Vigo (12,7%).
- Diplomatura en Profesorado de EXB: A proporción de persoas tituladas no Campus de Pontevedra (40,0%) supera ao de Vigo (31,4%) e Ourense (28,6%).
- Grao de Educación Infantil: Predominio do Campus de Pontevedra (50,0%), seguido por Ourense (40,0%) e Vigo (10,0%).
- Grao de Educación Primaria: Maioría de persoas tituladas no Campus de Pontevedra (58,3%) contra os de Vigo (16,7%) e Ourense (25,0%).
- Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas: Predomina o Campus de Vigo (78,6%) contra o de Ourense (21,4%).
- Grao en Administración e Dirección de Empresas: Na mostra obtida predominan as persoas tituladas do Campus de Ourense (51,9%) contra 48,1% de Vigo.
- Grao en Dereito: Predominan as persoas tituladas no Campus de Vigo (60,0%) contra Ourense (40,0%).

1.2.5 Promoción académica

1.2.5.1 Resultados globais e por xénero

Distribuída por quinquenios (ver Cadro nº29), a mostra experimenta unha tendencia crecente desde o ano 1990 até 2015, pasando do 7,4% das respostas entre 1990-95 a 23,8% entre 2011-15, diminuíndo para o 7,8% entre 2016-21.

Cadro nº29: Evolución quinquenal da mostra

	Global	Homes	Mulleres
1990-1995	7,4	6,9	7,8
1996-2000	15,1	15,4	14,8
2001-2005	22,3	24,2	20,9
2006-2010	23,7	22,6	24,5
2011-2015	23,8	23,6	23,9
2016-2021	7,8	7,3	8,1

Por anos, a mostra presenta unha liña de tendencia global crecente, alcanzando os máximos nos anos 2011 (5,5% de respostas), 2007 e 2009 (5,0% ambos), contra os mínimos en 1990 (0,6%), 2021 (0,7%), 1991 e 2020 (0,8% ambos).

O Anexo 15 mostra a distribución porcentual da evolución quinquenal e anual das respostas obtidas, incluíndo tanto as porcentaxes como as taxas de evolución.

Por xéneros non existen diferenzas estatisticamente significativas na distribución de homes e mulleres na mostra obtida nos quinquenios avaliados, sendo maioritaria a presenza feminina en cada un deles, oscilando entre un máximo do 61,7% (1990-95) e 61,4% (2016-21) e un mínimo do 55,2% entre 2001-05.

Cadro nº30: Evolución quinquenal por xénero

	Homes	Mulleres
1990-1995	38,3	61,7
1996-2000	42,3	57,7
2001-2005	44,8	55,2
2006-2010	39,3	60,7
2011-2015	40,9	59,1
2016-2021	38,6	61,4

O Anexo 16 reflicte a evolución anual da distribución porcentual da mostra por xénero.

1.2.5.2 Lugar de residencia

En todas as promocións avaliadas (ver Cadro nº31) Galicia é o lugar de residencia maioritario, pasando dun máximo do 86,7% e 86,6% nas persoas tituladas entre 1990-2000 a un mínimo de 74,4% entre 2011-15 e de 75,0% entre 2006-10.

A taxa de emigración é más alta entre 2011-15 (25,6%) e 2006-10 (25,0%) contra o mínimo entre 1990-95 (13,3%). Así sendo, a porcentaxe de persoas que viven noutra Comunidade Autónoma manteñese estable no $\pm 10\%$ no decenio 1990-2000 e en $\pm 14\%$ entre 2006-15. A proporción de persoas residentes no estranxeiro é máxima entre 2011-15 (11,6%) e 2006-10 (10,5%) contra o mínimo de $3,3 \pm 0,1\%$ entre 1990-2000. No período avaliado, salvo entre 2016-21, a emigración ao estranxeiro é inferior á destinada a outras Comunidades Autónomas.

Cadro nº31: Evolución quinquenal do lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
1990-1995	86,7	10,1	3,2
1996-2000	86,6	10,0	3,4
2001-2005	81,9	12,6	5,5
2006-2010	75,0	14,5	10,5
2011-2015	74,4	14,0	11,6
2016-2021	82,2	8,1	9,6

1.2.5.3 Ámbitos académicos

Por ámbitos académicos (ver Cadro nº32), o Xurídico-Social é predominante en todo o período avaliado. No entanto, mostra unha evolución continuadamente decrecente, pasando dunha posición maioritaria entre 1990-95 (65,4%) e 1996-2000 (53,3%) a un mínimo do 36,0% entre 2016-21. Polo contrario, o ámbito Tecnolóxico manifesta unha evolución crecente entre 1990-2010, pasando do mínimo do 18,1% entre 1990-95 a un máximo do 31,8% entre 2006-10. Os ámbitos das Artes e Humanidades e Científico presentan unha proporción máxima no último quinquenio avaliado (15,2% e 14,7%, respectivamente).

Cadro nº32: Evolución quinquenal da mostra por ámbitos académicos

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
1990-1995	4,3	9,6	2,7	0,0	18,1	65,4
1996-2000	9,7	4,2	11,0	0,0	21,8	53,3
2001-2005	8,5	5,2	9,6	0,0	30,2	46,5
2006-2010	9,2	4,2	11,3	0,7	31,8	42,8
2011-2015	11,3	4,0	11,0	2,5	29,3	41,9
2016-2021	15,2	2,0	14,7	5,6	26,4	36,0

O Anexo 17 mostra a evolución anual da mostra obtida por ámbitos académicos.

1.2.5.4 Tipoloxía de estudos

Cada quinquenio avaliado presenta un perfil de tipoloxía de titulacións desigual. Así sendo, mentres que as diplomaturas son maioritarias entre 1990-95 (56,9%), entre 1996-2010, son as licenciaturas as predominantes. A partir de 2011, coa implantación da Reforma de Boloña, cunha tendencia crecente predominan os graos (27,6% entre 2011-15 e 37,6% entre 2016-21). No último quinquenio destaca a considerábel presenza de persoas tituladas en mestrados (25,9%) e en doutoramento (25,4%).

Cadro nº33: Evolución quinquenal da mostra por tipoloxía de estudos

	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2021
Diplomatura	56,9	35,2	26,8	19,7	9,8	1,5
Doutoramento	1,1	2,1	2,0	3,0	5,3	25,4
Enxeñaría Superior	11,2	12,3	13,9	20,8	11,0	3,0
Enxeñaría Técnica	6,4	9,2	15,6	9,3	8,0	3,0
Grao	0,5	0,0	0,4	1,7	27,6	37,6
Licenciatura	23,9	41,2	41,2	41,8	20,6	2,5
Mestrado Universitario	0,0	0,0	0,2	2,7	16,6	25,9
Título Propio	0,0	0,0	0,0	1,0	1,0	1,0

1.2.5.5 Campus Universitario

O Campus de Vigo é maioritario en todos os períodos avaliados, flutuando dun máximo de 73,1% no primeiro quinquenio, estabilizándose por volta do 61-62% no último decenio.

Cadro nº34: Evolución quinquenal da mostra obtida por campus universitario

	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2021
Ourense	18,1	24,1	22,9	23,2	21,1	14,2
Pontevedra	9,6	10,2	14,4	17,7	17,1	23,4
Vigo	72,3	65,6	62,7	59,2	61,7	62,4

2. Situación socio-laboral a 1 de xaneiro de 2021

Para determinar o impacto laboral das sucesivas ondas da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 foi preciso coñecer a situación socio-laboral no momento inicial (1 de xaneiro de 2021). Este apartado avalía os resultados obtidos na enquisa aplicada, diferenciado as situacíons das persoas que traballaban das que non o facían nesa data de referencia, avaliando os resultados globais e segundo as variábeis xénero, lugar de residencia, ámbitos académicos, tipoloxía de estudos realizados e titulacíons, promoción académica e tempo de permanencia na situación socio-laboral. A partir desta análise foi avaliada a taxa de ocupación segundo cada unha das variábeis descritas.

2.1 Resultados globais e por xénero

O Cadro nº35 mostra a situación socio-laboral das persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudio na altura de 1 de xaneiro de 2021; isto é, coincidindo co inicio da terceira onda da pandemia.

Cadro nº35: Situación socio-laboral a 1 de xaneiro de 2021

	Global	Homes	Mulleres
Baixa laboral	0,4	0,1	0,6
Coidado familiar	0,6	0,0	1,1
Cursa estudos universitarios	1,1	0,9	1,4
Desempregado/a, procurando emprego	6,6	5,7	7,3
Emprego por conta allea na empresa privada	52,2	59,6	46,9
Emprego por conta allea no sector público	28,1	22,2	32,2
Empresario/a (titular dunha empresa)	2,4	3,9	1,3
En excedencia	0,1	0,0	0,1
Prepara oposicións	1,9	1,2	2,4
Traballador/a autónomo/a	5,8	5,7	6,0
Xubilado/a, pensionista	0,7	0,8	0,7

2.1.1 Persoas que traballaban

A situación maioritaria (Cf. Cadro nº35) era a de emprego por conta aldea na empresa/entidade privada (52,2%), sendo estatisticamente significativa a maior proporción de homes (59,6%) que de mulleres (46,9%).

A seguir áchanse as persoas que traballan no sector público (28,1%), rexistrándose máis mulleres (32,2%) que homes (22,2%).

O 5,8% da mostra obtida está constituída por traballadores autónomos, non habendo grandes diferenzas entre mulleres (6,0%) e homes (5,7%).

Finalmente, a proporción de empresarios/as ou titulares dunha empresa é do 2,4%, triplicando a proporción de homes (3,9%) á de mulleres (1,3%).

2.1.2 Persoas que non traballaban

A situación predominante entre as persoas que non traballaban era a de desempregado/a procurando emprego (6,6%), sendo máis alto o desemprego feminino (7,3%) que o masculino (5,7%).

Un 1,9% das persoas inquiridas estaban a preparar oposicións, duplicando a proporción de mulleres (2,4%) á de homes (1,2%). Sen diferenzas estatisticamente significativas por xéneros, o 1,1% da mostra estaba a cursar estudos universitarios.

O coidado familiar (0,6%) atinxo exclusivamente ás mulleres (1,1%). En situación de baixa laboral estaba o 0,4% das persoas que responderon a enquisa, sextuplicando a proporción de mulleres (0,6%) á de homes (0,1%).

Finalmente, os xubilados/pensionistas, representan o 0,7% da mostra obtida, sen relacións de dependencia estatística por xéneros.

2.2 Persoas que continúan estudos universitarios

2.2.1 Resultados globais e por xénero

No tocante ao tipo de estudos cursados polas persoas tituladas da UVigo que continúan a súa formación universitaria no momento de responder a enquisa (apenas o 1,1% da mostra obtida), a maioría estaba a realizar estudos de doutoramento (55,2%), de mestrado universitario (34,5%) e, a máis distancia, estudos de grao (6,9%). O restante 3,4% estaba a realizar estudos non universitarios.

Cadro nº36: Tipoloxía de estudos das persoas que proseguen a formación universitaria

	Global	Homes	Mulleres
Doutoramento	55,2	75,0	47,6
Grao	6,9	0,0	9,5
Mestrado Universitario	34,5	25,0	38,1

Por xéneros, é maior a proporción de homes que estaban a realizar estudos de doutoramento (75,0%) e de mulleres a realizar estudos de mestrado (38,1%).

2.2.2 Ámbitos académicos

Por ámbitos académicos, ningún titulado/a das ramas académicas das Ciencias da Saúde, como no estudo de inserción laboral precedente, prosegue estudos universitarios. A realización de estudos de doutoramento é maioritaria entre as persoas tituladas dos ámbitos Científico (72,7%), Tecnolóxico (50,0%) e apenas se rexistran estudantes de grao no Xurídico-Social (28,6%).

Cadro nº37: Tipoloxía de estudos segundo os ámbitos académicos

	Artes e Humanidades	Científico	Tecnolóxico ⁶⁵	Xurídico-Social
Doutoramento	40,0	72,7	50,0	42,9
Grao	0,0	0,0	0,0	28,6
Mestrado Universitario	60,0	27,3	33,3	28,6

2.2.3 Promoción académica

Apenas continuaban estudos titulados/as a partir da promoción 2006-10. A realización de estudos de doutoramento é maioritaria nas promocións más recentes (77,8% entre 2011-15 e 57,1% entre 2016-21), predominando os estudos mestrado universitario (60,0%) e de grao (20,0%) entre 2006-10.

Cadro nº38: Tipoloxía de estudos segundo a promoción académica

	2006-2010	2011-2015 ⁶⁶	2016-2021
Doutoramento	20,0	77,8	57,1
Grao	20,0	0,0	0,0
Mestrado Universitario	60,0	11,1	42,9

2.3 Lugar de residencia

O Cadro nº39 mostra a situación socio-laboral en función do lugar de residencia das persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo.

⁶⁵) 16,7% realiza estudos non universitarios.

⁶⁶) O restante 11,1% realizaba estudos non universitarios.

Cadro nº39: Situación socio-laboral segundo o lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Baixa laboral	0,4	0,3	0,0
Coidado familiar	0,4	1,0	2,0
Cursa estudos universitarios	1,0	0,3	4,0
Desempregado/a, procurando emprego	7,1	3,8	6,4
Emprego por conta allea na empresa privada	50,0	59,4	62,4
Empresario/a (titular dunha empresa)	2,6	2,2	0,0
En excedencia	0,0	0,3	0,5
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	28,7	29,8	19,8
Prepara oposicóns	2,2	1,0	0,0
Traballador/a autónomo/a	6,6	1,6	5,0
Xubilado/a, pensionista	0,8	0,3	0,0

2.3.1 Persoas que traballaban

A situación maioritaria nos tres ámbitos xeográficos avaliados é a de emprego por conta allea na empresa/entidade privada, sendo máis elevada entre as persoas que traballan no estranxeiro (62,4%) e noutras Comunidades Autónomas (59,4%) que en Galicia (50,0%). Existen diferenzas significativas no tocante ao traballo para a administración pública, oscilando entre o máximo do 29,8% noutras Comunidades Autónomas e 28,7% en Galicia contra o mínimo de 19,8% no estranxeiro.

A proporción do autoemprego ou traballo autónomo rexistrado entre as persoas que viven en Galicia (6,6%) e no estranxeiro (5,0%) é máis alta que noutras Comunidades Autónomas (1,6%).

Finalmente, só se rexistrou presenza de empresarios/as ou titulares dunha empresa en Galicia (2,6%) e noutras Comunidades Autónomas (2,2%).

2.3.2 Persoas que non traballaban

A taxa de desemprego en Galicia (7,1%) e no estranxeiro (6,4%) supera á española (3,8%).

A proporción de persoas tituladas que continuaban estudos universitarios residentes no estranxeiro (4,0%) cuadriplica á rexistrada en Galicia (1,0%), sendo insignificante noutras Comunidades Autónomas (0,3%).

2.4 Ámbitos académicos

O Cadro nº40 mostra a situación socio-laboral no inicio da terceira onda da pandemia de Covid-19 segundo o ámbito académico das persoas tituladas que responderon a enquisa.

Cadro nº40: Situación socio-laboral segundo o ámbito académico

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Baixa laboral	0,8	0,9	0,4	0,0	0,0	0,5
Coidado familiar	0,8	0,9	1,1	0,0	0,1	0,8
Cursa estudos universitarios	2,0	0,0	4,2	0,0	0,9	0,6
Desempregado/a, procurando emprego	11,8	4,3	6,8	10,0	5,1	6,5
Emprego por conta allea na empresa privada	35,4	15,5	46,6	30,0	71,8	49,4
Empresario/a (titular dunha empresa)	0,8	0,0	1,5	0,0	2,4	3,2
En excedencia	0,4	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	28,9	75,9	34,8	26,7	14,9	29,7
Prepara oposicións	2,8	0,0	1,9	6,7	0,4	2,7
Traballador/a autónomo/a	15,4	2,6	2,3	6,7	4,1	6,0
Xubilado/a, pensionista	0,8	0,0	0,4	20,0	0,3	0,6

2.4.1 Pessoas que traballaban

O traballo por conta allea na empresa/entidade privada apenas era maioritario entre os titulados/as do ámbito Tecnolóxico (71,8%), sendo predominante no Xurídico-Social (49,4%), Científico (46,6%) e das Artes e Humanidades (35,4%). O traballo por conta allea no sector público tan só é maioritario nas persoas tituladas nas Ciencias da Saúde (75,9%), atinxindo valores significativos no Científico (34,8%), Xurídico-Social (29,7%) e Artes e Humanidades (28,9%)

O autoemprego ou traballo autónomo é significativo nos titulados/as da rama das Artes e Humanidades (15,4%), Multidisciplinar (6,7%) e Xurídica-Social (6,0%) contra o mínimo na Científica (2,3%) e Ciencias da Saúde (2,6%). A presenza de empresarios/as é más alta entre as persoas tituladas da Xurídico-Social (3,2%) e Tecnolóxica (2,4%) contra o nulo nas Ciencias da Saúde.

2.4.2 Pessoas que non traballaban

O desemprego alcanza valores significativos nos ámbitos das Artes e Humanidades (11,8%) e Multidisciplinar (10,0%) contra o mínimo das Ciencias da Saúde (4,3%) e Tecnolóxico (5,1%). Destaca a porcentaxe de titulados/as a preparar oposicións no ámbito Multidisciplinar (6,7%).

2.5 Tipoloxía de estudos

O Cadro nº41 mostra a situación socio-laboral previa á terceira onda da pandemia de Covid-19 segundo a tipoloxía de estudos realizados na UVigo.

Cadro nº41: Situación socio-laboral segundo a tipoloxía de estudos

	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grado	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título Propio
Baixa laboral	0,9	0,0	0,0	0,0	0,0	0,6	0,0	0,0
Coidado familiar	1,2	0,0	0,0	0,4	0,4	0,9	0,0	0,0
Cursa estudos universitarios	0,3	0,8	0,6	0,4	5,9	0,2	4,2	0,0
Desempregado/a, procurando emprego	4,9	8,3	3,5	6,1	10,7	6,6	12,5	0,0
Emprego por conta allea na empresa privada	41,6	24,0	76,7	71,0	52,2	49,3	45,2	50,0
Empresario/a (titular dunha empresa)	3,1	0,0	3,2	2,4	0,4	2,7	1,2	0,0
En excedencia	0,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,6	0,0
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	42,7	62,8	12,2	14,7	20,9	26,8	24,4	7,1
Prepara oposicións	0,3	1,7	0,0	0,8	4,7	2,7	4,8	0,0
Traballador/a autónomo/a	3,7	2,5	3,5	3,7	4,3	9,8	7,1	0,0
Xubilado/a, pensionista	1,0	0,0	0,3	0,4	0,4	0,4	0,0	42,9

2.5.1 Persoas tituladas que traballaban

O emprego por conta allea na empresa/entidade privada é maioritario entre os enxeñeiros/as superiores (76,7%), enxeñeiros/as técnicos/as (71,0%), e graduados/as (52,2%) contra os mínimos de titulados/as en doutoramento (24,0%). O traballo no sector público tan só é maioritario entre os doutorados/as (62,8%), alcanzando valores expresivos entre diplomados/as (42,7%) e licenciados/as (26,8%).

A porcentaxe de traballadores/as autónomos/as é maior entre licenciados/as (9,8%) e graduados/as (4,3%). A titularidade dunha empresa é significativa entre enxeñeiros/as superiores (3,2%) e licenciados/as (2,7%).

2.5.2 Persoas tituladas que non traballaban

A taxa de desemprego flutúa entre o máximo de titulados/as en mestrado universitario (12,5%) e graduados/as (10,7%) e o mínimo de enxeñeiros/as superiores (3,5%) e diplomados/as (4,9%).

Por outro lado, proseguen estudos universitarios de forma significativa graduados/as (5,9%) e titulados/as en mestrado universitario (4,2%), os cales, pola súa vez, preparan oposicións en maior porcentaxe (4,7% e 4,8%, respectivamente).

2.6 Titulacións

O Anexo 18 mostra o cadro da distribución porcentual da situación socio-laboral das persoas tituladas antes da terceira onda da pandemia de Covid-19 por titulacións.

2.7 Promoción académica

O Cadro nº42 mostra a situación socio-laboral a 1 de xaneiro de 2021 segundo o quinquenio de obtención do título na UVigo.

Cadro nº42: Situación socio-laboral segundo a promoción académica

	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2021
Baixa laboral	0,5	0,8	0,5	0,3	0,2	0,0
Coidado familiar	0,0	0,3	1,2	0,8	0,5	0,0
Cursa estudos universitarios	0,0	0,3	0,0	1,0	1,3	7,1
Desempregado/a, procurando emprego	3,2	4,7	5,3	6,3	7,7	14,7
Emprego por conta allea na empresa privada	39,9	49,9	51,0	56,3	57,3	43,7
Empresario/a (titular dunha empresa)	3,2	4,5	3,6	1,0	1,8	0,0
En excedencia	0,5	0,0	0,0	0,0	0,2	0,0
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	45,7	33,1	30,7	24,0	21,7	26,4
Prepara oposicións	0,5	0,0	0,9	1,8	3,7	4,6
Traballador/a autónomo/a	4,8	5,8	6,6	7,3	5,2	2,5
Xubilado/a, pensionista	1,6	0,8	0,2	1,0	0,5	1,0

2.7.1 Persoas que traballaban

O emprego por conta allea nunha empresa/entidade é maioritario entre os titulados/as dos quinquenios 2011-15 (57,3%), 2006-10 (56,3%) e 2001-05 (51,0%), rexistrando o mínimo de 39,9% entre 1990-95. O emprego no sector público é predominante entre os titulados/as no quinquenio 1990-95 (45,7%), alcanzando un mínimo do 21,7% entre 2011-15.

O traballo autónomo é significativo nas promocións de 2006-10 (7,3%) e 2001-05 (6,6%) contra o mínimo de 2,5% no último quinquenio avaliado. A proporción de empresarios/as é más alta nas promocións más antigas (4,5% entre 1996-2000) que nas más recentes (0,0% entre 2016-21 e 1,0% entre 2006-10).

2.7.2 Persoas que non traballaban

A taxa de desemprego apenas supera os dous algarismos enteiros nas promocións más recentes (14,7% entre 2016-21) contra o mínimo de 3,2% nas promocións entre 1990-95.

A proporción de titulados/as que proseguen estudos universitarios é inexistente entre 1990-95 e 2001-05, residual entre 1996-2000 (0,3%), ascendendo progresivamente desde 2005 segundo a seguinte progresión: 1,0% entre 2006-10, 1,3% entre 2011-15 e 7,1% entre 2016-21. Preparan oposicións con maior frecuencia as promocións más recentes (4,6% entre 2016-21 e 3,7% entre 2011-15) contra o mínimo de 0,0% entre 1996-2000 e 0,5% entre 1990-95.

2.8 Tempo de permanencia na situación socio-laboral

2.8.1 Persoas tituladas que traballaban

A permanencia das persoas que traballan por conta allea no sector público (9,4 anos) supera ao da empresa privada (8,9 anos). Entre os titulados/as que traballan por conta propia a antigüidade de empresarios/as (9,2 anos) é maior que a de traballadores/as autónomos/as (7,8 anos).

Cadro nº43: Tempo de permanencia das persoas que traballaban

	Tempo (meses)	Desviación estándar	Tempo (anos)
Emprego por conta allea na empresa/entidade privada	106,6	92,464	8,9
Emprego por conta allea no sector público	112,7	103,608	9,4
Empresario/a (titular dunha empresa)	110,7	87,812	9,2
Traballador/a autónomo/a	93,9	80,590	7,8

2.8.2 Persoas tituladas que non traballaban

O tempo medio de procura de emprego das persoas desempregadas (16,9 meses⁶⁷⁾ é inferior ao das que están a preparar oposicións (18,6 meses).

O tempo de permanencia das baixas laborais (7,5 meses) é máis alto que o das excedencias (4 meses). As persoas ao coidado familiar presentan un tempo de permanencia (3,7 anos) só superado polo dos xubilados/pensionistas (5,5 anos).

Cadro nº44: Tempo de permanencia das persoas tituladas que non traballaban

	Tempo (meses)	Desviación estándar	Tempo (anos)
Baixa laboral	7,5	7,958	0,6
Coidado familiar	44,6	45,812	3,7
Cursa estudos universitarios	18,4	13,834	1,5
Desempregado/a, procurando emprego	16,9	31,999	1,4
En excedencia	4,0	0,000	0,3
Prepara oposicións	18,6	17,723	1,6
Xubilado/a, pensionista	65,6	61,651	5,5

2.9 Taxa de ocupación

Para verificar a taxa de ocupación o cuestionario aplicado inquiriu, cunha cuestión dicotómica, se as persoas tituladas traballaban a 1 de xaneiro de 2021.

⁶⁷⁾ Supera os 15,9 meses rexistrados no estudio sobre o impacto da segunda onda da pandemia (setembro-decembro de 2020).

2.9.1 Resultados globais e por xénero

A proporción de persoas tituladas que traballaban a 1 de xaneiro de 2021 era de 89,7%⁶⁸. Por xéneros, tal como mostra o Cadro nº45, é maior a proporción de homes que traballan (92,0%) que de mulleres (88,1%).

Cadro nº45: Taxa de ocupación a nivel global e por xénero

	Global	Homes	Mulleres
Non	10,3	8,0	11,9
Si	89,7	92,0	88,1

2.9.2 Lugar de residencia

A taxa de ocupación en Galicia é inferior (ver Cadro nº46) á rexistrada noutras Comunidades Autónomas e levemente superior á do estranxeiro.

Cadro nº46: Taxa de ocupación segundo o lugar de residencia

	%
Galicia	89,1
Outras Comunidades Autónomas	94,3
Resto do mundo	88,6

2.9.2.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

2.9.2.1.1 Provincias

Tal como mostra o Cadro nº47, a taxa de ocupación en Ourense é levemente superior ao resto de Galicia.

Cadro nº47: Taxa de ocupación das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

	%
A Coruña	89,9
Lugo	90,0
Ourense	92,5
Pontevedra	88,0

⁶⁸ A diferenza existente entre ese 89,7% de persoas tituladas que traballaban no inicio da segunda onda e a agregación das categorías activas de situación socio-laboral (88,5%) é debida a que referiron estar a traballar a totalidade de persoas de baixa laboral e en excedencia, 42,9% de titulados/as que proseguen estudos universitarios e 16,7% de opositores.

2.9.2.1.2 Comarcas

O Anexo 19 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas residentes en Galicia por Comarcas.

2.9.2.2 Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

2.9.2.2.1 Comunidades autónomas

A taxa de ocupación é total en 9 das 16 Comunidades Autónomas con presenza de titulados/as da UVigo, seguidas pola Comunidade de Madrid (96,2%) e Cataluña (94,6%).

O Anexo 20 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo residentes noutras Comunidades Autónomas.

2.9.2.2.2 Provincias

O Anexo 21 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

2.9.2.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

O Anexo 22 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo residentes no resto do mundo por países.

2.9.3 Ámbitos académicos

As maiores taxas de ocupación déronse nos titulados/as da rama das Ciencias da Saúde (94,8%) e Tecnolóxica (93,8%), seguida pola Xurídico-Social (89,3%) e Científica (87,9%).

Cadro nº48: Taxa de ocupación segundo os ámbitos académicos

	%
Artes e Humanidades	82,9
Ciencias da Saúde	94,8
Científico	87,9
Multidisciplinar	63,3
Tecnolóxico	93,8
Xurídico-Social	89,3

2.9.4 Tipoloxía de estudos

A taxa de ocupación é maior nas Enxeñarías Superiores (95,9%), Diplomaturas (92,1%), Enxeñarías Técnicas (91,8%), Licenciaturas (89,8%) e Doutoramentos (89,3%).

Cadro nº49: Taxa de ocupación segundo a tipoloxía de estudos

	%
Diplomatura	92,1
Doutoramento	89,3
Enxeñaría Superior	95,9
Enxeñaría Técnica	91,8
Grao	81,0
Licenciatura	89,8
Mestrado Universitario	81,5
Título propio	57,1

2.9.5 Titulacións

O Anexo 23 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo por titulacións.

2.9.6 Promoción académica

A taxa de ocupación, tal como mostra o Cadro nº50, experimenta unha tendencia decrecente, sendo máxima entre as promocións más antigas (94,7%) contra as recén tituladas (75,6%).

Cadro nº50: Taxa de ocupación segundo a promoción académica

	%
1990-1995	94,7
1996-2000	94,0
2001-2005	92,4
2006-2010	89,8
2011-2015	87,5
2016-2021	75,6

3. Características do emprego

Este apartado analiza as características do posto de traballo das persoas tituladas que traballaban a 1 de xaneiro de 2021; isto é, lugar de traballo, modalidade de contratación e tipo de contrato, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo ou departamento, categoría profesional e tamaño da empresa/entidade empregadora.

3.1 Lugar de traballo

A diferenza do lugar de residencia, aspecto respondido por todas as persoas que participaron neste estudio independentemente da súa situación socio-laboral (empregadas, desempregadas, estudiantes, xubiladas/pensionistas...), o lugar de traballo, únicamente respondido polas persoas que traballa-

ban no momento de realizar a enquisa, fai referencia ao lugar no que se encontra a empresa/entidade en que traballan as persoas ocupadas.

3.1.1 Resultados globais e por xénero

A maioría das persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo traballaban en Galicia (76,5%) a 1 de xaneiro de 2021. O 23,5% restante distribúese noutras Comunidades Autónomas (15,0%) e en trinta e seis países do resto do mundo (8,5%). Por xéneros, tal como mostra o Cadro nº51, a emigración masculina (25,3%) é levemente superior á feminina (22,2%).

Cadro nº51: Lugar de traballo das persoas tituladas

	Global	Homes	Mulleres
Galicia	76,5	74,7	77,8
Outra Comunidade Autónoma	15,0	15,3	14,8
Resto do mundo	8,5	10,0	7,4

3.1.2 Persoas tituladas que traballan en Galicia

3.1.2.1 Provincias

As provincias onde radican os campus universitarios da UVigo son o lugar de traballo de 79,7% das persoas tituladas.

Cadro nº52: Persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias

	%
A Coruña	16,7
Lugo	3,6
Ourense	16,7
Pontevedra	63,0

3.1.2.2 Comarcas

A maioría das persoas tituladas (63,1%) traballan nas comarcas de Vigo (43,7%), Ourense (11,3%) e Pontevedra (8,2%), seguidas pola Coruña (6,3%) e Santiago (5,9%). A máis distancia áchanse O Morrazo (2,6%), O Baixo Miño (2,3%) e O Salnés (2,5%).

O Anexo 24 mostra o lugar de traballo das persoas tituladas que traballan en Galicia por comarcas.

3.1.3 Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas

3.1.3.1 Comunidades Autónomas

A Comunidade de Madrid absorbe case metade (46,3%) das persoas tituladas da UVigo que traballan noutras Comunidades Autónomas, seguida por Cataluña (17,0%). A máis distancia destacan Castela e León (5,4%), Andalucía (4,8%), Asturias e País Basco (4,2% ambas).

Para máis información, o Anexo 25 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas.

3.1.3.2 Provincias

O Anexo 26 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

3.1.4 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

Participaron titulados/as que traballan en 36 países. Os principais destinos da emigración ao estranxeiro das persoas que participaron neste estudo son Alemaña (15,8%), Reino Unido (15,3%) e Portugal (12,6%) seguidos, a máis distancia, pola Francia (6,3%), Suíza (4,2%), Bélgica (3,7%), EUA, Italia e Perú (3,2% cada un).

O Anexo 27 mostra a distribución porcentual por países das persoas tituladas que traballan no resto do mundo.

3.1.5 Ámbitos académicos

Case metade (49,2%) das persoas tituladas que traballan en Galicia realizaron titulacións do ámbito Xurídico-Social, seguido polo Tecnolóxico (27,7%). A máis distancia sitúanse as Artes e Humanidades e Científico (8,2% ambos) e as Ciencias da Saúde (5,7%).

Noutras Comunidades Autónomas son máis baixas as proporcións da rama Xurídico-Social (40,2%) e das Ciencias da Saúde (3,0%), mostrando máis presenza de titulados/as dos ámbitos Científico (16,1%) e Tecnolóxico (31,3%).

Entre as persoas que traballan no resto do mundo predomina a rama Tecnolóxica (42,6%), seguidas, a máis distancia pola Xurídico-Social (20,5%), Científica (17,9%) e as Artes e Humanidades (16,8%).

Cadro nº53: Ámbitos académicos segundo o lugar de traballo

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	8,2	8,9	16,8
Ciencias da Saúde	5,7	3,0	0,5
Científico	8,2	16,1	17,9

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Multidisciplinar	0,9	0,6	1,6
Tecnolóxico	27,7	31,3	42,6
Xurídico-Social	49,2	40,2	20,5

A taxa de emigración (Cf. Cadro nº54) é máis alta nas persoas tituladas das ramas Científica (38,6%) seguida polas Artes e Humanidades (30,7%) e Tecnolóxica (28,1%). A emigración é máis baixa nos ámbitos das Ciencias da Saúde (10,1%) e Xurídico-Social (17,1%), sobardando, salvo nas Artes e Humanidades e Multidisciplinar, a emigración a outras Comunidades Autónomas ao resto do mundo.

Cadro nº54: Lugar de traballo segundo os ámbitos académicos

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	69,3	14,9	15,8
Ciencias da Saúde	89,9	9,2	0,9
Científico	61,4	23,7	14,9
Multidisciplinar	76,2	9,5	14,3
Tecnolóxico	71,9	15,9	12,3
Xurídico-Social	82,9	13,3	3,8

3.1.6 Tipoloxía de estudos

A taxa de emigración é máis alta entre os doutorados/as (38,2%), seguida polos enxeñeiros/as superiores/as (32,2%). As persoas tituladas en ciclos curtos emigraron menos que os longos (10,1% entre os diplomados/as e 22,3% entre os enxeñeiros/as técnicos/as). Graduados/as e licenciados/as posúen unha taxa do 24,0% e 26,5%, respectivamente.

Cadro nº55: Lugar de traballo segundo a tipoloxía de estudos

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Diplomatura	89,9	8,1	2,0
Doutoramento	61,8	19,1	19,1
Enxeñaría Superior	67,8	18,1	14,2
Enxeñaría Técnica	77,7	13,4	8,9
Grao	76,0	15,7	8,3
Licenciatura	73,5	18,6	7,9
Mestrado Universitario	75,4	11,9	12,7
Título propio	62,5	25,0	12,5

3.1.7 Titulacións

A emigración é total entre os graduados/as en Enxeñaría en Organización Industrial e en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais⁶⁹, ben como no Grao en Tecnoloxías de Telecomunicación (66,7%), Licenciatura en Ciencias do Mar (58,0%), graduados/as en Enxeñaría da Enerxía (55,6%), Tradución e Interpretación (53,8%), e metade de graduados/as en Belas Artes (50,0%), Ciencias Ambientais, Dereito, Enxeñaría Agraria, Química e licenciados/as en Comunicación Audiovisual.

Para máis información, o Anexo 28 mostra a distribución porcentual do lugar de traballo segundo as titulacións realizadas na UVigo.

3.1.8 Promoción académica

A taxa de emigración alcanza o seu valor máximo nas persoas tituladas entre 2011-15 (30,8%) e 2006-10 (29,2%), baixando, todavía, para o 21,2% no quinquenio más recente. A menor taxa de emigración da serie histórica avaliada rexistrouse entre 1990-95 (13,6%).

Cadro nº56: Lugar de traballo segundo a promoción académica

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
1990-1995	86,4	10,1	3,6
1996-2000	84,4	12,5	3,1
2001-2005	80,5	14,6	4,9
2006-2010	70,8	18,0	11,2
2011-2015	69,2	16,6	14,2
2016-2021	78,8	11,6	9,6

Por anos, a máxima emigración produciuse nos anos 2012 (37,2%), 2017 (35,3%), 2015 (35,2%), 2010 (32,4%) e 2009 (32,3%) contra o mínimo de 5,6% nos titulados/as en 1997. A emigración ao estranxeiro supera a outra Comunidade Autónoma nos anos 2018 e 2012, igualándose en 2021, 1993 e 2020.

O Anexo 29 mostra a evolución anual do lugar de traballo das persoas tituladas.

3.2 Modalidade de contratación e tipo de contrato

3.2.1 Modalidade de contratación

Tal como se pode comprobar no Cadro nº57, a 1 de xaneiro de 2021 a inmensa maioría dos titulados/as (90,7%) traballaba por conta aldea contra o restante 9,3% que o facía por conta propia.

Entre as persoas tituladas que traballan por conta propia predominan os traballadores/as autónomos (6,6%) contra os empresarios/as ou titulares de empresa (2,7%). Entre os titulados/as que traballaban

⁶⁹ Mostras non representativas.

por conta allea, a proporción de empregados/as na empresa privada (59,0%) case duplica á dos empregados/as no sector público (31,7%).

Cadro nº57: Modalidade de contratación

Modalidade de contratación		%	%
Conta propia	Traballador/a autónomo/	6,6	9,3
	Empresario/a ou titular dunha empresa	2,7	
Conta allea	Empresa privada	59,0	90,7
	Sector público	31,7	

Por xéneros, a proporción de homes que traballan por conta propia (10,5%) é levemente superior á de mulleres (8,4%), pois presentan unha maior proporción de empresarios/as ou titulares de empresas (4,3% contra 1,5%) que compensa a maior proporción de mulleres que traballan como traballadoras autónomas (6,9% contra 6,2%).

Relativamente ao traballo por conta allea é maior a proporción de homes que traballan na empresa privada (65,2% contra 54,3% de mulleres), ben como a de mulleres que traballan no sector público (37,3% contra 24,3% de homes).

Cadro nº58: Modalidade de contratación segundo o xénero

	Homes	Mulleres		Homes	Mulleres
Conta propia	10,5	8,4	Traballador/a autónomo/	6,2	6,9
			Empresario/a ou titular dunha empresa	4,3	1,5
Conta allea	89,5	91,6	Empresa privada	65,2	54,3
			Sector público	24,3	37,3

3.2.2 Tipo de contrato

3.2.2.1 Resultados globais e por xénero

Entre as persoas tituladas que traballaban por conta allea predominaban os contratos de duración indefinida (77,9%) contra os eventuais (22,1%). Entre os contratos de duración definida predominan os contratos temporais/eventuais (15,2%), por obra/servizo (5,1%) e, a máis distancia, as bolsas (1,1%) e prácticas ou contratos de experiencia (0,5%). Con todo, un 0,2% traballaba sen relación contractual.

Cadro nº59: Tipo de contrato

	Global	Homes	Mulleres
Bolsa	1,1	0,5	1,5
En prácticas	0,5	0,6	0,5
Indefinido	77,9	82,0	74,9
Por obra/servizo	5,1	5,0	5,1
Sen contrato	0,2	0,2	0,3
Temporal/eventual	15,2	11,7	17,7

Por xéneros son estatisticamente significativas as diferenzas nas porcentaxes de contratos indefinidos (82,0% de homes contra 74,9% de mulleres), que se traducen fundamentalmente na maior presenza feminina de contratos eventuais/temporais (17,7% contra 11,7% de homes) e bolsas (1,5% contra 0,5%). No resto de categorías (contratos por obra/servizo e en prácticas) son moi semellantes as proporcións de homes e mulleres.

3.2.2.2 Análise segundo as variábeis de segmentación

Lugar de traballo: A tipoloxía de contrato predominante nas tres árees xeográficas avaliadas é a de duración indefinida, sendo máis alta noutras Comunidades Autónomas (80,4%) e Galicia (79,1%) que no estranxeiro (77,5%).

Ámbitos académicos: A eventualidade⁷⁰ estaba máis estendida no Científico (37,3%) que no Tecnolóxico (13,3%).

Tipoloxía de estudos: A eventualidade é maioritaria entre doutores/as (51,4%) e mínima nos enxeñeiros/as superiores (7,4%).

Titulacións: O Anexo 30 mostra o cadre da distribución porcentual da tipoloxía de contrato segundo a titulación realizada na UVigo.

Promoción académica: A eventualidade apenas é maioritaria nas promocións más recentes (53,7%) contra o mínimo das más antigas (8,4%).

Antigüidade: Existe dependencia estatística, sendo máis alta a de empregados indefinidos (10,5 anos) que nas modalidades eventuais: 16,1 meses de contratos en prácticas, 23,0 meses de bolsas, 35,9 meses de contratos por obra/servizo e 41,9 meses de contratos temporais.

Cadro nº60: Tipo de contrato segundo as variábeis de segmentación

	Bolsa	En prácticas	Indefinido	Por obra / servizo	Sen contrato	Temporal / eventual
Galicia	0,6	0,5	79,1	4,6	0,1	15,2
Outras Comunidades Autónomas	1,6	1,3	80,4	6,9	0,6	9,1
Resto do mundo	4,0	0,0	77,5	2,9	1,2	14,5
Artes e Humanidades	3,0	0,6	66,5	5,5	0,6	23,8
Ciencias da Saúde	0,0	0,0	64,2	1,8	0,0	33,9
Científico	2,7	0,0	62,3	10,0	0,5	24,5
Multidisciplinar	5,6	5,6	66,7	11,1	0,0	11,1
Tecnolóxico	0,5	0,3	86,7	5,6	0,0	6,9
Xurídico-Social	0,8	0,8	79,6	3,7	0,3	14,9
Diplomatura	0,0	0,4	78,8	3,2	0,0	17,6
Doutoramento	4,7	0,0	48,6	7,5	0,0	39,3
Enxeñaría Superior	0,0	0,3	92,6	2,3	0,0	4,9

⁷⁰ Contrato temporal/eventual, por obra/servizo e bolsa.

	Bolsa	En prácticas	Indefinido	Por obra / servizo	Sen contrato	Temporal / eventual
Enxeñaría Técnica	0,9	0,0	87,8	6,6	0,0	4,7
Grao	2,6	2,1	60,3	9,8	1,0	24,2
Licenciatura	1,3	0,2	78,7	5,0	0,3	14,6
Mestrado Universitario	1,7	2,5	68,6	8,3	0,8	18,2
Título Propio	0,0	0,0	87,5	0,0	0,0	12,5
1990-95	0,0	0,0	91,6	0,6	0,0	7,7
1996-00	0,0	0,0	86,9	3,8	0,0	9,3
2001-05	0,6	0,0	82,6	3,7	0,4	12,7
2006-10	0,8	0,4	76,6	5,8	0,0	16,4
2011-15	1,0	0,6	74,1	6,4	0,6	17,2
2016-21	6,8	4,1	46,3	10,2	0,0	32,7
Meses	23,0	16,1	126,3	35,9	88,0	41,9
Desviación standard	21,383	16,650	97,187	56,750	74,256	55,903
Anos	1,9	1,3	10,5	3,0	7,3	3,5

3.3 Rama de actividade

3.3.1 Resultados globais e por xénero

A maioría das persoas tituladas que participaron no estudo traballaban por conta aldea na empresa privada (60,9%), un 34,1% no sector público e un 5,0% nunha entidade sen ánimo de lucro (Fundación, ONG, asociación,...).

Cadro nº61: Rama de actividade

	Global	Homes	Mulleres
Ámbito público	34,1	27,5	39,1
Empresa privada	60,9	68,0	55,6
Entidade non lucrativa	5,0	4,5	5,4

Por xéneros, é significativa a maior proporción de homes a traballar na empresa privada (68,0% contra 55,6% de mulleres) e a presenza feminina no sector público (39,1% contra 27,5%).

3.3.2 Análise segundo as variábeis de segmentación

Ámbitos académicos: O emprego na empresa privada é maioritario no Tecnolóxico (77,4%), Xurídico-Social (58,7%) e Artes e Humanidades (57,6%). A maioría de titulados/as das Ciencias da Saúde (81,4%) e Multidisciplinar (52,4%) traballan no sector público.

Tipoloxía de estudos: O emprego no sector privado é maioritario nos enxeñeiros/as superiores (81,2%) e enxeñeiros/as técnicos/as (78,7%), seguidos por licenciados/as (63,4%), graduados/as (60,1%) e titulados/as en mestrado (52,7%). O traballo no sector público é predominante nos doutores/as (76,9%), alcanzando frecuencias expresivas entre diplomados/as (47,3%) e licenciados/as (32,0%). O emprego en entidades non lucrativas é significativo nos titulados/as en mestrado (6,9%) e graduados/as (6,6%).

Promoción académica: A porcentaxe de titulados/as que traballan na empresa privada é crecente desde as promocións más antigas (49,4% entre 1990-95) até alcanzar o máximo de 64,8% entre 2011-15, caindo para o 46,5% entre 2016-21. En troca, a proporción de persoas que traballan no sector público mostra unha tendencia decrecente, flutuando entre o 48,8% do quinquenio máis antigo até o 29,2% entre 2011-15, crecendo no último quinquenio até o 45,8%. O quinquenio máis recente mostra o valor máximo de emprego en entidades non lucrativas (7,6%).

Lugar de traballo: É significativa a maior proporción de titulados/as empregados no sector público en Galicia (34,9%) contra o 29,9% no estranxeiro e 32,8% noutras Comunidades Autónomas. O emprego na empresa privada en Galicia (59,8%) é máis baixo que na emigración (64,1%).

Titulacións: O Anexo 31 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da rama de actividade por titulacións.

Antigüidade: O tempo de permanencia é maior nos empregos da empresa privada (9,0 anos) e sector público (8,9 anos) que nas entidades sen ánimo de lucro (6,7 anos).

Tipo de contrato: En todas as ramas de actividade predominan os contratos indefinidos, sendo maior na empresa privada (91,0%) que no sector público (63,2%) e entidades non lucrativas (66,7%). En consecuencia, a eventualidade laboral é maior no sector público (36,2%) e entidades non lucrativas (32,4%) que na empresa privada (9,0%).

Cadro nº62: Ramas de actividade segundo as variábeis de segmentación

	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Artes e Humanidades	40,4	57,6	2,0
Ciencias da Saúde	81,4	17,6	1,0
Científico	45,6	47,3	7,1
Multidisciplinar	52,4	38,1	9,5
Tecnolóxico	19,1	77,4	3,5
Xurídico-Social	34,9	58,7	6,5
Diplomatura	47,3	46,9	5,9
Doutoramento	76,9	17,6	5,6
Enxeñaría Superior	13,8	81,2	4,9
Enxeñaría Técnica	19,0	78,7	2,3
Grao	33,3	60,1	6,6
Licenciatura	32,0	63,4	4,6
Mestrado Universitario	40,5	52,7	6,9
Título Propio	12,5	87,5	0,0
1990-95	48,8	49,4	1,8
1996-00	35,8	59,8	4,4
2001-05	34,1	61,8	4,0
2006-10	29,9	64,4	5,7
2011-15	29,2	64,8	6,0
2016-21	45,8	46,5	7,6

	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Galicia	34,9	59,8	5,3
Outras Comunidades Autónomas	32,8	64,1	3,0
Resto do mundo	29,9	64,1	6,0
Bolsa	2,6	0,2	1,0
En prácticas	0,6	0,5	1,0
Indefinido	63,2	91,0	66,7
Por obra/servizo	5,1	3,9	12,4
Sen contrato	0,6	0,0	1,0
Temporal/eventual	28,0	4,4	18,1
Meses	107,4	108,3	80,7
Desviación standard	102,071	91,659	91,196
Anos	8,9	9,0	6,7

3.4 Sector económico

3.4.1 Resultados globais e por xénero

Como se pode observar no Cadro nº63, dos 34 sectores avaliados destacan o ensino/docencia (19,5%), seguido polos servizos da administración pública (9,6%), sanitario/saúde (6,5%) e automoción (5,4%).

A seguir, cunha porcentaxe inferior a 5%, destacan os servizos a empresas (4,6%), investigación/actividades científicas (4,5%), telecomunicacións/IT (4,2%) e banca, servizos financeiros e seguros (4,1%), actividades profesionais, consultoría e alimentación/industria alimentar (3,8% cada un), enxeñaría (3,2%) e servizos sociais (3,0%).

Os restantes sectores, que de forma agregada representan o 24,0% da mostra, separadamente presentan unha porcentaxe inferior ao 3%.

Cadro nº63: Distribución global da mostra por sectores económicos

	%
Actividades físico/deportivas	1,1
Actividades inmobiliarias	0,4
Actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...)	3,8
Administración pública (servizos centrais, Facenda...)	9,6
Aeroespacial	0,6
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	1,7
Alimentación/Industria alimentaria	3,8
Automoción	5,4
Banca, servizos financeiros e seguros	4,1
Comercio	2,1
Construcción	2,3
Consultoría	3,8
Cultura e entretenimento	0,8

	%
Defensa e seguranza	0,5
Enerxía e utilities	2,3
Ensino/Docencia	19,5
Enxeñaría	3,2
Farmacéutico	0,8
Industria química, plástico, vidro e envases	1,0
Investigación/Actividades científicas	4,5
Loxística, transporte e distribución	1,5
Madeira	0,5
Medios de Comunicación/Audiovisuais	1,2
Metalurxia e eléctrico	2,5
Minaría	0,5
Papel, gráficas, edición e reproducción	0,4
Sanitario/Saúde	6,5
Servizos a empresas	4,6
Servizos informáticos	1,7
Servizos sociais/Outras actividades sociais	3,0
Telecomunicacións/IT	4,2
Téxtil e confección	0,6
Turismo e restauración/HORECA	0,8
Xestión ambiental	0,6

Por xéneros, (ver Cadro nº64) é significativa a maior presenza feminina en ensino/docencia (22,9% contra 15,0% de homes), sanitario/saúde (9,3% contra 2,7%), servizos sociais (4,2% contra 1,3%) e actividades profesionais (5,0% contra 2,3%). A presenza masculina é significativa na enxeñaría (5,8% contra 1,2% de mulleres), automoción (7,2% contra 4,0%), telecomunicacións/IT (6,0% contra 3,0%) e enerxía e utilities (3,8% contra 1,2%).

Non existen diferenzas significativas en relación á presenza de ambos xéneros nos seguintes sectores: téxtil e confección, farmacéutico, turismo e restauración/Horeca, xestión ambiental, comercio; industria química, plástico, vidro e envases, minaría, actividades inmobiliarias, defensa e seguraza; papel, gráficas, edición e reproducción, investigación/actividades científicas, servizos informáticos; agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal, consultoría, aeroespacial e cultura e entretemento.

Cadro nº64: Sectores económicos segundo o xénero

	Homes	Mulleres
Actividades físico/deportivas	1,7	0,6
Actividades inmobiliarias	0,6	0,2
Actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...)	2,3	4,9
Administración pública (servizos centrais, Facenda...)	8,5	10,3
Aeroespacial	0,9	0,3
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	2,1	1,5

	Homes	Mulleres
Alimentación/Industria alimentaria	3,4	4,1
Automoción	7,2	4,0
Banca, servizos financeiros e seguros	5,5	3,0
Comercio	2,3	2,0
Construcción	3,3	1,6
Consultoría	4,2	3,6
Cultura e entretenimento	0,5	1,1
Defensa e seguranza	0,7	0,3
Enerxía e utilities	3,8	1,2
Ensino/Docencia	15,0	22,9
Enxeñaría	5,8	1,2
Farmacéutico	0,8	0,8
Industria química, plástico, vidro e envases	1,2	0,9
Investigación/Actividades científicas	4,8	4,4
Loxística, transporte e distribución	2,0	1,1
Madeira	1,2	0,1
Medios de Comunicación/Audiovisuais	0,4	1,7
Metalurxia e eléctrico	3,4	1,9
Minaría	0,7	0,4
Papel, gráficas, edición e reproducción	0,1	0,5
Sanitario/Saúde	2,7	9,3
Servizos a empresas	3,7	5,3
Servizos informáticos	2,0	1,4
Servizos sociais/Outras actividades sociais	1,3	4,2
Telecomunicacións/IT	6,0	3,0
Téxtil e confección	0,6	0,6
Turismo e restauración/HORECA	0,7	0,9
Xestión ambiental	0,5	0,7

3.4.2 Análise segundo as variábeis de segmentación

Ámbitos académicos: Cf. Anexo 32 (Distribución porcentual dos sectores económicos segundo os ámbitos académicos). Complementariamente, o Anexo 33 reflicte a distribución porcentual dos ámbitos académicos segundo o sector económico.

Tipoloxía de estudos: Cf. Anexo 34 (Distribución porcentual dos sectores económicos segundo a tipoloxía de estudos).

Titulacións: Cf. o Anexo 35 (Distribución porcentual dos sectores económicos por titulacións).

Promoción académica: Cf. o Anexo 36 (Distribución porcentual dos sectores económicos segundo a promoción académica).

Lugar de traballo: Cf. o Anexo 37 (Distribución porcentual dos sectores económicos segundo o lugar de traballo). O Cadro nº65 reflicte os principais sectores económicos segundo o lugar de traballo.

Cadro nº65: Principais sectores económicos segundo o lugar de traballo

Galicia		Outras Comunidades Autónomas		Resto do mundo	
Sector	%	Sector	%	Sector	%
Ensino/Docencia	21,3	Ensino/Docencia	13,7	Investigación/Actividades científicas	15,9
Administración pública	9,6	Administración pública	12,5	Ensino/Docencia	13,8
Sanitario/Saúde	7,4	Telecomunicacións/IT	8,0	Automoción	7,9
Automoción	5,9	Investigación/Actividades científicas	6,3	Consultoría	5,3
Servizos a empresas	5,0	Consultoría	5,4	Banca, servizos financeiros e seguros	5,3
Actividades profesionais	4,1	Sanitario/Saúde	4,5	Telecomunicacións/IT	4,8
Alimentación/Industria alimentaria	4,0	Banca, servizos financeiros e seguros	4,5	Enerxía e utilities	4,8
Banca, servizos financeiros e seguros	3,8	Enerxía e utilities	4,5	Administración pública	4,2
Servizos sociais/Outras actividades sociais	3,5	Enxeñaría	4,2	Enxeñaría	3,7
Telecomunicacións/IT	3,4	Servizos a empresas	3,9	Construción	3,2

Antigüidade: Cf. o Anexo 38 (Antigüidade segundo o sector económico).

Tipo de contrato: Cf. o Anexo 39 (Distribución porcentual da tipoloxía de contrato segundo o sector económico).

Rama de actividade: Cf. o Anexo 40 (Distribución porcentual das ramas de actividade segundo o sector económico) e Anexo 41 (Distribución porcentual dos sectores económicos segundo a rama de actividade).

3.5 Área funcional de traballo

3.5.1 Resultados globais e por xénero

Os principais departamentos no seo das empresas/entidades en que traballan as persoas tituladas son formación e ensino (17,1%), administración e finanzas (12,6%), servizos (8,8%), enxeñaría e construcción (7,7%), I+D+i (7,4%), atención ao cliente/usuario (5,9%), vendas/marketing (5,1%) e producción (5,0%).

Con porcentaxes inferiores ao 5% áchanse as áreas de dirección xeral (4,5%), prevención e saúde (4,3%), calidade (3,3%), recursos humanos (1,8%), loxística e almacén (1,3%) e compras (1,0%). No 6,8% de casos, as empresas/entidades carecen de áreas funcionais diferenciadas.

Por xéneros⁷¹, enxeñaría e construcción (9,7), informática e tecnoloxía (6,2), investigación (4,0), dirección xeral e producción (2,9 ambos) presentan maior diferencial masculino. En troca, o diferencial feminino é maior no caso de formación e ensino (7,7), atención ao cliente/usuario (4,5), prevención e saúde (4,0) e servizos (3,5). Finalmente, é equivalente a presenza de ambos os xéneros nas áreas de vendas/marketing, xestión de proxectos, loxística e almacén e compras. A presenza de mulleres en organizacións sen áreas diferenciadas (7,8%) é superior á de homes (5,3%).

O Cadro nº66 mostra, a nivel global e por xéneros, a distribución porcentual da área funcional ou departamento en que traballan as persoas tituladas que participaron neste estudio.

Cadro nº66: Área funcional de traballo

	Global	Homes	Mulleres
Administración e finanzas	12,6	12,0	13,1
Atención ao cliente/usuario	5,9	3,3	7,8
Calidade	3,3	2,7	3,7
Compras	1,0	0,5	1,3
Dirección xeral	4,5	6,2	3,2
Enxeñaría e construcción	7,7	13,2	3,6
Formación e ensino	17,1	12,7	20,4
I+D+i	7,4	9,7	5,7
Informática e tecnoloxía	7,0	10,6	4,4
Loxística e almacén	1,3	1,7	1,0
Prevención e saúde	4,3	2,0	6,0
Producción	5,0	6,6	3,7
Recursos humanos	1,8	1,1	2,4
Servizos	8,8	6,8	10,3
Vendas/marketing	5,1	5,1	5,1
Xestión de Proxectos	0,5	0,4	0,6
Sen áreas diferenciadas na empresa	6,8	5,3	7,8

3.5.2 Análise segundo as variábeis de segmentación

Ámbitos académicos: Cf. o Anexo 42 (Área funcional de traballo segundo o ámbito académico).

Tipoloxía de estudos: Cf. o Anexo 43 (Distribución porcentual da área funcional do posto de traballo segundo a tipoloxía de estudos).

Titulacións: Cf. o Anexo 44 (Distribución porcentual da área funcional de traballo por titulacións).

Promoción académica: Cf. o Anexo 45 (Distribución porcentual da área funcional do posto de traballo por promocións académicas).

⁷¹ Os valores representan a diferenza de porcentaxe entre xéneros.

Lugar de traballo: Cf. o Anexo 46 (Distribución porcentual do departamento segundo o lugar de traballo).

Antigüidade: Cf. o Anexo 47 (Antigüidade segundo a área funcional de traballo).

Tipo de contrato: Cf. o Anexo 48 (Distribución porcentual da tipoloxía de contrato segundo a área funcional de traballo).

Rama de actividade: Cf. o Anexo 49 (Distribución porcentual da área funcional de traballo segundo a rama de actividade).

Sector económico: Cf. o Anexo 50 (Distribución porcentual da área funcional de traballo segundo o sector económico)

3.6 Categoría profesional

3.6.1 Resultados globais e por xénero

A categoría profesional é unha variábel fulcral para coñecermos a calidade do traballo desenvolvido polo antigo estudiantado da UVigo. Como mostra o Cadro nº67, a maioría (60,8%) exerce responsabilidades de técnicos/as cualificados/as. Un 19,8% son mandos intermedios e un 13,5% directivos/as. Un 5,9% referiu desenvolver o seu traballo como empregados/as non cualificados/as.

Cadro nº67: Categoría profesional

	Global	Homes	Mulleres
Directivo/a	13,5	19,7	9,0
Empregado/a non cualificado/a	5,9	3,7	7,5
Mando intermedio	19,8	22,3	18,0
Técnico/a cualificado/a	60,8	54,4	65,6

Por xéneros é significativa a maior proporción de homes que traballan como directivos (19,7% contra 9,0% de mulleres) e mandos intermedios (22,3% contra 18,0%). Polo contrario, entre as mulleres son más frecuentes os empregos non cualificados (7,5% contra 3,7% de homes) e o traballo como técnicas cualificadas (65,6% contra 54,4%).

3.6.2 Análise segundo as variábeis de segmentación

Ámbitos académicos: Hai máis directivos entre os titulados/as das ramas Xurídico-Social (15,9%) e Tecnolóxica (14,7%) e mandos intermedios na rama Tecnolóxica (25,0%) e Científica (20,1%). A rama das Ciencias da Saúde presenta o máximo de técnicos/as cualificados/as (82,9%) e os mínimos de directivos/as e mandos intermedios. Os empregos non cualificados son más frecuentes na rama Xurídico-Social (9,6%) e das Artes e Humanidades (7,8%).

Tipoloxía de estudos: A maior proporción de titulados/as empregados consoante categorías profesionais propias de universitarios rexístrase entre enxeñeiros/as superiores (99,4%), doutores/as e enxeñeiros/as técnicos/as (98,1% ambos) contra o mínimo de diplomados/as (88,2%) e graduados/as (91,4%).

Titulacións: Cf. o Anexo 51 (Distribución porcentual da categoría profesional segundo a titulación realizada na UVigo).

Promoción académica: A distribución porcentual de categorías profesionais propias de titulados universitarios segundo o quinquenio non segue unha liña de tendencia definida, sendo maior entre 2006-10 (96,1%) e menor entre 1990-95 (91,3%).

Lugar de traballo: Hai más titulados/as con categorías propias de universitarios entre as persoas tituladas emigradas ao estranxeiro (97,8%) e noutras Comunidades Autónomas (95,4%) que en Galicia (93,4%). A proporción de directivos/as é máis alta en Galicia (14,3%) e no estranxeiro (12,5%) que noutras Comunidades Autónomas (10,1%). Porén, hai más mandos intermedios no estranxeiro (32,1%) e noutras Comunidades Autónomas (28,1%) que en Galicia (16,8%).

Antigüidade: O tempo de permanencia é máis alto en directivos/as (11,7 anos) e mandos intermedios (9,7 anos) que en empregos non cualificados (7,1 anos) e técnicos/as cualificados/as (8,2 anos).

Tipo de contrato: A frecuencia de titulados/as con contrato de duración indefinida evolúe dun mínimo do 69,0% en persoas con empregos non cualificados ao máximo de 94,8% entre directivos/as. A eventualidade laboral é máis alta nos empregos non cualificados (31,0%) e técnicos/as cualificados/as (23,2%) que en directivos/as (4,6%) e mandos intermedios (13,0%).

Rama de actividade: A porcentaxe de directivos/as e de mandos intermedios na empresa privada (17,4% e 23,4%, respectivamente) supera amplamente ao sector público (7,0% e 14,9%, respectivamente) e entidades non lucrativas (9,2% e 11,0%, respectivamente). O sector público alberga más empregos non cualificados (7,3%) que as entidades non lucrativas (4,6%) e a empresa privada (5,3%).

Sector económico: Cf. o Anexo 52 (Distribución porcentual da categoría profesional por sectores económicos).

Área funcional de traballo: Cf. o Anexo 53 (Distribución porcentual da categoría profesional segundo a área funcional de traballo).

Cadro nº68: Categoría profesional segundo as variábeis de segmentación

	Directivo/a	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Artes e Humanidades	10,4	7,8	12,5	69,3
Ciencias da Saúde	3,8	2,9	10,5	82,9
Científico	7,3	2,3	20,1	70,3
Multidisciplinar	5,0	5,0	20,0	70,0

	Directivo/a	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Tecnolóxico	14,7	1,4	25,0	59,0
Xurídico-Social	15,9	9,6	18,8	55,7
Diplomatura	12,0	11,8	15,7	60,5
Doutoramento	6,7	1,9	17,3	74,0
Enxeñaría Superior	17,3	0,6	25,0	57,1
Enxeñaría Técnica	13,4	1,9	26,4	58,3
Grao	5,1	8,6	18,3	68,0
Licenciatura	16,8	5,6	18,8	58,8
Mestrado Universitario	11,0	4,7	21,3	63,0
Título Propio	0,0	0,0	14,3	85,7
1990-95	18,6	8,7	17,4	55,3
1996-00	18,3	6,5	19,5	55,6
2001-05	17,8	4,8	20,8	56,6
2006-10	12,2	3,9	19,5	64,4
2011-15	8,5	7,5	19,9	64,1
2016-21	3,5	6,3	20,4	69,7
Galicia	14,3	6,6	16,8	62,4
Outras Comunidades Autónomas	10,1	4,6	28,1	57,2
Resto do mundo	12,5	2,2	32,1	53,3
Meses	140,5	85,7	116,2	98,1
Anos	11,7	7,1	9,7	8,2
Desviación standard (meses)	98,406	88,870	97,194	92,818
Bolsa	0,0	0,9	0,7	1,3
En prácticas	0,0	0,9	1,0	0,4
Indefinido	94,8	69,0	86,8	75,3
Por obra/servizo	0,6	5,2	3,0	6,1
Sen contrato	0,6	0,0	0,2	0,2
Temporal/eventual	4,0	24,1	8,2	16,7
Ámbito público	7,0	7,3	14,9	70,9
Empresa privada	17,4	5,3	23,4	53,9
Entidade non lucrativa	9,2	4,6	11,0	75,2

3.7 Tamaño da empresa/entidade

3.7.1 Resultados globais e por xénero

O Cadro nº69 mostra a distribución do tamaño das empresas en que traballaban as persoas tituladas da UVigo. Como se pode comprobar, case metade dos titulados/as (48,5%) traballan en grandes empresas (35,5% con 1000 ou más empregados/as e 13,0% entre 250 e 999 empregados/as). A outra metade repártese entre pequenas empresas (17,8%), medianas empresas (18,1%) e microempresas (11,5%). En menor medida (4,2%) áchanse as empresas individuais ou traballadores/as autónomos/as.

Cadro nº69: Tamaño da empresa

	Nº de empregados/as	%
Empresa individual	1	4,2
Microempresa	2-9	11,5
Pequena empresa	10-49	17,8
Mediana empresa	50-249	18,1
Grande empresa A	250-999	13,0
Grande empresa B	1000 empregados/as ou más	35,5

Por xéneros é estatisticamente significativa a maior proporción de homes que traballan en grandes empresas (51,5% contra 46,2% de mulleres), o que se traduce na maior frecuencia de mulleres que traballan en pequenas empresas (19,5% contra 15,4%) e microempresas (12,0% contra 10,8%). Relativamente á empresa individual ou traballador/a autónomo/a hai máis mulleres (4,8%) que homes (3,3%).

Cadro nº70: Tamaño de empresa segundo o xénero

	Homes	Mulleres
Empresa individual	3,3	4,8
Microempresa	10,8	12,0
Pequena empresa	15,4	19,5
Mediana empresa	19,0	17,5
Grande Empresa A	13,6	12,6
Grande Empresa B	37,9	33,6

3.7.2 Análise segundo as variábeis de segmentación

Ámbitos académicos: O traballo en grandes empresas apenas é maioritario nos titulados/as dos ámbitos das Ciencias da Saúde (83,0%) e Tecnolóxico (54,5%) contra o mínimo do Xurídico-Social (41,0%). A existencia de traballadores autónomos é significativa na rama das Artes e Humanidades (11,8%) contra o mínimo da Científica (1,8%). O emprego en microempresas e pequenas empresas é más frequente nos ámbitos Xurídico-Social (16,4% e 22,2%, respectivamente) e nas Artes e Humanidades (11,3% e 21,0%, respectivamente).

Tipoloxía de estudos: O traballo en grandes empresas apenas é maioritario entre doutores/as (67,3%), enxeñeiro/as superiores (57,4%) e enxeñeiro/as técnicos/as (50,7%). A presenza de traballadores/as autónomos/as é significativa entre licenciados/as (6,7%) e titulados/as en mestrado (6,2%) contra o mínimo de doutores/as (1,0%).

Titulacións: Cf. o Anexo 54 (Distribución porcentual do tamaño de empresa por titulacións).

Promoción académica: Obsérvase que a máis tempo no mercado de traballo é más frecuente o traballo en empresas de grande tamaño e en empresas individuais. Así sendo, o emprego en grandes empresas é maioritario nos titulados/as entre 1990-95 (53,9%) contra o mínimo do 45,8% entre

2011-15. No caso das empresas individuais oscila entre o 2,8% de titulados/as entre 2016-21 ao 4,4% entre 1996-2005.

Lugar de traballo: As grandes empresas empregan á maioría de titulados/as da UVigo emigrados no estranxeiro (65,4%) e noutras Comunidades Autónomas (62,9%) contra o 43,7% en Galicia, onde é máis frecuente o traballo en empresas/entidades de tamaño individual e micro (18,6%) contra o mínimo de 5,9% no estranxeiro.

Antigüidade: O tempo de permanencia é directamente proporcional ao tamaño da empresa/entidade, oscilando entre o mínimo de 7,4-7,5 anos nas empresas más pequenas aos 9,2 anos nas medianas e grandes empresas.

Tipo de contrato: Os contratos indefinidos son maioritarios en todas as tipoloxías de empresas avaliadas, oscilando entre o máximo das medias (82,2%) e pequenas (82,0%) empresas ao mínimo das empresas grandes (77,2%). A eventualidade laboral é más elevada nas empresas de tamaño grande (22,5%) contra o mínimo das micro (17,4%) e pequenas empresas (17,8%).

Rama de actividade: Mientras que no sector público predominan as empresas/entidades de grande tamaño (69,6%), no sector privado e sen ánimo de lucro son maioritarias as pequenas e medianas empresas (61,3% e 69,4%, respectivamente).

Sector económico: As grandes empresas predominan en sectores como defensa e seguranza (90,9%), banca, servizos financeiros e seguros (83,1%), sanitario/saúde (74,8%), automoción (73,1%), servizos da administración pública (72,5%), téxtil e confección (71,4%), aeroespacial (69,2%), farmacéutico e investigación (66,7% ambos) e telecomunicacións/IT (63,2%). As empresas/entidades de tamaño medio son significativas en servizos informáticos (43,2%), actividades inmobiliarias (37,5%), industria química, plástico, vidro e envases (33,3%) e en metalurxia e eléctrico (31,5%). A presenza de pequenas empresas é significativa na madeira (50,0%), papel, gráficas, edición e reproducción (37,5%), metalurxia e eléctrico (33,3%) e en enxeñaría (31,0%). As microempresas son más frecuentes nas actividades inmobiliarias (37,5%), turismo e restauración (33,3%) e servizos a empresas (32,0%). Finalmente, as empresas individuais ou traballadores/as autónomos son significativas en actividades profesionais (46,4%), actividades inmobiliarias (25,0%) e actividades físico/deportivas (17,4%). Para máis informacións, consultar o Anexo 55 (Distribución porcentual do tamaño de empresa segundo o sector económico) e o Anexo 56 (Sector económico segundo o tamaño da empresa).

Área funcional de traballo: Nas empresas/entidades de grande tamaño predominan as persoas que traballan en formación e ensino (15,5%), administración e finanzas (11,3%), servizos (9,7%) e I+D+i (9,6%). Polo contrario, nas empresas individuais predomina a inexistencia de áreas funcionais diferenciadas (48,4%), seguida por servizos e enxeñaría e construcción (9,9% ambas) e formación e ensino (8,8%). Para máis información consultar o Anexo 57 (Distribución porcentual da área funcional de traballo segundo o tamaño da empresa).

Categoría profesional: Os técnicos/as cualificados/as, salvo nas microempresas (44,6%), son maioritarios en todos os tipos de empresas/entidades, flutuando entre o máximo de 64,0% nas grandes empresas ao mínimo de 53,4% nas empresas individuais. A presenza de directivos/as é inversamente

proporcional ao tamaño da empresa/entidade: máximo de 42,0% nas empresas individuais e mínimo de 7,8% nas grandes empresas. Os mandos intermedios son más frecuentes nas grandes (22,2%) e medianas (20,3%) empresas.

Cadro nº71: Tamaño da empresa/entidade segundo as variábeis de segmentación

	Empresa individual	Microempresa	Empresa pequena	Mediana empresa	Grande Empresa
Artes e Humanidades	11,8	11,3	21,0	15,4	40,5
Ciencias da Saúde	1,9	2,8	4,7	7,5	83,0
Científico	1,8	10,9	11,8	20,9	54,5
Multidisciplinar	14,3	0,0	9,5	42,9	33,3
Tecnolóxico	2,5	6,0	14,5	22,2	54,9
Xurídico-Social	4,4	16,4	22,2	15,9	41,0
Diplomatura	2,8	15,0	22,8	15,0	44,3
Doutoramento	1,0	1,0	11,5	19,2	67,3
Enxeñaría Superior	2,8	5,5	12,3	22,1	57,4
Enxeñaría Técnica	2,3	7,8	16,0	23,3	50,7
Grado	3,5	10,5	22,0	16,5	47,5
Licenciatura	6,7	14,6	16,6	16,3	45,7
Mestrado Universitario	6,2	13,1	21,5	20,8	38,5
Título Propio	0,0	0,0	0,0	37,5	62,5
1990-95	4,2	8,5	21,2	12,1	53,9
1996-00	4,4	13,4	18,7	15,7	47,8
2001-05	4,4	11,2	17,2	17,6	49,7
2006-10	5,5	10,7	15,2	19,9	48,7
2011-15	2,9	12,9	18,2	20,2	45,8
2016-21	2,8	9,0	21,5	18,8	47,9
Galicia	5,1	13,5	20,2	17,5	43,7
Outras Comunidades Autónomas	0,9	5,5	10,9	19,8	62,9
Resto do mundo	1,6	4,3	8,5	20,2	65,4
Meses	90,3	89,0	106,2	110,8	111,0
Desviación estándar	82,618	78,740	95,212	99,898	97,033
Anos	7,5	7,4	8,8	9,2	9,2
Bolsa	-	0,0	0,3	1,6	1,2
En prácticas	-	0,0	1,4	0,5	0,4
Indefinido	-	82,0	82,2	81,6	77,2
Por obra/servizo	-	6,6	4,0	6,8	4,1
Sen contrato	-	0,6	0,0	0,3	0,3
Temporal/eventual	-	10,8	12,0	9,2	16,8
Ámbito público	0,3	2,1	13,6	14,3	69,6
Empresa privada	6,4	16,1	19,2	19,6	38,7
Entidade non lucrativa	1,9	15,7	26,9	25,0	30,6
Directivo/a	42,0	28,5	13,7	12,7	7,8
Empregado/a non cualificado/a	2,3	9,6	4,3	5,5	6,0
Mando intermedio	2,3	17,3	19,6	20,3	22,2
Técnico/a cualificado/a	53,4	44,6	62,5	61,6	64,0

4. Impacto sanitario da pandemia de Covid-19 no ámbito laboral durante o ano 2021

Para avaliar o impacto sanitario da pandemia de Covid-19 no ámbito laboral durante o ano 2021 preguntouse ás persoas inquiridas se, entre o 1 de xaneiro e o 1 de setembro de 2021, houbo algúns casos de contaxio na empresa/entidade en que traballa ou no seu ambiente de traballo; isto é, o hábitat empresarial conformado por clientes, fornecedores, concorrencia e entidades colaboradoras.

4.1 Resultados globais e por xénero

A maioría de persoas inquiridas (68,5%) referiu a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 no seu ambiente de traballo⁷² entre xaneiro e setembro de 2021, período en que decorreron, de forma sucesiva, a terceira, cuarta e quinta ondas da pandemia.

Por xéneros non existen diferenzas estatisticamente significativas na taxa de afección, sendo lvemente superior a masculina (69,7%) á feminina (67,6%).

4.2 Lugar de traballo

No período avaliado de 2021 a incidencia de contaxios por coronavírus no ambiente de traballo en Galicia (66,6%) foi significativamente inferior á existente noutras Comunidades Autónomas (78,8%) e no resto do mundo (72,7%).

Cadro nº72: Incidencia sanitaria da pandemia segundo o lugar de traballo

	1ª onda	2ª onda	2021
Galicia	28,4	52,3	66,6
Outra Comunidade Autónoma	58,0	67,2	78,8
Resto do mundo	44,8	67,4	72,7

4.2.1 Galicia

4.2.1.1 Provincias

A diferenza das anteriores fases da pandemia avaliadas, tal como mostra o Cadro nº73, durante o ano 2021 o impacto foi maior na provincia de Lugo (71,9%), contra A Coruña (64,9%), Pontevedra (66,3%) e Ourense (67,9%).

⁷²) Incidencia sanitaria de 34,3% durante a primeira onda (marzo-xuño de 2020) e de 55,6% durante a segunda onda da pandemia (setembro-decembro de 2020).

Cadro nº73: Incidencia sanitaria da Covid-19 nas persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias

	1ª onda	2ª onda	2021
A Coruña	28,1	53,7	64,9
Lugo	13,4	47,5	71,9
Ourense	33,4	48,5	67,9
Pontevedra	28,0	53,2	66,3

4.2.1.2 Comarcas

A incidencia foi total nas comarcas da Ulloa, Fisterra, Os Ancares, Terra de Melide e Terra de Soneira, superando á media galega de 66,6% en Chantada (83,3%), Terra Chá (80,0%), A Coruña (75,2%), A ma-riña Central e Lugo (75,0% ambas), Ourense (74,9%), Verín (71,4%), O Baixo Miño (70,3%), Valdeorras (70,0%), Pontevedra (67,7%), O Salnés (67,5%), Vigo (66,8%) e Terra de Celanova (66,7%). As comarcas urbanas de Santiago (65,3%) e Ferrol (63,6%) rexistraron unha incidencia inferior á media galega.

O Anexo 58 mostra os resultados por comarcas da incidencia sanitaria da Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas que traballan en Galicia por comarcas.

4.2.1.3 Municipios

Tal como mostra o Cadro nº74, todos os municipios galegos con máis de 50.000 habitantes, salvo Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo, experimentaron unha incidencia sanitaria no ámbito la-boral superior á media galega.

Cadro nº74: Incidencia sanitaria da Covid-19 das persoas tituladas que traballan nos municipios grandes de Ga-licia

	1ª onda	2ª onda	2021
A Coruña	34,9	52,9	75,3
Ferrol	46,7	75,0	70,0
Lugo	10,3	50,0	75,0
Ourense	39,7	55,3	75,1
Pontevedra	38,4	54,6	65,2
Santiago de Compostela	30,8	50,1	63,7
Vigo	31,7	52,9	66,5

O Anexo 59 mostra os resultados da incidencia sanitaria da Covid-19 durante o ano 2021 en Galicia por municipios.

4.2.2 Outras Comunidades Autónomas

4.2.2.1 Comunidades Autónomas

A incidencia no ámbito laboral foi total⁷³ entre as persoas tituladas que traballan en Cantabria, Estremadura, A Ríoxa e Rexión de Murcia, seguido por Castela e León (94,1%), Andalucía (93,8%), Canarias (88,9%), Castela-A Mancha (81,8%), País Basco (78,6%), Comunidade de Madrid (78,1%) e Cataluña (76,4%). As incidencias más baixas rexistráronse nas Asturias (53,8%), Navarra (57,1%) e Aragón (60,0%).

Cadro nº75: Incidencia sanitaria da Covid-19 das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas

	1ª onda	2ª onda	2021
Andalucía	21,1	66,7	93,8
Aragón	0,0	100,0	60,0
Asturias	35,7	57,1	53,8
Canarias	28,6	75,0	88,9
Cantabria	50,0	80,0	100,0
Castela e León	65,0	85,7	94,1
Castela-A Mancha	71,4	62,5	81,8
Cataluña	48,8	45,5	76,4
Comunidade de Madrid	72,6	71,1	78,1
Comunidade Valenciana	57,1	72,7	75,0
Estremadura	33,3	100,0	100,0
Ilhas Baleares	40,0	75,0	75,0
Navarra	42,9	57,1	57,1
País Basco	38,9	73,3	78,6
Rexión de Murcia	0,0	100,0	100,0
Ríoxa (a)	-	50,0	100,0

4.2.2.2 Provincias

Máis pormenorizadamente, cun nivel de representación dispar, o Anexo 60 mostra os resultados da incidencia sanitaria da pandemia durante o ano 2021 nas persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

4.2.3 Resto do mundo

Mostraron un nivel de contaxio total as persoas que traballan en 15 dos 36 países con presenza de antigos estudantes da UVigo⁷⁴. Logo a seguir, cunha incidencia superior á media no estranxeiro siútanse Italia e Portugal (83,3% ambos), Reino Unido (79,3%), Francia, Luxemburgo e Suíza (75,0% cada

⁷³) Tamaño de mostra non suficientemente representativo.

⁷⁴) Andorra, Brasil, Colombia, Costa Rica, Dinamarca, Eslovaquia, Estonia, Finlandia, Indonesia, México, Nicaragua, Perú, Polonia, Suecia e Tailandia.

un). Polo contrario, non referiron incidencia sanitaria as persoas tituladas que traballan na Australia, Austria, Canadá, Casaquistán, Irlanda e Tunisia.

Cun nivel desigual de representatividade na mostra, o Anexo 61 reflicte os resultados da incidencia sanitaria da Covid-19 no resto do mundo por países.

4.3 Rama de actividade

Houbo máis incidencia no ámbito público (81,0%), seguido polas entidades non lucrativas (68,9%) e a empresa privada (62,2%).

Cadro nº76: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo a rama de actividade

	1º onda	2º onda	2021
Ámbito público	43,7	72,1	81,0
Empresa privada	30,1	48,3	62,2
Entidade non lucrativa	32,1	47,6	68,9

4.3.1 Incidencia na rama de actividade segundo o lugar de traballo

Na empresa privada a incidencia foi menor en Galicia (58,1%) contra o máximo doutras Comunidades Autónomas (75,7%) e o estranxeiro (71,9%). No sector público houbo máis incidencia sanitaria noutras Comunidades Autónomas (87,5%) que en Galicia (80,0%) e no resto do mundo (77,8%). A incidencia en Galicia foi maior nas entidades non lucrativas (72,3%) contra o estranxeiro e outras Comunidades Autónomas (54,5% e 55,6%, respectivamente).

Cadro nº77: Incidencia sanitaria na rama de actividade segundo o lugar de traballo

	Galicia			Outra Comunidade Autónoma			Resto do mundo		
	1º onda	2º onda	2021	1º onda	2º onda	2021	1º onda	2º onda	2021
Ámbito público	40,3	70,6	80,0	58,3	83,1	87,5	48,4	72,9	77,8
Empresa privada	22,7	43,8	58,1	57,0	60,7	75,7	43,5	66,4	71,9
Entidade non lucrativa	27,0	44,9	72,3	75,0	71,4	55,6	38,5	50,0	54,5

4.4 Sector económico

Segundo mostra o Cadro nº78, a incidencia foi total entre as persoas tituladas que traballan en defensa e seguranza, superior á media nos sectores aeroespacial (92,3%), sanitario/saúde (86,6%), téxtil e confección (85,7%), farmacéutico (83,3%), ensino/docencia (81,9%), servizos sociais (80,0%), cultura e entretemento (76,5%), madeira (75,0%), automoción (73,7%), investigación (72,9%), servizos da administración pública (73,1%), industria química, plástico, vidro e envases (72,7%), loxística, transporte e distribución (71,0%) e metalurxia e eléctrico (68,5%).

Polo contrario, a incidencia foi menor nos sectores do papel, gráficas, edición e reproducción (25,0%), actividades inmobiliarias (37,5%), actividades profesionais (38,6%), medios de comunicación/AV (45,8%) e consultoría (49,4%).

Cadro nº78: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo o sector económico

	1ª onda	2ª onda	2021
Actividades inmobiliarias	-	66,7	37,5
Actividades profesionais	8,7	20,7	38,6
Administración pública	45,8	59,8	73,1
Aeroespacial	53,8	72,7	92,3
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	12,5	59,5	56,4
Alimentación/industria alimentaria	29,5	54,5	63,8
Automoción	31,3	63,7	73,7
Banca e seguros	57,1	55,7	67,4
Comercio	23,7	28,6	56,8
Construcción	23,0	50,0	57,1
Consultoría	23,4	34,3	49,4
Cultura e entretenimento	12,5	40,0	76,5
Defensa e seguranza	45,5	88,9	100,0
Actividades físico/deportivas	18,5	28,6	54,2
Enerxía e utilities	34,8	57,8	64,7
Ensino/Docencia	28,1	77,2	81,9
Enxeñaría	16,7	33,3	61,8
Farmacéutico	34,3	60,0	83,3
Industria química, plástico, vidro e envases	43,3	68,4	72,7
Investigación/Actividades científicas	39,5	63,5	72,9
Loxística, transporte e distribución	31,4	48,5	71,0
Madeira	40,0	100,0	75,0
Medios de comunicación/Audiovisuais	32,6	34,6	72,7
Metalurxia e eléctrico	21,2	50,9	45,8
Minaría	25,0	33,3	68,5
Papel, gráficas, edición e reproducción	20,0	16,7	66,7
Sanitario/Saúde	70,8	74,0	86,6
Servizos a empresas	25,7	34,0	56,1
Servizos informáticos	35,8	40,5	51,4
Servizos sociais/Outras actividades sociais	35,1	44,6	80,0
Telecomunicacións/IT	47,2	62,2	58,5
Téxtil e confección	34,3	68,2	85,7
Turismo e restauración/HORECA	18,2	32,0	64,7
Xestión ambiental	38,5	33,3	64,3

4.4.1 Incidencia no sector económico segundo o lugar de traballo

En Galicia a incidencia foi total nos sectores aeroespacial (75,0% noutras Comunidades Autónomas), defensa e seguranza (tamén noutras Comunidades Autónomas), seguido polo téxtil e confección (90,0% contra 75,0% no resto do mundo), farmacéutico (87,5% contra 75,0% no resto do mundo), servizos sociais (83,3% contra 33,3% noutras Comunidades Autónomas), madeira (81,8% contra 0,0% no

resto do mundo), cultura e entretenimento (80,0% contra 71,4% noutras Comunidades Autónomas) e actividades inmobiliarias (37,5%).

Noutras Comunidades Autónomas a incidencia foi total en enerxía e utilities (contra 44,4% en Galicia), loxística, transporte e distribución (tamén no estranxeiro contra 60,9% en Galicia), sector primario (tamén no estranxeiro e 50,0% en Galicia), turismo e restauración (contra 50,0% no estranxeiro), xestión ambiental (tamén no estranxeiro e 50,0% en Galicia), seguido por sanitario/saúde (93,3% contra 75,0% no estranxeiro), servizos da administración pública (88,1% contra 62,5% no estranxeiro), ensino/docencia (85,4% contra 79,2% no estranxeiro), banca, servizos financeiros e seguros (80,0% contra 60,0% no estranxeiro), servizos informáticos (80,0% contra 40,0% no estranxeiro), enxeñaría (78,6% contra 57,1% no estranxeiro), actividades profesionais (75,0% contra 32,4% en Galicia), investigación (75,0% contra 72,3% en Galicia), telecomunicacións (74,1% contra 50,8% en Galicia), consultoría (66,7% contra 42,1% en Galicia), comercio (62,5% contra 0,0% no estranxeiro), servizos a empresas (58,3% contra 50,0% no estranxeiro) e papel, gráficas, edición e reproducción (50,0% contra 0,0% no estranxeiro).

No estranxeiro houbo incidencia total en actividades físico/deportivas (contra 47,4% en Galicia), alimentación/industria alimentar (contra 57,8% en Galicia), industria química, plástico, vidro e envases (contra 66,7% noutras Comunidades Autónomas), medios de comunicación/AV (contra 42,1% en Galicia), metalurxia e eléctrico (contra 50,0% noutras Comunidades Autónomas), minaría (contra 62,5% en Galicia), seguidos por automoción (86,7% contra 71,7% en Galicia).

O Anexo 62 mostra a incidencia sanitaria da pandemia de Covid-19 en cada sector económico segundo o lugar de traballo.

4.4.2 Incidencia no sector económico segundo a rama de actividade

No ámbito da empresa privada a incidencia foi total nos sectores aeroespacial, defensa e seguranza e investigación, seguido por servizos sociais (90,9% contra 71,0% nas entidades non lucrativas), téxtil e confección (85,7%), farmacéutico (83,3%), ensino/docencia (78,4%), cultura e entretenimento (77,8%) e madeira (75,0%) contra os mínimos de papel, gráficas, edición e reproducción (25,0%), actividades profesionais (34,7%) e medios de comunicación/AV (35,0%).

No ámbito público a incidencia foi total en enerxía e utilities, enxeñaría, servizos informáticos e medios de comunicación/AV, seguidos por sanitario e saúde (94,3% contra 67,6% na empresa privada), servizos sociais (87,5%), cultura e entretenimento (85,7%), ensino/docencia (84,2% contra 73,3% nas entidades non lucrativas), xestión ambiental (80,0%), aeroespacial; loxística, transporte e distribución, sector primario, consultoría e servizos da administración pública (75,0%).

Nas entidades non lucrativas a incidencia sanitaria foi total en medios de comunicación/AV, sanitario/saúde, consultoría, telecomunicacións/IT, servizos a empresas, actividades profesionais; industria química, plástico, vidro e envases e turismo e restauración, seguido por ensino/docencia (73,3%).

Máis singularmente, o Anexo 63 mostra a incidencia sanitaria por Covid-19 dos sectores económicos segundo a rama de actividade.

4.5 Área funcional de traballo

Os departamentos máis afectados pola incidencia de contaxios durante o ano 2021 foron prevención e saúde (84,0%), formación e ensino (81,1%), recursos humanos (76,3%), loxística e almacén (76,0%), producción (73,8%), investigación e desenvolvemento (73,1%), calidade (71,8%), compras (71,4%), servizos (71,3%) e atención ao cliente/usuário (71,2%). En troca, os menos afectados foron as entidades sen áreas funcionais diferenciadas (45,7%), dirección xeral (56,1%) e informática e tecnoloxía (57,0%).

Cadro nº79: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo a área funcional de traballo

	1ª onda	2ª onda	2021
Administración e finanzas	32,6	51,1	67,5
Atención ao cliente	38,9	50,0	71,2
Calidade	29,3	64,3	71,8
Compras	57,7	64,0	71,4
Dirección xeral	20,8	37,4	56,1
Enxeñaría e construcción	35,0	54,3	64,7
Formación e ensino	26,7	74,5	81,1
I+D+i	38,7	63,2	73,1
Informática e tecnoloxía	41,1	50,7	57,0
Loxística e almacén	21,6	53,1	76,0
Prevención e saúde	61,9	69,6	84,0
Producción	39,0	63,6	73,8
Recursos humanos	53,3	65,5	76,3
Servizos	37,7	53,0	71,3
Vendas/marketing	39,1	53,2	57,9
Sen áreas diferenciadas	14,1	24,8	45,7

4.5.1 Incidencia sanitaria na área funcional segundo o lugar de traballo

Entre as persoas que traballan en Galicia a incidencia sanitaria foi maior nas áreas funcionais de compras (81,8%) e formación e ensino (81,3%, ao igual que noutras Comunidades Autónomas).

Noutras Comunidades Autónomas a incidencia foi total nos departamentos de recursos humanos (72,7% en Galicia) e xestión de proxectos (50,0% no resto do mundo), seguido por entidades sen áreas funcionais diferenciadas (87,5% contra 40,0% no estranxeiro), administración e finanzas (84,1% contra 63,4% en Galicia), servizos (79,4% contra 62,5% no estranxeiro), vendas/marketing (77,1% contra 45,0% en Galicia), I+D+i (76,7% contra 71,3% en Galicia), calidade (75,0% contra 66,7% no estranxeiro) e informática e tecnoloxía (70,0% contra 45,0% no estranxeiro).

Entre as persoas emigradas no estranxeiro a incidencia sanitaria foi total nos departamentos de prevención e saúde (contra 82,5% en Galicia), loxística e almacén (contra 66,7% noutras Comunidades Autónomas), atención ao cliente/usuário (contra 66,7% noutras Comunidades Autónomas) e dirección xeral (contra 48,8% en Galicia), seguidos por producción (90,0% contra 70,0% en Galicia) e enxeñaría e construcción (80,8% contra 58,4% en Galicia).

O Anexo 64 mostra a incidencia sanitaria nas áreas funcionais segundo o lugar de traballo.

4.5.2 Incidencia sanitaria na área funcional de traballo segundo a rama de actividade

Os departamentos máis afectados polos contaxios durante o ano 2021 na empresa privada foron loxística e almacén e xestión de proxectos (75,0% ambos), seguidos por formación e ensino (74,7%), producción (73,1%), I+D+i (72,7%), calidade (71,9%) e compras (71,4%) contra o mínimo das empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas (27,7%), informática e tecnoloxía (52,7%) e dirección xeral (56,1%).

No sector público a incidencia sanitaria foi total entre as persoas que traballan en loxística e almacén, xestión de proxectos, producción, recursos humanos, vendas/marketing, seguidos por informática e tecnoloxía (94,4%), prevención e saúde (89,5%), formación e ensino (83,9%), atención ao cliente/usuario (80,5%) e administración e finanzas (80,0%) contra o mínimo de dirección xeral (50,0%) e enxeñaría e construción (72,7%).

No caso das entidades sen ánimo de lucro a incidencia sanitaria foi total en prevención e saúde, seguidas por atención ao cliente/usuario e administración e finanzas (83,3% ambos), formación e ensino (78,9%) e servizos (77,8%) contra o mínimo en enxeñaría e construcción e xestión de proxectos (0,0% ambos) e producción e vendas/marketing (33,3% ambos).

O Anexo 65 mostra a incidencia sanitaria nas áreas funcionais de traballo segundo a rama de actividade.

4.5.3 Incidencia sanitaria na área funcional de traballo segundo o sector económico

O Anexo 66 mostra a incidencia sanitaria nas áreas funcionais de traballo segundo o sector económico.

4.6 Categoría profesional

Os mandos intermedios, como nos estudos anteriores, víronse más expostos á incidencia sanitaria no seu ámbito laboral (74,6%) que os directivos/as (59,2%).

Cadro nº80: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo a categoría profesional

	1ª onda	2ª onda	2021
Directivo/a	24,6	42,9	59,2
Empregado/a non cualificado/a	35,6	54,4	64,3
Mando intermedio	42,2	64,4	74,6
Técnico/a cualificado/a	33,6	55,6	69,2

4.6.1 Incidencia sanitaria na categoría profesional segundo o lugar de traballo

En xeral, os contaxios no ambiente de traballo foron máis altos entre as persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas, destacando no caso de directivos/as (84,8%) e mandos intermedios (77,3%).

Galicia atinxiu os mínimos de incidencia sanitaria entre directivos/as (54,1%), empregados/as non cualificados (62,1%) e técnicos/as cualificados/as (67,4%).

Cadro nº81: Incidencia sanitaria da Covid-19 na categoría profesional segundo o lugar de traballo

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Directivo/a	54,1	84,8	73,9
Empregado/a non cualificado/a	62,1	76,9	75,0
Mando intermedio	72,9	81,1	71,9
Técnico/a cualificado/a	67,4	77,3	72,6

4.6.2 Incidencia sanitaria na categoría profesional segundo a rama de actividade

Por categorías profesionais, os titulados/as que traballan no sector público rexistraron unha maior incidencia sanitaria, sendo máis alta no caso de mandos intermedios (89,1% contra 58,3% das entidades non lucrativas) e técnicos/as cualificados (79,7% contra 61,4% da empresa privada).

Cadro nº82: Incidencia sanitaria da Covid-19 na categoría profesional segundo a rama de actividade

	Empresa privada	Ámbito público	Entidade non lucrativa
Directivo/a	55,6	72,9	66,7
Empregado/a non cualificado/a	56,4	76,0	50,0
Mando intermedio	70,1	89,1	58,3
Técnico/a cualificado/a	61,4	79,7	71,8

4.6.3 Incidencia sanitaria na categoría profesional segundo o sector económico

Entre os directivos/as, a incidencia sanitaria foi total nos sectores aeroespacial, defensa e seguranza, madeira e téxtil e confección, seguida por enerxía e utilities e sanitario/saúde (87,5% ambos), industria química, plástico, vidro e envases (80,0%), automoción (77,8%) e investigación; loxística, transporte e distribución e en servizos informáticos (75,0% cada un) contra a incidencia nula en xestión ambiental, sector primario; papel, gráficas, edición e reproducción; medios de comunicación/AV e farmacéutico.

A incidencia sanitaria no ámbito laboral de mandos intermedios foi total nos sectores aeroespacial, defensa e seguranza e industria química, plástico, vidro e envases, seguida por ensino/docencia (90,4%), sanitario/saúde e servizos da administración pública (88,2% ambos), telecomunicacións/IT

(81,8%), madeira, téxtil e confección e enxeñaría (80,0% cada un) contra a nula incidencia rexistrada en papel, gráficas, edición e reproducción e actividades inmobiliarias.

Entre os técnicos/as cualificados/as a incidencia foi total no ambiente de traballo de defensa e seguranza, seguido polo farmacéutico (92,3%), aeroespacial (88,9%), sanitario/saúde (87,6%), turismo e restauración (85,7%), servizos sociais (82,0%), ensino/docencia (81,8%) e téxtil e confección e cultura e entretemento (80,0% ambos) contra a mínima en madeira (33,3%), actividades profesionais (43,2%) e servizos informáticos e consultoría (45,8% ambos).

Nos empregos non cualificados víronse totalmente afectados os ambientes laborais dos sectores da defensa e seguranza, automoción, actividades físico/deportivas, construcción, enerxía e utilities e actividades inmobiliarias, seguidos por banca, servizos financeiros e seguros (80,0%), ensino/docencia e loxística, transporte e distribución (75,0%) contra a nula incidencia en actividades profesionais, sector primario; papel, gráficas, edición e reproducción; metalurxia e eléctrico e investigación.

Cadro nº83: Incidencia sanitaria da Covid-19 na categoría profesional segundo o sector económico

	Directivos/as	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Actividades físico/deportivas	55,6	100,0	33,3	54,5
Actividades inmobiliarias	33,3	100,0	0,0	50,0
Actividades profesionais	38,2	0,0	28,6	43,2
Administración pública	68,2	74,3	88,2	68,2
Aeroespacial	100,0	-	100,0	88,9
Alimentación/Industria alimentaria	69,2	44,4	66,7	62,5
Automoción	77,8	100,0	75,9	69,8
Banca, servizos financeiros e seguros	62,5	80,0	68,4	66,0
Comercio	30,8	50,0	72,2	66,7
Construcción	50,0	100,0	66,7	53,8
Consultoría	43,8	66,7	66,7	45,8
Cultura e entretemento	-	66,7	66,7	80,0
Defensa e seguranza	100,0	100,0	100,0	100,0
Enerxía e utilities	87,5	100,0	76,9	51,7
Ensino/Docencia	65,7	75,0	90,4	81,8
Enxeñaría	60,0	-	80,0	54,8
Farmacéutico	0,0	-	66,7	92,3
Industria química, plástico, vidro e envases	80,0	-	100,0	66,7
Investigación/Actividades científicas	75,0	0,0	75,0	72,3
Loxística, transporte e distribución	75,0	75,0	66,7	76,9
Madeira	100,0	-	80,0	33,3
Medios de Comunicación/ Audiovisuais	0,0	66,7	50,0	46,2
Metalurxia e eléctrico	60,0	0,0	72,7	70,0

	Directivos/as	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Minaría	66,7		75,0	60,0
Papel, gráficas, edición e reproducción	0,0	0,0	0,0	66,7
Sanitario/Saúde	87,5	62,5	88,2	87,6
Sector primario	0,0	0,0	33,3	63,3
Servizos a empresas	38,5	20,0	63,6	59,3
Servizos informáticos	75,0	-	55,6	45,8
Servizos sociais/Outras actividades sociais	60,0	-	75,0	82,0
Telecomunicacións/IT	70,0	50,0	81,8	48,3
Téxtil e confección	100,0		80,0	80,0
Turismo e restauración/HORECA	66,7	50,0	50,0	85,7
Xestión ambiental	0,0	-	75,0	66,7

4.6.4 Incidencia sanitaria na categoría profesional segundo a área funcional de traballo

Entre os directivos/as houbo contaxios no ambiente de traballo na totalidade dos departamentos de compras, loxística e almacén e prevención e saúde, seguido por informática e tecnoloxía (92,9%) e producción (80,0%) contra o mínimo de 40,0% nas empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas, atención ao cliente, calidade e recursos humanos (50,0% cada un).

No caso de mandos intermedios os contaxios afectaron á totalidade do ambiente de traballo de xestión de proxectos, ben como a recursos humanos (90,0%), formación e ensino (88,9%), loxística e almacén (87,5%), producción (80,6%) e enxeñaría e construcción (80,5%) contra o mínimo de vendas/marketing (54,8%) e compras (63,6%).

Os ambientes laborais con máis incidencia da pandemia entre técnicos/as cualificados/as rexistráronse nos departamentos de prevención e saúde (84,1%), formación e ensino (81,4%), compras (77,8%), atención ao cliente/usuario (76,2%) e calidade (75,0%) contra o mínimo nas empresas/entidades sen departamentos diferenciados (44,4%) e informática e tecnoloxía (48,9%).

Nos empregos non cualificados víronse afectados a totalidade dos ambientes de traballo dos departamentos de prevención e saúde, seguidos por producción (77,8%), calidade e recursos humanos (75,0%) contra a nula incidencia en enxeñaría e construcción.

Cadro nº84: Incidencia sanitaria da Covid-19 na categoría profesional segundo o departamento

	Directivo/a	Emprego non cualificado	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Administración e finanzas	60,9	58,8	71,4	69,7
Atención ao cliente/usuario	50,0	65,6	64,7	76,2
Calidade	50,0	75,0	77,8	75,0
Compras	100,0	-	63,6	77,8

	Directivo/a	Emprego non cualificado	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Dirección xeral	53,8	-	66,7	66,7
Enxeñaría e construcción	60,0	0,0	80,5	59,3
Formación e ensino	58,3	60,0	88,9	81,4
I+D+i	66,7	-	77,8	70,8
Informática e tecnoloxía	92,9	-	64,3	48,9
Loxística e almacén	100,0	66,7	87,5	60,0
Prevención e saúde	100,0	100,0	75,0	84,1
Produción	80,0	77,8	80,6	68,6
Recursos humanos	50,0	75,0	90,0	73,7
Servizos	70,6	66,7	75,9	71,1
Vendas/marketing	61,1	66,7	54,8	54,9
Xestión de proxectos	-	-	100,0	55,6
Sen áreas diferenciadas	40,0	45,5	69,2	44,4

4.7 Tamaño da empresa/entidade

A incidencia sanitaria da pandemia durante o ano 2021, como noutras ondas avaliadas, demostrou ser directamente proporcional ao tamaño da empresa/entidade en que traballan os antigos estudantes da UVigo; isto é, oscilando desde un mínimo de 22,7% entre os traballadores/as autónomos/as (empresas individuais) ao máximo de 78,4% nas grandes empresas.

Cadro nº85: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo o tamaño da empresa (escala ampliada)

Tipo de empresa	Nº de empregados/as	1ª onda	2ª onda	2021
Empresa individual	1	5,5	16,8	22,7
Microempresa	2-9	4,8	19,3	39,8
Pequena empresa	10-49	14,8	46,6	66,3
Mediana empresa	50-249	29,6	62,1	74,3
	250-999	49,1	70,2	81,0
Grande empresa	1000 empregados/as ou más	57,1	68,8	77,5

Cadro nº86: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo o tamaño da empresa

	1ª onda	2ª onda	2021
Empresa individual	5,5	16,8	22,7
Microempresa	4,8	19,3	39,8
Pequena empresa	14,8	46,6	66,3
Mediana empresa	29,6	62,1	74,3
Grande empresa	55,0	69,1	78,4

4.7.1 Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo o lugar de traballo

Sen diferenzas significativas, en todas as áreas xeográficas avaliadas a taxa de incidencia sanitaria da pandemia durante o ano 2021 no ámbito laboral depende directamente do tamaño da empresa/entidade, sendo maior canto maior for a dimensión desta.

Galicia rexistra o mínimo de incidencia sanitaria nas medias empresas (71,9% contra o máximo de 85,5% noutras Comunidades Autónomas). A incidencia nas grandes empresas foi semellante no estranxeiro e en Galicia (77,7% e 77,8%, respectivamente, contra o máximo de 81,2% noutras Comunidades Autónomas). As persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas rexistraron as máximas incidencias nas empresas/entidades más pequenas: empresas individuais (66,7% contra 22,0% en Galicia) e microempresas (61,1% contra 37,9% en Galicia).

Cadro nº87: Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo o lugar de traballo

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Empresa individual	22,0	66,7	0,0
Microempresa	37,9	61,1	42,9
Pequena empresa	66,7	64,7	61,5
Mediana empresa	71,9	85,5	73,7
Grande empresa	77,8	81,2	77,7

4.7.2 Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo a rama de actividade

Mantense a proporcionalidade directa entre o grao de incidencia sanitaria da pandemia durante o ano 2021 e o tamaño da empresa/entidade, tal como mostra o Cadro nº88. Porén, esta tendencia presenta unha evolución irregular nas microempresas sen ánimo de lucro.

Cadro nº88: Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo a rama de actividade

	Empresa privada	Ámbito público	Entidade non lucrativa
Empresa individual	22,0	0,0	50,0
Microempresa	36,7	50,0	68,8
Pequena empresa	62,3	77,8	60,0
Mediana empresa	71,7	82,7	66,7
Grande empresa	74,3	82,5	78,1

4.7.3 Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo o sector económico

Nas empresas individuais (traballadores/as autónomos/as) a incidencia foi total nos sectores que traballan para a automoción, servizos sociais e téxtil e confección, seguido por actividades físico/deportivas (75,0%) e sanitario/saúde (50,0%) contra a nula en actividades inmobiliarias, alimentación, banca e seguros, enerxía e utilities, enxeñaría, farmacéutico, medios de comunicación/AV, metalúrxica e eléctrico, sector primario e telecomunicacións.

No caso das empresas grandes, a incidencia foi total en defensa e seguranza e papel, gráficas, edición e reprodución, seguido por sanitario/saúde (92,3%), farmacéutico (91,7%), téxtil e confección (90,0%), aeroespacial (88,9%), industria química, plástico, vidro e envases e xestión ambiental (87,5%) contra o mínimo en servizos informáticos (53,3%), consultoría (56,5%) e medios de comunicación/AV (62,5%).

Nas empresas de tamaño medio a incidencia foi total nos sectores de defensa e seguranza, téxtil e confección, aeroespacial, cultura e entretemento e minaría, seguido por construcción (92,9%), sanitario/saúde (86,7%), loxística, transporte e distribución (85,7%), automoción e investigación (82,4% ambos) contra o mínimo nas actividades profesionais (33,3%).

Nas pequenas empresas a incidencia foi total nos sectores aeroespacial e de cultura e entretemento, seguido polo sanitario/saúde (87,5%), ensino/docencia (85,7%), servizos sociais (84,6%) e téxtil e confección (80,0%) contra a incidencia nula rexistrada en banca e seguros, turismo e restauración e papel, gráficas, edición e reprodución.

Cadro nº89: Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo o sector económico

	Empresa individual	Microempresa	Empresa pequena	Mediana empresa	Grande empresa
Actividades físico/deportivas	75,0	40,0	60,0	50,0	66,7
Actividades inmobiliarias	0,0	66,7	-	50,0	-
Actividades profesionais	18,4	35,3	76,5	33,3	66,7
Administración pública	-	25,0	56,0	76,9	77,2
Aeroespacial	-	-	100,0	100,0	88,9
Alimentación/Industria alimentaria	0,0	21,4	53,8	78,3	81,5
Automoción	100,0	57,1	28,6	82,4	76,5
Banca, servizos financeiros e seguros	0,0	42,9	0,0	75,0	73,6
Comercio	25,0	27,3	60,0	80,0	76,9
Construcción	33,3	16,7	-	92,9	75,0
Consultoría	33,3	27,3	55,0	64,7	56,5
Cultura e entretemento	-	25,0	100,0	100,0	83,3
Defensa e seguranza	-	-	-	100,0	100,0
Enerxía e utilities	0,0	33,3	60,0	63,6	76,0
Ensino/Docencia	25,0	71,4	85,7	79,3	84,3
Enxeñaría	0,0	55,6	63,2	61,5	70,8
Farmacéutico	0,0	100,0	-	66,7	91,7
Industria química, plástico, vidro e envases	-	50,0	75,0	71,4	87,5
Investigación/Actividades científicas	-	50,0	62,5	82,4	74,2
Loxística, transporte e distribución	-	100,0	57,1	85,7	71,4
Madeira	-	100,0	66,7	-	80,0
Medios de Comunicación/ Audiovisuais	0,0	0,0	60,0	75,0	62,5
Metalurxia e eléctrico	0,0	50,0	70,6	70,6	72,7
Minaría	-	0,0	33,3	100,0	80,0

	Empresa individual	Microempresa	Empresa pequena	Mediana empresa	Grande empresa
Papel, gráficas, edición e reproducción	-	0,0	0,0	50,0	100,0
Sanitario/Saúde	50,0	36,4	87,5	86,7	92,3
Sector primario	0,0	33,3	28,6	77,8	76,9
Servizos a empresas	16,7	41,4	55,0	62,5	75,0
Servizos informáticos	-	0,0	60,0	50,0	53,3
Servizos sociais/Outras actividades sociais	100,0	83,3	84,6	80,0	75,0
Telecomunicacións/IT	0,0	0,0	33,3	52,6	70,0
Téxtil e confección	100,0	0,0	80,0	100,0	90,0
Turismo e restauración/HORECA	-	50,0	0,0	66,7	66,7
Xestión ambiental	-	33,3	-	50,0	87,5

4.7.2 Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo a área funcional de traballo

Entre os traballadores/as autónomos a incidencia sanitaria foi maior nas persoas con funcións directivas (42,9%) e nas que exixen máis interacción social (atención ao cliente/usuario, formación e ensino, servizos e vendas e marketing).

Nas grandes empresas a incidencia foi total nas funcionalidades de recursos humanos, seguida por prevención e saúde (88,6%), producción (85,5%), formación e ensino (84,5%), administración e finanzas (82,1%) dirección xeral (81,0%), atención ao cliente/usuario e compras (80,0% ambas) contra o mínimo en informática e tecnoloxía (62,6%) e entidades sen áreas diferenciadas (65,4%).

Nas medianas empresas, no entanto, os contaxios no ambiente de traballo foron totais en compras e predominantes en loxística e almacén (87,5%), prevención e saúde, formación e ensino e atención ao cliente/usuario (83,3% cada unha) e producción (81,3%) contra o mínimo en vendas/marketing (56,0%) e en informática e tecnoloxía (57,5%).

Cadro nº90: Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo o departamento

	Empresa individual	Microempresa	Empresa pequena	Mediana empresa	Grande empresa
Administración e finanzas	0,0	41,7	53,6	78,7	82,1
Atención ao cliente/usuario	25,0	38,1	80,0	83,3	80,0
Calidade	0,0	25,0	78,6	63,6	78,0
Compras	-	25,0	66,7	100,0	80,0
Dirección xeral	42,9	35,7	56,5	70,6	81,0
Enxeñaría e construcción	11,1	42,9	65,6	67,7	72,8
Formación e ensino	25,0	70,0	81,6	83,3	84,5
I+D+i	-	40,0	53,3	75,7	77,3
Informática e tecnoloxía	0,0	25,0	35,7	57,5	62,6
Loxística e almacén	-	-	33,3	87,5	78,6
Prevención e saúde	-	50,0	66,7	83,3	88,6

	Empresa individual	Microempresa	Empresa pequena	Mediana empresa	Grande empresa
Producción	0,0	25,0	68,4	81,3	85,5
Recursos humanos	-	28,6	50,0	75,0	100,0
Servizos	25,0	56,3	69,0	74,2	76,8
Vendas/marketing	25,0	0,0	50,0	56,0	69,6
Xestión de Proxectos	-	0,0	75,0	66,7	66,7
Sen áreas diferenciadas	23,8	35,0	72,2	75,0	65,4

4.7.2 Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo a categoría profesional

A incidencia sanitaria no ambiente de traballo segundo a categoría profesional das persoas tituladas da UVigo, tal como mostra o Cadro nº91, é directamente proporcional ao tamaño da empresa/entidade, rexistrando mínimos nas organizacións más pequenas e máximos nas maiores.

Cadro nº91: Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo a categoría profesional

	Empresa individual	Microempresa	Empresa pequena	Mediana empresa	Grande empresa
Directivo/a	24,3	33,8	70,6	75,0	83,1
Empregado/a non cualificado/a	0,0	20,0	50,0	80,0	78,9
Mando intermedio	0,0	40,5	61,8	78,9	83,4
Técnico/a cualificado/a	21,7	48,0	66,4	71,7	75,9

4.8 Titulacións

O Anexo 67 mostra a afección de contaxios por Covid-19 no ámbito laboral das persoas tituladas da UVigo segundo a titulación realizada.

5. Impacto social da pandemia de Covid-19 no ámbito laboral durante o ano 2021

Para coñecer o impacto social da pandemia entre xaneiro e setembro de 2021 a enquisa aplicada incluíu unha serie de ítems respectantes á situación socio-laboral das persoas tituladas inquiridas a 1 de setembro de 2021, no final do período avaliado e na altura dos rascaldos da quinta onda da pandemia.

5.1 Situación socio-laboral en setembro de 2021

A enquisa aplicada inquiriu se as persoas tituladas traballaban a 1 de setembro de 2021, contemplando as seguintes opcións a respecto da situación socio-laboral a 1 de xaneiro de 2021: conservación do emprego e da situación de desemprego, perda de emprego, mudanza de posto de traballo e arranxo de emprego no período avaliado.

5.1.1 Resultados globais e por xénero

O Cadro nº92 mostra os resultados globais e por xénero da situación socio-laboral a 1 de setembro de 2021 das persoas tituladas da UVigo que participaron no estudo a respecto de 1 de xaneiro do mesmo ano.

Cadro nº92: Situación socio-laboral das persoas tituladas a 1/9/2021

	Global	Homes	Mulleres
Segue no mesmo emprego	81,6	84,8	79,4
Encontrou emprego	3,8	3,1	4,3
Mudou de emprego	4,7	5,2	4,4
Xa estaba desempregado/a	3,5	2,9	4,0
Perdeu o emprego	3,2	2,0	4,1
Segue na mesma situación	3,2	2,1	3,9

5.1.1.1 Persoas tituladas que traballaban a 1 de setembro de 2021

A maioría de persoas tituladas que participaron neste estudo (90,1%) traballaban a 1 de setembro de 2021, o 81,6% no mesmo emprego/actividade que tiña a 1 de xaneiro de 2021, o 3,8% por ter arranxado emprego e o 4,7% nun posto de traballo diferente.

Por xéneros, a ocupación dos homes (93,1%) é superior á das mulleres (88,1%). Sen ser estatisticamente significativas, é levemente superior a proporción de mulleres que encontrou emprego (4,3% contra 3,1%), sendo maior a frecuencia de homes que mudaron de posto de traballo (5,2% contra 4,4%).

5.1.1.2 Persoas tituladas que non traballan a 1 de setembro de 2021

O 9,9% das persoas tituladas non traballaban a 1/9/2021 por xa estaren desempregadas a 1/1/2021 (3,5%), por teren perdido o traballo no período avaliado (3,2%) ou, tamén co 3,2%, por seguiren na mesma situación anterior (estudiante, xubilado/pensionista, preparar oposicións, baixa laboral...).

A proporción de homes que non traballan (7,9%) é inferior á das mulleres (11,9%). En todas as hipóteses, a porcentaxe de mulleres é superior á dos homes, quer por teren perdido o traballo no período avaliado (4,1% contra 2,0% de homes), quer por xa estaren desempregadas (4,0% contra 2,9%) quer por seguiren na mesma situación anterior (3,9% contra 2,1%).

5.1.1.3 Mudanzas operadas na situación socio-laboral durante o ano 2021

A 1 de setembro de 2021 seguían na mesma situación socio-laboral en que estaban a 1 de xaneiro a totalidade de xubilados/pensionistas, de persoas en excedencia profesional e de empresarios/as ou titulares dunha empresa, 95,3% de traballadores/as autónomos/as, 92,5% das persoas que traballan no sector público, 90,0% das persoas en baixa laboral, 89,8% de empregados/as por conta aldea na empresa privada, 87,5% das persoas ao coidado familiar, 82,8% que cursaban estudos universitarios e 64,6% de titulados/as que preparaban oposicións.

Encontraron emprego durante o ano 2021 o 47,9% das persoas que estaban desempregadas a 1 de xaneiro, 27,1% dos que estaban a preparar oposicións, 6,3% das que estaban a cursar estudos universitarios e 6,3% das que estaban ao coidado familiar.

Mudaron de emprego o 6,1% das persoas que traballaban na empresa privada, 4,6% dos que o facían no sector público, 2,7% de traballadores/as autónomos/as e 2,1% dos que preparaban oposicións.

Finalmente, perderon o emprego que tiñan o 10,3% dos que estudaban e traballaban, 10,0% das persoas que estaban de baixa laboral, 3,9% de empregados/as da empresa privada, 2,8% de empregados/as para a administración pública, 6,3% que preparaban oposicións e traballaban e 2,0% de traballadores autónomos/as.

En consecuencia, o grupo de persoas que encontrou emprego está conformado maioritariamente por persoas que procuraban emprego (83,3%), seguido polos que preparaban oposicións (13,5%), continuaban estudos universitarios (2,1%) e estaban ao coidado familiar (1,0%).

Entre os que mudaron de emprego predominan os que traballaban por conta aldea na empresa privada (68,1%), seguidos polos que o facían no sector público (27,7%) e como traballador/a autónomo/a (3,4%).

Porén, entre os que perderon o seu emprego durante esta crise predominan as persoas que traballaban na empresa privada (63,4%), seguidos polos que o facían para a administración pública (24,4%), traballadores/as autónomos/as (3,7%), estaban de baixa laboral (1,2%) ou cursaban estudos/preparaban oposicións e traballaban (3,7% ambos).

5.1.2 Situación socio-laboral a 1 de setembro de 2021 segundo o lugar de residencia

O Cadro nº93 mostra a situación socio-laboral segundo o lugar de residencia.

Cadro nº93: Situación socio-laboral segundo o lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Segue no mesmo emprego	80,9	84,8	83,2
Encontrou emprego	4,0	2,5	3,5
Mudou de emprego	4,2	7,9	5,0
Xa estaba desempregado/a	3,9	1,6	3,0
Perdeu o emprego	3,8	1,6	0,5
Segue na mesma situación	3,2	1,6	5,0

5.1.2.1 Persoas tituladas que traballan a 1 de setembro de 2021

As persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas (95,2%) e no estranxeiro (91,6%) traballan en máis proporción que en Galicia (89,1%). Os residentes en Galicia (4,0%) e no estranxeiro (3,5%) encontraron emprego en máis proporción que os residentes noutras Comunidades Autónomas (2,5%). A mudança de emprego foi máis frecuente entre os residentes noutras Comunidades Autónomas (7,9%) que no estranxeiro (5,0%) e en Galicia (4,2%).

5.1.2.2 Persoas tituladas que non traballan a 1 de setembro de 2021

A proporción de persoas tituladas que non traballan en Galicia (10,9%) e no estranxeiro (8,4%) supera á dos residentes noutras Comunidades Autónomas (4,8%).

A perda do emprego durante o ano 2021 foi máis alta en Galicia (3,8%) e noutras Comunidades Autónomas (1,6%) que no resto do mundo (0,5%).

5.1.2.3 Persoas tituladas residentes en Galicia

O Anexo 68 mostra a distribución porcentual da situación socio-laboral das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias (apartado 68.1) e comarcas (apartado 68.2).

5.1.2.4 Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

O Anexo 69 mostra a distribución porcentual da situación socio-laboral das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas (apartado 69.1) e provincias (apartado 69.2).

5.1.2.5 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

O Anexo 70 mostra a distribución porcentual da situación socio-laboral das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

5.1.3 Situación socio-laboral a 1 de setembro de 2021 segundo os ámbitos académicos

O Cadro nº94 mostra a situación socio-laboral segundo os ámbitos académicos.

Cadro nº94: Situación socio-laboral segundo os ámbitos académicos

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Mesmo emprego	72,0	89,7	78,0	63,3	86,5	81,1
Arranxou emprego	6,5	1,7	4,9	10,0	3,1	3,4
Mudou de emprego	4,5	4,3	4,9	0,0	5,4	4,5
Continua desempregado/a	7,3	2,6	2,7	6,7	2,4	3,6
Perdeu o emprego	6,1	0,9	4,5	0,0	1,7	3,6
Mesma situación	3,7	0,9	4,9	20,0	0,8	3,9

5.1.3.1 Persoas tituladas que traballan a 1 de setembro de 2021

A taxa de ocupación máis alta no final do período avaliado rexistrouse entre as persoas tituladas do ámbito das Ciencias da Saúde (95,7%), seguido polo Tecnolóxico (95,0%), Xurídico-Social (89,0%), Científico (87,9%) e das Artes e Humanidades (82,9%).

A máis alta proporción de titulados/as que encontraron emprego produciuse na rama das Artes e Humanidades (6,5%) e Científica (4,9%), contra as Ciencias da Saúde (1,7%), Tecnolóxica (3,1%) e Xurídico-Social (3,4%). Sen grandes diferenzas, a mudanza de emprego foi máis frecuente entre os titulados/as da rama Tecnolóxica (5,4%) e Científica (4,9%) que na Xurídico-Social e das Artes e Humanidades (4,5% ambas) e nas Ciencias da Saúde (4,3%).

5.1.3.2 Persoas tituladas que non traballan a 1 de setembro de 2021

A proporción máis alta de persoas que non traballaban en setembro de 2021 rexistrouse nas ramas das Artes e Humanidades (17,1%), Científica (12,1%) e Xurídico-Social (11,0%) contra as Ciencias da Saúde (4,3%) e Tecnolóxica (5,0%).

A maior parte deste segmento está conformado polas persoas que xa estaban desempregadas a 1 de xaneiro de 2021, oscilando entre o máximo do 7,3% das Artes e Humanidades e 6,7% da Multidisciplinar contra os mínimos do 2,4% da Tecnolóxica, 2,6% das Ciencias da Saúde e 2,7% da Científica.

A proporción de titulados/as que perderon o emprego durante o ano 2021 do ámbito das Artes e Humanidades (6,1%), Científico (4,5%) e Xurídico-Social (3,6%) superou á rexistrada nas Ciencias da Saúde (0,9%) e Tecnolóxico (1,7%).

Continúan na mesma situación anterior o 20,0% das persoas tituladas do ámbito Multidisciplinar, oscilando no resto de ámbitos desde o 0,8% do Tecnolóxico até o 4,9% do Científico.

5.1.4 Situación socio-laboral a 1 de setembro de 2021 segundo a tipoloxía de estudos

O seguinte cadro mostra detalladamente a situación socio-laboral segundo a tipoloxía de estudos (diplomaturas, doutoramento, enxeñarías superiores, enxeñarías técnicas, graos, licenciaturas, mestrados e títulos propios).

Cadro nº95: Situación socio-laboral segundo a tipoloxía de estudos

	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título propio
Mesmo emprego	86,0	77,7	89,8	86,1	66,4	81,6	70,8	57,1
Arranxou emprego	1,4	6,6	1,5	4,5	6,7	4,1	8,3	0,0
Mudou de emprego	2,8	7,4	4,7	4,9	7,1	4,7	6,0	0,0
Continua desempregado/a	3,7	3,3	2,0	2,9	5,1	3,3	6,0	0,0
Perdeu o emprego	3,1	4,1	1,2	0,8	7,1	3,3	4,8	0,0
Mesma situación	3,0	0,8	0,9	0,8	7,5	3,1	4,2	42,9

5.1.4.1 Persoas tituladas que traballan a 1 de setembro de 2021

No final do período avaliado do ano 2021 a taxa de ocupación de enxeñeiros/as superiores (95,9%), enxeñeiros/as técnicos/as (95,5%) e doutores/as (91,7%) era superior á de graduados/as (80,2%), diplomados/as (90,2%) e licenciados/as (90,3%).

O arranxo de emprego durante o ano 2021 foi maior en graduados/as (6,7%) e doutores/as (6,6%) que en diplomados/as (1,4%) e enxeñeiros/as superiores (1,5%). A mudanza de emprego foi máis frecuente en doutores/as (7,4%), graduados/as (7,1%) e mestrados universitarios (6,0%) que en diplomados/as (2,8%), licenciados/as e enxeñeiros/as superiores (4,7% ambos).

5.1.4.2 Persoas tituladas que non traballan a 1 de setembro de 2021

A porcentaxe de persoas que non traballaban no final do período avaliado de 2021 era máis alta en graduados/as (19,8%), mestrados universitarios (14,9%) e licenciados/as (9,7%) que nos enxeñeiros/as superiores (4,1%) e enxeñeiros/as técnicos/as (4,5%).

Durante esta fase da pandemia graduados/as (7,1%), mestrados universitarios (4,8%) e doutores/as (4,1%) perderon o seu emprego en maior proporción que enxeñeiros/as técnicos/as (0,8%) e enxeñeiros/as superiores (1,2%).

5.1.5 Situación socio-laboral a 1 de setembro de 2021 por titulacións

O Anexo 71 mostra a situación socio-laboral das persoas tituladas da UVigo no final do período avaliado segundo a titulación.

5.1.6 Situación socio-laboral a 1 de setembro de 2021 segundo a promoción académica

O Cadro nº96 mostra a situación socio-laboral segundo as promocións académicas avaliadas.

Cadro nº96: Situación socio-laboral segundo a promoción académica

	1990-95	1996-00	2001-05	2006-10	2011-15	2016-21
Mesmo emprego	88,8	88,5	87,6	81,3	76,5	60,4
Arranxou emprego	1,6	1,3	3,0	3,5	4,5	11,7
Mudou de emprego	2,7	2,9	2,8	5,5	6,8	6,6
Continuaba desempregado/a	2,1	3,7	2,8	3,2	4,3	5,1
Perdeu o emprego	3,2	2,4	2,0	2,5	4,2	8,1
Mesma situación	1,6	1,3	1,8	4,0	3,7	8,1

5.1.6.1 Persoas tituladas que traballan a 1 de setembro de 2021

A proporción de persoas tituladas que traballaban no final do período avaliado era maior nas promocións más antigas (entre 92,7 e 93,4% entre 1990-2005) que nas más recentes: 78,7% entre 2016-21 e 87,9% entre 2011-15.

Porén, son os titulados/as más recentes que presentan máis mobilidade profesional no que respecta ao arranxo e mudanza de emprego (máximos de 11,7% e 6,6%, respectivamente).

5.1.6.2 Persoas tituladas que non traballan a 1 de setembro de 2021

A proporción de persoas que non traballaban no final do período avaliado, no entanto, mostra unha tendencia inversa á antigüidade no mercado de traballo, de maneira que é máxima entre as persoas tituladas entre 2016-21 (21,3%) e aproximadamente 7% nas promocións entre 1990-2005. Pola súa vez, as promocións más recentes rexistraron maior destrución de emprego (8,1%) contra as más antigas (2,0% entre 2001-05 e 2,4% entre 1996-2000).

5.2 Taxa de ocupación a 1 de setembro de 2021

5.2.1 Resultados globais e por xénero

A taxa de ocupación dos homes (92,0%) é superior á das mulleres (88,1%).

Cadro nº97: Taxa de ocupación

	%
Global	90,1
Homes	92,0
Mulleres	88,1

5.2.2 Lugar de residencia

A ocupación é máis alta entre as persoas tituladas emigradas noutras Comunidades Autónomas (95,2%) e no estranxeiro (91,6%) que entre os residentes en Galicia (89,1%).

Cadro nº98: Taxa de ocupación segundo o lugar de residencia

	%
Galicia	89,1
Outras Comunidades Autónomas	95,2
Resto do mundo	91,6

5.2.2.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

5.2.2.1.1 Provincias

A taxa de ocupación das persoas tituladas residentes en Galicia oscila entre o mínimo de Pontevedra (87,9%) e o máximo de Ourense (92,2%).

Cadro nº99: Taxa de ocupación das persoas tituladas residentes en Galicia

	%
A Coruña	90,2
Lugo	91,4
Ourense	92,2
Pontevedra	87,9

5.2.2.1.2 Comarcas

A perda do emprego durante o ano 2021 por causa da finalización de contrato afectou á totalidade de graduados/as e titulados/as en doutoramento e enxeñarías técnicas, 87,5% de graduados/as, 66,7% de titulados/as en mestrado universitario, 63,2% de licenciados/as e 54,5% de diplomados. Os despedimentos afectaron á totalidade de enxeñeiros/as superiores e 18,2% de diplomados/as.

A suspensión da actividade profesional e/ou peche do negocio propio afectou de forma notábel a diplomados/as (18,2%), graduados/as (12,5%) e licenciados/as (10,5%).

Cadro nº143: Causas da perda do emprego segundo a tipoloxía de estudos

	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario
O ERTE en que estaba pasou a ERE	9,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Por despedimento	18,2	0,0	100,0	0,0	0,0	26,3	33,3
Por finalización de contrato	54,5	100,0	0,0	100,0	87,5	63,2	66,7
Suspensión de actividade profesional e/ou negocio	18,2	0,0	0,0	0,0	12,5	10,5	0,0

5.8.5 Titulacións

O Anexo 88 mostra as causas da perda de emprego durante o ano 2021 por titulacións.

5.8.6 Promoción académica

Cunha tendencia irregular, a finalización do contrato foi alegada con máis frecuencia polas promocións más recentes (83,3% entre 2016-21) contra o mínimo de 50,0% no quinquenio máis antigo. No caso dos despedimentos, oscilan entre o máximo de 30,0% entre 2006-10 e nulo entre 1990-95. O resto de causas mostran unha evolución irregular.

Cadro nº144: Causas da perda do emprego segundo a promoción académica

	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2021
O ERTE en que estaba pasou a ERE	0,0	0,0	0,0	10,0	0,0	0,0
Por despedimento	0,0	28,6	25,0	30,0	25,0	16,7
Por finalización de contrato	50,0	57,1	75,0	60,0	56,3	83,3
Suspensión de actividade profesional e/ou negocio	50,0	14,3	0,0	0,0	18,8	0,0

5.8.7 Tipo de contrato

A finalización do contrato foi alegada pola totalidade de bolseiros/as, ben como polo 95,7% de traballadores con contratos temporais e 80,0% con contratos por obra/servizo. Os despedimentos foron más frecuentes entre empregados con contratos indefinidos (55,6%), con contratos por obra/servizo (20,0%) e contratos temporais (4,3%). A suspensión de actividade profesional e/ou negocio propio e por causa do ERTE apenas foron referidas polas persoas con contratos indefinidos.

Cadro nº145: Causas da perda do emprego segundo o tipo de contrato

	Bolsa	Indefinido	Por obra/ servizo	Temporal/ eventual
O ERTE en que estaba pasou a ERE	0,0	11,1	0,0	0,0
Por despedimento	0,0	55,6	20,0	4,3
Por finalización de contrato	100,0	11,1	80,0	95,7
Suspensión de actividade profesional e/ou negocio	0,0	22,2	0,0	0,0

5.8.8 Rama de actividade

A finalización de contrato foi a causa alegada pola totalidade de empregados no ámbito público, a maioria de empregados/as en entidades non lucrativas (66,7%) e 42,1% na empresa privada. Os despidos foron a causa de despido da maioria de empregados na empresa privada (52,6%) e dun terzo nas entidades sen ánimo de lucro.

Cadro nº146: Causas da perda do emprego segundo a rama de actividade

	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Por despedimento	0,0	52,6	33,3
Por finalización de contrato	100,0	42,1	66,7
Suspensión de actividade profesional e/ou negocio	0,0	5,3	0,0

5.8.9 Sector económico

A finalización (ou non renovación) do contrato foi a causa da destrucción do emprego da totalidade das persoas tituladas que traballaban en servizos sociais e turismo e restauración, seguido polo 66,7% en enxeñaría e servizos a empresas, 63,6% en ensino/docencia e metade de empregados en alimentación e metalurxia e eléctrico.

Os despedimentos causaron o desemprego da totalidade de empregados na automoción, 66,7% das actividades profesionais, metade de metalurxia e eléctrico e un terzo en enxeñaría e servizos a empresas. A suspensión de actividade afectou ao 9,1% de empregados no ensino/docencia e o peche do negocio propio a un terzo de persoas que exercían actividades profesionais.

O Cadro nº147 mostra a distribución porcentual das causas da destrucción de emprego segundo o sector económico.

Cadro nº147: Causas da perda do emprego segundo o sector económico

	Peché do negocio propio	Por despedimento	Por finalización de contrato	Suspensión de actividade profesional
Actividades profesionais	33,3	66,7	0,0	0,0
Alimentación/Industria alimentaria	0,0	50,0	50,0	0,0
Automoción	0,0	100,0	0,0	0,0
Ensino/Docencia	0,0	27,3	63,6	9,1
Enxeñaría	0,0	33,3	66,7	0,0
Investigación/Actividades científicas	0,0	0,0	100,0	0,0
Metalurxia e eléctrico	0,0	50,0	50,0	0,0
Sanitario/Saúde	0,0	100,0	0,0	0,0
Servizos a empresas	0,0	33,3	66,7	0,0
Servizos sociais/Outras actividades sociais	0,0	0,0	100,0	0,0
Turismo e restauración/HORECA	0,0	0,0	100,0	0,0

5.8.10 Área funcional de traballo

A finalización do contrato foi a causa da perda do emprego da totalidade das persoas que traballaban en I+D+i, ben como da maioría en formación e ensino (83,3%), atención ao cliente/usuario (75,0%) e metade en administración e finanzas, informática e tecnoloxía, producción e empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas. Os despedimentos provocaron o desemprego da totalidade das persoas que traballaban en enxeñaría e construcción e en loxística e almacén, ben como de 66,7% en vendas e marketing e metade en administración e finanzas, informática e tecnoloxía e producción.

Por outro lado, a suspensión da actividade profesional foi significativa entre os titulados/as que traballaban en empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas e o peche de negocio propio dun terzo dos que o facían en servizos.

O Cadro nº148 mostra a distribución porcentual das causas da perda de emprego segundo a área funcional de traballo.

Cadro nº148: Causas da perda do emprego segundo o departamento

	Peché do negocio propio	Por despedimento	Por finalización de contrato	Suspensión de actividade profesional
Administración e finanzas	0,0	50,0	50,0	0,0
Atención ao cliente/usuario	0,0	25,0	75,0	0,0
Enxeñaría e construcción	0,0	100,0	0,0	0,0
Formación e ensino	0,0	16,7	83,3	0,0
I+D+i	0,0	0,0	100,0	0,0

	Peche do negocio propio	Por despedimento	Por finalización de contrato	Suspensión de actividade profesional
Informática e tecnoloxía	0,0	50,0	50,0	0,0
Loxística e almacén	0,0	100,0	0,0	0,0
Sen áreas diferenciadas	0,0	25,0	50,0	25,0
Produción	0,0	50,0	50,0	0,0
Servizos	33,3	33,3	33,3	0,0
Vendas/marketing	0,0	66,7	33,3	0,0

5.8.11 Categoría profesional

A finalización do contrato foi a causa maioritaria da perda de emprego nas persoas con empregos non cualificados (66,7%) e de técnicos/as cualificados/as (63,2%). Os despedimentos provocaron o desemprego na totalidade de directivos/as e mandos intermedios, ben como do 31,6% de técnicos/as cualificados/as e 16,7% de empregados/as non cualificados. A suspensión de actividade ou negocio foi rexistrada entre empregados/as non cualificados/as (16,7%) e técnicos/as cualificados/as (5,3%).

Cadro nº149: Causas da perda do emprego segundo a categoría profesional

	Directivo/a	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Por despedimento	100,0	16,7	100,0	31,6
Por finalización de contrato	0,0	66,7	0,0	63,2
Suspensión de actividade profesional e/ou negocio	0,0	16,7	0,0	5,3

5.8.12 Tamaño da empresa/entidade

A destrución do emprego por causa da finalización do contrato durante o ano 2021 foi predominante nas pequenas (75,0%), grandes (62,5%) e medianas (60,0%) empresas, contra o mínimo das microempresas (28,6%). Os despedimentos foron maioritarios nas microempresas (57,1%), seguidos polas medianas (40,0%), grandes (37,5%) e pequenas (25,0%) empresas.

O peche de negocio propio foi alegado por metade de traballadores/as autónomos/as e a suspensión de actividade profesional polo 14,3% de empregados en microempresas.

Cadro nº150: Causas da perda do emprego segundo o tamaño da empresa

	Empresa individual	Microempresa	Pequena empresa	Mediana empresa	Grande empresa
Peche do negocio propio	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Por despedimento	0,0	57,1	25,0	40,0	37,5
Por finalización de contrato	50,0	28,6	75,0	60,0	62,5
Suspensión de actividade profesional	0,0	14,3	0,0	0,0	0,0

5.9 Expectativas de recuperación do emprego perdido durante o ano 2021

As persoas tituladas que perderon o emprego entre xaneiro e setembro de 2021 e que traballaban por conta aldea foron inquiridas tamén polas expectativas de o recuperar no curto prazo.

5.9.1 Resultados globais e por xénero

A maioría de persoas tituladas que perderon o emprego⁸⁶ (59,1%) durante o ano 2021 non esperan recuperalo no curto prazo. Por xéneros existen diferenzas estatisticamente significativas, destacando o pesimismo entre as mulleres (70,0%) contra o optimismo dos homes (64,3%).

5.9.2 Lugar de traballo

Segundo o lugar de traballo o optimismo dos titulados/as que traballaban en Galicia (34,6%) supera levemente ao doutras Comunidades Autónomas (33,3%).

5.9.3 Ámbitos académicos

Por ramas académicas, destaca o optimismo dos titulados/as da rama Tecnolóxica (63,6%) e Científica (57,1%) que perderon o emprego durante o ano 2021 co pesimismo da Xurídico-Social (31,6%) e das Artes e Humanidades (14,3%)

5.9.4 Tipoloxía de estudos

Segundo a tipoloxía de estudos, a esperanza de recuperar o emprego no curto prazo é total entre doutores/as, ben como no 75,0% de enxeñeiros/as superiores, 66,7% de titulados/as en mestrado universitario e metade de enxeñeiros/as técnicos/as, contra o mínimo de graduados/as (14,3%), licenciados/as (29,4%) e diplomados/as (44,4%).

5.9.5 Promoción académica

As expectativas de recuperar o emprego perdido durante o ano 2021 non responden a unha tendencia linear, de maneira que oscilan entre o máximo de 75,0% de titulados entre 2011-05 e o mínimo das más antigas (0,0% entre 1990-95 e 16,7% entre 1996-2000). Entre o 30-40% de optimismo sitúanse as promocions de 2016-21 (33,3%), 2011-15 (38,5%) e 2006-10 (40,0%).

5.9.6 Rama de actividade

Segundo a rama de actividade, apenas se mostraron optimistas (62,5%) as persoas tituladas que traballaban no sector público contra o mínimo de antigos empregados da empresa privada (22,2%) e de entidades non lucrativas (33,3%).

⁸⁶ Polo contrario, as expectativas de recuperación do emprego perdido foron do 51,6% durante a primeira onda e do 58,6% durante a segunda onda.

5.9.7 Sector económico

As expectativas de recuperar o emprego no curto prazo son totais entre as persoas que traballaban automoción, investigación/actividades científicas e sanitario/saúde, metade dos que o facían en actividades profesionais e metalurxia e eléctrico. Polo contrario, son nulas en alimentación/industria alimentar, servizos sociais e turismo e restauración, ben como dun terzo dos que o facían en enxeñaría e servizos a empresas e 20% en ensino/docencia.

5.9.8 Área funcional de traballo

A esperanza de recuperar o emprego perdido durante o ano 2021 é total entre as persoas que traballaban nas áreas funcionais de enxeñaría e construcción e loxística e almacén, ben como de dous terzos en I+D+i e metade en informática e tecnoloxía, producción e servizos. Porén, non conta recuperar o emprego perdido a totalidade das que traballaban nos departamentos de administración e finanzas e vendas/marketing, 16,7% en formación e ensino, unha cuarta parte en atención ao cliente/usuario e un terzo en empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas.

5.9.9 Categoría profesional

Contan recuperar o emprego perdido metade de directivos/as e mandos intermedios contra 20,0% de persoas con emprego non cualificado e 38,9% de técnicos/as cualificados/as.

5.9.10 Tamaño da empresa

Tan só se mostraron maioritariamente optimistas en recuperar o emprego perdido durante o ano 2021 os titulados/as inquiridos que traballaban en grandes empresas (75,0%) contra o pesimismo total de traballadores/as autónomos/as, 16,7% en microempresas, 20,0% en medianas e 25,0% en pequenas empresas.

5.10 Expectativas de retoma da actividade suspendida durante o ano 2021

As persoas tituladas que perderon o emprego durante o ano 2021 e que traballaban por conta propia⁸⁷⁾ foron inquiridas tamén polas expectativas de retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo.

5.10.1 Resultados globais e por xénero

A inmensa maioría (80,0%) de persoas tituladas⁸⁸ da UVigo nesta situación espera retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo. As expectativas mostradas polas mulleres (80,0%) concordan cos resultados globais, xa que este ítem apenas contou con participación feminina.

⁸⁷⁾ Alegaron a suspensión da actividade profesional ou por ter pechado o seu negocio propio.

⁸⁸⁾ Esperaban retomar a súa actividade 46,9% durante a primeira e 80,0% durante a segunda onda da pandemia.

5.10.2 Lugar de residencia

A totalidade das persoas que respondeu este ítem residían en Galicia.

5.10.3 Ámbitos académicos

As expectativas de retomar a actividade abranxen á totalidade de tituladas das ramas das Artes e Humanidades e 66,7% da Xurídico-Social.

5.10.4 Tipoloxía de estudos

As expectativas son totais entre graduadas e licenciadas, ben como metade das diplomadas.

5.10.5 Promoción académica

As expectativas de retomar a actividade ou negocio son totais entre as tituladas nas promocións de 1990-2000 e 66,7% entre 2011-15.

5.10.6 Sector económico

As expectativas na retoma da actividade son totais entre as tituladas que traballaban no sector do ensino/docencia e nulas nas que exercían actividades profesionais.

5.10.7 Área funcional de traballo

Contan con retomar a súa actividade económica a totalidade de tituladas que traballaban en entidades/empresas sen áreas funcionais diferenciadas e ningunha das que o facía na área de servizos.

5.10.8 Categoría profesional

A totalidade de técnicas cualificadas inquiridas mostráronse optimistas na retoma da súa actividade ou negocio suspendido ou pechado durante o ano 2021 contra as nulas esperanzas das que tiñan empregos non cualificados.

5.10.9 Tamaño da empresa/entidade

Mostrouse confiante en retomar a actividade suspendida ou pechada durante o ano 2021 a totalidade de tituladas que traballaban en microempresas contra as nulas expectativas das traballadoras autónomas.

5.11 Procura de emprego durante o ano 2021

Neste apartado é analizada a proporción de persoas tituladas que procuraron emprego entre o 1 de xaneiro e o 1 de setembro de 2021.

5.11.1 Resultados globais e por xénero

A maioría de persoas tituladas (75,6%) procurou emprego durante o período avaliado do ano 2021⁸⁹, sendo estatisticamente significativa a maior proporción masculina (82,4%) que a feminina (72,9%).

En relación á situación socio-laboral previa, as persoas que xa estaban desempregadas procuraron emprego en maior proporción (79,5%) das que perderon o emprego durante o ano 2021 (74,4%).

5.11.2 Lugar de residencia

Segundo o lugar de residencia, procurou emprego o 77,3% de titulados/as residentes en Galicia contra a metade no resto do mundo e o 66,7% noutras Comunidades Autónomas.

5.11.3 Ámbitos académicos

Salvo nas Ciencias da Saúde (0,0%), a taxa de procura de emprego foi maioritaria en todas as ramas académicas segundo a seguinte secuencia: Artes e Humanidades (88,9%), Científica (81,0%), Multidisciplinar (75,0%), Xurídico-Social (73,6%) e Tecnoloxica (69,0%).

5.11.4 Tipoloxía de estudos

Procuraron emprego a maioría de persoas tituladas segundo a seguinte secuencia: licenciados/as (82,8%), titulados/as en mestrado universitario (81,0%), graduados/as (73,5%), doutores/as (72,7%), enxeñeiros/as superiores e enxeñeiros/as técnicos/as (70,0% ambos) e diplomados/as (68,6%).

5.11.5 Promoción académica

A procura de emprego foi total entre as persoas egresadas entre 1990-95, seguida polo 81,3% de titulados/as entre 2016-21, 81,0% entre 1996-00, 74,6% entre 2011-15, 73,3% entre 2006-10 e 62,1% entre 2001-05.

5.12 Evolución da taxa de desemprego durante o ano 2021

5.12.1 Resultados globais

Durante o período avaliado do ano 2021 a taxa de desemprego das persoas tituladas da UVigo experimentou un aumento⁹⁰ do 3,0%, pasando dun 6,6% en xaneiro de 2021 a un 6,8% en setembro de 2021.

⁸⁹) Durante a primeira onda da pandemia (marzo-xuño de 2020) foi de 79,4% e do 74,6% durante a segunda onda (setembro-decembro de 2020).

⁹⁰) Durante a primeira onda (marzo-xuño de 2020) aumentou un 97,89% (pasou do 4,7% ao 9,3%) e caíu un 7,1% na segunda onda (do 7,0% ao 6,5% entre setembro-decembro de 2020).

Cadro nº151: Variación global da taxa de desemprego durante o ano 2021

	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
Global	6,6	6,8	+3,0

5.12.2 Análise por xénero

Tal como mostra o Cadro nº152, a taxa de desemprego seguiu unha evolución oposta: diminuíu entre os homes (-14,0%) e aumentou nas mulleres (+11,0%).

Cadro nº152: Variación da taxa de desemprego durante o ano 2021 por xénero

	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
Homes	5,7	4,9	-14,0
Mulleres	7,3	8,1	+11,0

5.12.3 Lugar de residencia

A taxa de desemprego rexistrada no período avaliado diminuíu entre os antigos estudantes da UVigo emigrados no estranxeiro (-45,3%) e noutras Comunidades Autónomas (-15,8%) mentres que aumentou en Galicia (+8,5%).

Cadro nº153: Variación porcentual da taxa de desemprego durante o ano 2021 segundo o lugar de residencia

	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
Galicia	7,1	7,7	+8,5
Outra Comunidade Autónoma	3,8	3,2	-15,8
Resto do mundo	6,4	3,5	-45,3

5.12.3.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

5.12.3.1.1 Provincias

Tal como mostra o Cadro nº154, apenas os residentes en Lugo viron diminuída a taxa de desemprego, sendo maior os incrementos en Ourense e na Coruña.

Cadro nº154: Variación porcentual da taxa de desemprego durante o ano 2021 das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
A Coruña	6,1	6,7	10,4
Lugo	10,0	7,1	-28,6
Ourense	4,3	5,5	27,3
Pontevedra	7,9	8,5	7,2

5.12.3.1.2 Comarcas

As persoas tituladas da UVigo residentes na comarca de Fisterra e Valdeorras pasaron dunha situación de pleno emprego (desemprego 0) a rexistrar un desemprego de 25,5% e 7,7%, respectivamente.

Conservan a súa situación de ausencia de desemprego as persoas tituladas residentes nas comarcas da Baixa Limia, A Mariña Central, A Mariña Occidental, Allariz-Maceda, Arzúa, Bergantiños, Betanzos, O Eume, O Ribeiro, O Sar, Ordes, Os Ancares, Quiroga, Sarria, terras de Celanova, Melide, Soneira e de Trives, ben como Viana.

No entanto, duplican a taxa de desemprego inicial as persoas tituladas da UVigo residentes nas comarcas de Noia e da Paradanta (+100,0% ambas), seguidas, a máis distancia, por Ourense (+66,7%), O Baixo Miño (+50,0%), O Salnés (+40,0%), O Morrazo (+14,3%), A Coruña (+12,5%), Pontevedra (+6,7%) e Vigo (+6,6%).

Non se produce mudanza na taxa de desemprego das persoas tituladas residentes nas comarcas Santiago, Caldas, Ferrol, Lugo, Tabeirós-Terra de Montes, O Deza, Terra de Lemos e A Limia.

En 6 das 45 comarcas avaliadas produciuse unha baixada da taxa de desemprego. En dúas delas pasouse dunha situación con existencia de desemprego a pleno emprego (Chantada e Verín). As baixadas más pronunciadas rexistráronse no Carballiño e Terra Chá (-50,0% ambas), A Barbanza (-33,3%) e O Condado (-28,6%).

O Anexo 89 mostra a variación porcentual da taxa de desemprego durante o ano 2021 das persoas tituladas que residen en Galicia por comarcas.

5.12.3.2 Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

5.12.3.2.1 Comunidades Autónomas

En setembro de 2021 as persoas tituladas residentes en 8 das 16 Comunidades Autónomas conservaban a situación de pleno emprego de xaneiro. Cantabria e A Rioxa pasaron dunha situación de pleno emprego para outra con desemprego (14,3% e 33,3%, respectivamente). A taxa de desemprego non mudou en Asturias e Canarias, diminuíndo o 100,0% en Castela-A Mancha, que pasou a unha situación de pleno emprego, ben como o 50,0% en Cataluña e Comunidade de Madrid.

O Anexo 90 mostra variación porcentual experimentada pola taxa de desemprego durante o ano 2021 das persoas tituladas que residen noutras Comunidades Autónomas.

5.12.3.2.2 Provincias

A taxa de desemprego viuse reducida en tres provincias, Guadalaxara, cunha redución do 100,0%, seguidas por Barcelona e Madrid (-50,0% ambas). Polo contrario, pasaron dunha situación de pleno emprego a rexistrar desemprego os residentes na Rioxa e Cantabria. En 3 das 35 provincias con pre-

senza de antigos estudantes da UVigo o desemprego ficou inalterado (Asturias, As Palmas e Santa Cruz de Tenerife). O resto de provincias mantiveron a súa situación inicial de pleno emprego.

Para máis informacións, o Anexo 91 reflicte a variación porcentual experimentada na taxa de desemprego durante o ano 2021 das persoas tituladas que residen noutras Comunidades Autónomas por provincias.

5.12.3.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

Países Baixos foi o único país destino da emigración dos antigos estudantes da UVigo que rexistrou un aumento na taxa de desemprego, pasando dunha situación de pleno emprego a unha taxa de desemprego de 25%. Na maioría de casos a taxa de desemprego non se viu afectada, quer conservando unha situación de pleno emprego (27 países), quer o desemprego existente en xaneiro de 2021, como foi o caso dos EUA, Marrocos, México e Suecia.

A taxa de desemprego reduciuse en 6 dos 37 países avaliados: en cinco deles pasouse dunha situación con presenza de desemprego a unha outra de pleno emprego (Alemaña, Colombia, Irlanda, Portugal e Reino Unido) e no Ecuador reduciuse á metade.

O Anexo 92 reflicte a variación porcentual experimentada da taxa de desemprego durante o ano 2021 das persoas tituladas que residen no resto do mundo por países.

5.12.4 Ámbitos académicos

A taxa de desemprego diminuíu nas persoas que realizaron titulacións da rama Multidisciplinar, Ciencias da Saúde e Tecnolóxica.

Cadro nº155: Variación da taxa de desemprego durante o ano 2021 segundo os ámbitos académicos

	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
Artes e Humanidades	11,8	13,4	13,8
Ciencias da Saúde	4,3	3,4	-20,0
Científico	6,8	7,2	5,6
Multidisciplinar	10,0	6,7	-33,3
Tecnolóxico	5,1	4,1	-19,4
Xurídico-Social	6,5	7,2	10,5

5.12.5 Tipoloxía de estudos

O desemprego, tal como mostra o Cadro nº155, diminuíu entre enxeñeiros/as técnicos/as, titulados/as en mestrado universitario, doutores/as e enxeñeiros/as superiores/as.

Cadro nº156: Variación da taxa de desemprego durante o ano 2021 segundo a tipoloxía de estudos

	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
Diplomatura	4,9	6,8	39,3
Doutoramento	8,3	7,4	-10,0
Enxeñaría Superior	3,5	3,2	-8,3
Enxeñaría Técnica	6,1	3,7	-40,0
Grao	10,7	12,3	14,8
Licenciatura	6,6	6,6	0,0
Mestrado Universitario	12,5	10,7	-14,3
Título propio	0,0	0,0	=

5.12.6 Titulacións

Pasaron dunha situación con existencia de desemprego para outra de pleno emprego (taxa de desemprego nula) os graduados/as en Turismo e Dereito, Enxeñaría Técnica Forestal, Grao en Ciencias do Mar e licenciados/as en Filoloxía Galega e en Ciencias Económicas.

Logo a seguir, as maiores baixadas na taxa de desemprego déreronse entre os graduados/as en Administración e Dirección de Empresas (-75,0%), licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e en Dereito Económico-Empresarial (-66,7%), Psicopedagoxía e en Publicidade e Relacións Públicas (-50,0%), licenciados/as en Comunicación Audiovisual e en Tradución e Interpretación, Grao en Enfermaría e Enxeñaría Técnica Agrícola (-33,3% cada unha), Enxeñaría Industrial (-28,6%) e en Enxeñaría Técnica Industrial (-25,0%).

As persoas graduadas en Bioloxía, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Educación Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos, ben como na Licenciatura en Economía e en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión durante o ano 2021 pasaron dunha situación de pleno emprego (desemprego 0) a unha outra con existencia de desemprego.

Os maiores aumentos na taxa de desemprego rexistráronse entre os graduados/as en Publicidade e Relacións Públicas (+300,0%), Grao en Enxeñaría Mecánica e licenciados/as en Ciencias Empresariais e Filoloxía Hispánica (100,0% cada unha), diplomados/as en Educación Social e Relacións Laborais (66,7% ambas), Licenciatura en Química, Diplomatura en Profesorado de EXB e Grao en Educación Primaria (+50,0% cada unha), Diplomatura en Mestre/a (41,7%) e Licenciatura en Belas Artes (+40,0%).

Por outro lado, non mudaron a súa situación de pleno emprego (taxa de desemprego nula) as persoas tituladas en 27 titulacións. Alén diso, a taxa de desemprego ficou inalterada entre as persoas tituladas nas diplomaturas en Traballo Social e en Turismo, Enxeñaría de Minas, graos en Belas Artes, Dirección e Xestión Pública, Fisioterapia e en Traballo Social, licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas, Dereito e en Historia.

Os Cadros nº156 e nº157 mostran as dez titulacións en que se produciron as maiores diminucións e incrementos, respectivamente, da taxa de desemprego.

Cadro nº157: Titulacións en que se produciu a maior diminución da taxa de desemprego

Titulación	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
Grao en Turismo	25,0	0,0	<<
Enxeñaría Técnica Forestal	20,0	0,0	<<
Grao en Dereito	20,0	0,0	<<
Grao en Ciencias do Mar	16,7	0,0	<<
Licenciatura en Filoloxía Galega	16,7	0,0	<<
Licenciatura en Ciencias Económicas	6,3	0,0	<<
Grao en Administración e Dirección de Empresas	14,8	3,7	-75,0
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	10,7	3,6	-66,7
Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial	12,2	4,1	-66,7
Licenciatura en Psicopedagoxía	5,6	2,8	-50,0
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	3,9	2,0	-50,0
Licenciatura en Traducción e Interpretación	5,3	3,5	-33,3
Enxeñaría Técnica Agrícola	10,3	6,9	-33,3
Grao en Enfermaría	20,0	13,3	-33,3
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	18,8	12,5	-33,3
Enxeñaría Industrial	4,4	3,2	-28,6
Enxeñaría Técnica Industrial	5,3	4,0	-25,0

Cadro nº158: Titulacións en que se produciu o maior incremento da taxa de desemprego

Titulación	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
Grao en Bioloxía	0,0	25,0	>>
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,0	16,7	>>
Grao en Educación Social	0,0	16,7	>>
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	0,0	7,7	>>
Licenciatura en Economía	0,0	6,7	>>
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	0,0	2,7	>>
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	7,1	28,6	+300,0
Grao en Enxeñaría Mecánica	16,7	33,3	+100,0
Licenciatura en Ciencias Empresariais	2,1	4,3	+100,0
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	13,6	27,3	+100,0
Diplomatura en Educación Social	9,7	16,1	+66,7
Diplomatura en Relacións Laborais	4,4	7,4	+66,7
Licenciatura en Química	6,9	10,3	+50,0
Diplomatura en Profesorado de EXB	5,7	8,6	+50,0

Titulación	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
Grado en Educación Primaria	16,7	25,0	+50,0
Diplomatura en Mestre/a	8,5	12,0	+41,7
Licenciatura en Belas Artes	12,8	17,9	+40,0
Licenciatura en Biología	5,0	6,7	+33,3
Grado en Educación Infantil	30,0	40,0	+33,3
Enxeñaría de Telecomunicación	3,3	4,2	+25,0
Licenciatura en Filología Inglesa	12,9	16,1	+25,0

O Anexo 93 mostra a variación porcentual da taxa de desemprego durante o ano 2021 por titulacións.

5.12.7 Promoción académica

Mentres que o desemprego baixou aproximadamente un 10% nas promocións más recentes e entre 2001-10, aumentou nas más vellas (1990-2000) e entre 2011-15.

Cadro nº 159: Variación porcentual da taxa de desemprego durante o ano 2021 segundo a promoción académica

	Xaneiro de 2021	Setembro de 2021	Variación
1990-1995	3,2	5,3	66,7
1996-2000	4,7	6,0	27,8
2001-2005	5,3	4,8	-10,0
2006-2010	6,3	5,7	-10,5
2011-2015	7,7	8,5	10,9
2016-2021	14,7	13,2	-10,3

6. O impacto da pandemia no modo de traballo durante o ano 2021

6.1 Modalidade de traballo durante o ano 2021

Este apartado avalía o modo de traballo implementado polas empresas/entidades en que traballan os antigos estudantes da UVigo para continuar a súa actividade entre xaneiro e setembro de 2021. A efectos de análise diferenciaríronse as modalidades de traballo remoto ou teletraballo das presenciais e semipresenciais, ben como as situacións afectadas por Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ou figura semellante no estranxeiro) e en casa sen actividade laboral.

6.1.1 Resultados globais e por xénero

A porcentaxe de persoas tituladas empregadas que traballaron no seu lugar habitual (ben con "normalidade" ou con restricións) ascendeu ao 42,6%, ficando 7,8 puntos porcentuais abaixo dos que teletraballaron ou fixeron traballo remoto de forma parcial (26,0%) ou total (24,4%). Por xéneros, foi maior a proporción de homes que traballaron de casa, quer de forma completa (26,1% contra 23,1% de mulleres), quer de forma semipresencial (28,6% contra 24,1%).

As persoas inquiridas que estiveron afectadas por ERTE (ou figura similar no estranxeiro) representan o 3,5% de todos os empregados/as, vénzose afectadas máis mulleres que homes.

Os empregados/as que atravesaron este período en casa sen traballar por estaren de baixa (1,1%), en excedencia (0,1%), en casa sen teletraballar (0,8%) ou teren suspendido temporariamente a súa actividade económica debido ás restricións (1,5%), alcanzou o 3,5%.

En definitiva, entre os inquiridos que traballaron durante o ano 2021, o grupo maioritario (50,4%) estivo formado polos que teletraballaron parcial ou totalmente, seguidos polos que traballaron no seu lugar habitual (42,6%). Un 3,5% estivo en ERTE e outro 3,5% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral⁹¹.

Cadro nº160: Modo de traballo durante o ano 2021

	Global	Homes	Mulleres
Non lle afectou (baixa laboral)	1,1	0,1	1,8
Non lle afectou (en excedencia)	0,1	0,0	0,2
Estivo en casa sen teletraballar	0,8	0,6	0,9
Estivo en ERTE (ou figura similar no estranxeiro)	3,5	2,9	4,0
Estivo facendo teletraballo ou traballo remoto	24,4	26,1	23,1
Estivo facendo teletraballo parcialmente con traballo presencial	26,0	28,6	24,1
Suspensión temporal de actividade/negocio debido ás restricións	1,5	1,1	1,7
Traballo con "normalidade" no lugar de traballo habitual	34,2	32,2	35,7
Traballo no lugar de traballo habitual pero con restricións (horarios especiais, quedadas...)	8,4	8,3	8,4

Por xéneros, tal como mostra o Cadro nº160, é significativa a maior proporción de homes que teletraballaron (54,7% contra 47,2% de mulleres), o que se traduce na maior porcentaxe de mulleres que tiveron que traballar presencialmente (44,1% contra 40,5% de homes) ou en casa sen actividade laboral (2,9% contra 0,7%).

6.1.2 Lugar de traballo

Existen diferenzas estatisticamente significativas (p -valor<0,05) segundo o lugar de traballo. Así sendo, en Galicia houbo máis traballo presencial (48,0%) que noutras Comunidades Autónomas (28,8%) e no estranxeiro (19,6%). Os titulados/as emigrados ao estranxeiro teletraballaron máis que en Galicia e noutras Comunidades Autónomas (76,6% contra 45,6% e 66,8%, respectivamente).

⁹¹Durante o grande confinamento (marzo-xuño de 2020) a maioría (54,0%) teletraballou, seguido polos que traballaron presencialmente (34,1%). Un 5,7% estivo en ERTE e o 3,8% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral. Durante a segunda onda da pandemia (setembro-decembro de 2020) a maioría (52,9%) traballou presencialmente, seguido polos que teletraballaron (42,8%). Un 2,3% estivo en ERTE e o 2,0% permaneceu en casa sen traballar.

Houbo más persoas afectadas por ERTEs en Galicia (3,2%) que noutras Comunidades Autónomas (2,8%) e no estranxeiro (2,2%). A proporción de persoas en casa sen teletraballar en Galicia (3,1%) duplicou á doutras Comunidades Autónomas e no estranxeiro.

Cadro nº161: Modo de traballo durante o ano 2021 segundo o lugar de traballo

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
En casa sen actividade laboral	3,1	1,5	1,6
En ERTE	3,2	2,8	2,2
Teletraballo/Traballo remoto	20,6	34,0	46,2
Traballo semipresencial	25,0	32,8	30,4
Traballo presencial	48,0	28,8	19,6

6.1.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

6.1.2.1.1 Provincias

Na Coruña⁹² o teletraballo total e parcial estivo implantado de forma maioritaria (53,3%). Pola contra, o traballo presencial foi maioritario en Ourense (61,1%) e Lugo (50,9%). Houbo más persoas afectadas por ERTEs e en casa sen actividade laboral en Lugo (5,3% ambas).

Cadro nº162: Modo de traballo durante o ano 2021 das persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias

	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo/ Traballo remoto	Traballo semipresencial	Traballo presencial
A Coruña	1,8	1,1	24,8	28,5	43,8
Lugo	5,3	5,3	12,3	26,3	50,9
Ourense	3,9	2,5	13,2	19,3	61,1
Pontevedra	3,1	3,9	22,0	25,6	45,3

6.1.2.1.2 Comarcas

O teletraballo estivo máis implantado entre as persoas tituladas que traballan nas comarcas de Ordes (50,0%), Santiago (37,1%), Bergantiños, Betanzos e Fisterra (33,3% cada unha), Caldas (30,0%), Vigo (25,1%), A Coruña (20,6%) e Allariz-Maceda e Terra Cha (25,0% ambas).

Polo contrario, o traballo presencial foi a única opción de traballo nas comarcas da Barcala, Paradanta, Sarria, Terra de Melide e Terra de Soneira, ben como predominante na Terra de Lemos, Noia e Terra de Celanova (83,3% cada unha), A Limia (75,0%), Tabeirós-Terra de Montes, Verín e O Carballiño (71,4% cada unha) e Valdeorras (70,0%).

⁹²⁾ As persoas tituladas empregadas nesta provincia xa rexistrara a máxima implantación do teletraballo durante a primeira onda da pandemia (55,6%), contra Lugo (39,7%), Ourense (45,4%) e Pontevedra (48,7%). Durante a segunda onda A Coruña tamén rexistrou a máxima implantación do teletraballo total (25,8%) e parcial (27,2%).

O traballo semipresencial foi total na Ulloa e Os Ancares e maioritario en Viana e A Mariña Occidental (50,0% ambas). A presenza de Ertes foi significativa entre os titulados/as que traballan en Chantada (33,3%), Noia (16,7%), O Ribeiro (13,3%) e Caldas (10,0%).

O Anexo 94 mostra a distribución porcentual do modo de traballo durante o ano 2021 das persoas tituladas que traballan en Galicia por comarcas.

6.1.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas

6.1.2.2.1 Comunidades Autónomas

O teletraballo foi predominante entre as persoas que traballan en Aragón (60,0%), Cataluña (43,6%) e Comunidade de Madrid (41,1%). Polo contrario, o traballo presencial abranxeu á maioría de titulados/as emigrados nas Canarias (77,8%), Estremadura (66,7%), Castela-A Mancha (63,6%), A Rioxá e Rexión de Murcia (50,0% ambas). Os Ertes foron más frecuentes en Navarra (14,3%), Asturias (7,7%) e País Basco (7,1%), onde houbo igual proporción de persoas que estiveron en casa sen traballar.

O Anexo 95 mostra a distribución porcentual do modo de traballo durante o ano 2021 das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas.

6.1.2.2.2 Provincias

O Anexo 96 mostra a distribución porcentual do modo de traballo durante o ano 2021 das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

6.1.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

O teletraballo foi a única modalidade de traballo entre as persoas tituladas emigradas en Andorra, Brasil, Canadá, Países Baixos, Polonia e Tunisia, sendo maioritaria no Perú (80,0%), Irlanda (66,7%), Dinamarca (60,0%), Reino Unido (58,6%), Bélgica (57,1%) e Alemaña (51,7%). Polo contrario, o traballo presencial foi total en Costa Rica, Estonia, Finlandia, Nicaragua e Tailandia e predominante en Australia (66,7%), Arxentina, Colombia e Ecuador (50,0% cada un). A semipresencialidade impúxose de forma exclusiva no Casaquistán, Chile, Eslovaquia e Indonesia, ben como en Noruega (66,7%), Portugal, Austria, Chequia, Luxemburgo e México (50,0% cada un).

O Anexo 97 reflicte, por países, o modo de traballo durante o ano 2021 das persoas tituladas que traballan no resto do mundo.

6.1.3 Ámbitos académicos

O teletraballo ou traballo remoto estivo máis implantado entre os titulados/as de perfil Tecnolóxico (35,6%) e das Artes e Humanidades (29,4%) contra o mínimo das Ciencias da Saúde (2,7%). Dita rama académica tivo a máxima implantación do traballo presencial (84,8%) e, de forma predominante, a Multidisciplinar (50,0%). A inclusión en ERTE foi significativa entre as persoas tituladas dos ámbitos das

Artes e Humanidades (8,6%). A ausencia de actividade laboral foi significativa entre as persoas tituladas do ámbito Multidisciplinar (15,0%), Ciencias da Saúde (6,3%) e das Artes e Humanidades (6,1%).

Cadro nº163: Modo de traballo durante o ano 2021 segundo os ámbitos académicos

	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo semipresencial	Traballo presencial
Artes e Humanidades	6,1	8,6	29,4	22,8	33,0
Ciencias da Saúde	6,3	1,8	2,7	4,5	84,8
Científico	0,0	1,7	20,5	37,6	40,2
Multidisciplinar	15,0	0,0	10,0	25,0	50,0
Tecnolóxico	1,0	3,0	35,6	26,0	34,3
Xurídico-Social	4,7	3,6	19,7	26,4	45,6

6.1.4 Tipoloxía de estudos

O teletraballo estivo máis implantado entre enxeñeiros/as superiores/as (43,8%) e titulados/as en mestrado (30,4%) que en diplomados/as (13,3%). O traballo presencial apenas foi maioritario entre diplomados/as (61,7%). Os ERTEs foron máis frecuentes entre graduados/as (5,0%), licenciados/as (4,5%) e titulados/as en mestrados universitarios (3,6%).

Cadro nº164: Modo de traballo durante o ano 2021 segundo a tipoloxía de estudos

	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo semipresencial	Traballo presencial
Diplomatura	5,0	3,1	13,3	16,8	61,7
Doutoramento	1,8	0,9	27,5	46,8	22,9
Enxeñaría Superior	1,2	0,6	43,8	26,1	28,3
Enxeñaría Técnica	1,3	5,6	22,9	28,1	42,0
Grado	6,0	5,0	24,0	22,0	43,0
Licenciatura	3,6	4,5	22,6	30,8	38,5
Mestrado Universitario	3,6	3,6	30,4	21,0	41,3
Título propio	0,0	0,0	12,5	25,0	62,5

6.1.5 Titulacións

O teletraballo foi a única modalidade de traballo durante o ano 2021 entre os enxeñeiros/as técnicos/as de Telecomunicación, graduados/as en Enxeñaría en Organización Industrial, en Enxeñaría en Química Industrial e en Enxeñaría Informática, ben como da maioría de titulados en Enxeñaría en Informática (74,2%), Grado en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (66,7%), Enxeñaría de Telecomunicación (60,5%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (57,1%) e graduados/as en Enxeñaría Mecánica e en Tradución e Interpretación (50,0% ambas). Non houbo traballo remoto en 16 das 77 titulacións avaliadas neste estudo.

Porén, o traballo presencial foi total entre os graduados/as en Ciencias Ambientais, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, e predominante entre os diplomados/as en Enfermaría (88,6%), graduados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Educación Social e Fisioterapia (80,0% cada unha), Diplomatura en Graduado Social (77,8%), Grao en Enfermaría (76,9%) e Diplomatura en Fisioterapia (75,0%).

Os ERTEs (ou figura semellante no estranxeiro) atinxiron niveis notábeis entre graduados/as en Enxeñaría Eléctrica (33,3%), diplomados/as en Turismo (30,0%), graduados/as en Bioloxía, Turismo e Enxeñaría Mecánica (25,0% cada unha), graduados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e en Belas Artes (20,0% ambas), Enxeñaría Técnica Agrícola e licenciados/as en Filoloxía Inglesa e en Comunicación Audiovisual (15,4% cada unha), Licenciatura en Filoloxía Hispánica e Grao en Linguas Estranxeiras (14,3% ambas), Licenciatura en Historia e Grao en Publicidade e Relacións Públicas (11,1% ambas).

O Anexo 98 reflicte a modalidade de traballo durante o ano 2021 por titulacións.

6.1.6 Promocións académicas

A implantación do teletraballo a tempo total oscilou entre o máximo de 27,8% nas promocións 1990-95, 2016-21 e 2001-05 e mínimo de 23,1% entre 2006-10. O traballo presencial apenas foi maioritario (50,6%) na promoción más antiga. Houbo titulados/as afectados por ERTEs en todas as promocións, oscilando do mínimo de 1,1% de titulados/as entre 1990-95 ao máximo de 5,3% entre 2016-21.

Cadro nº165: Modo de traballo durante o ano 2021 segundo a promoción académica

	En casa sen actividad laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo semipresencial	Traballo presencial
1990-1995	2,8	1,1	17,6	27,8	50,6
1996-2000	2,3	3,7	19,3	25,2	49,6
2001-2005	3,3	3,6	22,3	27,8	43,0
2006-2010	3,9	2,8	29,4	23,1	40,9
2011-2015	3,7	4,4	26,3	26,7	38,9
2016-2021	5,3	5,3	27,2	27,8	34,4

6.1.7 Rama de actividade

A implantación do teletraballo total foi máis alta nas entidades non lucrativas e empresa privada (entre 28,9-29,8%) que no sector público (17,8%). O traballo presencial foi máis frecuente no ámbito público (49,1%) contra o mínimo das entidades non lucrativas (36,5%). Só houbo titulados/as afectados por ERTEs na empresa privada (5,0%).

Cadro nº166: Modo de traballo durante o ano 2021 segundo a rama de actividade

	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo semipresencial	Traballo presencial
Ámbito público	2,7	0,0	17,8	30,2	49,1
Empresa privada	2,8	5,0	28,9	24,6	38,7
Entidade non lucrativa	1,9	0,0	29,8	31,7	36,5

Para máis informacións o Anexo 99 reflicte, por lugar de traballo, a modalidade de traballo durante o ano 2021 segundo a rama de actividade.

6.1.8 Sectores económicos

Durante o ano 2021 o teletraballo total foi maioritario entre os titulados/as empregados no sector de servizos informáticos (81,1%), telecomunicacións/IT (71,3%) e consultoría (50,0%), seguidos, a máis distancia, por loxística, transporte e distribución (41,9%), investigación (32,3%) e aeroespacial (30,8%). O teletraballo parcial foi notábel entre os titulados/as que traballan no sector primario (42,1%), minaría (41,7%), banca, servizos financeiros e seguros (41,6%) e investigación (40,6%).

O traballo presencial foi predominante na madeira (83,3%), defensa e seguranza (81,8%), sanitario/saúde (80,3%), metalurxia e eléctrico (68,5%) e actividades inmobiliarias (62,5%).

Os sectores más afectados por ERTEs foron o turismo e restauración (41,2%), cultura e entretenimento e actividades físico/deportivas (16,7% ambos), papel, gráficas, edición e reproducción (12,5%), comercio (11,4%), construcción e automoción (10,2% ambos).

Finalmente, a permanencia en casa sen calquera actividade laboral foi significativa no sector turístico e da restauración (23,5%), actividades físico/deportivas e inmobiliarias (12,5 ambas) e cultura e entretenimento (11,1%).

O Anexo 100 mostra a distribución porcentual do modo de traballo durante o ano 2021 segundo o sector económico. De forma complementaria, o Anexo 101 reflicte o modo de traballo segundo o sector económico por lugar de traballo.

6.1.9 Área funcional de traballo

Tan só teletraballaron de forma maioritaria os titulados/as empregados no sector da informática e tecnoloxía (72,2%), seguidos, a máis distancia, por I+D+i (35,3%), vendas/marketing (33,6%) e compras (33,3%). Nas empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas o teletraballo alcanzou o 13,8%. As modalidades de traballo semipresencial foron más frecuentes en xestión de proxectos (45,5%), I+D+i (39,1%), administración e finanzas (35,3%), enxeñaría e construcción (34,3%) e recursos humanos (34,2%).

Traballaron presencialmente a maioría de titulados/as empregados en prevención e saúde (75,5%), producción (62,1%), empresas/entidades sen áreas diferenciadas (55,1%), dirección xeral (54,1%), loxís-

tica e almacén (52,0%) e servizos (50,0%). As áreas más afectadas por ERTEs foron compras (9,5%), atención ao cliente/usuario (9,2%), calidade (8,6%) e vendas/marketing (5,6%).

Máis pormenorizadamente o Anexo 102 reflicte a distribución porcentual do modo de traballo durante o ano 2021 segundo a área funcional. Máis singularmente, o Anexo 103 mostra a modalidade de traballo segundo o departamento por lugar de traballo.

6.1.10 Categoría profesional

O teletraballo estivo máis implantado entre mandos intermedios (29,5%) e técnicos/as cualificados/as (25,3%) que nos empregos non cualificados (15,0%). O traballo presencial tan só foi maioritario entre persoas con empregos non cualificados (55,8%), colectivo que en maior parte se viu afectado por ERTEs (5,3%).

Cadro nº167: Modo de traballo durante o ano 2021 segundo a categoría profesional

	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo semipresencial	Traballo presencial
Directivo/a	2,8	1,4	21,6	27,2	47,0
Empregado/a non cualificado/a	6,2	5,3	15,0	17,7	55,8
Mando intermedio	1,2	3,9	29,5	27,4	38,0
Técnico/a cualificado/a	2,6	3,0	25,3	27,3	41,8

O Anexo 104 mostra a modalidade de traballo segundo a categoría profesional por lugar de traballo.

6.1.11 Tamaño da empresa/entidade

O teletraballo e o traballo semipresencial estiveron máis implantados nas empresas de tamaño grande (28,7% e 30,3%, respectivamente) e medio (27,0% e 26,8%, respectivamente) que nas microempresas (15,7% e 20,8%, respectivamente), onde o traballo presencial foi maioritario (53,4%).

É significativa a maior presenza de titulados/as afectados por ERTEs nas microempresas (5,9%) e pequenas empresas (5,2%) e entre os traballadores/as autónomos/as a existencia de persoas que estiveron en casa sen actividade laboral (10,3%).

Cadro nº168: Modo de traballo durante o ano 2021 segundo o tamaño da empresa

	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo semipresencial	Traballo presencial
Empresa individual	10,3	2,3	20,7	18,4	48,3
Microempresa	4,2	5,9	15,7	20,8	53,4
Pequena empresa	3,3	5,2	19,2	24,2	48,1
Mediana empresa	1,8	3,1	27,0	26,8	41,3
Grande empresa	1,8	1,8	28,7	30,3	37,4

O Anexo 105 mostra a modalidade de traballo segundo o tamaño da empresa por lugar de traballo.

6.2 Experiencia previa en teletraballo

As persoas tituladas que teletraballaron parcial ou totalmente entre xaneiro e setembro de 2021 foron inquiridas sobre a súa experiencia previa nesta modalidade de traballo remoto.

6.2.1 Resultados globais e por xénero

Entre as persoas que teletraballaron total ou parcialmente durante o ano 2021, a maioría (69,0%) teletraballara antes: o 37,4% durante a primeira onda da pandemia (entre marzo e xuño de 2020), o 3,0% durante a segunda onda (entre setembro e decembro de 2020) e o 28,6% antes da aparición da pandemia. Un 31,0% das persoas inquiridas teletraballou pola primeira vez durante o ano 2021.

A experiencia acumulada nesta modalidade de traballo desde o inicio da pandemia permitiu que se salvasen as diferenzas de experiencia inicialmente existentes, de modo a ser semellante a experiencia previa de homes (71,0%) e mulleres (67,2%).

Cadro nº169: Experiencia previa en teletraballo

	Global	Homes	Mulleres
Sen experiencia previa	31,0	29,0	32,8
Con experiencia anterior á irrupción da pandemia	28,6	34,2	23,7
Con experiencia durante a primeira onda da pandemia	37,4	34,6	39,8
Con experiencia durante a segunda onda da pandemia	3,0	2,1	3,7

6.2.2. Lugar de traballo

En xaneiro de 2021, antes da terceira onda da pandemia, a implantación do teletraballo era máis baixa en Galicia (66,2%) que no estranxeiro (81,9%) e noutras Comunidades Autónomas (71,6%). Unha pequena parcela iniciouse no teletraballo durante o ano 2021.

Cadro nº170: Experiencia previa en teletraballo segundo o lugar de traballo

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Sen experiencia previa	33,8	28,4	18,1
Con experiencia anterior á irrupción da pandemia	24,2	34,0	45,7
Con experiencia durante a primeira onda da pandemia	38,8	34,9	33,3
Con experiencia durante a segunda onda da pandemia	3,2	2,8	2,9

6.2.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

6.2.2.1.1 Provincias

Tiñan máis experiencia previa en teletraballo durante o ano 2021 as persoas tituladas que traballaban na Coruña (74,8%), Lugo (71,4%) e Pontevedra (65,1%) que en Ourense (56,3%).

Cadro nº171: Experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan en Galicia por provincias

	Sen experiencia	Anterior á pandemia	Durante a primeira onda	Durante a segunda onda
A Coruña	25,2	26,6	43,4	4,9
Lugo	28,6	33,3	33,3	4,8
Ourense	43,7	20,7	33,3	2,3
Pontevedra	34,9	23,7	38,7	2,7

6.2.2.1.2 Comarcas

Posuían experiencia previa no teletraballo a totalidade das persoas que traballan en nove das comarcas avaliadas, ben como a inmensa maioría de titulados/as na Coruña (80,8%), A Barbanza (80,0%), Santiago (78,1%), Pontevedra (70,9%), O Ribeiro e Vigo (66,7% ambas) contra a nula experiencia rexistrada nos titulados/as que traballan en dez comarcas.

O Anexo 106 mostra a experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan en Galicia por comarcas.

6.2.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas

6.2.2.2.1 Comunidades Autónomas

En catro das 16 Comunidades Autónomas a implantación do teletraballo era total antes da pandemia (Asturias, Canarias, A Rioxa e Rexión de Murcia), seguidas polas Illas Baleares (83,3%), Comunidade de Madrid (79,1%) e Andalucía (70,0%) contra a nula de Estremadura, Aragón (25,0%) e Cantabria (33,3%).

Máis pormenorizadamente, o Anexo 107 mostra a experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas.

6.2.2.2.2 Provincias

O Anexo 108 mostra a distribución porcentual da experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

6.2.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

Mostraron experiencia previa en teletraballo a totalidade das persoas tituladas que traballan en dezaíto dos países avaliados, ben como a maioría dos que traballan na Bélxica (83,3%), EUA (80,0%), Portugal (77,8%), Alemaña (77,3%), Brasil (75,0%) e Reino Unido (72,7%) contra a nula experiencia previa en Andorra, Eslovaquia e Indonesia.

O Anexo 109 mostra a distribución porcentual da experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan no resto do mundo por países.

6.2.3 Ámbitos académicos

A experiencia previa en teletraballo era máis alta nos perfís do ámbito Tecnolóxico (74,5%) e Científico (73,3%) que nas Ciencias da Saúde (37,5%).

Cadro nº172: Experiencia previa en teletraballo segundo os ámbitos académicos

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Sen experiencia	32,3	62,5	26,7	28,6	25,5	36,3
Anterior á pandemia	26,3	12,5	32,1	28,6	37,1	21,0
Durante a primeira onda	38,4	25,0	38,2	42,9	35,6	38,7
Durante a segunda onda	3,0	0,0	3,1	0,0	1,7	4,1

6.2.4 Tipoloxía de estudos

Existen diferenzas estatisticamente significativas segundo o tipo de estudos realizados. Así sendo, durante o ano 2021 posuían máis experiencia previa en teletraballo enxeñeiros/as superiores (77,6%), doutores/as (73,8%) e enxeñeiros/as técnicos/as (72,4%) que diplomados/as (55,4%), titulados/as en mestrado universitario e en títulos propios (66,7% ambos).

Cadro nº173: Experiencia previa en teletraballo segundo a tipoloxía de estudos

	Sen experiencia	Anterior á pandemia	Durante a primeira onda	Durante a segunda onda
Diplomatura	44,6	5,4	44,6	5,4
Doutoramento	26,3	30,0	41,3	2,5
Enxeñaría Superior	22,4	39,0	36,0	2,6
Enxeñaría Técnica	27,6	37,1	34,5	0,9
Grao	33,0	27,5	36,3	3,3
Licenciatura	32,1	28,1	36,3	3,4
Mestrado Universitario	33,3	33,3	33,3	0,0
Título Propio	33,3	0,0	66,7	0,0

6.2.5 Titulacións

Antes da terceira onda da pandemia de Covid-19 tiñan experiencia en teletraballo a totalidade de persoas tituladas da UVigo en 14 das 70 titulacións avaliadas, sendo maioritaria en 32 delas. A falta de experiencia era total entre os graduados/as en Educación Infantil, Enxeñaría Agraria e en Enxeñaría Eléctrica.

Para máis informacións, o Anexo 110 mostra a distribución proporcional da experiencia previa en teletraballo das persoas tituladas da UVigo por titulacións.

6.2.6 Promoción académica

As promocións entre 2001-2015 (aproximadamente 72-73%) mostraron ser más experientes que as más antigas (61,3%).

Cadro nº174: Experiencia previa en teletraballo segundo a promoción académica

	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2021
Sen experiencia	38,8	44,2	27,8	27,8	27,3	31,7
Anterior á pandemia	16,3	20,8	29,8	32,5	33,7	22,0
Durante a primeira onda	41,3	31,8	39,7	36,8	36,0	43,9
Durante a segunda onda	3,8	3,2	2,8	2,9	3,0	2,4

6.2.7 Rama de actividade

Segundo a rama de actividade, o teletraballo estaba más implantado nas entidades sen ánimo de lucro (79,7%) e empresa privada (71,7%) que no sector público (61,9%)

Cadro nº175: Experiencia previa en teletraballo segundo a rama de actividade

	Sen experiencia	Anterior á pandemia	Durante a primeira onda	Durante a segunda onda
Ámbito público	38,1	14,2	44,4	3,3
Empresa privada	28,3	36,2	32,8	2,7
Entidade non lucrativa	20,3	28,1	48,4	3,1

6.2.8 Sectores económicos

Antes da terceira onda da pandemia, na altura de xaneiro de 2021, posuían experiencia en teletraballo, tal como mostra o Cadro nº176, a totalidade de persoas tituladas que traballan nos sectores aeroespacial, turismo e restauración e xestión ambiental, ben como industria química, plástico, vidro e envases (88,9%), telecomunicacións/IT (85,4%), comercio, servizos informáticos e téxtil e confección (83,3% cada un), enerxía e utilities (82,9%) e alimentación/industria alimentar (80,0%). Todavía, care-

ción de experiencia os titulados/as que traballaban en actividades inmobiliarias, defensa e seguranza e madeira.

Cadro nº 176: Sectores económicos con más experiencia previa en teletraballo durante o ano 2021

Aeroespacial	100,0
Turismo e restauración/HORECA	100,0
Xestión ambiental	100,0
Industria química, plástico, vidro e envases	88,9
Telecomunicacións/IT	85,4
Comercio	83,3
Servizos informáticos	83,3
Téxtil e confección	83,3
Enerxía e utilities	82,9
Alimentación/Industria alimentaria	80,0
Servizos a empresas	77,6
Enxeñaría	76,7
Actividades físico/deportivas	75,0
Consultoría	75,0

Para máis información, o Anexo 111 mostra a distribución porcentual da experiencia previa en teletraballo das persoas tituladas da UVigo segundo o sector económico.

6.2.9 Área funcional de traballo

Posuían experiencia en teletraballo a totalidade de empregados/as no departamento de xestión de proxectos, seguido por dirección xeral (85,0%), informática e tecnoloxía (84,7%), calidade (83,3%) e compras (81,8%) contra os mínimos nas áreas de atención ao cliente/usuario (44,2%) e producción (48,1%).

Cadro nº 177: Experiencia previa en teletraballo segundo a área funcional de traballo

	Sen experiencia	Previa á pandemia	Primeira onda	Segunda onda
Administración e finanzas	40,7	13,8	38,6	6,9
Atención ao cliente/usuario	55,8	9,3	34,9	0,0
Calidade	16,7	30,0	50,0	3,3
Compras	18,2	54,5	27,3	0,0
Dirección xeral	15,0	42,5	42,5	0,0
Enxeñaría e construcción	24,3	34,0	35,9	5,8
Formación e ensino	42,0	14,2	40,7	3,1
I+D+i	26,7	31,0	40,5	1,7
Informática e tecnoloxía	15,3	52,6	31,4	0,7

	Sen experiencia	Previa á pandemia	Primeira onda	Segunda onda
Loxística e almacén	30,0	40,0	30,0	0,0
Prevención e saúde	37,5	6,3	43,8	12,5
Producción	51,9	22,2	25,9	0,0
Recursos humanos	30,0	25,0	45,0	0,0
Servizos	28,8	26,3	41,3	3,8
Vendas/marketing	30,8	35,4	30,8	3,1
Xestión de Proxectos	0,0	37,5	62,5	0,0
Sen áreas diferenciadas	26,0	42,0	30,0	2,0

6.2.10 Categoría profesional

No inicio de 2021 o teletraballo estaba máis estendido entre directivos/as (80,0%), técnicos/as cualificados (68,6%) e mandos intermedios (68,0%) que nos titulados/as con empregos non cualificados (62,2%).

Cadro nº178: Experiencia previa en teletraballo segundo a categoría profesional

	Sen experiencia	Previa á pandemia	Durante a primeira onda	Durante a segunda onda
Directivo/a	20,0	45,9	32,6	1,5
Empregado/a non cualificado/a	37,8	8,1	45,9	8,1
Mando intermedio	32,0	32,9	33,8	1,3
Técnico/a cualificado/a	31,4	25,7	39,2	3,7

6.2.11 Tamaño da empresa/entidade

A experiencia previa en teletraballo varía entre o máximo de empresas individuais (78,1%) e microempresas (73,2%) e o mínimo de 63,9% nas pequenas empresas.

Cadro nº179: Experiencia previa en teletraballo segundo o tamaño da empresa/entidade

	Sen experiencia	Previa á pandemia	Durante a primeira onda	Durante a segunda onda
Empresa individual	21,9	68,8	9,4	0,0
Microempresa	26,8	31,7	37,8	3,7
Empresa pequena	36,1	26,5	33,5	3,9
Mediana empresa	34,7	26,7	36,6	2,0
Grande Empresa	28,7	27,6	40,3	3,4

6.3 Axudas por suspensión de actividade

A suspensión de actividade causada polas restricións aplicadas entre xaneiro e setembro de 2021 afectou ao 1,5% das persoas tituladas que participaron neste estudo⁹³, sendo máis frecuente entre as mulleres (1,7%) que nos homes (1,1%). Este apartado avalía a parcela que recibiu axudas das administracións públicas logo de teren suspendido a súa actividade profesional por causas derivadas da pandemia.

6.3.1 Resultados globais e por xénero

Case a metade (48,5%) de persoas afectadas por esta situación recibiu axudas públicas⁹⁴. Por xéneros, receberon máis axudas as mulleres (50,0%) que os homes (45,5%).

6.3.2 Lugar de traballo

Segundo o lugar de traballo, receberon este tipo de axudas máis da metade de titulados/as que traballaban en Galicia (54,5%), metade noutras Comunidades Autónomas e ningún titulado/a afectado por esta situación no estranxeiro.

6.3.3 Ámbitos académicos

Receberon este tipo de axudas a totalidade de persoas afectadas das ramas da Ciencias da Saúde e Multidisciplinar, 60,0% das Artes e Humanidades, 42,9% da Xurídico-Social e 25,0% da Tecnolóxica.

6.3.4 Tipoloxía de estudos

Recebeu este tipo de axudas 75,0% de titulados/as con mestrado universitario, 72,7% de licenciados/as, ben como metade de diplomados/as, doutores/as e enxeñeiros/as técnicos/as contra ningún enxeñeiro/a superior e graduado/a.

6.3.5 Promoción académica

Por promocións, o desfrute deste tipo de axudas abranxe 75,0% de titulados/as entre 1996-00, 62,5% entre 2006-10, metade entre 2001-05 e un terzo entre 2011-21.

6.3.6 Sector económico

Somente 12 dos 34 sectores económicos avaliados neste estudo se viron afectados por unha suspensión de actividade ou peche do negocio propio, recebendo as axudas solicitadas a totalidade de empregados en actividades físico/deportivas, comercio e sanitario/saúde.

⁹³) 1,3% durante a primeira e 0,3% durante a segunda onda da pandemia.

⁹⁴) 53,3% durante a primeira e 71,4% durante a segunda onda da pandemia.

Cadro nº180: Axudas por suspensión de actividade

	%
Actividades físico/deportivas	100,0
Actividades inmobiliarias	0,0
Actividades profesionais	50,0
Administración pública	0,0
Alimentación/Industria alimentaria	0,0
Automoción	0,0
Comercio	100,0
Construcción	33,3
Ensino/Docencia	60,0
Medios de Comunicación/Audiovisuais	50,0
Sanitario/Saúde	100,0
Turismo e restauración/HORECA	50,0

6.3.7 Tamaño da empresa/entidade

As persoas que traballaban en empresas individuais e microempresas foron as más beneficiadas por este tipo de axudas (83,3% e 66,7%, respectivamente), seguidas pola metade das que o facían en empresas de tamaño mediano. Ningún titulado que traballaba en pequenas ou grandes empresas recibiu este tipo de axudas compensatorias.

6.4 Impacto da pandemia de Covid-19 na carga de traballo

Considerouse acaído incluír novamente unha cuestión sobre a influencia da situación creada pola pandemia durante o ano 2021 (restricións, implantación do traballo remoto, medidas de seguranza e hixiene...) na carga de traballo das persoas tituladas da UVigo.

6.4.1 Resultados globais e por xénero

Durante o ano 2021 case a metade de persoas tituladas (48,6%) viu aumentada a súa carga de traballo contra un 10,3% que referiu ter diminuído. Para o 41,1% restante o volume de traballo permaneceu inalterado⁹⁵. Porén, por xéneros, ao igual que na segunda onda, existen diferenzas estatisticamente significativas (p -valor<0,05). Así sendo, mentres que para a maioría de mulleres (52,4%) a pandemia contribuíu a aumentar a súa carga de traballo, esta sobrecarga afectou ao 43,5% de homes.

Cadro nº181: Incidencia da pandemia na carga de traballo

	Global	Homes	Mulleres
Aumentou	48,6	43,5	52,4
Diminuíu	10,3	11,1	9,7
Igual	41,1	45,4	37,9

⁹⁵ Durante a segunda onda da pandemia (setembro-decembro de 2021) a carga de traballo viuse aumentada no 44,0% de casos contra o 11,0% que a viu reducida.

6.5.2 Lugar de traballo

As condicións creadas pola pandemia durante o ano 2021 incidiron máis na carga de traballo das persoas tituladas que traballan en Galicia (50,2%) e noutras Comunidades Autónomas (48,5%) que no resto do mundo (40,8%).

Cadro nº182: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo o lugar de traballo

	Aumentou	Diminuíu	Igual
Galicia	50,2	10,5	39,3
Outra Comunidade Autónoma	48,5	7,1	44,5
Resto do mundo	40,8	10,9	48,4

6.5.2.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

6.5.2.1.1 Provincias

Debido ás condicións impostas pola pandemia durante o ano 2021 viuse más afectada a carga de traballo da maioría de persoas que traballan en Lugo (57,1%) e Ourense (54,3%). Os titulados/as que traballan na Coruña foron máis inelásticos ás mudanzas na súa carga de traballo (42,5%).

Cadro nº183: Incidencia da pandemia na carga de traballo das persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias

	Aumentou	Diminuíu	Igual
A Coruña	48,0	9,5	42,5
Lugo	57,1	5,4	37,5
Ourense	54,3	10,4	35,4
Pontevedra	49,2	11,1	39,7

6.5.2.1.2 Comarcas

Experimentaron un aumento na carga de traballo a totalidade de persoas que traballan nas comarcas da Mariña Occidental, A Ulloa e Os Ancares, ben como a maioría en Allariz-Maceda (80,0%), Bergantiños, Betanzos, Chantada, Fisterra, Noia, O Eume e Terra de Trives (66,7% cada unha), O Morrazo (60,5%), Ourense (58,8%), Terra de Lemos (58,3%), O Salnés (57,5%), Ferrol (54,5%), O Baixo Miño (54,1%), Pontevedra (52,7%) e Lugo (52,2%). Polo contrario, a carga de traballo diminuí na totalidade dos que traballan na Terra de Soneira, ben como na metade en Viana e un terzo en Betanzos e Terra de Celanova.

O Anexo 112 mostra a incidencia da pandemia na carga de traballo das persoas que traballan en Galicia por comarcas.

6.5.2.2 Persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas

6.5.2.2.1 Comunidades Autónomas

A pandemia provocou un aumento da carga de traballo na maioría de persoas tituladas da UVigo que traballan nas Illas Baleares (75,0%), Castela-A Mancha (72,7%), Castela e León (70,6%), Canarias (66,7%) e Cantabria (60,0%). Por outro lado, a carga de traballo reduciuse nunha cuarta parte de persoas que traballan na Comunidade Valenciana, 20,0% en Aragón e 18,8% en Andalucía.

Para máis informacións, o Anexo 113 reflicte a incidencia da pandemia na carga de traballo das persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas.

6.5.2.2.2 Provincias

O Anexo 114 reflicte a incidencia da pandemia na carga de traballo das persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

6.5.2.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

A carga de traballo aumentou na totalidade de titulados/as que traballan no Brasil, Canadá, Países Baixos e Tunisia, ben como na maioría dos emigrados/as ao Perú (80,0%), Australia e Suecia (66,7% ambos), Reino Unido (62,1%) e metade na Arxentina, Chequia, Colombia, Ecuador, Italia e México. A carga de traballo baixou na totalidade de titulados/as emigrados en Casaquistán e Tailandia e na me-tade da Arxentina e Austria.

O Anexo 115 mostra a incidencia da pandemia na carga de traballo das persoas que traballan no resto do mundo por países.

6.5.3 Ámbitos académicos

A pandemia afectou maioritariamente á carga de traballo de titulados/as nas ramas das Ciencias da Saúde (78,4%) e Xurídico-Social (52,0%) contra o mínimo da Tecnolóxica (40,2%). Polo contrario, a carga de traballo baixou notablemente entre os titulados/as da rama Multidisciplinar (19,0%) e das Artes e Humanidades (16,2%).

Cadro nº184: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo os ámbitos académicos

	Aumentou	Diminuíu	Igual
Artes e Humanidades	45,7	16,2	38,1
Ciencias da Saúde	78,4	5,4	16,2
Científico	44,2	7,4	48,5
Multidisciplinar	66,7	19,0	14,3
Tecnolóxico	40,2	9,0	50,8
Xurídico-Social	52,0	10,9	37,0

6.5.4 Tipoloxía de estudos

A maioría de diplomados/as (61,5%) e de titulados/as en mestrado universitario (55,0%) tivo un aumento da súa carga de traballo por causa da pandemia contra o mínimo de enxeñeiros/superiores (36,3%) e enxeñeiros/as técnicos/as (39,9%).

Cadro nº185: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo a tipoloxía de estudos

	Aumentou	Diminuíu	Igual
Diplomatura	61,5	8,9	29,6
Doutoramento	46,8	8,3	45,0
Enxeñaría Superior	36,3	6,7	57,0
Enxeñaría Técnica	39,9	13,7	46,4
Grao	43,6	11,9	44,6
Licenciatura	48,6	11,1	40,3
Mestrado Universitario	55,0	10,0	35,0
Título Propio	25,0	50,0	25,0

6.5.5 Promoción académica

Existe dependencia estatística entre o aumento da carga de traballo e a promoción académica. Así sendo, a incidencia foi maioritaria nas promocións más antigas (55,4% entre 1990-95 e 50,6% entre 1996-2000) que nas más recentes (46,1% entre 2016-21). En consecuencia, entre as promocións más novas houbo más persoas cuxa carga de traballo baixou a teor das condicións creadas pola pandemia.

Cadro nº186: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo a promoción académica

	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2021
Aumentou	55,4	50,6	49,1	46,9	46,9	46,1
Diminuíu	6,3	9,9	10,2	10,2	11,3	12,5
Igual	38,3	39,5	40,7	42,9	41,8	41,4

6.5.6 Rama de actividade

A maioría de empregados/as do sector público (58,4%) viu incrementada a súa carga de traballo contra os que traballan en entidades non lucrativas (41,3%), os cales, pola súa vez, foron os más inelásticos (49,0%) á influencia da pandemia no seu traballo diario.

Cadro nº187: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo a rama de actividade

	Aumentou	Diminuíu	Igual
Ámbito público	58,4	6,1	35,4
Empresa privada	44,3	12,5	43,2
Entidade non lucrativa	41,3	9,6	49,0

6.5.7 Sector económico

A maioría das persoas tituladas que traballa en dez dos trinta e catro sectores económicos avaliados viu aumentada a súa carga de traballo por causa da pandemia, mormente no sanitario/saúde (72,5%), farmacéutico e madeira (66,7% ambos), ensino/docencia (66,2%), turismo e restauración (64,7%), banca, servizos financeiros e seguros (58,4%), defensa e seguranza (54,5%), medios de comunicación/AV (54,2%) e servizos a empresas (52,0%).

Polo contrario, viron diminuída a súa carga de traballo metade de titulados/as que traballan en cultura e entretemento, ben como unha parcela notábel en actividades físico/deportiva (39,1%), actividades profesionais (25,3%), papel, gráficas, edición e reproducción (25,0%), loxística, transporte e distribución (22,6%) e medios de comunicación/AV (20,8%).

Os sectores máis inelásticos á pandemia foron o aeroespacial (76,9%), actividades inmobiliarias (75,0%), servizos informáticos (67,6%) e industria química, plástico, vidro e envases (63,6%).

O Anexo 116 reflicte a incidencia da pandemia na carga de traballo segundo o sector económico.

6.5.8 Categoría profesional

Constatouse que o aumento da carga de traballo depende do grao de responsabilidade. Así sendo, esta foi maioritaria en directivos/as (54,5%) e mandos intermedios (50,1%) contra 40,7% en empregos non cualificados, os cales recoñeceron en maior proporción unha diminución da súa carga de traballo (15,9%).

Cadro nº188: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo a categoría profesional

	Aumentou	Diminuíu	Igual
Directivo/a	54,5	13,2	32,3
Empregado/a non cualificado/a	40,7	15,9	43,4
Mando intermedio	50,1	8,2	41,6
Técnico/a cualificado/a	48,2	9,3	42,6

6.5.9 Área funcional de traballo

A pandemia tensionou a carga de traballo da maioría das persoas tituladas que traballan en recursos humanos (78,9%), prevención e saúde (75,5%), formación e ensino (66,2%) e compras (61,9%). No entanto, o seu efecto foi distensivo en parte notábel nas empresas/entidades sen áreas diferenciadas (22,6%), atención ao cliente/usuario (16,8%), producción (16,5%) e vendas/marketing (14,0%). Os departamentos más inelásticos á pandemia foron informática e tecnoloxía (60,3%), I+D+i (57,1%), enxeñaría e construcción (52,7%) e calidade (52,1%).

O Anexo 117 mostra a incidencia da pandemia na carga de traballo segundo a área funcional de traballo ou departamento.

6.5.10 Tamaño da empresa/entidade

O aumento da carga de traballo e a refracción aos efectos da pandemia son directamente proporcionais ao tamaño da empresa/entidade. Así sendo, a carga de traballo incrementouse maioritariamente nas grandes e medianas empresas (52,1% e 50,1%, respectivamente) que nas individuais (29,5%), as cales, en maior proporción (36,4% contra 6,4% das grandes), viron diminuída a súa tensión laboral.

Cadro nº189: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo o tamaño da empresa

	Aumentou	Diminuíu	Igual
Empresa individual	29,5	36,4	34,1
Microempresa	43,0	17,9	39,1
Pequena empresa	48,2	9,6	42,2
Mediana empresa	50,1	8,6	41,3
Grande empresa	52,1	6,4	41,5

6.5.11 Situación socio-laboral durante o ano 2021

En relación ás mudanzas na situación socio-laboral entre o 1 de xaneiro e 1 de setembro de 2021, experimentaron unha maior carga de traballo as persoas que seguían no mesmo emprego (49,1% contra 42,5% dos que encontraron), os cales, pola súa vez, tamén se mostraron como os máis inelásticos ás condicións impostas pola pandemia.

Cadro nº190: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo as mudanzas na situación socio-laboral

	Aumentou	Diminuíu	Igual
Rotación laboral	44,5	10,9	44,5
Arranxo de emprego	42,5	9,2	48,3
Mesmo emprego	49,1	10,1	40,7

6.5.12 Modalidade de traballo durante o ano 2021

Existe unha relación de dependencia estatística entre a modalidade de traballo presencial e a carga de traballo. Así, a mayoría de persoas que traballaron presencialmente, quer con restricións (57,8%), quer con "normalidade" (51,2%), experimentaron un aumento da súa carga de traballo. Menor foi o incremento da carga de traballo entre os que teletraballaron parcial (49,4%) ou totalmente (44,1%).

A carga de traballo reduciuse considerabelmente nos que tiveron que suspender a súa actividade (45,5%), estiveron en casa sen teletraballar (38,9%) ou afectados por ERTEs (32,5%). Entre os que non interromperon a súa actividade, a carga de traballo baixou para o 12,8% nos que traballaron presencialmente con restricións (contra o mínimo de 7,0% nos que traballaron semipresencialmente).

A carga de traballo non se viu afectada en case metade de titulados/as que teletraballaron total (46,8%) ou parcialmente (43,6%).

Cadro nº191: Incidencia da pandemia na carga de traballo segundo o modo de traballo durante o ano 2021

	Aumentou	Diminuíu	Igual
Non afectado/a por estar en excedencia	33,3	0,0	66,7
Non afectado/a por estar de baixa laboral	68,4	0,0	31,6
En casa sen teletraballar	27,8	38,9	33,3
En ERTE (ou figura similar no estranxeiro)	40,0	32,5	27,5
Teletraballo/traballo remoto	44,1	9,1	46,8
Traballo semipresencial	49,4	7,0	43,6
Suspensión temporal de actividade	24,2	45,5	30,3
Traballo presencial con "normalidade"	51,2	8,5	40,2
Traballo presencial con restricións (horarios especiais, quendas...)	57,8	12,8	29,4

7. Fatiga pandémica

Ao abrigo dos comentarios e suxestíons das persoas tituladas que participaron no estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia, cuxo traballo de campo foi realizado entre xaneiro e abril de 2021, no Observatorio achamos acaído que o formulario deste último estudio de seguimento do impacto laboral da pandemia incluíse unha serie de preguntas destinadas a valorar a fatiga pandémica; isto é, como o estado de ánimo dos antigos estudiantes da UVigo se viu afectado polas circunstancias derivadas da crise sanitaria, social e económica ligada á propagación do coronavírus. Este apartado analiza os resultados obtidos na enquisa aplicada.

O concepto de fatiga pandémica foi definido pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como a desmotivación para seguir as recomendacións de protección e prevención durante un tempo prolongado. Este cansazo é preocupante, especialmente na medida en que poda derivar nunha maior propagación do virus se a poboación relaxar as condutas de protección.

Segundo a OMS a pandemia de Covid-19 está a ter un grande impacto na saúde mental das persoas. Algunxs grupos, como os traballadores da saúde e outros traballadores de primeira liña, entre os cales, os estudiantes, as persoas que viven soas e as que teñen doenzas mentais preexistentes, víronse especialmente afectados. E os servizos de atención para os trastornos mentais, neurolóxicos e por consumo de substancias víronse considerabelmente interrompidos. Porén, hai motivos para o optimismo, pois durante a Asemblea Mundial da Saúde de maio de 2021, os gobernos de todo o mundo recoñeceron a necesidade de alargar os servizos de saúde mental de calidade en todos os niveis. E algunxs países encontraron novas formas de prestar atención de saúde mental ás súas poboacións.

Por iso, durante a campaña do Día Mundial da Saúde Mental de 2021, conmemorado desde o 10 de outubro de 1992, baixo o tema "Atención de saúde mental para todos: tornémola realidade", a OMS divulgou os esforzos realizados nalgúnxs destes países, encoraxando a destacar historias positivas como parte das súas propias actividades, a xeito de inspiración para outros. Tamén forneceu novos materiais sobre como coidar a súa propia saúde mental e, así mesmo, apoiar outras persoas.

7.1 Impacto da crise do coronavírus

A primeira cuestión do formulario en abordar o fenómeno coñecido como fatiga pandémica inquiriu sobre como o suxeito diría, en termos xerais, que lle afectou a crise provocada pola pandemia.

7.1.1 Impacto xeral da pandemia

7.1.1.1 Resultados globais e por xénero

En termos xerais, un 42,5% das persoas tituladas recoñeceu sentirse afectada pola crise do coronavírus: un 11,2% moi afectada e ao outro 31,3% afectoulle bastante. Case unha cuarta parte das persoas inquiridas (24,3%) declararon estar pouco ou nada afectadas.

Cadro nº192: Impacto xeral da pandemia

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Global	4,0	20,3	33,2	31,3	11,2	3,25
Homes	5,3	25,4	34,2	27,7	7,4	3,07
Mulleres	3,1	16,6	32,5	33,9	13,9	3,39

Por xéneros, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor}<0,05$). Así sendo, a preocupación referida polas mulleres (47,8%) é superior á dos homes (35,1%), duplicando a porcentaxe de máxima afectación. Alén diso, é maior a proporción de homes pouco ou nada afectados pola crise do coronavírus (30,7% contra 19,7%).

Para facilitar a análise do grao en que a crise do coronavírus afectou ás persoas tituladas da UVigo foron calculadas as puntuacións medias nunha escala de 1 a 5, en que 1 significa "nada", 2 "pouco", 3 "algo", 4 "bastante" e 5 "moito". Así sendo, confírmase que as mulleres mostraron estar más afectadas (3,39) que os homes (3,07) pola crise do coronavírus.

7.1.1.2 Lugar de residencia

Sentíronse más afectadas as persoas residentes en Galicia (43,1%) e no estranxeiro (42,5%) que noutras Comunidades Autónomas (38,7%). A porcentaxe de titulados/as que declararon estar pouco ou nada afectadas noutras Comunidades Autónomas (29,8%) e no estranxeiro (26,7%) foi maior que en Galicia (23,2%).

Cadro nº193: Impacto xeral da pandemia segundo o lugar de residencia

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Galicia	3,7	19,5	33,7	30,6	12,5	3,29
Outra Comunidade Autónoma	4,4	25,4	31,4	33,0	5,7	3,10
Resto do mundo	6,4	20,3	30,7	35,6	6,9	3,16

7.1.1.2.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

7.1.1.2.1.1 Provincias

Sentíronse máis afectados pola crise do coronavírus os titulados/as residentes en Ourense (47,5%) e Lugo (44,2%) que en Pontevedra (42,4%) e na Coruña (40,7%).

Cadro nº194: Impacto xeral da pandemia segundo das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
A Coruña	3,1	17,8	38,4	30,1	10,6	3,27
Lugo	4,3	14,3	37,1	37,1	7,1	3,29
Ourense	3,5	18,0	31,0	33,9	13,6	3,36
Pontevedra	3,9	20,5	33,2	29,5	12,9	3,27

7.1.1.2.1.2 Comarcas

Sentíronse bastante e moito afectadas pola actual crise do coronavírus a totalidade das persoas tituladas residentes na Baixa Limia e Terra de Melide, ben como a maioría na Terra de Soneira (66,7%), A Mariña Central, Betanzos, O Eume e Sarria (60,0% cada unha), Valdeorras (58,3%), Chantada (55,6%) e Verín (54,5%). Porén, o impacto foi menor entre a totalidade de residentes na Mariña Oriental, Arzúa e Os Arcares, ben como metade na Paradanta e Terra de Trives, O Sar e Terra de Caldelas (42,9% ambas).

Para máis información, o Anexo 118 reflicte o impacto xeral da pandemia nas persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

7.1.1.2.2 Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

7.1.1.2.2.1 Comunidades Autónomas

Sentíronse bastante e moito afectados pola pandemia a maioría de titulados/as residentes en Estremadura e A Rioxá (66,7% ambas), ben como metade en Castela e León, País Basco e Rexión de Murcia. O impacto foi menor (nada ou pouco) na Rexión de Murcia (50,0%), Andalucía (43,8%), Castela-Mancha (41,7%) e Aragón (40,0%).

O Anexo 119 reflicte o cadro de datos do impacto xeral da pandemia nas persoas tituladas da UVigo residentes noutras Comunidades Autónomas.

7.1.1.2.2.2 Provincias

Para máis información, o Anexo 120 reflicte o cadro de datos do impacto xeral da pandemia nas persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

7.1.1.2.3 Pessoas tituladas residentes no resto do mundo

O impacto da crise do coronavírus foi total nos titulados en 9 dos 38 países avaliados (Andorra, Brasil, Eslovaquia, Finlandia, Indonesia, Marrocos, Países Baixos, Suecia e Tailandia), ben como no 80% en Ecuador e metade na Arxentina, Australia, Chile, Italia e México. Resultaron nada ou pouco afectados pola pandemia a totalidade de residentes no Casaquistán, Nicaragua, Polonia e Tunisia, ben como dúas tercias partes nos EUA e Luxemburgo e metade na Chequia.

O Anexo 121 mostra o cadro de datos do impacto da pandemia nas persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

7.1.1.3 Ámbitos académicos

Existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor}<0,05$), referindo un maior impacto (bastante e moito) os titulados/as da rama das Ciencias da Saúde (64,3%) contra o mínimo da Tecnolóxica (33,0%) e Científica (38,2%), as cales, pola súa vez, mostraron unha maior proporción con nulo e pouco impacto (31,6% e 23,3%, respectivamente).

Cadro nº195: Impacto xeral da pandemia segundo os ámbitos académicos

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Artes e Humanidades	1,7	17,8	35,3	32,0	13,3	3,37
Ciencias da Saúde	4,3	7,0	24,3	34,8	29,6	3,78
Científico	3,4	19,8	38,5	29,4	8,8	3,20
Multidisciplinar	6,9	10,3	41,4	37,9	3,4	3,21
Tecnolóxico	5,7	25,9	35,4	26,1	6,9	3,03
Xurídico-Social	3,5	19,0	30,9	34,3	12,3	3,33

7.1.1.4 Tipoloxía de estudos

O impacto foi maior (bastante e moito) entre titulados/as en mestrado (56,0%) e doutores/as (52,5%) contra os mínimos de enxeñeiros/as superiores (31,2%) e enxeñeiros/as técnicos/as (31,4%). Mostraron menos impacto as persoas con títulos propios (35,7%) e enxeñeiros/as superiores (35,3%).

Cadro nº196: Impacto xeral da pandemia segundo a tipoloxía de estudos

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Diplomatura	4,1	16,6	30,2	32,5	16,8	3,41
Doutoramento	1,7	10,8	35,0	37,5	15,0	3,53
Enxeñaría Superior	6,4	28,9	33,5	24,5	6,7	2,96
Enxeñaría Técnica	6,5	23,7	38,4	24,9	6,5	3,01
Grao	3,6	17,9	35,7	32,9	9,9	3,28
Licenciatura	2,7	21,6	33,7	31,5	10,4	3,25
Mestrado Universitario	3,6	13,3	27,1	44,0	12,0	3,48
Título Propio	7,1	28,6	35,7	21,4	7,1	2,93

7.1.1.5 Titulacións

O Anexo 122 mostra o cadro de datos do impacto da pandemia nas persoas tituladas da UVigo por titulacións.

7.1.1.6 Promoción académica

Mostraron un maior impacto (bastante e moito) os titulados/as das promocións más recentes: 45,7% entre 2016-21 e 44,8% entre 2011-15 contra o mínimo de 40,3% entre 2001-05. A promoción más antiga referiu a maior porcentaxe de pouco e nulo impacto (26,1%).

Cadro nº197: Impacto xeral da pandemia segundo a promoción académica

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
1990-95	5,9	20,2	30,9	28,2	14,9	3,26
1996-00	1,6	21,1	34,7	29,9	12,8	3,31
2001-05	4,6	21,4	33,7	30,8	9,4	3,19
2006-10	4,7	21,0	33,2	31,7	9,3	3,20
2011-15	3,2	19,3	32,7	32,9	11,9	3,31
2016-21	5,6	16,2	32,5	32,5	13,2	3,31

7.1.1.7 Rama de actividade

Atendendo ao grao en que afectou a crise do coronavírus mostraron maior impacto os titulados/as que traballan no sector público (46,3%) e entidades non lucrativas (41,3%) contra a empresa privada (38,1%).

Cadro nº198: Impacto xeral da pandemia segundo a rama de actividade

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Ámbito público	3,3	16,8	33,6	34,3	12,1	3,35
Empresa privada	4,3	23,1	34,4	29,4	8,7	3,15
Entidade non lucrativa	3,7	21,1	33,9	34,9	6,4	3,19

7.1.1.8 Sector económico

O impacto da crise do coronavírus foi maioritario nas persoas que traballan no sector sanitario/saúde (62,9%), turismo e restauración (61,1%), medios de comunicación/AV (57,7%), actividades físico/deportivas (54,2%), servizos sociais (51,5%) e en comercio (50,0%). Polo contrario, mostraron menos impacto (nulo e pouco) metade dos que traballan en minaría, ben como en actividades inmobiliarias (44,4%), consultoría (41,9%), industria química, plástico, vidro e envases (40,9%), telecomunicacións/IT (37,9%), construcción (34,0%) e en enxeñaría (33,8%).

O Anexo 123 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do impacto xeral da crise do coronavírus segundo o sector económico.

7.1.1.9 Categoría profesional

Mostraron máis impacto (bastante e moito afectados) os titulados/as que traballan como directivos/as (47,8%) e persoas con empregos non cualificados (46,0%) que mandos intermedios (36,2%), os cales, en maior proporción (29,6%), manifestáronse nada ou pouco afectados pola crise do coronavírus.

Cadro nº199: Impacto xeral da pandemia segundo a categoría profesional

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Directivo/a	5,2	19,9	27,1	35,7	12,0	3,30
Empregado/a non cualificado/a	4,0	21,4	28,6	32,5	13,5	3,30
Mando intermedio	4,7	24,9	34,3	28,4	7,7	3,10
Técnico/a cualificado/a	3,5	19,6	36,5	31,1	9,4	3,23

7.1.1.10 Área funcional de traballo

O impacto da crise do coronavírus (bastante e moito afectados) apenas foi maioritario entre os titulados/as que traballan en prevención e saúde (60,6%), seguido por formación e ensino (49,1%), loxística e almacén (48,3%), recursos humanos (47,5%) e servizos (46,4%). O impacto foi menor (nulo ou pouco) nos empregados/as dos departamentos de informática e tecnoloxía e xestión de proxectos (36,5% ambos) e administración e finanzas (34,2%).

O Anexo 124 mostra a distribución porcentual do impacto xeral da crise do coronavírus segundo a área funcional de traballo.

7.1.1.11 Tamaño da empresa/entidade

O impacto da crise do coronavírus apenas foi maioritario entre os traballadores/as autónomos/as (51,6%), seguido polos titulados/as que traballan en microempresas (43,6%) e grandes empresas (41,0%).

Cadro nº200: Impacto xeral da pandemia segundo o tamaño da empresa/entidade

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Empresa individual	5,5	20,9	22,0	35,2	16,5	3,36
Microempresa	2,8	23,2	30,4	32,4	11,2	3,26
Empresa pequena	4,9	21,1	37,2	29,4	7,3	3,13
Mediana empresa	2,3	21,4	36,0	32,4	7,9	3,22
Grande Empresa	4,3	20,0	34,7	30,6	10,5	3,23

7.1.1.12 Situación socio-laboral durante o ano 2021

Sentíronse más afectados pola crise do coronavírus (bastante e moito) a maioría de titulados que xa estaban desempregados a 1 de xaneiro de 2021 (68,6%), os que perderon o seu emprego entre xaneiro e setembro de 2021 (59,8%) e os que arranxaron emprego durante ese período (53,1%) contra os mínimos dos que mudaron de posto de traballo (37,3%) ou seguían no mesmo emprego (40,5%).

Porén, mostraron menos preocupación (nada e pouco afectados) os que, sen traballar, seguían na mesma situación de estudiante, xubilado/pensionista, prepara oposiciones... (31,3%) e os que mudaron de emprego (26,3%).

Cadro nº201: Impacto xeral da pandemia segundo a situación socio-laboral durante o ano 2021

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Perdeu o emprego	3,7	17,1	19,5	37,8	22,0	3,57
Mesma situación	13,8	17,5	25,0	26,3	17,5	3,16
Desempregado/a	2,3	15,1	14,0	37,2	31,4	3,80
Mudou de emprego	5,9	20,3	36,4	29,7	7,6	3,13
Arranxou emprego	1,0	16,7	29,2	39,6	13,5	3,48
Mesmo emprego	3,7	20,9	34,9	30,7	9,8	3,22

En xeral, tal como mostra o Cadro nº202, sentíronse maioritariamente afectadas (suma de moito e bastante) as persoas que non traballaban (57,7%) contra o 40,7% das que o facían. Porén, non é significativa a diferenza entre os que se sentían nada ou pouco afectados dependendo se traballan (24,4%) ou non (23,0%).

Cadro nº202: Impacto xeral da pandemia segundo a situación laboral durante o ano 2021

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Media
Non traballa	6,5	16,5	19,4	33,9	23,8	3,52
Traballa	3,7	20,7	34,7	31,0	9,8	3,23

7.1.2 Aspectos do impacto da pandemia

Os titulados/as que referiron algún grao de incidencia na pregunta avaliada na epígrafe anterior foron inquiridos polos aspectos en que se viron más afectados en consecuencia da crise do coronavírus.

7.1.2.1 Resultados globais

A inmensa maioría (77,8%) referiu implicacións emocionais. A máis distancia, a situación creada pola pandemia resentiu os aspectos laborais (45,2%) e, logo a seguir, de saúde e atención sanitaria (38,5%). En menor proporción foron referidos os aspectos económicos (20,6%) e de estudos (7,2%).

Cadro nº203: Aspectos do impacto da pandemia

	%
En aspectos emocionais	77,8
En aspectos laborais	45,2
En aspectos de saúde e atención sanitaria	38,5
En aspectos económicos	20,6
En aspectos de estudos	7,2

7.1.2.2 Análise por xénero

Existen diferenzas estatisticamente significativas entre homes e mulleres. Así sendo, as mulleres víronse máis afectadas polos aspectos emocionais (81,2% contra 72,9% de homes) e de saúde e atención sanitaria (40,7% contra 35,7%). Os homes mostráronse máis sensíbeis perante os aspectos laborais (47,4% contra 43,6% de mulleres). Non existen relacións de dependencia estatística no tocante aos aspectos de estudos e económicos.

Cadro nº204: Aspectos do impacto da pandemia por xénero

	Homes	Mulleres
En aspectos de estudos	6,0	8,0
En aspectos de saúde e atención sanitaria	35,3	40,7
En aspectos económicos	20,1	21,0
En aspectos emocionais	72,9	81,2
En aspectos laborais	47,4	43,6

7.1.2.3 Lugar de residencia

Existen relacións de dependencia estatística ($p\text{-valor}<0,05$) no que toca ao lugar de residencia das persoas tituladas. Así sendo, os titulados/as residentes en Galicia víronse máis afectados que os emigrados noutras Comunidades Autónomas polos aspectos laborais (46,4% contra 39,8%), económicos (22,1% contra 12,4%) e de estudos (7,6% contra 4,7%).

Os aspectos emocionais afectaron máis ás persoas tituladas emigradas no estranxeiro (84,0%) que os residentes en Galicia (76,7%). O impacto dos aspectos económicos noutras Comunidades Autónomas (40,1%) e en Galicia (39,8%) case duplicou ao rexistrado no estranxeiro (22,5%).

Cadro nº205: Aspectos do impacto da pandemia segundo o lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
En aspectos de estudos	7,6	4,7	7,5
En aspectos de saúde e atención sanitaria	39,8	40,1	22,5
En aspectos económicos	22,1	12,4	18,7
En aspectos emocionais	76,7	80,9	84,0
En aspectos laborais	46,4	39,8	41,2

7.1.2.4 Ámbitos académicos

Os titulados/as da rama das Ciencias da Saúde presentaron a máxima incidencia tanto nos aspectos emocionais (87,3% contra o mínimo de 76,0% da Tecnlóxica) como nos laborais (52,7% contra o mínimo de 37,0% da Multidisciplinar). Os titulados/as de perfil das Artes e Humanidades referiron maior impacto nos aspectos económicos (29,2% contra 12,0% das Ciencias da Saúde) e de estudos (10,2% contra o mínimo de 4,9% da Tecnlóxica). Finalmente, en aspectos de saúde e atención sanitaria foron

máis sensíbeis os titulados/as da rama Multidisciplinar (44,4% contra o mínimo de 33,9% das Artes e Humanidades).

Cadro nº206: Aspectos do impacto da pandemia segundo os ámbitos académicos

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
En aspectos de estudos	10,2	8,2	8,7	7,4	4,9	7,5
En aspectos de saúde e atención sanitaria	33,9	43,6	40,7	44,4	37,6	38,8
En aspectos económicos	29,2	12,7	13,4	22,2	17,0	23,3
En aspectos emocionais	80,5	87,3	80,2	81,5	76,0	76,7
En aspectos laborais	48,7	52,7	43,1	37,0	44,9	44,5

7.1.2.5 Tipoloxía de estudos

Mostraron maior impacto en aspectos emocionais a totalidade de egresados/as en títulos propios, ben como 80,9% de graduados/as, 80,4% de titulados/as en mestrado e 80,3% en doutoramento contra o mínimo de 72,7% de enxeñeiros/as técnicos/as. En aspectos laborais apenas se viron afectados maioritariamente os titulados/as en doutoramento (53,8%) e en mestrado universitario (50,0%) contra o mínimo de 7,7% de egresados/as con títulos propios, 42,2% de licenciados/as e 42,7% de enxeñeiros/as superiores. En aspectos de saúde e atención sanitaria constatouse un maior impacto entre os titulados/as en mestrado universitario (47,5%) contra o mínimo de egresados/as en títulos propios (30,8%). En aspectos económicos tamén se mostraron más afectados os titulados/as en mestrados universitarios (27,2%) contra o mínimo de 7,7% de egresados/as en títulos propios. Finalmente, en aspectos de estudos foron más afectados os egresados en títulos propios (15,4%), graduados/as (13,7%) e titulados/as en mestrado universitario (11,4%) contra o mínimo de enxeñeiros/as superiores (2,9%).

Cadro nº207: Aspectos do impacto da pandemia segundo a tipoloxía de estudos

	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado universitario	Título propio
En aspectos de estudos	6,5	7,7	2,9	6,2	13,7	6,8	11,4	15,4
En aspectos de saúde e atención sanitaria	42,3	35,0	34,7	41,9	33,6	36,7	47,5	30,8
En aspectos económicos	20,7	17,9	15,0	18,5	25,3	21,3	27,2	7,7
En aspectos emocionais	76,9	80,3	79,3	72,7	80,9	77,1	80,4	100,0
En aspectos laborais	47,3	53,8	42,7	43,6	49,4	42,2	50,0	7,7

7.1.2.6 Promoción académica

As promocións más recentes víronse más afectadas polos aspectos laborais (54,1% contra 42,2% entre 2001-05) e económicos (24,9% contra 16,7% entre 1996-2000). Os titulados/as entre 2011-15

referiron en maior proporción os aspectos emocionais (81,1% contra 74,6% entre 1996–2000) e de estudos (10,4% contra 3,3% entre 1996–2000). Os aspectos de saúde e de atención sanitaria afectaron en más proporción aos titulados entre 2006–10 (40,9%) que entre 1990–95 (34,7%).

Cadro nº208: Aspectos do impacto da pandemia segundo a promoción académica

	1990-95	1996-00	2001-05	2006-10	2011-15	2016-21
En aspectos de estudos	4,5	3,3	6,0	7,8	10,4	9,7
En aspectos de saúde e atención sanitaria	34,7	38,5	36,7	40,9	38,9	38,4
En aspectos económicos	18,2	16,7	18,8	21,2	23,3	25,9
En aspectos emocionais	77,8	74,6	75,8	78,1	81,1	78,9
En aspectos laborais	45,5	45,4	44,5	42,2	45,6	54,1

7.1.2.7 Rama de actividade

O impacto dos factores económicos foi maior entre os titulados/a que traballan na empresa privada (23,0% contra 9,0% do sector público). No sector público foi maior o impacto dos factores emocionais (82,3% contra o 75,8% na empresa privada). Nas entidades non lucrativas foi maior que na empresa privada o impacto en aspectos de estudos (11,4% contra 3,7%) e de saúde e atención sanitaria (47,6% contra 35,6%). Non existen diferenzas significativas no tocante ao impacto nos aspectos laborais.

Cadro nº209: Aspectos do impacto da pandemia segundo a rama de actividade

	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
En aspectos de estudos	8,9	3,7	11,4
En aspectos de saúde e atención sanitaria	42,8	35,6	47,6
En aspectos económicos	9,0	23,0	16,2
En aspectos emocionais	82,3	75,8	81,0
En aspectos laborais	44,6	43,6	43,8

7.1.2.8 Sector económico

Os aspectos emocionais afectaron á totalidade de persoas tituladas que traballan en defensa e seguranza e en papel, gráficas, edición e reproducción, ben como o farmacéutico (93,8%), servizos sociais (92,2%) e servizos informáticos (91,4%) contra o mínimo en actividades inmobiliarias (33,3%), metalurxia e eléctrico (56,9%) e cultura e entretenimento (63,2%).

Os sectores más afectados economicamente foron actividades físico/deportivas (63,6%), turismo e restauración (61,1%), ben como, a máis distancia, actividades profesionais (39,3%), comercio (37,8%) e medios de comunicación/AV (34,6%) contra o mínimo de cultura e entretenimento (5,3%), servizos da administración pública (8,2%) e servizos informáticos (8,6%).

En aspectos laborais resultaron afectadas a maioría de persoas que traballan en actividades físico/deportivas (77,3%), turismo e restauración (61,1%), automoción (56,6%), servizos a empresas (53,7%), actividades profesionais (53,6%) e metade de medios de comunicación/AV; loxística, transporte e distribución e farmacéutico, contra o mínimo en servizos informáticos (22,9%), sector primario (25,6%) e enxeñaría (27,3%).

Os aspectos de saúde e atención sanitaria foron referidos por unha parte notable de titulados/as empregados no sector aeroespacial (53,8%), sanitario/saúde (49,6%), automoción (46,9%), servizos da administración pública (46,4%) e minaría (44,4%) contra o mínimo en actividades físico/deportivas (18,2%), téxtil e confección (21,4%) e turismo e restauración (22,2%).

Finalmente, en aspectos de estudos mostráronse máis afectadas as persoas que traballan en servicios sociais (12,5%), turismo e restauración (11,1%), cultura e entretenimento (10,5%), sanitario/saúde (10,1%) e defensa e seguranza (10,0%) contra o nulo en téxtil e confección, madeira, actividades inmobiliarias, xestión ambiental; papel, gráficas, edición e reprodución, sector primario; loxística, transporte e distribución e en minaría.

Cadro nº210: Aspectos do impacto da pandemia segundo o sector económico

	Máximos	Mínimos
En aspectos de estudos	Servizos sociais (12,5%) Turismo e restauración (11,1%) Cultura e entretenimento (10,5%)	Minaría (0,0%) Loxística, transporte e distribución (0,0%) Sector primario (0,0%) Papel, gráficas, edición e reprodución (0,0%) Xestión ambiental (0,0%) Actividades inmobiliarias (0,0%) Madeira (0,0%) Téxtil e confección (0,0%)
En aspectos de saúde e atención sanitaria	Aeroespacial (53,8%) Sanitario/Saúde (49,6%) Automoción (46,9%)	Actividades físico/deportivas (18,2%) Téxtil e confección (21,4%) Turismo e restauración/HORECA (22,2%)
En aspectos económicos	Actividades físico/deportivas (63,6%) Turismo e restauración/HORECA (61,1%) Actividades profesionais (39,3%)	Cultura e entretenimento (5,3%) Servizos da Administración pública (8,2%) Servizos informáticos (8,6%)
En aspectos emocionais	Papel, gráficas, edición e reprodución (100,0%) Defensa e seguranza (100,0%) Farmacéutico (93,8%) Servizos sociais/Outras actividades sociais (92,2%)	Cultura e entretenimento (63,2%) Metalurxia e eléctrico (56,9%) Actividades inmobiliarias (33,3%)
En aspectos laborais	Actividades físico/deportivas (77,3%) Turismo e restauración/HORECA (61,1%) Automoción (56,6%)	Enxeñaría (27,3%) Sector primario (25,6%) Servizos informáticos (22,9%)

O Anexo 125 reflicte os aspectos do impacto da pandemia segundo o sector económico.

7.1.2.9 Categoría profesional

Constatáronse relacións de dependencia estatística entre as variábeis analizadas. Así sendo, os técnicos/as cualificados/as víronse máis afectados por aspectos emocionais (79,7%) que os empregados non cualificados (73,6%). Os directivos/as manifestaron estaren más afectados que mandos intermedios por aspectos laborais (52,2% contra 39,1%) e económicos (32,8% contra 13,8%). Os titulados/as con empregos non cualificados mostraron unha maior incidencia que directivos/as en aspectos de saúde e atención sanitaria (45,5% contra 33,2%) e de estudos (6,6% contra 3,6%).

Cadro n°211: Aspectos do impacto da pandemia segundo a categoría profesional

	Directivo/a	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
En aspectos de estudos	3,6	6,6	5,0	6,5
En aspectos de saúde e atención sanitaria	33,2	45,5	43,4	37,9
En aspectos económicos	32,8	28,9	13,8	14,9
En aspectos emocionais	75,5	73,6	78,2	79,7
En aspectos laborais	52,2	47,9	39,1	42,5

7.1.2.10 Área funcional de traballo

Mostráronse máis afectados en aspectos emocionais as persoas tituladas da UVigo que traballan nos departamentos de xestión de proxectos (90,0%), servizos (84,0%), informática e tecnoloxía (82,8%) e I+D+i (82,5%) contra o mínimo en loxística e almacén (65,5%), empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas (71,6%) e en calidade, compras e vendas/marketing (75,0% cada un).

No tocante aos aspectos económicos, houbo maior impacto nos titulados/as que traballan en loxística e almacén (41,4%), empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas (36,9%) e dirección xeral (28,0%) contra o nulo en xestión de proxectos, informática e tecnoloxía (7,6%) e en I+D+i (9,7%).

En aspectos laborais víronse afectadas a maioría de persoas que traballan en loxística e almacén (69,0%), dirección xeral (52,7%) e recursos humanos (51,3%) contra o mínimo en informática e tecnoloxía (35,2%), administración e finanzas (36,7%) e I+D+i (38,3%).

Relativamente aos aspectos de saúde e atención sanitaria mostraron máis impacto as áreas de prevenpción e saúde (51,1%), xestión de proxectos (50,0%) e calidade (47,1%) contra o mínimo en recursos humanos (28,2%), dirección xeral (34,4%) e compras (35,0%).

Finalmente, en aspectos de estudos houbo máis impacto entre os empregados/as en servizos (12,3%), calidade (8,2%) e formación e ensino (8,2%) contra o nulo en compras, loxística e almacén, recursos humanos e xestión de proxectos.

Cadro nº212: Aspectos do impacto da pandemia segundo a área funcional de traballo

	Máximos	Mínimos
En aspectos de estudos	Servizos (13,2%) Calidade (8,8%) Formación e ensino (8,2%)	Xestión de Proxectos (0,0%) Loxística e almacén (0,0%) Compras (0,0%) Recursos humanos (0,0%)
En aspectos de saúde e atención sanitaria	Prevención e saúde (51,1%) Xestión de Proxectos (50,0%) Calidade (47,1%)	Recursos humanos (28,2%) Dirección xeral (34,4%) Compras (35,0%)
En aspectos económicos	Loxística e almacén (41,4%) Sen áreas diferenciadas (36,9%) Dirección xeral (28,0%)	Xestión de proxectos (0,0%) Informática e tecnoloxía (7,6%) I+D+i (9,7%)
Licenciatura	50,0	26,6	23,4
Mestrado Universitario	49,4	28,0	22,6
Título Propio	50,0	14,3	35,7

8.3.6 Titulacións

O Anexo 158 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas segundo a titulación realizada na UVigo.

8.3.7 Rama de actividade

Os titulados/as que traballan na empresa privada (26,5%) e entidades non lucrativas (23,1%) mostraron máis optimismo que os funcionarios/as (14,9%), os cales mostráronse maioritariamente pesimistas (60,8%).

Cadro nº291: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo a rama de actividade

	Non	NS/NR	Si
Ámbito público	60,8	24,3	14,9
Empresa privada	47,0	26,5	26,5
Entidade non lucrativa	47,2	29,6	23,1

8.3.8 Sector económico

Encaran con optimismo a evolución da situación da súa económica doméstica a maioría de persoas tituladas da UVigo que traballan nos sectores do turismo e restauración (66,7%), ben como metade do téxtil e confección, seguidos por actividades inmobiliarias (44,4%), aeroespacial (38,5%), actividades físico/deportivas e papel, gráficas, edición e reprodución (37,5% ambos), enerxía e utilities (37,3%) e un terzo da madeira.

O Anexo 159 mostra o cadro de datos da distribución porcentual sobre as expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas segundo o sector económico.

8.3.9 Categoría profesional

Directivos/as (35,9%) e mandos intermedios (27,2%) encaran con máis optimismo a evolución da súa economía doméstica, contra o mínimo de titulados/as con empregos non cualificados (12,7%) e técnicos/as cualificados/as (18,9%). De resto, o pesimismo únicamente non é maioritario entre directivos/as (39,3%).

Cadro nº292: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo a categoría profesional

	Non	NS/NR	Si
Directivo/a	39,3	24,8	35,9
Empregado/a non cualificado/a	55,6	31,7	12,7
Mando intermedio	51,3	21,5	27,2
Técnico/a cualificado/a	54,2	26,9	18,9

8.3.10 Área funcional de traballo

Mostráronse máis optimistas os titulados/as da UVigo que traballan en dirección xeral (36,4%), vendas/marketing (34,2%), informática e tecnoloxía (29,4%), compras (28,6%) e enxeñaría e construcción (25,4%). Porén, o pesimismo é maioritario entre os que traballan en prevención e saúde (64,2%), servicios (60,9%), recursos humanos (60,0%), atención ao cliente/usuario (57,0%), administración e finanzas (56,2%), producción (56,0%), calidade (55,6%), formación e ensino (54,0%) e enxeñaría e construcción (50,9%).

O Anexo 160 mostra o cadro de datos da distribución porcentual das expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas segundo a área funcional de traballo.

8.3.11 Tamaño da empresa

Mostráronse máis optimistas as persoas tituladas inquiridas que traballan en empresas individuais e microempresas (30,8% e 28,8%, respectivamente) que os empregados/as en empresas/entidades de tamaño mediano (18,8%) e grande (21,4%).

Cadro nº293: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo o tamaño da empresa

	Non	NS/NR	Si
Empresa individual	23,1	46,2	30,8
Microempresa	46,0	25,2	28,8
Pequena empresa	50,8	26,7	22,5
Mediana empresa	55,0	26,2	18,8
Grande empresa	54,8	23,8	21,4

8.3.12 Evolución da situación socio-laboral durante 2021

As expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo son maiores entre as persoas que mudaron de emprego entre xaneiro e setembro de 2021 (45,4%), seguidas polos que arranxaron emprego e xa estaban desempregadas a 1 de xaneiro (37,5% ambos). Por outro lado, o pesimismo somente é maioritario (54,0%) entre as persoas que en setembro tiñan o mesmo emprego que en xaneiro de 2021.

Cadro nº294: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo a evolución da situación socio-laboral durante 2021

	Non	NS/NR	Si
Perdeu o emprego	31,7	42,7	25,6
Mesma situación	35,0	35,0	30,0
Desempregado	31,8	30,7	37,5
Mudou de emprego	27,7	26,9	45,4
Arranhou emprego	36,5	26,0	37,5
Mesmo emprego	54,0	25,2	20,8

Segundo mostra o Cadro nº295 as expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo son maiores (31,2% contra 22,8%) nos titulados/as que non traballaban a 1 de setembro de 2021, sendo maioritario o pesimismo (51,9%) entre os que traballaban nesa altura.

Cadro nº295: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo a situación laboral en setembro de 2021

	Non	NS/NR	Si
Non traballa	32,8	36,0	31,2
Traballa	51,9	25,3	22,8

8.3.13 Evolución da economía doméstica durante 2021

Segundo mostra o Cadro nº296, as expectativas sobre o futuro inmediato da economía doméstica están ligadas á súa evolución durante o ano 2021. Así sendo, entre os que melloraron os seus ingresos durante o ano 2021 predominan os que esperan unha melloría da súa economía doméstica no

curto prazo (50,6%). No caso das persoas afectadas pola redución de ingresos, os que esperan unha melloría (34,9%) superan levemente aos pesimistas (33,6%).

Cadro nº296: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo a evolución da economía doméstica en 2021

	Non	NS/NR	Si
Igual	57,7	25,9	16,4
Mellor	30,8	18,6	50,6
Peor	33,6	31,5	34,9

8.4 Expectativa sobre o retorno á vella normalidade

Todas as persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo foron inquiridas sobre as súas expectativas relativas a poder facer todo o que se facía antes da pandemia (a chamada “vella normalidade”) logo de completado o proceso de vacinacións e alcanzada a inmunidade de grupo⁹⁹ contra a Covid-19.

8.4.1 Resultados globais e por xénero

Unha maioría de 62,7% espera voltar ás condicións previas á pandemia, o 26,2% de forma inmediata e o 36,5% logo dun período de adaptación/normalización inicial. Polo contrario, un 13,7% referiu que descarta o regreso ás condicións pre-pandémica. Case unha cuarta parte das persoas inquiridas (23,6%) preferiu non pronunciarse sobre esta eventualidade.

Cadro nº297: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica

	Global	Homes	Mulleres
Ao principio non	36,5	34,6	37,8
Definitivamente non	13,7	11,1	15,6
NS/NR	23,6	19,0	26,9
Si	26,2	35,3	19,7

Por xéneros existen diferenzas estatisticamente significativas (p -valor<0,05). Así sendo, os homes mostráronse máis optimistas (35,3%) que as mulleres (19,7%), as cales, en maior proporción non se pronunciaron ou acreditan que non poderán voltar á vella normalidade.

8.4.2 Lugar de residencia

Mostráronse máis optimistas os titulados/s emigrados no estranxeiro (37,1%) e noutras Comunidades Autónomas (33,5%) que en Galicia (23,9%), onde houbo máis persoas que optaron por non pronunciarse.

⁹⁹) Concepto epidemiolóxico que se viu superado logo da aparición das novas cepas do Coronavírus.

Cadro nº298: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo o lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Ao principio non	37,0	35,4	33,2
Definitivamente non	13,9	13,7	11,9
NS/NR	25,2	17,5	17,8
Si	23,9	33,4	37,1

8.4.2.1 Persoas tituladas residentes en Galicia**8.4.2.1.1 Provincias**

É significativo o maior optimismo do retorno inmediato á normalidade das persoas tituladas residentes en Pontevedra (25,5%) contra A Coruña (20,2%), as cales en maior proporción achán que será preciso un período previo de "normalización" (39,4%).

Cadro nº299: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

	Ao principio non	Definitivamente non	NS/NR	Si
Coruña (a)	39,4	14,7	25,7	20,2
Lugo	32,9	20,0	25,7	21,4
Ourense	34,5	13,6	30,4	21,4
Pontevedra	37,3	13,5	23,6	25,5

8.4.2.1.2 Comarcas

O Anexo 161 reflicte o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

8.4.2.2 Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas**8.4.2.2.1 Comunidades Autónomas**

O regreso inmediato á normalidade pre-pandémica é alvexado pola maioría de titulados/as residentes en Navarra (57,1%), ben como metade na Comunidade Valenciana e Rexión de Murcia, seguido por Cataluña (42,9%), Canarias (41,7%), Aragón e País Basco (40,0% ambas). A maioría de titulados residentes na Rioxia e Estremadura (66,7% ambas), Comunidade Valenciana e Rexión de Murcia (50,0% ambas) achán que será preciso un período de adaptación. Polo contrario, achán que a situación pandémica vai continuar unha parte considerábel de titulados residentes en Aragón (40,0%), A Rioxia (33,3%) e País Basco (30,0%).

Cadro nº300: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

	Ao principio non	Definitivamente non	NS/NR	Si
Andalucía	31,3	12,5	25,0	31,3
Aragón	0,0	40,0	20,0	40,0
Asturias	36,4	18,2	18,2	27,3
Canarias	16,7	16,7	25,0	41,7
Cantabria	14,3	14,3	42,9	28,6
Castela e León	45,5	9,1	22,7	22,7
Castela-A Mancha	41,7	0,0	50,0	8,3
Cataluña	26,8	16,1	14,3	42,9
Comunidade de Madrid	39,7	13,0	16,0	31,3
Comunidade Valenciana	50,0	0,0	0,0	50,0
Estremadura	66,7	0,0	0,0	33,3
Illas Baleares	37,5	12,5	12,5	37,5
Navarra	28,6	0,0	14,3	57,1
País Basco	30,0	30,0	0,0	40,0
Rexión de Murcia	50,0	0,0	0,0	50,0
Rioxa (a)	66,7	33,3	0,0	0,0

8.4.2.2 Provincias

O Anexo 162 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

8.4.2.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

Son optimistas no que toca ao regreso á vella normalidade a totalidade de titulados/as emigrados na Arxentina, Casaquistán, Indonesia e Nicaragua, ben como a maioría de Colombia (66,7%), Ecuador (60,0%), Bélxica (57,1%), e metade nos EUA, México, Noruega e Polonia. Polo contrario, manifestáronse pesimistas a totalidade de residentes en Andorra, Chequia e Tailandia, ben como metade en Polonia e un terzo en Colombia.

O Anexo 163 reflicte o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

8.4.3 Ámbitos académicos

Existen relacións de dependencia estatística por ramas académicas. Así sendo, mostráronse más optimistas cun regreso inmediato á vella normalidade os titulados/as da rama Tecnolóxica (31,4%) e Científica (27,6%) contra as das Artes e Humanidades (17,8%) e das Ciencias da Saúde (20,0%). Polo

contrario, a proporción de titulados/as que achán que non se producirá un retorno á normalidade pre-pandémica nas Ciencias da Saúde (24,3%) duplica á do Tecnolóxico (12,1%).

Cadro nº301: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo os ámbitos académicos

	Ao principio non	Definitivamente non	NS/NR	Si
Artes e Humanidades	36,1	15,4	30,7	17,8
Ciencias da Saúde	33,0	24,3	22,6	20,0
Científico	40,2	12,3	19,9	27,6
Multidisciplinar	34,5	13,8	27,6	24,1
Tecnolóxico	37,7	12,2	18,7	31,4
Xurídico-Social	35,4	13,6	26,0	25,0

8.4.4 Promoción académica

Mostráronse máis optimistas co regreso inmediato á vella normalidade as persoas das promocíons más antigas (29,9% entre 1990-95) contra o 23,9% entre 2016-21. O pesimismo segue unha tendencia irregular, co máximo de 15,8% entre 2011-15 e mínimo de 11,8% entre 1996-2000.

Cadro nº302: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a promoción académica

	Ao principio non	Definitivamente non	NS/NR	Si
1990-95	33,7	12,3	24,1	29,9
1996-00	33,5	11,8	28,2	26,5
2001-05	40,6	14,1	20,8	24,5
2006-10	34,7	13,5	24,0	27,7
2011-15	36,1	15,8	22,7	25,5
2016-21	39,6	12,2	24,4	23,9

8.4.5 Tipoloxía de estudos

A maioría de egresados/as en títulos propios achán que o regreso á vella normalidade será inmediato (57,1%) contra o mínimo de diplomados/as (19,7%), titulados en mestrado universitario (25,3%) e licenciados/as (25,7%). O escepticismo está máis estendido entre diplomados/as (16,8%), graduados/as (14,7%) e doutores/as (13,4%) contra o mínimo de egresados/as en títulos propios (7,1%).

Cadro nº303: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a tipoloxía de estudos

	Ao principio non	Definitivamente non	Non o sei	Si
Diplomatura	37,8	16,8	25,7	19,7
Doutoramento	41,2	13,4	16,0	29,4
Enxeñaría Superior	36,4	12,8	18,7	32,1
Enxeñaría Técnica	39,2	12,2	17,1	31,4
Grao	31,3	14,7	27,8	26,2

	Ao principio non	Definitivamente non	Non o sei	Si
Licenciatura	35,5	12,9	25,9	25,7
Mestrado Universitario	38,6	10,8	25,3	25,3
Título Propio	21,4	7,1	14,3	57,1

8.4.6 Titulacións

O Anexo 164 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a titulación realizada na UVigo.

8.4.6 Rama de actividade

O optimismo sobre un retorno inmediato á vella normalidade está máis estendido nos titulados/as que traballan na empresa privada (28,8%) contra o 21,1% en entidades non lucrativas, os cales (14,7%), xunto cos empregados públicos (13,8%) se mostraron más pesimistas.

Cadro nº304: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a rama de actividade

	Ao principio non	Non	NS/NR	Si
Ámbito público	36,1	13,8	26,3	23,7
Empresa privada	37,2	12,5	21,5	28,8
Entidade non lucrativa	43,1	14,7	21,1	21,1

8.4.7 Sector económico

Achan que poderá ser posíbel un retorno á vella normalidade a maioría de titulados que traballan en actividades inmobiliarias (55,6%), ben como metade en téxtil e confección e xestión ambiental, seguidos polos empregados no sector farmacéutico (47,1%) e industria química, plástico, vidro e envases (40,9%). Polo contrario, o pesimismo está máis estendido entre os titulados/as empregados no sector sanitario/saúde (22,5%), turismo e restauración (22,2%), medios de comunicación/AV (19,2%), automoción (18,5%), actividades físico/deportivas (16,7%) e consultoría (16,3%).

O Anexo 165 mostra o cadro de datos da distribución porcentual sobre as expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo o sector económico.

8.4.8 Categoría profesional

O optimismo de directivos/as (31,4%) e mandos intermedios (30,4%) sobre un regreso inmediato á vella normalidade duplica ao de titulados/as con empregos non cualificados (15,9%).

Cadro nº305: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a categoría profesional

	Ao principio non	Non	NS/NR	Si
Directivo/a	32,8	14,1	21,7	31,4
Empregado/a non cualificado/a	34,1	15,1	34,9	15,9
Mando intermedio	36,2	12,0	21,4	30,4
Técnico/a cualificado/a	38,5	13,8	22,7	25,1

8.4.9 Área funcional de traballo

Achan que o regreso á vella normalidade será factíbel de forma inmediata unha parte considerábel de titulados/as que traballan nos departamentos de loxística e almacén (37,9%), recursos humanos (27,5%), compras (35,0%), dirección xeral (32,3%), I+D+i (31,5%), enxeñaría e construcción (31,0%) e produción (30,6%). Polo contrario, descartan en cheo ese regreso 23,4% de empregados en prevención e saúde, 20,0% en compras, 18,2% en xestión de proxectos, 15,5% en servizos, 15,3% en calidade e 15,1% en formación e ensino.

O Anexo 166 mostra o cadro de datos da distribución porcentual sobre as expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a área funcional de traballo

8.4.10 Tamaño da empresa/entidade

Sobre o retorno inmediato á vella normalidade son máis optimistas os titulados/as que traballan en microempresas (31,2%) e grandes empresas (27,1%) contra o mínimo de traballadores/as autónomos (22,0%).

Cadro nº306: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo o tamaño da empresa

	Ao principio non	Non	NS/NR	Si
Empresa individual	35,2	12,1	30,8	22,0
Microempresa	35,2	10,8	22,8	31,2
Pequena empresa	33,0	14,1	28,0	24,9
Mediana empresa	39,5	12,1	23,1	25,4
Grande empresa	37,9	14,2	20,8	27,1

8.4.11 Evolución da situación socio-laboral durante o 2021

Mostráronse máis optimistas no tocante ao retorno á vella normalidade os titulados/as que entre xaneiro e setembro de 2021 estiveron na mesma situación de desocupación (35,0%) e conservaron o emprego que tiñan a 1 de xaneiro (26,1%) contra o mínimo dos que arranxaron (19,8%) e perderon (20,7%) o emprego.

Cadro nº307: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a evolución da situación socio-laboral

	Ao principio non	Non	NS/NR	Si
Perdeu o emprego	34,1	14,6	30,5	20,7
Mesma situación	26,3	13,8	25,0	35,0
Desemprego	29,1	20,9	27,9	22,1
Mudou de emprego	51,7	12,7	10,2	25,4
Arranxou emprego	38,5	18,8	22,9	19,8
Mesmo emprego	36,3	13,2	23,9	26,5

Segundo mostra o Cadro nº308, non existen diferenzas estatisticamente significativas (p -valor<0,05) na expectativa do retorno inmediato á vella normalidade segundo a situación laboral no final do período avaliado.

Cadro nº308: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a situación laboral en setembro de 2021

	Ao principio non	Non	NS/NR	Si
Non traballa	29,8	16,5	27,8	25,8
Traballa	37,2	13,4	23,2	26,2

8.4.12 Impacto xeral da crise do coronavírus

Existen relacións de dependencia estatística segundo o impacto da pandemia (p -valor<0,05). Así sendo, mostráronse máis optimistas relativamente ao regreso á vella normalidade os titulados/as que referiron non sentirse afectados pola pandemia (43,6%) contra o mínimo dos que estiveron moito ou bastante (19,9% e 20,6%, respectivamente), entre os cales, polo seu lado, está máis estendido o descarte dese retorno.

Cadro nº309: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo o impacto xeral da pandemia

	Ao principio non	Non	NS/NR	Si
Nada	27,7	9,9	18,8	43,6
Pouco	33,8	9,0	19,6	37,5
Algo	41,0	11,4	23,1	24,5
Bastante	37,7	15,2	26,5	20,6
Moito	27,7	26,6	25,9	19,9

8.4.13 Impacto no estado de ánimo

Existen relacións de dependencia estatística (p -valor<0,05) entre as expectativas do hipotético retorno á normalidade pre-pandémica e o impacto da pandemia no estado de ánimo. Así sendo, o optimismo é maioritario nas persoas que non sofreron calquera tipo de impacto no seu estado de ánimo (50,6%), seguido polos que se viron pouco afectados (40,3%) contra o mínimo dos moito afectados/as

(17,9%), os cales, pola súa vez, descartan en máis proporción o regreso á vella normalidade (19,5%), duplicando aos nada afectados (9,0%).

Cadro nº310: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo o impacto da pandemia no estado de ánimo

	Ao principio non	Non	NS/NR	Si
Nada afectado/a	30,3	9,0	10,1	50,6
Pouco afectado/a	31,1	9,7	18,9	40,3
Algo afectado/a	39,2	11,5	23,8	25,6
Bastante afectado/a	37,8	17,5	25,4	19,3
Moito afectado/a	32,3	19,5	30,3	17,9

8.4.14 Preocupación co contaxio

Existen relacóns de dependencia estatística ($p\text{-valor}<0,05$) entre as expectativas sobre o retorno á vella normalidade e a preocupación co contaxio. Así sendo, mostráronse más optimistas os nada (45,3%) ou pouco (39,4%) preocupados contra o mínimo (12,6%) dos que estiveron moi preocupados, os cales, pola súa vez, descartan en maior proporción o regreso á normalidade pre-pandémica (22,8%).

Cadro nº311: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica segundo a preocupación co contaxio durante a pandemia

	Ao principio non	Non	NS/NR	Si
Nada preocupado/a	18,8	17,9	17,9	45,3
Pouco preocupado/a	32,0	7,5	21,1	39,4
Algo preocupado/a	39,4	10,1	21,6	28,9
Bastante preocupado/a	39,0	15,6	26,1	19,3
Moito preocupado/a	37,1	22,8	27,6	12,6

PARTE III

ANÁLISE DAS RESPOSTAS Á PREGUNTA ABERTA

Nesta parte do estudo recóllese unha síntese concisa das opinións e comentarios que as persoas tituladas que participaron neste estudo transmitiron no espazo habilitado para ese fin no formulario da enquisa aplicada sobre o impacto laboral da pandemia de Covid-19 entre xaneiro e setembro de 2021.

Segundo os aspectos abordados, as opinións dos antigos estudiantes foron agrupadas en catro categorías temáticas: laboral, economía, fatiga pandémica e planificación.

Impacto laboral

En xeral as persoas tituladas que responderon a enquisa e fixeron comentarios persoais sobre a súa situación laboral durante a pandemia achán que o confinamento condicionou unha maior dispoñibilidade laboral, ben como o incremento de reunións para tomar decisións, entre outras, sobre a adopción de medidas de conciliación, flexibilidade horaria ou traballo por obxectivos, alcanzando unha mellor incidencia en profesións ligadas á restauración e o turismo. Por outra parte, o sector das asesorías viu incrementado o seu traballo para dar resposta á cidadanía sobre as actualizacións das diferentes normativas que se publicaban durante a pandemia.

Así sendo, a pandemia afectou tanto a nivel persoal como familiar e ao do traballo, aínda que de forma desigual. Para moitos a pandemia beneficiou a sectores como o farmacéutico, mais non aos seus empregados.

Impacto na economía

En temas económicos non se detectou unanimidade nos comentarios deitados polas persoas tituladas da UVigo. En xeral admítese que existe unha relación directa entre os ingresos e os gastos. Para a maioría houbo beneficios económicos por causa dos aforros en desprazamentos e gastos de lecer que, no entanto, non se compensan polo encarecemento dos recursos enerxéticos ou da alimentación. Por outra parte, algúns manifestaron ter dificultades para encontrar traballo ao finalizar os seus contratos polo que os ingresos non aumentaron, mais si os gastos debido ao incremento do custo da vida. Finalmente, outra parcela máis reducida acha que a situación económica empeorou debido á redución da xornada de traballo.

Impacto da fatiga pandémica

Os puntos en común detectados céntranse en admitir que as consecuencias da pandemia de Covid-19 serán no longo prazo máis mentais que laborais debido ao estrés psicolóxico e físico que tiveron que suportar, admitindo as dificultades que comportaría o regreso á vella normalidade.

Ansiedade e depresión son os vocábulos máis usados e que provocaron baixas laborais e dificultades para se centrar nos seus traballos, dando más importancia á parte emocional e social que á económica.

Así sendo, esta fatiga pandémica incidirá nas súas relacións interpersoais que mudarán tanto a nivel social e laboral como tamén mental, precisando apoio psicolóxico e emocional.

Impacto na planificación

Os antigos estudantes concordan en afirmar que a pandemia fixo diminuí a atención ao público tanto no sector público como no privado, o que acarretou unha baixa prestación dos servizos. Tamén destacaron as dificultades que encontran para conciliar o teletraballo cos deberes familiares, especialmente con menores dependentes. Manifestan que as vantages que comporta a flexibilidade horaria do traballo condiciona mudanzas de hábitos tanto no ambiente familiar como na forma de traballar.

Algúns achán que o teletraballo pode lograr un aumento da produtividade da empresa aínda que o sexa a custa da sobrecarga de traballo a que se está submetido, admitindo a característica que comporta o teletraballo compense parcialmente as maneiras de traballar, polo que as empresas apostaran niso, adaptando as súas xestións comerciais a unha realidade mutante.

En relación ao sector da construción, constátase que en xeral viu incrementados os seus ingresos polas adaptacións de locais á situación da pandemia.

Finalmente, os autores deste informe de inserción laboral queremos fazer constar que, como en anteriores estudos de seguimento, moitas persoas inquiridas manifestaron nos comentarios deitados na pregunta aberta do cuestionario que terían más facilidade en responder o formulario proposto se a enquisa fose anónima. Comprendendo esta preocupación, porén, segundo os fins do Observatorio, a enquisa tería de ser nominal por unha cuestión de credibilidade e rigorosidade do estudio e para confirmar a participación de antigos estudantes da UVigo e non de persoas alleas a esta comunidade. Neste sentido, no que toca ao procesamento posterior dos datos, a dirección del Observatorio mantién o seu compromiso de garantir la absoluta confidencialidade, de maneira que, durante o tratamiento estadístico dos datos, as respuestas recompiladas na enquisa non se asocian aos únicos datos persoais requeridos (nome, apelidos e correo electrónico de contacto).

PARTE IV

CONCLUSÓNS

Nesta última parte son abordadas as principais conclusóns tiradas dos resultados da enquisa aplicada sobre o impacto da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo entre xaneiro e setembro do ano 2021. Alén diso, nas variábeis en que proceder, estes resultados son comparados cos obtidos no estudo realizado sobre o impacto da primeira (marzo-xuño de 2020) e segunda onda (setembro-decembro de 2020) da pandemia.

1. Datos persoais e académicos

1.1 Datos persoais

Xénero: A porcentaxe de mulleres tituladas que participaron no estudo (58,8%) supera á de homes (41,2%).

Lugar de residencia: A maioría de titulados/as (79,6%) residen en Galicia, seguida por outra Comunidade Autónoma (12,5%) e o resto do mundo¹⁰⁰ (8,0%). A taxa de emigración¹⁰¹ masculina (22,3%) supera á feminina (19,1%).

Galicia:

Provincias: Predominan os residentes en Pontevedra (64,5%), seguidos por Ourense (17,2%) e A Coruña (14,8%) e, a máis distancia, Lugo (3,5%).

Comarcas: A maioría (52,5%) vive nas comarcas de Vigo (40,5%) e Ourense (12,0%), seguidas por Pontevedra (8,6%), A Coruña (5,9%) e O Morrazo (5,4%). Outras comarcas con presenza significativa son Santiago (4,0%), O Salnés (3,1%), O Condado (2,3%) e O Baixo Miño (2,2%).

Outras Comunidades Autónomas: Destacan a Comunidade de Madrid (42,0%) e Cataluña (17,8%), seguidas por Castela e León (7,0%), Andalucía (5,1%), Canarias e Castela-A Mancha (4,8% ambas).

Resto do mundo: Os países con máis titulados/as son Alemaña (16,3%), Reino Unido (15,3%), seguidos por Portugal (10,9%) e, a máis distancia, Francia (5,4%), Suíza (4,5%) e México (4,0%).

¹⁰⁰) En 38 países dos cinco continentes.

¹⁰¹) Pessoas tituladas residentes fóra de Galicia.

1.2 Datos académicos

Ámbitos académicos: Predominan as persoas tituladas da rama¹⁰² Xurídico-Social (46,2%), seguidas pola Tecnolóxica (27,9%), Científica (10,4%), Artes e Humanidades (9,7%) e das Ciencias da Saúde (4,6%). A presenza feminina é maioritaria nas Ciencias da Saúde (87,1%), Artes e Humanidades (79,3%), Xurídica-Social (67,9%) e Científica (66,3%), salvo na Tecnolóxica, con predominio masculino (71,0%).

Campus: A maioría realizou os seus estudos no Campus de Vigo (62,8%) contra o de Ourense (21,7%) e Pontevedra (15,5%). As mulleres son maioritarias en todos os Campus, oscilando entre o máximo de Pontevedra (71,2%) e Ourense (65,4%) e o mínimo de Vigo (53,4%).

Tipoloxía de estudos: Os 45,7% realizaron unha titulación de ciclo longo¹⁰³, 32,3% de ciclo curto¹⁰⁴, 10,0% de grao, 6,6% de mestrado universitario e 4,7% de doutoramento. As mulleres son maioritarias en todos os estudos, salvo nas Enxeñarías Técnicas (26,9%) e Enxeñarías Superiores (30,3%).

Promoción académica: Por quinquenios, o 7,4% da mostra avaliada obtivo o seu título entre 1990-95, 15,1% entre 1996-2000, 22,3% entre 2001-05, 23,7% entre 2006-10, 23,8% entre 2011-15 e 7,8% entre 2016-21. A emigración a outras Comunidades Autónomas (8,1%) somente é superada pola destinada ao estranxeiro (9,6%) entre 2016-21.

2. Perfil profesional

2.1 Pessoas que traballaban a 1 de xaneiro de 2021

A situación maioritaria era a de empregado por conta aldea na empresa privada (52,2%), seguido polos que traballan para a administración pública (28,1%). A máis distancia, áchanse as persoas tituladas que traballaban como emprendedoras, quer como traballadoras autónomas (5,8%), quer como empresarias ou titulares dunha empresa (2,4%).

Xénero: É significativa a maior proporción de homes que traballan por conta aldea na empresa privada (59,6% contra 46,9% de mulleres) e como empresarios ou titulares dunha empresa (3,9% contra 1,3%). Polo contrario, a presenza feminina é más frecuente no sector público (32,2% contra 22,2%). No réxime especial de traballadores autónomos non existen diferenzas significativas entre mulleres (6,0%) e homes (5,7%).

2.2 Pessoas que non traballaban a 1 de xaneiro de 2021

A situación predominante era a de desempregado/a, á procura de emprego (6,6%). Alén diso, un 1,9% estaba a preparar oposiciones, 1,1% estaba a cursar estudos universitarios¹⁰⁵, un 0,6% ao coidado familiar e 0,4% de baixa laboral. Finalmente un 0,7% eran xubilados/pensionistas.

¹⁰² O 1,0% restante son titulados/as do ámbito Multidisciplinar.

¹⁰³ Licenciatura (33,8%) e Enxeñaría Superior (13,4%).

¹⁰⁴ Diplomatura (22,0%) e Enxeñaría Técnica (9,5%)

¹⁰⁵ Predominan as persoas tituladas que están a realizar estudos de doutoramento (55,2%) e de mestrado (34,5% ambos) seguidas polos estudos de grao (6,9%).

Xénero: As mulleres presentan unha maior taxa de desemprego (7,3% contra 5,7% de homes), de concurseiras ou preparadoras de oposicións (2,4% contra 1,2%) e de baixa laboral (0,6% contra 0,1%). A presenza feminina é exclusiva no coidado familiar (1,1%). Porén, non é significativa a proporción de persoas tituladas que continúan a cursar estudos universitarios ou están xubiladas/pensionistas.

Comparativa: Tal como mostra o Cadro nº312 non existen diferenzas significativas na situación socio-laboral das persoas tituladas da UVigo. Porén, a taxa de desemprego en xaneiro de 2021 (6,6%) era levemente inferior á existente en setembro de 2020 (7,0%) e maior á rexistrada en marzo de 2020 (4,7%).

Cadro nº312: Comparativa da situación socio-laboral durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Emprego por conta allea na empresa privada	56,3	54,4	52,2
Emprego por conta allea no sector público	26,5	24,9	28,1
Desemprego	4,7	7,0	6,6
Traballo autónomo	6,6	6,7	5,8
Empresario/a (titular dunha empresa)	1,9	2,1	2,4
Prepara oposicións	1,6	1,8	1,9
Baixa laboral	0,5	1,2	0,4
Coidado familiar	0,6	0,6	0,6
Cursa estudos universitarios	1,0	0,5	1,1
Xubilados/pensionistas	0,4	0,7	0,7

2.3 Taxa de ocupación

A proporción de persoas que traballaban a 1 de xaneiro de 2021 era do 89,7%.

Xénero: É levemente superior a taxa masculina (92,0%) que a feminina (88,1%).

Lugar de residencia: A taxa de ocupación era levemente máis baixa no estranxeiro (88,6%) e en Galicia (89,1%) que noutras Comunidades Autónomas (94,3%).

Ámbitos académicos: A taxa de ocupación era máis alta nas Ciencias da Saúde (94,8%) e Tecnolóxica (93,8%) que nas Artes e Humanidades (82,9%), Científica (87,9%) e Xurídico-Social (89,3%).

Comparativa: En xaneiro de 2021 a taxa de ocupación (89,7%) era praticamente a mesma que en setembro de 2020 (89,5%) e inferior á existente antes da irrupción da crise do coronavírus en marzo de 2020 (92,2%). Nos tres períodos avaliados a taxa de ocupación masculina supera á feminina.

Cadro nº313: Comparativa da taxa de ocupación durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	92,2	89,5	89,7
Homes	94,5	91,8	92,0
Mulleres	90,6	88,0	88,1
Galicia	91,7	88,5	88,6
Outras Comunidades Autónomas	93,7	94,3	96,3
Resto do mundo	93,8	94,3	88,6

2.4 Lugar de traballo

O 76,5% traballaba en Galicia, seguido por outra Comunidade Autónoma (15,0%) e no resto do mundo¹⁰⁶ (8,5%).

Xénero: A emigración feminina (22,2%) é inferior á masculina (25,6%).

Galicia:

Provincias: A maioría traballa en Pontevedra (63,0%), seguida pola Coruña e Ourense (16,7% ambas) e Lugo (3,6%).

Comarcas: Predominan Vigo (43,7%), Ourense (11,3%) e Pontevedra (8,2%), seguidas pola Coruña (6,3%) e Santiago (5,9%).

Outras Comunidades Autónomas: Destacan a Comunidade de Madrid (46,3%) e Cataluña (17,0%), seguidas por Castela e León (5,4%), Andalucía (4,8%), Asturias e País Basco (4,2% ambas).

Resto do mundo: Destacan Alemaña (15,8%), Reino Unido (15,3%) e Portugal (12,6%) e, a máis distancia, a Francia (6,3%) e a Suíza (4,2%).

Comparativa: Nos períodos avaliados rexistrouse unha diminución da proporción de titulados/as emigrados no estranxeiro.

Cadro nº314: Comparativa do lugar de traballo durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Galicia	75,0	78,0	76,5
Outra Comunidade Autónoma	14,3	13,1	15,0
Resto do mundo	10,7	8,8	8,5

¹⁰⁶ En 36 países dos cinco continentes.

2.5 Modalidade de contratación

En xaneiro de 2021 a maioría (90,7%) traballaba por conta allea¹⁰⁷ contra 9,3% por conta propia¹⁰⁸.

Xénero: Son semellantes as proporcións de traballo por conta allea de mulleres (90,2%) e homes (89,7%).

Comparativa: Nos períodos avaliados non se produciron mudanzas nas modalidades de contratación das persoas tituladas da UVigo.

Cadro nº315: Comparativa da modalidade de contratación durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Conta allea	90,7	90,0	90,7
Conta propia	9,3	10,0	9,3

2.6 Tipo de contrato

No emprego por conta allea predominan os contratos indefinidos (77,9%) contra os eventuais (22,1%). Entre os contratos de duración definida predominan os contratos temporais (15,2%), por obra/servizo (5,1%), bolsas (1,1%) e en prácticas (0,5%). Con todo, seguen a existir titulados a traballar sen contrato (0,2%).

Xénero: A eventualidade laboral feminina (25,1%) é máis alta que a masculina (18,0%).

Lugar de traballo: A eventualidade laboral está estendida en proporcións semellantes no estranxeiro (22,5%), Galicia (20,9%) e noutras Comunidades Autónomas (19,6%).

Comparativa: Non se rexistraron alteracións significativas na distribución dos tipos de contrato.

Cadro nº316: Comparativa do tipo de contrato durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Contrato de duración indefinida	76,9	79,5	77,9
Contrato temporal	15,6	14,1	15,2
Contrato por obra/servizo	5,5	5,2	5,1
Bolsa	1,4	0,9	1,1
En prácticas	0,4	0,3	0,5
Sen contrato	0,1	0,1	0,2

¹⁰⁷⁾ Empregados/as na empresa privada (59,0%) e empregados/as na administración pública (31,7%).

¹⁰⁸⁾ Traballadores/as autónomos/as (6,6%) e empresarios/as (2,7%).

2.7 Rama de actividade

A maioría traballa na empresa privada (60,9%), seguido polo ámbito público (34,1%) e entidades non lucrativas (5,0%).

Xénero: Hai máis mulleres no sector público (39,1% contra 27,5%) que no sector privado (55,6% contra 68,0%).

Comparativa: Na mostra avaliada no ano 2021 rexistrouse unha maior proporción de empregados no sector público a custa da empresa privada.

Cadro nº317: Comparativa da rama de actividade durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Empresa privada	64,0	65,1	60,9
Sector público	30,8	30,4	34,1
Entidades non lucrativas	5,2	4,5	5,0

2.8 Sector económico

Dos 34 sectores avaliados destacan o ensino/docencia (19,5%), seguido polos servizos da administración pública (9,6%), sanitario/saúde (6,5%), automoción (5,4%), servizos a empresas (4,6%), investigación/actividades científicas (4,5%), telecomunicacións/IT (4,2%) e banca, servizos financeiros e seguros (4,1%).

Xénero: É significativa a maior presenza feminina en ensino/docencia, sanitario/saúde, servizos sociais e actividades profesionais. A presenza masculina é significativa en enxeñaría, automoción, telecomunicacións/IT e en enerxía e utilities.

Lugar de traballo:

Galicia: Predominan o ensino/docencia (21,3%), servizos da administración pública (9,6%), saúde (7,4%), automoción (5,9%) e servizos a empresas (5,0%).

Outras Comunidades Autónomas: Destacan o ensino/docencia (13,7%), servizos da administración pública (12,5%), telecomunicacións/IT (8,0%), investigación/actividades científicas (6,3%) e consultoría (5,4%)

Resto do mundo: Sobresaen investigación (15,9%), ensino/docencia (13,8%), automoción (7,9%) e consultoría (5,3%).

Comparativa: Non se produciron alteracións significativas na distribución dos principais sectores económicos en que traballan as persoas tituladas da UVigo.

Cadro nº318: Comparativa dos principais sectores económicos durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Ensino/docencia	19,0	16,5	19,5
Servizos da administración pública	7,9	8,8	9,6
Sanitario/saúde	6,8	6,7	6,5
Automoción	6,1	6,1	5,4
Servizos a empresas	4,0	4,9	4,6

2.9 Área funcional de traballo/departamento

Dos 17 departamentos avaliados destacan formación e ensino (17,1%), administración e finanzas (12,6%), servizos (8,8%), enxeñaría e construcción (7,7%), I+D+i (7,4%), atención ao cliente/usuario (5,9%), vendas/marketing (5,1%) e producción (5,0%).

Xénero: A presenza feminina é significativa en formación e ensino, atención ao cliente/usuario, pre-vención e saúde e en servizos.

Comparativa: Houbo un regreso á situación de 2020 da porcentaxe de titulados/as empregados nos departamentos de formación e ensino e administración e finanzas.

Cadro nº319: Comparativa das principais áreas funcionais de traballo durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Formación e ensino	16,0	14,2	17,1
Administración e finanzas	12,0	14,3	12,6
Servizos	9,4	10,9	8,8
Enxeñaría e construcción	7,8	7,1	7,7
I+D+i	8,3	6,9	7,4
Informática e tecnoloxía	7,3	7,6	7,0
Sen áreas diferenciadas	7,1	7,0	6,8

2.10 Categoría profesional

A maioría traballaba como técnicos/as cualificados (60,8%), seguidos por mandos intermedios (19,8%), directivos/as (13,5%) e empregados sen cualificación (5,9%).

Xénero: É significativa a maior proporción de homes que traballan como directivos (19,7% contra 9,0%) e mandos intermedios (22,3% contra 18,0%). As mulleres traballan máis en empregos non cualificados (7,5% contra 3,7%) e como técnicas cualificadas (65,6% contra 54,4%).

Lugar de traballo: A presenza de categorías profesionais propias de titulados/as universitarios/as é más alta no estranxeiro (97,8%) e noutras Comunidades Autónomas (95,4%) que en Galicia (93,4%). En Galicia hai más directivos/as (14,3%) que noutras Comunidades Autónomas (10,1%) e no resto do

mundo (12,5%). Polo contrario, no estranxeiro (32,1%) e noutras Comunidades Autónomas (28,1%) hai máis mandos intermedios que en Galicia (16,8%).

Comparativa: Non se produciron mudanzas significativas no perfil da categoría profesional das persoas tituladas da UVigo.

Cadro nº320: Comparativa da categoría profesional durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Directivo/a	11,9	12,4	13,5
Mando intermedio	20,6	19,1	19,8
Técnico/a cualificado/a	61,8	62,3	60,8
Empregado/a non cualificado/a	5,7	6,2	5,9

2.11 Tamaño da empresa/entidade

Case a metade dos titulados/as (48,5%) traballaba en grandes empresas. A outra metade distribúese entre empresas de tamaño pequeno¹⁰⁹ (17,8%), mediano¹¹⁰ (18,1%) e microempresas¹¹¹ (11,5%). En menor medida (4,2%) están as empresas individuais (traballadores/as autónomos/as).

Lugar de traballo: As grandes empresas empregan á maioría de titulados/as emigrados no estranxeiro (65,4%) e noutras Comunidades Autónomas (62,9%) contra o 43,7% en Galicia, onde o traballo en empresas/entidades de tamaño individual e micro (18,6%) triplica á do estranxeiro (5,9%).

Comparativa: Non se produciron mudanzas significativas na distribución da mostra segundo o tamaño da empresa/entidade.

Cadro nº321: Comparativa do tamaño da empresa durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Empresa individual	4,6	5,0	4,2
Microempresa	12,0	11,6	11,5
Pequena empresa	18,3	18,1	17,8
Mediana empresa	19,1	17,3	18,1
Grande empresa	46,0	48,0	48,5

¹⁰⁹) De 10 a 49 empregados/as.

¹¹⁰) De 50 a 249 empregados/as.

¹¹¹) De 2 a 9 empregados/as.

3. Impacto laboral da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021

3.1 Impacto sanitario

A maioría de titulados/as (68,5%) referiu a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 no seu ambiente de traballo entre xaneiro e setembro de 2021, período en que decorreron a terceira, cuarta e quinta ondas da pandemia.

Lugar de traballo: O impacto sanitario en Galicia (66,6%) foi inferior ao rexistrado noutras comunidades Autónomas (78,8%) e no estranxeiro (72,7%).

Galicia:

Provincias: O impacto foi maior en Lugo (71,9%), seguido por Ourense (67,9%), Pontevedra (66,3%) e A Coruña (64,9%).

Comarcas: A incidencia foi total na Ulloa, Fisterra, Os Ancares, Terra de Melide e Terra de Soneira, superando á media galega Chantada (83,3%), Terra Chá (80,0%), A Coruña (75,2%), A mariña Central e Lugo (75,0% ambas), Ourense (74,9%), Verín (71,4%), O Baixo Miño (70,3%), Valdeorras (70,0%), Pontevedra (67,7%), O Salnés (67,5%), Vigo (66,8%) e Terra de Celanova (66,7%)

Concellos: Catro das sete cidades con máis de 50.000 habitantes, salvo Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo, tiveron unha incidencia sanitaria no ámbito laboral superior á media galega.

Outras Comunidades Autónomas: A incidencia foi total¹¹² en Cantabria, Estremadura, A Rioxia e Rexión de Murcia, seguido por Castela e León (94,1%), Andalucía (93,8%), Canarias (88,9%) e Castela-A Mancha (81,8%).

Resto do mundo: A incidencia foi total en 15 dos 36 países¹¹³, seguidos por Italia e Portugal (83,3% ambos), Reino Unido (79,3%), Francia, Luxemburgo e Suíza (75,0% cada un).

Rama de actividade¹¹⁴: Houbo máis incidencia no ámbito público (81,0%), seguido polas entidades non lucrativas (68,9%) e a empresa privada (62,2%).

Sector económico: A incidencia foi total en defensa e seguranza¹¹⁵, seguido polo aeroespacial¹¹⁶ (92,3%), sanitario/saúde¹¹⁷ (86,6%), téxtil e confección¹¹⁸ (85,7%), farmacéutico (83,3%), ensino/docen-

¹¹²) Tamaño de mostra non suficientemente representativo.

¹¹³) Andorra, Brasil, Colombia, Costa Rica, Dinamarca, Eslovaquia, Estonia, Finlandia, Indonesia, México, Nicaragua, Perú, Polonia, Suecia e Tailandia.

¹¹⁴) Na primeira e segunda onda o impacto sanitario do sector público (43,7% e 72,1%, respectivamente) tamén foi superior ao producido na empresa privada (30,1% e 48,3%, respectivamente) e en entidades non lucrativas (32,1% e 47,6%, respectivamente).

¹¹⁵) 43,4% na primeira e 88,9% na segunda onda da pandemia.

¹¹⁶) 53,8% na primeira e 72,7% na segunda onda da pandemia.

¹¹⁷) 70,8% na primeira e 74,0% na segunda onda da pandemia.

¹¹⁸) 68,2% na segunda onda da pandemia.

cia¹¹⁹ (81,9%), servizos sociais (80,0%), cultura e entretenimento (76,5%), madeira¹²⁰ (75,0%), automoción (73,7%) e investigación (72,9%), servizos da administración pública (73,1%), industria química, plástico, vidro e envases¹²¹ (72,7%), loxística, transporte e distribución (71,0%) e metalurxia e eléctrico (68,5%). Os menos afectados foron papel, gráficas, edición e reprodución¹²² (25,0%), actividades inmobiliarias (37,5%), actividades profesionais¹²³ (38,6%), medios de comunicación/AV (45,8%) e consultoría (49,4%).

Área funcional de trabalho: Afectou máis a prevención e saúde (84,0%), formación e ensino (81,1%), recursos humanos (76,3%), loxística e almacén (76,0%), producción (73,8%), investigación e desenvolvimento (73,1%), calidade (71,8%), compras (71,4%), servizos (71,3%) e atención ao cliente/usuario (71,2%).

Categoría profesional: Houbo máis incidencia nos mandos intermedios (74,6%), técnicos/as cualificados/as (69,2%) e empregados/as non cualificados/as (64,3%) que en directivos/as (59,2%).

Tamaño da empresa: A incidencia sanitaria foi más alta nas empresas de tamaño grande (78,4%), que nas individuais (22,7%) e microempresas (39,8%).

Comparativa: O impacto sanitario durante o ano 2021 foi moito maior (68,5%) que na segunda (55,6%) e primeira (34,3%) onda da pandemia.

Cadro nº322: Comparativa do impacto sanitario durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	34,3	55,6	68,5
Galicia	28,4	52,3	66,6
Outras Comunidades Autónomas	58,0	67,2	78,8
Resto do mundo	44,8	67,4	72,7

3.2 Impacto laboral

3.2.1 Situación socio-laboral

A inmensa maioría (90,1%) traballaba a 1 de setembro de 2021, o 81,6% no mesmo emprego/actividade que tiña a 1 de xaneiro de 2021, o 3,8% por ter arranxado emprego e o 4,7% nun posto de traballo diferente.

O 9,9% restante non traballaba a 1/9/2021 por xa estaren desempregados a 1/1/2021 (3,5%), por teren perdido o emprego no período avaliado (3,2%) ou, co 3,2%, por seguiren na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, preparar oposicións, baixa laboral...).

¹¹⁹ 28,1% na primeira (fundamentalmente non presencial) e 77,2% na segunda onda da pandemia.

¹²⁰ 100,0% na segunda onda da pandemia.

¹²¹ 43,3% na primeira e 68,4% na segunda onda da pandemia.

¹²² 16,7% na segunda onda da pandemia.

¹²³ 20,7% na segunda onda da pandemia.

Xénero: A ocupación dos homes (93,1%) supera á das mulleres (88,1%). Sen ser estatisticamente significativas, é levemente superior a proporción de mulleres que arranxaron emprego (4,3% contra 3,1%), sendo maior a frecuencia de homes que mudaron de posto de traballo (5,2% contra 4,4%). A proporción de homes que non traballa (7,9%) é inferior á de mulleres (11,9%). En todos os casos durante o período avaliado é maior a porcentaxe de mulleres tanto das que perderon o emprego (4,1% contra 2,0% de homes) como das que xa estaban desempregadas (4,0% contra 2,9%) ou seguían na mesma situación anterior (3,9% contra 2,1%).

Lugar de residencia: Os titulados/as residentes noutras Comunidades Autónomas (95,2%) e no estranxeiro (91,6%) traballan en máis proporción que en Galicia (89,1%).

Comparativa: A diferenza das dúas primeiras ondas da pandemia, durante o ano 2021 foi maior tanto a porcentaxe de persoas que mudaron de emprego como a das que seguían na mesma situación de non actividade. Houbo un repunte na proporción de persoas que perderon o emprego o que fixo aumentar o desemprego. As oportunidades laborais foron semellantes á segunda onda, sextuplicando o nivel da primeira onda.

Cadro nº323: Comparativa da situación socio-laboral durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Segue no mesmo emprego	85,9	85,4	81,6
Encontrou emprego	0,6	3,5	3,8
Mudou de emprego	1,2	2,1	4,7
Xa estaba desempregado/a	4,3	4,5	3,5
Perdeu o emprego	5,0	2,0	3,2
Segue na mesma situación	3,0	2,6	3,2

3.2.2 Taxa de ocupación

Durante o ano 2021 a taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo experimentou un incremento do 0,45%, ao pasar dunha ocupación do 89,7% en xaneiro de 2021 a un 90,1% en setembro de 2021.

Xénero: Mentre que taxa de ocupación masculina aumentou un 1,09%, a feminina baixou un 0,11%.

Lugar de residencia: Houbo máis crecemento da ocupación no estranxeiro (3,39%) que noutras Comunidades Autónomas (0,95%). En Galicia ficou constante.

Ámbitos académicos: Experimentaron un incremento da taxa de ocupación os ámbitos Multidisciplinar (15,8%), Tecnolóxico (1,4%) e das Ciencias da Saúde (0,9%). Porén, a ocupación descendeu un 0,4% no Xurídico-Social, ficando constantes nas Artes e Humanidades e no Científico.

Tipoloxía de estudos: O maior crecemento da taxa de ocupación deuse nos titulados/as en mestrado universitario (4,4%), enxeñeiros/as técnicos/as (4,0%), doutores/as (2,8%) e licenciados/as (0,5%); mantívose nos enxeñeiros/as superiores/as e baixou entre diplomados/as (2,1%) e graduados/as (1,0%).

Comparativa: Mentre a primeira onda provocou unha queda na taxa de ocupación do 4,9%, durante a segunda onda viuse incrementada un 1,68% e nun 0,45% durante o ano 2021. Por xéneros, tal como mostra o Cadro nº324, a recuperación da taxa masculina durante o ano 2021 e durante a segunda onda case compensa a perda producida durante a primeira onda. Porén, no caso feminino, está lonxe de recuperar a destrución de emprego producida durante a primeira onda. Segundo o lugar de residencia, mentres que Galicia sofreu a maior caída do emprego na primeira onda (-5,5%), recupera-se 1,6% na segunda, durante o ano 2021 non se viu alterada.

Cadro nº324: Comparativa da variación da taxa de ocupación durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	-4,9	+1,7	+0,45
Homes	-3,5	+2,0	+1,09
Mulleres	-5,8	+1,4	-0,11
Galicia	-5,5	+1,6	0,00
Outras Comunidades Autónomas	-3,3	+0,4	+0,95
Resto do mundo	-2,6	+3,0	+3,39

3.2.2.1 Rotación laboral

O 4,7 de titulados/as inquiridos mudou de emprego entre xaneiro e setembro de 2021.

Xénero: A rotación masculina (5,2%) foi levemente superior á feminina (4,4%).

Lugar de traballo: Houbo máis rotación noutras Comunidades Autónomas (8,9%) e en Galicia (5,3%) que no estranxeiro (4,3%).

Galicia:

Provincias: Houbo máis rotación na Coruña (5,4%) que en Lugo (0,0%), Pontevedra (4,0%) e Ourense (4,6%).

Comarcas: Houbo máis rotación en Bergantiños (25,0%), Betanzos (20,0%), Valdeorras (15,4%), Terra de Celanova (14,3%), Noia (12,5%), O Deza (11,8%) e O Ribeiro (11,1%), seguidas por Verín (9,1%), A Coruña (6,8%), O Salnés (6,5%) e O Morrazo (6,4%).

Outras Comunidades Autónomas: Houbo rotación na Rioxá (33,3%), Castela e León (18,2%), Canarias (16,7%), Comunidade Valenciana, Cataluña e Andalucía (12,5% cada unha), Castela-A Mancha (8,3%) e Comunidade de Madrid (5,3%).

Resto do mundo: Houbo rotación en sete países: Finlandia e República Dominicana (100,0% ambos), Colombia e Suíza (33,3% ambos), México (25,0%), Francia (9,1%) e Reino Unido (3,2%).

Rama de actividade: Houbo máis rotación nas entidades non lucrativas (8,3%) que no sector público (4,7%) e na empresa privada (5,0%).

Sector económico: Houbo rotación laboral en 27 dos 34 sectores económicos, sendo maior en turismo e restauración (22,2%), seguidos por cultura e entretemento e consultoría (10,5% ambos), defensa e seguranza e servizos sociais (9,1% ambos), comercio, madeira e minaría (8,3% cada un).

Sector económico do novo emprego: 27 dos 34 sectores avaliados foron destino da rotación laboral, destacando o ensino/docencia (20,2%) seguido, a máis distancia polos servizos da administración pública (10,9%), investigación (8,4%), sanitario/saúde (4,8%), automoción e consultoría (5,0% ambos).

Área funcional de traballo: Houbo máis rotación laboral en xestión de proxectos (18,2%), I+D+i (7,4%), informática e tecnoloxía (7,1%), atención ao cliente/usuario (7,0%), loxística e almacén (6,9%), enxeñaría e construcción (6,5%), vendas/marketing (6,3%), formación e ensino (5,3%) e dirección xeral (5,1%).

Categoría profesional: Houbo máis rotación laboral nas persoas con empregos non cualificados (8,7%), mandos intermedios (5,4%) e técnicos/as cualificados/as (5,0%) que en directivos/as (3,8%).

Tamaño da empresa: Houbo máis rotación laboral nas medianas (6,3%) e pequenas (5,9%) empresas que nas individuais (2,2%).

Comparativa: Houbo máis rotación laboral durante o ano 2021 (4,7%) que nas ondas anteriores, sen mostrar diferenzas estatisticamente significativas por xéneros. Segundo o lugar de traballo, no ano 2021 creceu en todos os ámbitos xeográficos, sendo significativamente máis alta entre as persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas.

Cadro nº325: Comparativa da rotación laboral durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	1,2	2,1	4,7
Homes	1,2	2,1	5,2
Mulleres	1,1	2,0	4,4
Galicia	1,0	1,8	5,3
Outras Comunidades Autónomas	0,7	3,3	8,9
Resto do mundo	3,0	3,4	4,3

3.2.2.2 Oportunidades laborais

O 3,8% da mostra avaliada arranxou emprego entre xaneiro e setembro de 2021.

Xénero: As mulleres arranxaron emprego en maior proporción que os homes (4,3% contra 3,1%).

Lugar de residencia: Houbo más oportunidades laborais en Galicia (4,0%) e no estranxeiro (3,5%) que noutras Comunidades Autónomas (2,5%).

Galicia:

Provincias: Foi máis alta en Pontevedra (4,6%) e Lugo (4,3%) que en Ourense (2,0%) e A Coruña (3,7%).

Comarcas: Houbo máis oportunidades laborais na Baixa Limia (50,0%), Verín e A Limia (18,2%), Terra Chá (14,3%), O Condado (12,8%), Noia (12,5%), Chantada (11,1%) e Tabeirós-Terra de Montes (10,0%). En Pontevedra foi de 5,2%, 3,9% en Vigo e 0,4% en Ourense.

Outras Comunidades Autónomas: Apenas houbo oportunidades laborais en Castela-A Mancha e Canarias (8,3% ambas), Cataluña (3,6%) e Comunidade de Madrid (3,0%).

Resto do mundo: Houbo oportunidades laborais en Colombia (33,3%), Ecuador e Irlanda (20,0% ambos), Reino Unido (6,5%), Portugal (4,5%) e Alemaña (3,0%).

Ámbitos académicos: Destaca a rama Multidisciplinar¹²⁴ (10,0%) e das Artes e Humanidades (6,5%) contra o mínimo das Ciencias da Saúde (1,7%).

Tipoloxía de estudos: Encontraron emprego con máis frecuencia titulados/as en mestrado universitario (8,3%), graduados/as (6,7%) e doutores/as (6,6%) que diplomados/as (1,4%) e enxeñeiros/as superiores (1,5%).

Sector económico do novo emprego: Houbo oportunidades laborais en 28 dos 34 sectores económicos avaliados, destacando os servizos da administración pública (16,7%), ensino/docencia (8,9%), investigación e sector primario (6,7% ambos), consultoría e enxeñaría (5,6% ambos).

Comparativa: Mantense a tendencia á alta das oportunidades laborais durante a crise do coronavírus. Por xéneros, durante o ano 2021 consolídase a tendencia, detectada na segunda onda, de as mulleres encontraren emprego en máis proporción que os homes. A melloría das oportunidades laborais en Galicia e noutras Comunidades Autónomas consolida a tendencia crecente.

Cadro nº326: Comparativa das oportunidades laborais durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	0,6	3,5	3,8
Homes	0,8	3,2	3,1
Mulleres	0,4	3,7	4,3
Galicia	0,4	3,7	4,0
Outras Comunidades Autónomas	1,7	2,0	2,5
Resto do mundo	0,3	4,0	3,5

3.2.3 Taxa de desemprego

A taxa de desemprego repontou o 3,0%, pasando dun 6,6% en xaneiro de 2021 a un 6,8% en setembro de 2021. Porén, trátase dun empeoramento mínimo e non significativo, pois entra dentro da marxe de erro da enquisa.

Xénero: A taxa de desemprego masculina diminuíu un 14,0% mentres que a feminina subiu o 11,0%.

¹²⁴) Durante a primeira onda ningún antigo estudante deste ámbito académico arranxou emprego, alcanzando o 17,4% na segunda onda.

Lugar de residencia: A taxa de desemprego diminuíu no estranxeiro (45,3%) e noutras Comunidades Autónomas (15,8%) e aumentou en Galicia (8,5%).

Galicia

Provincias: Aumentou en Ourense (27,2%), A Coruña (+10,4%) e en Pontevedra (7,2%) e caíu en Lugo (-28,6%).

Comarcas: En 6 das 45 comarcas avaliadas produciuse unha baixada da taxa de desemprego¹²⁵, sendo más pronunciadas no Carballiño e Terra Cha (-50,0% ambas), A Barbanza (-33,3%) e O Condado (-28,6%).

Outras Comunidades Autónomas: O desemprego baixou en Castela-A Mancha, que pasou a unha situación de pleno emprego, e o 50,0% en Cataluña e Comunidade de Madrid.

Resto do mundo: A taxa de desemprego baixou en seis países. Mentre que na Alemaña, Colombia, Irlanda, Portugal e Reino Unido pasouse a unha taxa de desemprego nula, no Ecuador reduciuse á metade.

Ámbitos académicos: A taxa de desemprego diminuíu na rama Multidisciplinar (-33,3%), Ciencias da Saúde (-20,0%) e Tecnolóxica (-19,4%) e, polo contrario, aumentou nas Artes e Humanidades (+13,8%), Xurídico-Social (+10,5%) e Científica (+5,6%).

Comparativa: O aumento no 3,0% coloca a taxa de desemprego en setembro de 2021 no 6,8%, nun nivel levemente superior ao rexistrado en decembro de 2020¹²⁶. Por xéneros, este aumento afectou principalmente ás mulleres, as cales se viran más afectadas durante a primeira onda mais que experimentaran unha recuperación menor na segunda. Segundo o lugar de residencia consolídase a diminución no estranxeiro, recupérase noutras Comunidades Autónomas e prodúcese unha recuada na melloría producida en Galicia na segunda onda.

Cadro nº327: Comparativa da variación da taxa de desemprego durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	+97,9	-7,1	+3,0
Homes	+84,6	-19,4	-14,0
Mulleres	+101,9	-1,3	+11,0
Galicia	+100,0	-6,4	+8,5
Outras Comunidades Autónomas	+79,1	+27,6	-15,8
Resto do mundo	+69,7	-72,5	-45,3

¹²⁵⁾ En Chantada e Verín pasouse dunha situación con existencia de desemprego a outra de pleno emprego ou desemprego nulo.

¹²⁶⁾ 6,5% a 31/12/2020.

3.2.3.1 Destrucción de emprego

O 3,2% das persoas tituladas da UVigo perdeu o emprego entre o 1 de xaneiro e o 1 de setembro de 2021.

Xénero: A destrución de emprego entre as mulleres (4,1%) duplicou a dos homes (2,0%).

Lugar de traballo: A perda do emprego foi superior en Galicia (3,2%) e noutras Comunidades Autónomas (2,1%) que no resto do mundo (1,6%).

Galicia

Provincias: A perda de emprego en Pontevedra (4,4%) e A Coruña (3,4%) superou á de Lugo (1,4%) e Ourense (2,3%).

Comarcas: Houbo destrucción de emprego superior á media galega na Paradanta, Fisterra e Noia (25,0% cada unha), Tabeirós-Terra de Montes (10,0%), A Limia (9,1%), O Salnés (8,1%), Valdeorras (7,7%), O Baixo Miño (6,8%), O Condado (6,4%), O Morrazo (4,6%), A Coruña (4,2%), Pontevedra e Lugo (4,0% ambas), Vigo (3,9%) e Ferrol (3,3%).

Outras Comunidades Autónomas: Apenas houbo destrucción de emprego na Rioxa (33,3%), Cantabria (14,3%), Canarias (8,3%), Cataluña (1,8%) e Comunidad de Madrid (0,8%).

Resto do mundo: Apenas se rexistrou destrucción de emprego entre as persoas tituladas emigradas nos Países Baixos (25,0%).

Tipo de contrato: Foron más afectadas as persoas con contratos temporais (10,6%), seguida polas que tiñan contratos en prácticas (9,1%), por obra/servizo (6,7%) e bolseiros/as (4,5%), afectando apenas o 0,8% con contratos indefinidos.

Antigüidade: Case a metade (48,7%) tiña unha antigüidade inferior a seis meses, 61,5% inferior a un ano, 76,9% inferior a dous anos e 88,4% inferior a cinco anos.

Rama de actividade: Incidiu máis nas entidades non lucrativas (4,6%) que na empresa privada (2,8%) e sector público (2,4%).

Sector económico: Víronse afectados 19 dos 34 sectores avaliados, mormente os ligados ás actividades inmobiliarias (11,1%), medios de comunicación/AV (7,7%), servizos sociais (7,6%), comercio (6,3%), loxística, transporte e distribución (6,1%), turismo e restauración (5,6%), cultura e entretenimento (5,3%), investigación (4,9%), actividades profesionais (4,7%), ensino/docencia (4,3%) e enxeñaría (4,2%).

Área funcional de traballo: Os departamentos más afectados foron loxística e almacén (10,3%), atención ao cliente/usuario (7,0%), empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas (4,7%) e produción (4,6%).

Categoría profesional: Víronse máis afectadas as persoas con empregos non cualificados (8,7%) e técnicos/as cualificados/as (2,9%) contra o 0,7% de directivos/as.

Tamaño da empresa: Houbo máis destrucción de emprego nas microempresas (2,4%) e pequenas (1,9%) contra o mínimo das grandes (1,0%) e medianas (1,1%) empresas.

Comparativa: A destrucción de emprego durante o ano 2021 (3,2%) foi maior que na segunda onda, mais inferior á producida durante a primeira. Durante a pandemia as mulleres foron más afectadas que os homes, sendo Galicia a área xeográfica más atinxida.

Cadro nº328: Comparativa da destrucción de emprego durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	5,0	2,0	3,2
Homes	4,0	1,4	2,0
Mulleres	5,7	2,3	4,1
Galicia	5,4	2,1	3,2
Outras Comunidades Autónomas	4,8	1,6	2,1
Resto do mundo	2,3	0,6	1,6

3.2.3.2 Causas do desemprego

As principais causas da perda de emprego durante o ano 2021 foron a finalización de contrato (63,3%), os despedimentos (24,5%), a suspensión da actividade profesional (6,1%), o peche do negocio propio (4,1%) e a pasaxe a ERE do ERTE (2,0%).

Xénero: É significativa a maior proporción de homes que perderon o emprego por finalización de contrato (71,4% contra 60,0% de mulleres) e despedimentos (28,6% contra 22,9%). Entre as mulleres foi exclusiva a causalidade por suspensión de actividade profesional (8,6%), peche do negocio propio (5,7%) a pasaxe do ERTE a ERE (2,9%).

Lugar de traballo: A finalización de contrato foi a causa alegada maioritariamente noutras Comunidades Autónomas (66,7%) e en Galicia (59,3%), onde, aliás, foron más frecuentes os despedimentos (37,0%). A suspensión da actividade profesional e/ou negocio propio foi a única causa da perda do emprego rexistrada no estranxeiro.

Tipo de contrato: A finalización do contrato foi alegada pola totalidade de bolseiros/as e con contratos por obra ou servizo, ben como polo 95,7% de empregados temporais e 80,0% con contratos por obra/ servizo. Os despedimentos foron más frecuentes entre os titulados/as con contratos indefinidos (55,6%).

Rama de actividade: A finalización de contrato foi alegada pola totalidade de empregados públicos, a maioría de empregados/as en entidades non lucrativas (66,7%) e o 42,1% na empresa privada. Os despedimentos foron maioritarios na empresa privada (52,6%).

Sector económico: A finalización do contrato afectou á totalidade de empregados/as en servizos sociais e turismo e restauración, seguido polo 66,7% en enxeñaría e servizos a empresas, 63,6% en ensino/docencia e metade de empregados en alimentación e metalurxia e eléctrico. Os despedimentos afectaron á totalidade na automoción, 66,7% das actividades profesionais e metade de metalurxia e eléctrico.

Categoría profesional: A finalización do contrato causou o desemprego da maioría de persoas con empregos non cualificados (66,7%) e de técnicos/as cualificados (63,2%). Os despedimentos afectaron á totalidade de directivos/as e mandos intermedios, ben como ao 31,6% de técnicos/as cualificados/as.

Tamaño da empresa: A destrución do emprego por finalización do contrato predominou nas pequenas (75,0%), grandes (62,5%) e medianas (60,0%) empresas, contra o mínimo das microempresas (28,6%). Os despedimentos foron maioritarios nas microempresas (57,1%), e notábeis nas medianas (40,0%), grandes (37,5%) e pequenas (25,0%) empresas.

Comparativa: Durante o ano 2021 mantívose a hexemonía, alcanzada na segunda onda, da finalización de contrato como principal causa da perda de emprego durante esta crise, aumentaron de forma considerábel os despedimentos e reduciuse a destrución de emprego por suspensión de actividade profesional.

Cadro nº329: Comparativa das causas da perda do emprego durante a Crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Por finalización de contrato	46,2	67,6	63,3
Por despedimento	13,3	8,8	24,5
Suspensión de actividade profesional	33,5	17,7 ¹²⁷	6,1
Peche do negocio propio	1,9	2,9	4,1
Por ERTE pasou a ERE	-	2,9	2,0

3.2.3.3 Recuperación do emprego

A maioría de persoas tituladas que perderon o emprego durante o ano 2021 (59,1%) non esperan recuperalo no curto prazo.

Xénero: Mientras que as mulleres son pesimistas (70,0%), o 64,3% de homes espera recuperar o emprego perdido durante o ano 2021.

Lugar de traballo: O optimismo en Galicia (34,6%) é levemente superior ao doutras Comunidades Autónomas (33,3%).

Rama de actividade: Apenas se mostraron optimistas (62,5%) as persoas que traballaban no ámbito público contra o mínimo da empresa privada (22,2%) e entidades non lucrativas (33,3%).

¹²⁷⁾ 5,9% por falta de actividade.

Sector económico: As expectativas son totais en automoción, investigación/actividades científicas e sanitario/saúde, na metade dos que o facían en actividades profesionais e metalurxia e eléctrico. Polo contrario, son nulas en alimentación/industria alimentar, servizos sociais e turismo e restauración.

Categoría profesional: A metade de directivos/as e mandos intermedios contra 20,0% de persoas con emprego non cualificado e o 38,9% de técnicos/as cualificados/as esperan recuperar o emprego.

Comparativa: En 2021 quebrou a tendencia crecente das expectativas positivas para recuperar o emprego rexistrada na primeira e segunda ondas desta crise, tornándose maioritario o pesimismo, nomeadamente debido ao diferencial feminino.

Cadro nº330: Comparativa das expectativas de recuperar o emprego durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	51,6	58,6	40,9
Homes	50,0	50,0	64,0
Mulleres	51,6	63,2	30,0
Galicia	53,4	58,8	34,6
Outra Comunidade Autónoma	33,3	50,0	33,3
Resto do mundo	50,0	100,0	-

3.2.3.4 Retoma da actividade suspendida durante o ano 2021

O 80,0% de persoas tituladas espera retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo.

Xénero: As expectativas femininas (80,0%) concordan cos resultados globais, pois nesta variábel non houbo presenza masculina.

Lugar de residencia: A totalidade das persoas que responderon este ítem residían en Galicia.

Sector económico: Expectativas totais no ensino/docencia e nulas entre as que exercían actividades profesionais.

Categoría profesional: A totalidade de técnicas cualificadas inquiridas mostráronse optimistas contra as nulas esperanzas das que tiñan empregos non cualificados.

Tamaño da empresa: Mostráronse optimistas a totalidade de empregadas en microempresas contra as nulas expectativas das traballadoras autónomas.

Comparativa: As expectativas de retomar a actividade suspendida durante a segunda onda da pandemia mantivéreronse durante o ano 2021, rexistrándose tamén apenas casos entre as mulleres que traballaban en Galicia.

Cadro nº331: Comparativa das expectativas de retoma da actividade suspendida durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	46,9	80,0	80,0
Homes	50,0	-	-
Mulleres	45,2	80,0	80,0
Galicia	42,4	66,7	80,0
Outra Comunidade Autónoma	47,4	-	-
Resto do mundo	77,8	-	-

3.2.3.5 Procura de emprego durante o ano 2021

O 75,6% procurou emprego entre xaneiro e setembro de 2021.

Xénero: Os homes (82,4%) procuraron emprego máis que as mulleres (72,9%).

Lugar de residencia: Procurou emprego o 77,3% de residentes en Galicia contra metade no resto do mundo e 66,7% noutras Comunidades Autónomas.

Comparativa: As taxas de procura de emprego durante a crise do coronavírus mantéñense prácticamente inalteradas, aumentando considerabelmente as diferenzas entre xéneros.

Cadro nº332: Comparativa da procura de emprego durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	79,4	74,6	75,6
Homes	82,0	75,0	82,4
Mulleres	78,2	74,5	72,9
Galicia	78,6	75,4	77,3
Outra Comunidade Autónoma	59,1	77,8	66,7
Resto do mundo	100,0	33,3	50,0

3.3 Impacto no modo de traballo

3.3.1 Modalidade de traballo durante o ano 2021

A porcentaxe de titulados/as que traballaron no seu lugar habitual (ben con "normalidade" ou con restricións) ascendeu ao 42,6%, ficando 7,8 puntos porcentuais abaixo dos que teletraballaron ou fixeron traballo remoto de forma parcial (26,0%) ou total (24,4%). As persoas inquiridas afectadas por ERTEs (ou figuras similares no estranxeiro) representan o 3,5% da mostra obtida.

A parcela de empregados que atravesaron esta fase da crise sen desempeñar unha actividade laboral por teren suspendido temporariamente a súa actividade económica debido ás restricións (1,5%), estado de baixa (1,1%), en casa sen teletraballar (0,8%) ou en excedencia (0,1%), alcanza o 3,5%.

En definitiva, entre os inquiridos que traballaron durante o ano 2021, o grupo maioritario (50,4%) estivo formado polos que teletraballaron parcial ou totalmente, seguidos polos que traballaron no seu lugar habitual (42,6%). Un 3,5% estivo en ERTE e outro 3,5% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral.

Xénero: Houbo máis homes que teletraballaron (54,7% contra 47,2%), o que se traduce na maior porcentaxe de mulleres que traballaron presencialmente (44,1% contra 40,5% de homes) ou en casa sen actividade laboral (2,9% contra 0,7%).

Lugar de traballo: En Galicia houbo máis traballo presencial (48,0%) que noutras Comunidades Autónomas (28,8%) e no estranxeiro (19,6%). No estranxeiro houbo máis teletraballo (76,6%) que en Galicia (45,6%) e noutras Comunidades Autónomas (66,8%).

Galicia

Provincias: Predominio do traballo presencial, salvo na Coruña, onde o teletraballo foi maioritario (53,3%).

Comarcas: Houbo máis implantación do teletraballo en Ordes (50,0%), Santiago (37,1%), Bergantiños, Betanzos e Fisterra (33,3% cada unha), Caldas (30,0%), Vigo (25,1%), A Coruña (20,6%) e Allariz-Maceda e Terra Cha (25,0% ambas).

Outras Comunidades Autónomas: O teletraballo predominou en Aragón (60,0%), Cataluña (43,6%) e Comunidade de Madrid (41,1%) mentres que a presencialidade foi maioritaria nas Canarias (77,8%), Estremadura (66,7%), Castela-A Mancha (63,6%), A Rioxa e Rexión de Murcia (50,0% ambas).

Resto do mundo: O teletraballo foi total en Andorra, Brasil, Canadá, Países Baixos, Polonia e Tunisia, e maioritario no Perú (80,0%), Irlanda (66,7%), Dinamarca (60,0%), Reino Unido (58,6%), Bélxica (57,1%) e Alemaña (51,7%). O traballo presencial foi total en Costa Rica, Estonia, Finlandia, Nicaragua e Tailandia.

Rama de actividade: O teletraballo estivo más implantado nas entidades non lucrativas (29,8%) e empresa privada (28,9%) que no sector público (17,8%), onde foi máis frecuente a presencialidade (49,1%) contra o mínimo das entidades non lucrativas (36,5%). Só se rexistraron titulados afectados por ERTEs na empresa privada (5,0%).

Categoría profesional: O teletraballo estivo más implantado entre mandos intermedios (29,5%) e técnicos/as cualificados/as (25,3%) que nos empregos non cualificados (15,0%), onde foi maioritario o traballo presencial (55,8%) e houbo más titulados/as afectados por ERTEs (5,3%).

Tamaño da empresa/entidade: O teletraballo e o traballo semipresencial estiveron más implantados nas empresas de tamaño grande (28,7% e 30,3%, respectivamente) e medio (27,0% e 26,8%, respectivamente) que nas microempresas (15,7% e 20,8%, respectivamente), onde o traballo presencial foi maioritario (53,4%).

Comparativa: O aumento do teletraballo e do traballo semipresencial durante o ano 2021 debido á maior incidencia epidemiolóxica durante a terceira, cuarta e quinta ondas fixeron con que o traballo presencial deixase de ser maioritario (42,6%), aínda que sen chegar aos niveis da primeira onda (33,9%). Observouse unha repunta das persoas afectadas por ERTEs e que estiveron en casa sen actividade laboral.

Cadro nº333: Comparativa da modalidade de traballo durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Teletraballo ou traballo remoto	54,0	19,7	24,4
Traballo semipresencial	2,6	23,0	26,0
Traballo presencial con "normalidade"	19,0	45,0	34,2
Traballo presencial con restricións	14,9	7,9	8,4
En ERTE (ou figura semellante)	5,7	2,3	3,5
En casa sen actividade laboral	3,8	2,0	3,5

3.3.2 Experiencia previa en teletraballo

Entre as persoas que teletraballaron total ou parcialmente durante o ano 2021, a maioria (69,0%) teletraballara antes: o 37,4% durante a primeira onda da pandemia, o 3,0% durante a segunda e o 28,6% antes da aparición da pandemia en marzo de 2020. Un 31,0% das persoas inquiridas teletraballou pola primeira vez durante o ano 2021.

Xénero: Non existen diferenzas significativas na experiencia previa de homes (71,0%) e mulleres (62,7%). A experiencia acumulada no teletraballo durante a crise do coronavírus permitiu que se salvasen as diferenzas de partida.

Lugar de traballo: Antes da terceira onda da pandemia o teletraballo estaba menos implantado en Galicia (66,2%) que no estranxeiro (81,9%) e noutras Comunidades Autónomas (71,6%).

Rama de actividade: O teletraballo estaba más implantado nas entidades sen ánimo de lucro (79,7%) e empresa privada (71,7%) que no sector público (61,9%)

Sector económico: Antes da terceira onda da pandemia posuían experiencia en teletraballo a totalidade de titulados/as nos sectores aeroespacial, turismo e restauración e xestión ambiental e era predominante na industria química, plástico, vidro e envases (88,9%) e telecomunicacións/IT (85,4%). No entanto, carecían de experiencia os titulados/as que traballaban en actividades inmobiliarias, defensa e seguranza e madeira.

Categoría profesional: A experiencia previa era máis frecuente entre directivos/as (80,0%), técnicos/as cualificados (68,6%) e mandos intermedios (68,0%) que nos titulados/as con empregos non cualificados (62,2%).

Tamaño da empresa/entidade: Tiñan máis experiencia previa en teletraballo as empresas individuais (78,1%) e microempresas (73,2%) que as pequenas empresas (63,9%).

Comparativa: A diferenza da segunda onda da pandemia, durante o ano 2021 produciuse un incremento dos titulados/as sen experiencia previa no teletraballo do 23,2% ao 31,0%, o que confirma o incremento producido na implantación do teletraballo (parcial e total) durante unhas ondas en que houbo unha alta incidencia epidemiolóxica.

Cadro nº334: Comparativa da experiencia previa en teletraballo durante a crise do coronavírus

	1ª onda	2ª onda	2021
Sen experiencia previa	60,8	23,2	31,0
Con experiencia anterior á irrupción da pandemia	39,2	32,7	28,6
Con experiencia durante a primeira onda da pandemia	-	44,1	37,4
Con experiencia durante a segunda onda da pandemia	-	-	3,0

3.3.3 Axudas públicas por suspensión de actividade

Case a metade (48,5%) das persoas afectadas pola suspensión de actividade ou peche do negocio propio recebeu algunha axuda pública compensatoria.

Xénero: Receberon máis axudas as mulleres (50,0%) que os homes (45,5%).

Lugar de traballo: Receberon axudas o 54,5% das persoas afectadas en Galicia, metade noutras Comunidades Autónomas e ningún titulado/a afectado por esta situación no estranxeiro.

Sector económico: 8/12 sectores afectados por esta circunstancia receberon este tipo de axudas, que beneficiaron á totalidade en actividades físico/deportivas, comercio e sanitario/saúde, ben como metade en actividades profesionais, medios de comunicación/AV e turismo e restauración.

Tamaño da empresa/entidade: As axudas beneficiaron ao 83,3% de empresas individuais e 66,7% de microempresas afectadas por suspensión de actividade ou peche de negocio, seguidas pola metade de empresas de tamaño medio.

Comparativa: Logo do incremento rexistrado durante a segunda onda da pandemia recuou o alcance das axudas por suspensión de actividade ou peche do negocio propio até se situar nun nivel inferior ao da primeira onda.

Cadro nº335: Comparativa das axudas públicas recibidas por suspensión de actividade durante a crise do coronavirus

	1ª onda	2ª onda	2021
Global	53,3	71,4	48,5
Homes	57,1	-	50,0
Mulleres	50,0	80,0	45,5
Galicia	54,2	80,0	54,5
Outra Comunidade Autónoma	100,0	-	50,0
Resto do mundo	33,3	-	0,0

3.3.4 Impacto sobre a carga de traballo

O 48,6% das persoas tituladas viu aumentada a súa carga de traballo contra un 10,3% que referiu ter diminuído. Para o 41,1% restante o volume de traballo ficou inalterábel.

Xénero: É significativo o maior impacto experimentado polas mulleres (52,4%) que os homes (43,5%).

Lugar de traballo: Durante o ano 2021 viuse más afectada a carga de traballo en Galicia (50,2%) e noutras Comunidades Autónomas (48,5%) que no resto do mundo (40,8%).

Rama de actividade: A maioría de empregados/as do sector público (58,4%) viu incrementada a súa carga contra os que traballan en entidades non lucrativas (41,3%) e empresa privada (44,3%).

Sector económico: A maioría das persoas tituladas que traballa en 10/34 sectores económicos avaliados viu aumentada a súa carga de traballo: sanitario/saúde (72,5%), farmacéutico e madeira (66,7% ambos), ensino/docencia (66,2%), turismo e restauración (64,7%), banca, servizos financeiros e seguros (58,4%), defensa e seguranza (54,5%), medios de comunicación/AV (54,2%) e servizos a empresas (52,0%).

Categoría profesional: O aumento da carga de traballo afectou á maioría de directivos/as (54,5%) e mandos intermedios (50,1%) contra 40,7% en empregos non cualificados e 48,2% de técnicos/as cualificados.

Área funcional de traballo: Viuse más afectada a carga de traballo dos titulados/as que que traballan en recursos humanos (78,9%), prevención e saúde (75,5%), formación e ensino (66,2%) e compras (61,9%). Polo contrario, a pandemia tivo un efecto distensivo en parte notábel nas empresas/entidades sen áreas diferenciadas (22,6%), atención ao cliente/usuario (16,8%), producción (16,5%) e vendas/marketing (14,0%).

Tamaño da empresa/entidade: A carga de traballo incrementouse na maioría de empregados en grandes (52,1%) e medias (50,1%) empresas contra o mínimo das individuais (29,5%).

Modalidade de traballo durante o ano 2021: A maioría de titulados/as que traballaron presencialmente, quer con restricións (57,8%), quer con "normalidade" (51,2%), viron incrementada a súa carga de traballo contra o mínimo dos que teletraballaron de forma total (44,1%) e parcial (49,4%).

Comparativa: As sucesivas ondas producidas durante o ano 2021 contribuíron para o aumento da carga de traballo das persoas tituladas, pasando do 44,0% ao 48,6%. Ao igual que na segunda onda, no período avaliado a pandemia afectou más á carga de traballo das mulleres e dos titulados/as que traballan en Galicia.

Cadro nº336: Comparativa do aumento na carga de traballo durante a crise do coronavírus

	2ª onda	2021
Global	44,0	48,6
Homes	36,5	43,5
Mulleres	49,3	52,4
Galicia	46,2	50,2
Outra Comunidade Autónoma	38,9	48,5
Resto do mundo	34,3	40,8

4. Fatiga pandémica

O formulario aplicado incluíu unha serie de preguntas destinadas a valorar a fatiga pandémica; isto é, o impacto que provocou a pandemia de Covid-19 no estado de ánimo das persoas tituladas por causa das circunstancias derivadas da crise sanitaria, social e económica ligada á propagación do coronavírus.

4.1 Impacto da crise do coronavírus

4.1.1 Impacto xeral da pandemia

Para facilitar a análise do grao en que a crise do coronavírus afectou ás persoas tituladas da UVigo as respostas foron codificadas nunha escala de 1 a 5, en que 1 significa "nada", 2 "pouco", 3 "algo", 4 "bastante" e 5 "moito" a efectos determinarmos puntuacións medias que permitan valorar de forma obxectiva o nivel do impacto.

O impacto xeral da pandemia, nunha escala de 1 a 5, foi de 3,25.

Xénero: As mulleres mostraron estar más afectadas (3,39) que os homes (3,07).

Lugar de residencia: O impacto foi maior en Galicia (3,29) que noutras Comunidades Autónomas (3,10) e no estranxeiro (3,16).

Residentes en Galicia:

Provincias: Houbo máis impacto en Ourense (3,36) e Lugo (3,29) que na Coruña e Pontevedra (3,27 ambas).

Comarcas: O impacto foi maior na Baixa Limia (4,50), Betanzos e Terra de Melide (4,00 ambas) e Sarria (3,80) contra os mínimos nos Ancares (1,00), Arzúa e A Mariña Oriental (2,00 ambas) e Terra de Trives (2,50).

Residentes noutras Comunidades Autónomas: O impacto foi maior en Estremadura (4,00), Comunidade Valenciana (3,38), Castela e León (3,32) e País Basco (3,30) contra os mínimos en Andalucía (2,56), Navarra (2,86), Illas Baleares (2,88), A Rioxa e Rexión de Murcia (3,00 ambas).

Residentes no resto do mundo: O impacto foi maior en Marrocos (5,00), Brasil (4,20), Andorra, Ecuador, Eslovaquia, Finlandia, Indonesia, Países Baixos, Suecia e Tailandia (4,00 cada un) contra o mínimo na Polonia (1,50), Tunisia, Nicaragua, Luxemburgo, Chequia e Casquistán (2,00 cada un).

Promoción académica: O impacto foi maior nas promociones más novas de titulados/as entre 2011-2021 e entre 2001-05 (3,31) contra o mínimo entre 2001-05 (3,19) e 2006-10 (3,20).

Rama de actividade: O impacto foi maior no sector público (3,35) que na empresa privada (3,15) e entidades non lucrativas (3,19).

Sector económico: Foron máis afectados os titulados/as empregados en turismo e restauración (3,78), sanitario/saúde (3,76), medios de comunicación/AV (3,50), ensino/docencia e servizos sociais (3,44 ambos) contra o mínimo en minaría (2,58), actividades inmobiliarias (2,78), industria química, plástico, vidro e envases (2,82), madeira (2,83) e consultoría (2,84).

Categoría profesional: Víronse más afectados directivos/as e empregados/as non cualificados (3,30 ambos) que mandos intermedios (3,10) e técnicos/as cualificados/as (3,23).

Tamaño da empresa/entidade: A crise afectou más aos traballadores/as autónomos/as (3,36) que ás pequenas empresas (3,13).

Situación socio-laboral durante o ano 2021: A pandemia afectou más ás persoas que non traballaban en setembro de 2021 (3,52) que ás ocupadas (3,23). Máis detalladamente, víronse más afectados os titulados/as que xa estaban desempregados en xaneiro (3,80) e os que perderon o emprego entre xaneiro e setembro de 2021 (3,57) que os que mudaron de posto de traballo (3,13) ou que en setembro estaban na mesma situación de non actividade que en xaneiro (3,16).

4.1.2 Aspectos do impacto da pandemia

Os suxeitos que referiron algúns graos de incidencia na pregunta anterior foron inquiridos sobre os aspectos en que se viron máis afectados en consecuencia da crise do coronavírus.

A inmensa maioría (77,8%) referiu implicacións emocionais, seguido, a máis distancia, polos aspectos laborais (45,2%), de saúde e atención sanitaria (38,5%) e aspectos económicos (20,6%) e, en menor grao, de estudos (7,2%).

Xénero: As mulleres víronse máis afectadas por aspectos emocionais (81,2% contra 72,9% de homes) e de saúde e atención sanitaria (40,7% contra 35,7%) mentres que os homes se mostraron máis sensíbeis perante os aspectos laborais (47,4% contra 43,6%).

Lugar de residencia: Os aspectos emocionais afectaron máis ás persoas tituladas emigradas no estranxeiro (84,0%) que en Galicia (76,7%). En Galicia os titulados/as víronse máis afectados que noutras Comunidades Autónomas polos aspectos laborais (46,4% contra 39,8%), económicos (22,1% contra 12,4%) e de estudos (7,6% contra 4,7%). O impacto económico noutras Comunidades Autónomas (40,1%) e en Galicia (39,8%) case duplicou ao rexistrado no estranxeiro (22,5%).

Promoción académica: As promocións más novas víronse más afectadas polos aspectos laborais (54,1% contra 42,2% entre 2001-05) e económicos (24,9% contra 16,7% entre 1996-2000). O impacto emocional flutúa entre o máximo de 81,1% entre 2011-15 e o mínimo de 74,6% entre 1996-2000. As promocións más antigas rexistraron o menor impacto en aspectos de saúde e de atención sanitaria (34,7%).

Rama de actividade: O impacto emocional foi maior no sector público (82,3%) e nas entidades non lucrativas (81,0%) que na empresa privada (75,8%). Polo contrario, os factores económicos foron más frecuentes na empresa privada (23,0%) que no sector público (9,0%)

Sectores económicos: Os aspectos emocionais afectaron á totalidade de titulados/as empregados en defensa e seguranza e en papel, gráficas, edición e reprodución, seguidos polo farmacéutico (93,8%), servizos sociais (92,2%) e servizos informáticos (91,4%) contra o mínimo en actividades inmobiliarias (33,3%), metalurxia e eléctrico (56,9%) e cultura e entretemento (63,2%). Os factores económicos afectaron á maioría en actividades físico/deportivas (63,6%), turismo e restauración (61,1%) e os laborais en actividades físico/deportivas (77,3%), turismo e restauración (61,1%), automoción (56,6%), servizos a empresas (53,7%) e actividades profesionais (53,6%).

Categoría profesional: Os aspectos emocionais afectaron máis a técnicos/as cualificados/as (79,7%) que aos empregados non cualificados (73,6%), os laborais e económicos afectaron máis a directivos/as que mandos intermedios.

Situación socio-laboral durante o ano 2021: As persoas que non traballaban en setembro de 2021 víronse más afectadas polos aspectos laborais, económicos e de estudos que as que traballan (58,0%, 44,6% e 19,9% contra 43,8%, 18,1% e 5,9%, respectivamente), as cales, polo contrario, mostraron unha maior incidencia dos aspectos emocionais (78,4% contra 72,3%) e de saúde e atención sanitaria (39,0% contra 33,8%). Máis detalladamente, mostraron máis impacto en aspectos emocionais tanto as persoas que arranxaron emprego (78,9%) como as que conservaron o que tiñan entre xaneiro e setembro (78,8%) contra o mínimo de 67,5% das persoas tituladas que xa estaban desempregadas a 1 de xaneiro de 2021. Houbo máis impacto en aspectos laborais entre as persoas desempregadas (74,7%) e que perderon o emprego durante o ano 2021 (58,7%) que as que proseguían na mesma situación de non actividade (37,7%). O impacto en aspectos económicos foi maior nas persoas que xa estaban desempregadas en xaneiro de 2021 (56,6%) ou que perderon o emprego (45,6%) que entre os que conservaron o mesmo emprego (16,7%).

4.2 Impacto emocional da pandemia

Para analizar a incidencia da situación creada pola pandemia no estado de ánimo foron codificadas as opcións de resposta nunha escala de 1 a 5, en que 1 significa "nada afectado/a", 2 "pouco afectado/a", 3 "algo afectado/a", 4 "bastante afectado/a" y 5 "moi afectado/a" a fin de calcular as puntuacións medias.

O impacto emocional da pandemia, nunha escala de 1 a 5, foi de 3,28.

Xénero: A situación creada pola pandemia impactou máis no estado de ánimo das mulleres (3,48) que dos homes (2,99).

Lugar de residencia: A pandemia afectou máis o estado anímico das persoas tituladas emigradas no estranxeiro (3,31) e en Galicia (3,28) que noutras Comunidades Autónomas (3,21).

Residentes en Galicia

Provincias: Houbo máis impacto emocional en Lugo (3,39) e Ourense (3,36) que en Pontevedra (3,25) e A Coruña (3,31)

Comarcas: O impacto foi maior na Baixa Limia, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental e O Sar (4,00 cada unha) e en Sarria (3,80) contra o mínimo nos Ancares (2,00), Terra de Celanova (2,71) e O Carballiño (2,97).

Residentes noutras Comunidades Autónomas: Houbo máis impacto emocional en Castela e León (3,41), Estremadura e A Rioxá (3,33 ambas) e na Cataluña (3,32) que en Aragón (2,80), Andalucía (2,81), Castela-A Mancha (2,83) e Canarias (2,92).

Residentes no resto do mundo: Por países, o impacto foi maior en Marrocos (5,00), Ecuador (4,20), Andorra, Australia, Brasil, Canadá, Finlandia, Suecia e Tailandia (4,00 cada un) e Suíza (3,89) contra o mínimo no Casaquistán (1,00), Nicaragua e Luxemburgo (2,00 ambos), Chequia (2,50), México e Australia (2,75 ambos).

Promoción académica: O impacto emocional foi maior nos titulados/as más novos (3,43 entre 2016-21 e 3,36 entre 2011-15) contra o mínimo nas promocións más antigas (3,17 entre 1990-95 e 3,19 entre 2001-05).

Rama de actividade: Viuse más afectado o estado anímico de empregados do ámbito público (3,37) que na empresa privada (3,21) e entidades non lucrativas (3,26).

Sector económico: A situación creada pola pandemia afectou máis o estado de ánimo dos titulados/ as empregados no sector sanitario/saúde (3,62), farmacéutico (3,61), xestión ambiental (3,57), turismo e restauración (3,50) e medios de comunicación/AV (3,46) contra o mínimo rexistrado en minaría (2,75), enxeñaría (2,99), actividades inmobiliarias, madeira e en industria química, plástico, vidro e envases (3,00 cada un)

Categoría profesional: Viuse más afectado o estado de ánimo de titulados/as con empregos non cualificados (3,48) e técnicos/as cualificados/as (3,29) que entre mandos intermedios (3,16) e directivos/ as (3,23).

Área funcional de traballo: Houbo máis impacto no estado anímico nos titulados/as que traballan en prevención e saúde (3,53), atención ao cliente/usuario (3,40), servizos (3,39) e vendas/marketing (3,38) que en xestión de proxectos (2,82), enxeñaría e construcción (3,05), calidade (3,11) e informática e tecnoloxía (3,14).

Situación socio-laboral durante o ano 2021: Viuse más afectado o estado de ánimo das persoas que non traballaban en setembro de 2021 (3,45) que o das ocupadas (3,26). Máis particularmente, o

impacto emocional foi maior nas persoas que perderon o emprego entre xaneiro e setembro de 2021 (3,65) e nas que xa estaban desempregadas en xaneiro (3,42) que nas que mudaron de emprego (3,17) e seguían no mesmo emprego (3,26).

Modalidade de traballo durante o ano 2021: Houbo máis impacto emocional nas persoas que estiveron en casa sen actividade laboral por non poder teletraballar (3,71), por estaren en excedencia (3,67) ou de baixa laboral (3,65) e tiveron que suspender temporariamente a súa actividade (3,30). Entre os que traballaron presencialmente, houbo menos impacto nos titulados/as que traballaron con normalidade no seu posto de traballo habitual (3,17) que entre os que o tiveron que facer con restricións (3,30). Entre os que teletraballaron, o impacto anímico foi maior nos que o fixeron de forma parcial (3,32) que total (3,25).

4.3 Preocupación co contaxio durante a pandemia

Para analizar a preocupación co contaxio da Covid-19 das persoas tituladas da UVigo durante a pandemia as opcións de resposta foron codificadas nunha escala de 1 a 5, en que 1 significa "nada preocupado/a", 2 "pouco preocupado/a", 3 "algo preocupado/a", 4 "bastante preocupado/a" e 5 "moi preocupado/a" a fin de calcular as puntuacións medias.

A preocupación por contaxiarse do coronavírus durante a pandemia, nunha escala de 1 a 5, foi de 3,35.

Xénero: A puntuación obtida polas mulleres (3,54) superou á dos homes (3,08).

Lugar de residencia: A preocupación foi maior en Galicia (3,39) que no resto do mundo (3,09%) e noutras Comunidades Autónomas (3,25).

Residentes en Galicia

Provincias: Mostraron máis preocupación os residentes en Ourense (3,51) e Lugo (3,50) que na Coruña (3,33) e Pontevedra (3,36).

Comarcas: Houbo maior preocupación na Mariña Occidental (4,5), Allariz-Maceda (4,15), A Baixa Limia, A Mariña Central, Sarria e Terra de Melide (4,00 cada unha) contra o mínima nos Ancares (2,00), A Paradanta (2,50), O Ribeiro (2,89), Bergantiños, Arzúa e Mariña Oriental (3,00 cada unha).

Residentes noutras Comunidades Autónomas: A preocupación foi maior na Rioxá (3,67), Comunidade Valenciana (3,63), País Basco (3,60), Castela-A Mancha (3,58) e Andalucía (3,50) contra a mínima nas Illas Baleares (2,75), Canarias, Cataluña e Rexión de Murcia (3,00 cada unha).

Residentes no resto do mundo: Por países a preocupación co contaxio foi maior na Austria (5,00), Brasil (4,40), Colombia, Costa Rica, Ecuador e Perú (4,00 cada un), ben como na Italia (3,67) contra a mínima no Casquistán e Estonia (1,00 ambos), Australia e Chequia (1,50 ambos), Andorra, Finlandia, Indonesia e Tunisia (4,00 cada un).

Promoción académica: Mostráronse máis preocupados polo contaxio os titulados/as das promocionés entre 2011-15 (3,45) e 2016-21 (3,41) contra o mínimo da más antiga (3,25 entre 1990-95).

Rama de actividade: A preocupación dos titulados/as que traballan no ámbito público (3,51) foi superior á existente na empresa privada (3,24) e nas entidades non lucrativas (3,28).

Sector económico: Houbo máis preocupación co contaxio entre os titulados/as que traballan no sector sanitario/saúde (3,76), xestión ambiental (3,64), ensino/docencia (3,52), industria química, plástico, vidro e envases e en servizos sociais (3,50 ambos) e medios de comunicación/AV (3,46) contra a mínima en actividades inmobiliarias (2,67), enxeñaría (2,97), madeira e minaría (3,00 ambos) e consultoría (3,03).

Categoría profesional: A preocupación foi maior en titulados/as con emprego non cualificado (3,45) e técnicos/as cualificados/as (3,38) contra o mínimo de directivos/as (3,22) e mandos intermedios (3,24)

Área funcional de trabalho: Houbo máis preocupación nos departamentos de prevención e saúde (3,77), atención ao cliente/usuario (3,53), formación e ensino (3,48), empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas (3,43) e recursos humanos (3,40) contra a mínima en xestión de proxectos (3,09), compras e en loxística e almacén (3,10 ambos) e en dirección xeral (3,14).

Situación socio-laboral durante o ano 2021: As persoas que non traballaban en setembro de 2021 mostráronse máis preocupadas que as que non o facían (3,45 contra 3,33). Máis detalladamente, a preocupación co contaxio flutúa entre o máximo de 3,52 entre as que xa estaban desempregadas en xaneiro de 2021, 3,48 entre os que perderon o emprego entre xaneiro e setembro de 2021 e as mínimas de 3,31 entre os que nese período mudaron de emprego e o 3,33 entre os que seguían no mesmo emprego.

Modalidade de traballo durante o ano 2021: A preocupación co contaxio foi maior entre os que non se viron afectados por estaren de baixa laboral (4,00) ou en excedencia (3,67) e estiveron en casa sen teletraballar (3,35). De resto, o temor foi máis alto entre os que traballaron semipresencialmente (3,34), non existindo diferenzas significativas entre os que teletraballaron ou traballaron presencialmente con normalidade ou con restricións (3,32 cada unha).

Impacto sanitario no ambiente de traballo: A preocupación co contaxio foi maior entre os que testeñeron contaxios da Covid-19 no seu ambiente de traballo (3,38 contra 3,22 dos que non o fixeron).

4.4 Custo condutual do cumprimento das medidas de protección contra a pandemia

Para analizarmos o custo condutual de cada medida avaliada foron calculadas as puntuacións medias utilizando para iso unha codificación das opcións de resposta segundo unha escala de 1 a 5, onde 1 significa "non me custou nada", 2 "custoume pouco", 3 "custoume algo", 4 "custoume bastante" e 5 "custoume moito".

A medida que máis sacrificio acarretou foi a limitación no número de persoas nas reunións familiares ou de amigos (3,59) e as restricións á mobilidade xeográfica (3,51), seguidas polo uso da máscara en recintos pechados (3,17), uso da máscara na rúa e espazos públicos (3,10) e o peche de parques e xardíns (3,08). En menor grao, o toque de recoller obligatorio (2,65), limitacións de horario e/ou peche de locais de lecer e restauración (2,62) e cuarentenas por contacto directo cun positivo de Covid-19 (2,03).

Xénero: É significativo o maior custo que comportou ás mulleres o cumprimento das restricións de mobilidade entre áreas xeográficas (3,58 contra 3,40 de homes) e o cumprimento do límite do número de persoas en reunións familiares/amigos (3,66 contra 3,49 de homes). Para os homes foron más difíceis de cumplir as limitacións de horario e/ou peche de bares e restaurantes (2,68 contra 2,58 de mulleres). No resto de medidas avaliadas non existen diferenzas significativas por xéneros.

Lugar de residencia: En Galicia custou máis o uso de máscara na rúa e espazos públicos (3,18 contra 2,61 no estranxeiro), o uso de máscara en recintos pechados (3,26 contra 2,69 no estranxeiro) e o recoller obligatorio en horario nocturno (2,68 contra 2,45 noutras Comunidades Autónomas). No estranxeiro tiveron máis custo condutual as restricións á mobilidade entre áreas xeográficas (3,82 contra 3,44 en Galicia), as limitacións de persoas nas reunións de familiares/amigos (3,31 contra 2,92 noutras Comunidades Autónomas), as limitacións de horario e/ou peche de bares e restaurantes (2,82 contra 2,48 noutras Comunidades Autónomas) e o peche de parques e xardíns (3,12 contra 3,07 noutras Comunidades Autónomas). Finalmente, noutras Comunidades Autónomas foi más difícil o cumprimento das cuarentenas por contacto directo cun positivo (2,10 contra 1,97 no estranxeiro).

Promoción académica: Para as promocións más novas de titulados/as entre 2016-2021 foi más difícil o cumprimento das restricións á mobilidade entre áreas xeográficas (3,76 contra o mínimo de 3,36 de titulados/as entre 1990-95), as limitacións de horario e/ou peche de bares e restaurantes (2,96 contra o mínimo de 2,44 entre 2001-05), peche de parques e xardíns (3,12 contra 3,08 entre 2001-05) e o toque de recoller (3,05 contra o mínimo de 2,35 entre 2001-05). Ás promocións más antigas entre 1990-95 custoulles máis o uso da máscara na rúa e espazos públicos (3,35 contra o mínimo de 2,93 entre 2011-15), o uso de máscara en recintos pechados e/ou no posto de traballo (3,49 contra o mínimo de 3,04 entre 2011-15). Tamén tiveron dificultades, xunto coas promocións entre 1996-2000 (3,64), coas limitacións no número de persoas en reunións de familiares/amigos (3,63) contra o mínimo de 3,54 entre 2011-15.

4.5 Problemáticas no ambiente de traballo

Os titulados/as que traballaban en setembro de 2021 foron inquiridos sobre a frecuencia en que se deron determinados problemas no ambiente de traballo por causa da pandemia e as situacións de confinamento nos últimos meses.

Foron más frecuentes as sensacións de temor a ser contaxiado/a no posto de traballo apesar das medidas de prevención tomadas (25,5%), ou a sensación de non poder realizar ben o traballo debido ás incertezas provocadas pola pandemia (21,0%). Menos frecuentes foron as dificultades derivadas de compatibilizar o traballo en casa (teletraballo) con menores ou persoas dependentes a cargo (16,5%), a aparición de dificultades no traballo (16,2%) derivadas dos desprazamentos, mudanzas de

horarios ou nas funcións a desempeñar, problemas con compañeiros ou superiores, problemas con clientes... e, finalmente, a existencia de perspectivas negativas no curto prazo (13,7%) sobre as repercusións da pandemia no posto de traballo no que toca á renovación de contrato, redución de xornada, baixada salarial...

Xénero: Entre as mulleres foi máis frecuente a sensación de temor ao contaxio no posto de traballo (31,4% contra 17,7%), a sensación de non poder realizar ben o traballo debido ás incertezas producidas pola pandemia (24,3% contra 16,7%) e compatibilizar o traballo en casa con persoas dependentes a cargo (19,9% contra 12,3%). Non existen diferenzas significativas no que toca ás perspectivas negativas no curto prazo sobre as repercusións laborais da pandemia (14,7% contra 12,4%) e a aparición de dificultades no traballo (14,7% contra 14,3%).

